



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 378
31 de outubro de 2018

Fascículo 4



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Aprobación sen modificacións

I 31347 (10/PNC-002534)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia, dentro do nodo de interoperabilidade Pasaxe!, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias e os colexios profesionais implicados, da implantación dunha plataforma electrónica de tramitación de licenzas e doutras tramitacións urbanísticas [128330](#)

I 36367 (10/PNC-002918)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e oito deputados/as máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ás deputacións provinciais da Coruña e de Pontevedra, como organismos titulares da ponte de Catoira, da execución das actuacións necesarias para garantir o bo estado e a durabilidade da ponte, así como a seguridade viaria das persoas usuarias [128330](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 36255 (10/PNC-002909)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as demandas que se deben realizar ao Parlamento Europeo e ao Goberno central en relación coa inclusión do corredor Galicia-Portugal (Vigo-Leixões-Porto) no corredor atlántico ferroviario de mercadorías, así como co impulso da mellora da conexión ferroviaria Vigo-Porto [128331](#)

I 38178 (10/PNC-003058)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre a asunción por parte da Xunta de Galicia, antes do remate de 2018, do trinta e cinco por cento do investimento necesario para a creación da primeira vía verde ferroviaria que vai discorrer entre Vilagarcía de Arousa e Portas [128331](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 32498 (10/PNC-002658)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos incumprimentos da autorización ambiental integrada pola empresa encargada da xestión do vertedoiro de residuos industriais da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa, no concello de Santiago de Compostela, así como dos residuos contaminantes xerados por Tecnosolos Galaicos, S.L. [128332](#)

I 37682 (10/PNC-003027)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co vertedoiro da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa, no concello de Santiago de Compostela [128332](#)

I 38659 (10/PNC-003086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre a decisión que debe adoptar o Goberno galego en relación co proxecto de ampliación da estación depuradora de augas residuais dos Praceres, no concello de Pontevedra [128332](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.4. Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

1.5.1.4.1. Memoria da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

I 39488 (10/MFSG-000003)

Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia

Memoria 2017 da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia [128334](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 30 de outubro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 31347 (10/PNC-002534)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia, dentro do nodo de interoperabilidade Pasaxe!, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias e os colexios profesionais implicados, da implantación dunha plataforma electrónica de tramitación de licenzas e doutras tramitacións urbanísticas BOPG nº 312, do 30.05.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 11 votos a favor, 0 votos en contra e 1 abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar, dentro do nodo de interoperabilidade Pasaxe!, en colaboración coa Fegamp e colexios profesionais implicados, a implantación dunha plataforma de tramitación de licenzas e doutras tramitacións urbanísticas, que favoreza o traballo en rede para realizar os trámites administrativos de solicitude, seguimento e resolución de licenzas e autorizacións de obras, así como normalizar e simplificar os procesos de visado, validación e supervisión técnica efectuados polos colexios profesionais.»

- 36367 (10/PNC-002918)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e oito deputados/as máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ás deputacións provinciais da Coruña e de Pontevedra, como organismos titulares da ponte de Catoira, da execución das actuacións necesarias para garantir o bo estado e a durabilidade da ponte, así como a seguridade viaria das persoas usuarias BOPG nº 358, do 19.09.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse á Deputación Provincial da Coruña e á Deputación Provincial de Pontevedra para que, como organismos titulares da ponte de Catoira, acometan as actuacións necesarias para garantir o bo estado desta infraestrutura.

Especificamente, precísase que as deputacións provinciais da Coruña e de Pontevedra:

- Realicen urxentemente una análise estrutural en profundidade e executen as obras que dela deriven.
- O compromiso de establecer un calendario de inspeccións periódicas a futuro.

Todo de cara a garantir a seguridade viaria dos usuarios e a calidade da propia ponte, asegurando tamén así a súa durabilidade.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 36255 (10/PNC-002909)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as demandas que se deben realizar ao Parlamento Europeo e ao Goberno central en relación coa inclusión do corredor Galicia-Portugal (Vigo-Leixões-Porto) no corredor atlántico ferroviario de mercadorías, así como co impulso da mellora da conexión ferroviaria Vigo-Porto

BOPG nº 358, do 19.09.2018

Sométese a votación a transacción coa emenda do G. P. Popular de Galicia, doc. núm. 39477, e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

— Demandar do Goberno do Estado o impulso da mellora da conexión ferroviaria Vigo-Porto, dotándoa de recursos orzamentarios, solicitando adicionalmente o financiamento á Unión Europea para iso. Entre outras medidas que se poidan impulsar, solicitarase ante o Parlamento Europeo a súa inclusión como parte da rede básica da rede transeuropea de transporte.

— Dar traslado do presente acordo á Comisión Europea e mais o Parlamento Europeo, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento Europeo.»

- 38178 (10/PNC-003058)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre a asunción por parte da Xunta de Galicia, antes do remate de 2018, do trinta e cinco por cento do investimento necesario para a creación da primeira vía verde ferroviaria que vai discorrer entre Vilagarcía de Arousa e Portas

BOPG nº 368, do 10.10.2018

Sométese a votación a transacción coa emenda do G. P. Popular de Galicia, doc. núm. 39478, e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, antes de que remate o ano 2018, asine un convenio entre Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Pontevedra e concellos de Portas, Caldas de Reis e Vilagarcía de Arousa no que se recollan os compromisos de actuación de todas as partes, incluída a asunción polo Goberno galego do 35 % do investimento, e un calendario de execución para a creación da primeira vía verde ferroviaria, que discorrerá entre Vilagarcía de Arousa e Portas, na provincia de Pontevedra.»

Rexeitamento da iniciativa

- 32498 (10/PNC-002658)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos incumprimentos da autorización ambiental integrada pola empresa encargada da xestión do vertedoiro de residuos industriais da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa, no concello de Santiago de Compostela, así como dos residuos contaminantes xerados por Tecnosolos Galaicos, S.L.

BOPG nº 329, do 29.06.2018

Sométese a votación a transacción coa emenda do G. P. dos Socialistas de Galicia, doc. núm. 39474, e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 37682 (10/PNC-003027)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co vertedoiro da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa, no concello de Santiago de Compostela

BOPG nº 365, do 03.10.2018

Sométese a votación a transacción coa emenda do G. P. dos Socialistas de Galicia, doc. núm. 39475, e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 38659 (10/PNC-003086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre a decisión que debe adoptar o Goberno galego en relación co proxecto de ampliación da estación depuradora de augas residuais dos Praceres, no concello de Pontevedra

BOPG nº 371, do 16.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.4. Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

1.5.1.4.1. Memoria da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 30 de outubro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite

- 39488 (10/MFSG-000003)

Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia

Memoria 2017 da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

A Mesa acorda a admisión a trámite, o seu traslado á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior e aos portavoces dos grupos parlamentarios, e a súa publicación no *Boletín Oficial* e na páxina web do Parlamento de Galicia

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Fiscalía
Superior

Comunidade
Autónoma
de Galicia

Memoria 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

30 OUT. 2018

Núm. 39488



Fiscalía
Superior

Comunidade
Autónoma
de Galicia

Memoria 2017



ÍNDICE XERAL

CAPÍTULO I. INCIDENCIAS PERSOAIS E ASPECTOS ORGANIZATIVOS..... 10

**SECCIÓN 1. RECURSOS HUMANOS. FISCAIS E PERSOAL COLABORADOR
(OFICINA FISCAL) 13**

**SECCIÓN 2. INCIDENCIAS DE VACANTES, SUBSTITUCIÓNS E REFORZOS.
NOMEAMENTOS DE FISCAIS DELEGADOS AUTONÓMICOS. 18**

SECCIÓN 3. ORGANIZACIÓN XERAL DA FISCALÍA 21

SECCIÓN 3.1. ORGANIGRAMA DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA..... 21

**SECCIÓN 3.2. ORGANIGRAMA DE ESPECIALIDADES
DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA 22**

**SECCIÓN 3.3. DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO
NA FISCALÍA AUTONÓMICA..... 24**

**SECCIÓN 3.4. REUNIÓNS DA XUNTA DE FISCAIS
DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA 26**

**SECCIÓN 3.5. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA
COMO XEFE E REPRESENTANTE DO MINISTERIO FISCAL
NA COMUNIDADE AUTÓNOMA 27**

**SECCIÓN 3.5.1 ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO
XEFE E COORDINADOR DA FISCALÍA 27**

**SECCIÓN 3.5.1.1. INSTRUCIÓNS XERAIS IMPARTIDAS
ÁS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA..... 27**

**SECCIÓN 3.5.1.2. REUNIÓNS DA XUNTA DE FISCAIS XEFES
PROVINCIAIS DE GALICIA..... 27**

**SECCIÓN 3.5.1.3. REUNIÓNS DE COORDINACIÓN
EN MATERIAS DE ÁREAS ESPECIALIZADAS 28**

**SECCIÓN 3.5.1.4. ACTIVIDADE INSPECTORA: INSPECCIÓNS
ORDINARIAS DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS.**

VISITAS INSTITUCIONAIS 29

SECCIÓN 3.5.1.5. RELACIÓNS COA POLICÍA XUDICIAL 30

**SECCIÓN 3.5.2. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR
DE GALICIA COMO REPRESENTANTE DA FISCALÍA 31**

**SECCIÓN 3.5.2.1. ACTIVIDADES DE RELACIÓN COS ÓRGANOS
E INSTITUCIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA 32**

**SECCIÓN 3.5.2.2. ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN
COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.
CONVENIOS E PROTOCOLOS. 35**

SECCIÓN 4. SEDES E INSTALACIÓNS. DEPENDENCIAS E OUTROS MEDIOS MATERIAIS	40
SECCIÓN 5. MEDIOS TECNOLÓXICOS PARA A XESTIÓN DA FISCALÍA	42
SECCIÓN 6. INSTRUCIÓNS XERAIS E CONSULTAS	44
SECCIÓN 7. EXPOSICIÓN XERAL DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS	46
SECCIÓN 7.1. RESUMO DO CADRO ORGÁNICO DE FISCAIS EN 2017 EN GALICIA.....	46
SECCIÓN 7.2. DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DE FISCAIS EN 2017	48
CAPÍTULO II. ACTIVIDADE DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS DE GALICIA	52
SECCIÓN 1. ÁREAS XENÉRICAS.....	57
SECCIÓN 1.1. ÁREA PENAL.....	57
SECCIÓN 1.1.0. INTRODUCCIÓN: DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS PENAIS E DOS DELITOS. SÍNTESE GRÁFICA.....	57
SECCIÓN 1.1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS	59
SECCIÓN 1.1.1.1. EXAME XERAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS ..	59
1. EXPOSICIÓN DE DATOS SOBRE PROCEDEMENTOS PENAIS	59
2. ANÁLISE DE DATOS SOBRE PROCEDEMENTOS PENAIS	60
SECCIÓN 1.1.1.2. EXAME ESPECIAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	65
SECCIÓN 1.1.1.3. EXAME PARTICULAR DOS DISTINTOS TIPOS DE PROCEDEMENTOS PENAIS	70
SECCIÓN 1.1.1.3.1. DILIXENCIAS PREVIAS DE PROCEDEMENTO ABREVIADO (DP)	70
SECCIÓN 1.1.1.3.2. PROCEDEMENTOS ABREVIADOS (PA)	81
SECCIÓN 1.1.1.3.3. DILIXENCIAS URXENTES DE XUÍZO RÁPIDO (DU)	83
SECCIÓN 1.1.1.3.4. XUÍZO SOBRE DELITOS LEVES DE XUÍZO RÁPIDO (DU)	87
SECCIÓN 1.1.1.3.5. SUMARIOS (SU)	88
SECCIÓN 1.1.1.3.6. PROCEDEMENTO DO TRIBUNAL DO XURADO (PX)	90
SECCIÓN 1.1.1.4. ESCRITOS DE CUALIFICACIÓN FISCAL.....	91
SECCIÓN 1.1.1.5. MEDIDAS CAUTELARES. SOLICITUDES DE PRISIÓN	97
SECCIÓN 1.1.1.6. XUÍZOS.....	98

SECCIÓN 1.1.1.7. SENTENZAS. ESPECIAL REFERENCIA ÁS DOS XULGADOS DO PENAL E DAS AUDIENCIAS PROVINCIAIS	99
SECCIÓN 1.1.1.8. DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP) ..	106
SECCIÓN 1.1.1.9. EXECUTORIAS. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO E EFECTIVO CONTROL DA EXECUCIÓN.....	111
SECCIÓN 1.1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS)	112
SECCIÓN 1.1.2.1. EXAME XERAL DOS DELITOS (INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS).....	112
SECCIÓN 1.1.2.1.1 RESUMO DOS DELITOS.....	113
SECCIÓN 1.1.2.1.2. EXAME DOS DELITOS INCOADOS	114
SECCIÓN 1.1.2.1.3. EXAME DOS DELITOS CUALIFICADOS.....	119
SECCIÓN 1.1.2.1.4. EXAME DOS DELITOS SENTENCIADOS	124
SECCIÓN 1.1.2.2. EXAME ESPECIAL DE GRUPOS DE DELITOS.....	128
1. DELITOS CONTRA A VIDA (HOMICIDIOS).....	129
2. DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE FÍSICA (LESIÓNS)	133
3. DELITOS CONTRA A LIBERDADE.....	136
4. DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL	139
5. DELITOS RELATIVOS Á TRATA DE SERES HUMANOS	142
6. DELITOS CONTRA A LIBERDADE E INDEMNIDADE SEXUAL	143
7. DELITOS DE VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO).....	148
8. DELITOS CONTRA A INTIMIDADE	149
9. DELITOS CONTRA O HONOR	151
10. DELITOS CONTRA AS RELACIÓNS FAMILIARES.....	152
11. DELITOS CONTRA O PATRIMONIO E A ORDE SOCIECONÓMICA.....	155
12. DELITOS CONTRA A FACENDA PÚBLICA E A SEGURIDADE SOCIAL.....	163
13. DELITOS CONTRA OS DEREITOS DOS TRABALLADORES	165
14. DELITOS CONTRA OS DEREITOS DOS CIDADÁNS ESTRANXEIROS.....	167
15. DELITOS RELACIONADOS CO MEDIO AMBIENTE E O URBANISMO	167
16. DELITOS RELATIVOS AO TRÁFICO DE DROGAS.....	167
17. DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA.....	169
18. DELITOS RELATIVOS A FALSIDADES	169
19. DELITOS CONTRA A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	172
20. DELITOS CONTRA A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.....	176
21. DELITOS CONTRA A ORDE PÚBLICA	180
22. DELITOS DE LEIS ESPECIAIS	184

SECCIÓN 1.1.2.3. EXAME ESPECIAL DOS DELITOS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.....	186
SECCIÓN 1.1.2.4. EXAME ESPECIAL DOS DELITOS EN DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL E EN MEDIDAS CAUTELARES (PRISIÓN PROVISIONAL)	188
SECCIÓN 1.2. ÁREA CIVIL	190
SECCIÓN 1.2.1. ACTIVIDADE DA ÁREA CIVIL NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA.....	190
SECCIÓN 1.2.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CIVIL NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA	193
SECCIÓN 1.3. ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA.....	195
SECCIÓN 1.3.1. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA.....	195
SECCIÓN 1.3.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA.....	196
SECCIÓN 1.4. ÁREA SOCIAL.....	199
SECCIÓN 1.4.1. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL OU LABORAL NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA	199
SECCIÓN 1.4.2. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL OU LABORAL NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA	200
SECCIÓN 2. ÁREAS ESPECIALIZADAS.....	202
SECCIÓN 2.1. ÁREA DE VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)	202
SECCIÓN 2.1.1. VIOLENCIA DOMÉSTICA	203
SECCIÓN 2.1.2. VIOLENCIA DE XÉNERO.....	207
SECCIÓN 2.2. ÁREA ESPECIALIZADA DE SINISTRALIDADE LABORAL....	222
SECCIÓN 2.3. ÁREA ESPECIALIZADA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO	232
SECCIÓN 2.4. ÁREA ESPECIALIZADA DE ESTRANXEIRÍA.....	249
SECCIÓN 2.5. ÁREA ESPECIALIZADA DE SEGURIDADE VIARIA	259
SECCIÓN 2.6. ÁREA ESPECIALIZADA DE MENORES.....	279
SECCIÓN 2.7. ÁREA ESPECIALIZADA DE DELINCUENCIA INFORMÁTICA.....	299
SECCIÓN 2.8. ÁREA ESPECIALIZADA DE PROTECCIÓN E TUTELA DAS VÍTIMAS NO PROCESO PENAL.....	314
SECCIÓN 2.9. ÁREA ESPECIALIZADA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA ...	320
SECCIÓN 3. OUTRAS ÁREAS OU TEMAS DE INTERESE	331
SECCIÓN 3.1. OCUPACIÓN ILEGAL DE BENS INMOBLES.....	331
ANEXO: ALGUNHAS ABREVIATURAS UTILIZADAS.....	338



Fernando Suanzes

PRESENTACIÓN

La Fiscalía Superior de Galicia presenta su Memoria Anual, relativa a la actividad de las Fiscalías de su territorio, cumpliendo así con el mandato del artículo 11.2 del Estatuto Orgánico del Ministerio Fiscal.

El objetivo general de este singular documento no es otro que trasladar a la ciudadanía el trabajo que, de forma comprometida y rigurosa, realiza el Ministerio Público en nuestra comunidad autónoma. Para ello, contiene una explicación pormenorizada, con datos estadísticos, de la evolución de la criminalidad, de las distintas áreas genéricas y especializadas, así como de los temas y cuestiones de mayor relevancia e interés.

Tal como resalta la Instrucción del Fiscal Superior nº 2/2017, de 6 de septiembre, sobre el protocolo de comunicación del Ministerio Fiscal en Galicia, nuestra institución está provista de una destacable dimensión pública y social. Dentro del marco y límites legales y estatutarios, tiene la obligación de ofrecer a la sociedad una información objetiva, clara, transparente y veraz sobre su propia actividad y la de los órganos judiciales, en las que concurra interés informativo.

Los datos estadísticos del año 2017 parecen confirmar las tendencias observadas en 2016 en cuanto a una mejora en la agilidad y eficiencia del sistema penal, derivada de la plena vigencia de las reformas legales, materiales y procesales, abordadas en 2015.

No obstante, lo cierto es que se mantienen algunos indicadores relativos a los tiempos medios de la actividad judicial y fiscal, que ponen de relieve su insuficiencia, como muestran los estudios realizados a partir de informes del Consejo General del Poder Judicial. Persiste la lentitud, la falta de suficiente agilidad que afecta a la eficacia temporal, al derecho fundamental a un proceso sin dilaciones indebidas y dentro de un plazo razonable.

Así las cosas, a la espera del cada vez más necesario Pacto de Estado de la Justicia, es posible afirmar que vivimos un momento crucial, con cambios trascendentes en el ámbito legislativo que coinciden con el proceso de modernización tecnológica inexorable que afecta también a los medios humanos y materiales de las fiscalías y juzgados.

Este escenario nos sitúa ante un reto notable, no exento de incertidumbres y dificultades que vamos a superar para ofrecer a la sociedad lo que ésta reclama de la Administración de Justicia: certidumbre, agilidad, eficiencia y calidad.

La Fiscalía de la Comunidad Autónoma y los 146 Fiscales de Galicia están preparados y dispuestos para asumir su papel institucional como garantes de los derechos fundamentales y custodios de la legalidad democrática, y ello, no debe olvidarse, en el innegociable marco de la división de poderes, de la lealtad y responsabilidad institucional, del compromiso de transparencia, y del diálogo con los ciudadanos y las instituciones todas.

Fernando Suanzes Pérez
Fiscal Superior de Galicia





CAPÍTULO 1

INCIDENCIAS PERSOAIS E ASPECTOS ORGANIZATIVOS

SUMARIO DO CAPÍTULO

SECCIÓN 1. RECURSOS HUMANOS. FISCAIS E PERSOAL COLABORADOR (OFICINA FISCAL)

SECCIÓN 2. INCIDENCIAS DE VACANTES, SUBSTITUCIÓNS E REFORZOS. NOMEAMENTO DE FISCAIS DELEGADOS AUTONÓMICOS

SECCIÓN 3. ORGANIZACIÓN XERAL DA FISCALÍA

SECCIÓN 3.1. ORGANIGRAMA DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA

SECCIÓN 3.2. ORGANIGRAMA DE ESPECIALIDADES DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA

SECCIÓN 3.3. DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO NA FISCALÍA AUTONÓMICA

SECCIÓN 3.4. REUNIÓNS DA XUNTA DE FISCAIS DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

SECCIÓN 3.5. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E REPRESENTANTE DO MINISTERIO FISCAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA

SECCIÓN 4. SEDES E INSTALACIÓNS . DEPENDENCIAS E OUTROS MEDIOS

SECCIÓN 5. MEDIOS TECNOLÓXICOS PARA A XESTIÓN DA FISCALÍA

SECCIÓN 6. INSTRUCCIÓNS XERAIS E CONSULTAS

SECCIÓN 7. EXPOSICIÓN XERAL DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS

Na cúspide da organización do Ministerio Fiscal (MF) en Galicia atópase a Fiscalía da Comunidade Autónoma (FCA) constituída o día 21.01.2008 (Real decreto 1754/2007), con funcións de dirección, coordinación e representación xeral da Institución. Ten a súa sede na cidade da Coruña, capital xudicial de Galicia, sede tamén do respectivo Tribunal Superior de Xustiza (TSX). Estende o seu ámbito territorial a todo o territorio de Galicia e as súas funcións ao ámbito competencial do propio TSX, coas excepcións legais (art. 21.2. da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal —EOMF— e demais disposicións concordantes).

O pasado día 21.01.2018 fíxose o primeiro decenio da constitución e posta en funcionamento desta Fiscalía autonómica de Galicia. Para evocar esta efeméride, coa colaboración da Administración autonómica, esta Fiscalía está a preparar a celebración de diversos actos (expediente gubernativo núm. 2/2018).

1. Cadro orgánico de fiscais na Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia

Conforme o Real decreto (RD) 1754/2007, o cadro orgánico desta Fiscalía autonómica estaba integrado, a 31.12.2017, por catro fiscais, concretamente: un fiscal xefe denominado fiscal superior da Comunidade Autónoma de Galicia, con categoría equiparada á de presidente do TSX; un tenente fiscal, denominado tenente fiscal da FCA de Galicia; e dous fiscais da categoría segunda.

- Fiscal superior: Excmo. Sr. Fernando Suanzes Pérez (desde a súa posesión o día 27.03.2015)
- Tenente fiscal: Ilmo. Sr. José Ramón Piñol Rodríguez.
- Fiscais: Ilmo. Sr. Carlos Mariscal de Gante Castillo e Ilmo. Sr. Carlos Varela García.

Do mesmo xeito que no ano anterior, no 2017, o anterior cadro orgánico permanece invariable, mesmo despois do RD 62/2015, do 6 de febreiro (BOE núm. 46, con data do 23.02.2015), polo que se ampliou o cadro orgánico do MF para adecualo ás necesidades existentes.

2. Persoal colaborador (oficina fiscal)

2.1. Situación actual do persoal colaborador e da Unidade de Apoio na Fiscalía autonómica de Galicia

■ De xeito resumido cabe dicir que a Nova Oficina Fiscal (NOF) de Galicia se concibe como organización instrumental que serve de soporte e apoio á actividade do MF. O proxecto da NOF supuxo unha reforma integral da estrutura organizativo-funcional das fiscalías de Galicia, con especial apoio na aplicación das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC), concretada en tres áreas (área de apoio á xefatura, área de apoio ás dilixencias de investigación e dilixencias preprocesuais, e área de soporte xeral).

Tras un longo proceso iniciado no 2009, a NOF galega foi obxecto de implantación final no primeiro trimestre do ano 2016 (o 7 de marzo na Fiscalía Autonómica e a Fiscalía Provincial da Coruña, e o 1 de abril do mesmo ano nas restantes fiscalías da nosa CA).

■ En data 31.12.2017, o cadro de persoal colaborador desta Fiscalía autonómica estaba integrado (e así segue na actualidade) por cinco persoas do persoal funcionario xudicial, todas coa condición de titulares:

- Unha funcionaria do corpo de xestión procesual e administrativa (CXPA). Pilar Rubido Pérez, que asume o posto singularizado de coordinación da NOF.
 - Tres persoas funcionarias do corpo de tramitación procesual e administrativa (CTPA):
 - M^a Mar Caruncho Vázquez e Eva Sánchez Fandiño.
 - Emilio Castro Bolaño, quen ocupa o posto singularizado de responsable de rexistro, estatística e calidade da Fiscalía (funcionario REC).
 - Unha funcionaria do corpo de auxilio xudicial (CAX). Marta Pociña Piñeiro.
- En canto á Unidade de Apoio ao Fiscal Superior de Galicia está integrada, ademais de pola referida coordinadora e o responsable REC, por outros dous postos singularizados:
- Unha secretaria persoal do fiscal superior de Galicia, posto creado pola Xunta de Galicia no ano 2008 (Resolución do 31.12.2008 da Consellería de Xustiza, DOG do 13.01.2009). Está ocupado pola funcionaria xudicial do CTPA María Jesús Fernández Villar, en comisión de servizo (renovada en novembro de 2017)
 - Un xefe de Gabinete e Prensa. Menciónase a seguir.

2.2. Especial referencia á Xefatura de Gabinete e de Prensa

■ Características xerais

Trátase, como se dixo na memoria do ano anterior, dun posto singularizado, creado no 2008 e configurado como persoal de apoio de libre designación, adscrito á Área de Apoio á Xefatura. Desde a súa toma de posesión o día 01.09.2015 o posto está ocupado por Francisco José Delgado Trigo.

■ Misión

En xeral, a misión desta xefatura (XGP) é a de dar apoio ao fiscal superior, así como ao conxunto do MF na CA de Galicia en todos os aspectos relacionados cos medios de comunicación e a relación cos xornalistas.

En particular, tamén ten a misión de apoio ao fiscal superior na súa actividade pública, preparación de reunións, audiencias ou entrevistas, coordinación con outras Administracións e relación cos medios informativos.

En resumo, o obxectivo fundamental é trasladarlle á opinión pública o labor que realizan os fiscais e conseguir así unha imaxe positiva do Ministerio Público; á vez que se dá cumprimento ao dereito dos cidadáns a recibir unha información veraz dos procesos xudiciais.

■ Funcións

Para cumprir con esa misión xeral, desenvolve fundamentalmente as seguintes funcións concretas:

- 1- Elaboración e envío de notas de prensa.
- 2- Atención e resposta ás solicitudes de información por parte dos xornalistas.
- 3- Organización de roldas de prensa.
- 4- Xestión e preparación de entrevistas e outras aparicións nos medios de comunicación, tales como declaracións sobre temas puntuais para os que se adoita requirir a opinión dun fiscal.
- 5- Seguimento dos medios informativos. Elaboración de resumos de prensa e análise de informacións.
- 6- Asesoramento aos fiscais na súa relación cos medios.
- 7- Colaboración coa secretaria persoal do fiscal superior na organización e planificación da súa actividade pública.
- 8- Despacho diario co fiscal superior, xunto co/a secretario/a persoal e o/a coordinador/a da oficina fiscal, para tratar os asuntos do día e outros que o fiscal superior solicite.
- 9- As demais funcións previstas nas leis e normativa, incluíndo aquelas funcións, actividades e tarefas análogas que, sendo inherentes ao posto de traballo sexan encomendadas polos superiores xerárquicos, orgánicos ou funcionais, no exercicio das súas competencias, co fin de contribuír á boa marcha da oficina fiscal en xeral.

■ Actuacións máis relevantes en 2017

Ao longo do dito ano, a XGP da Fiscalía Superior de Galicia realizou labores de organización e difusión de diferentes eventos de relevancia pública con presenza do fiscal superior, entre os que destacan:

- Visita do fiscal xeral do Estado á Fiscalía Superior de Galicia.
- Acto de toma de posesión do novo fiscal xefe de Área de Ferrol.
- Xunta de fiscais xefes provinciais.
- Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia.
- Visitas do fiscal superior ás diferentes fiscalías provinciais e de área.
- Xunta fiscais especialistas en civil.
- Escola de Verán do Ministerio Fiscal.
- Reunión co presidente do Parlamento para entregar a memoria da Fiscalía.
- Comparecencia na Comisión de Xustiza do Parlamento de Galicia.
- Convenio de colaboración con TSXG, Xunta de Galicia e Colexio de Psicólogos para asistencia psicolóxica especializada nas oficinas de atención ás vítimas.
- Convenio coa Universidade da Coruña para a realización de prácticas curriculares na Fiscalía da Comunidade Autónoma.

Ademais celebráronse diversas roldas de prensa, entre as que cómpre salientar a realizada para presentar a Escola de Verán do Ministerio Fiscal.

Así mesmo, xestionáronse desde o Gabinete de Prensa máis de 800 solicitudes de información realizadas desde os diferentes medios de comunicación locais, autonómicos e nacionais de prensa, radio e televisión.

Tamén se prepararon entrevistas co fiscal superior de Galicia en diversos medios: TVG, Radio Galega, Cadena SER, ABC, entre outros.

O Gabinete de Comunicación colaborou ademais de forma habitual e constante cos diferentes fiscais das distintas fiscalías provinciais e de área co obxectivo de asesorar na realización de entrevistas ou outras intervencións públicas relacionadas cos medios informativos.

Por outra banda, interveu na organización de programas, actos ou celebracións, tales como a apertura do ano xudicial, en colaboración co Gabinete de Prensa e Protocolo do TSX de Galicia, ou a inauguración da nova sede da Audiencia Provincial da Coruña (antiga Fábrica de Tabacos).

■ Protocolo de comunicación

Con data do 06.09.2017 o fiscal superior de Galicia ditou a Instrución nº 2/2017, sobre o protocolo de comunicación do MF. Hai una breve referencia a el na sección 6 deste capítulo I (instrucións xerais e consultas).

SECCIÓN 2. INCIDENCIAS DE VACANTES, SUBSTITUCIÓNS E REFORZOS. NOMEAMENTOS DE FISCAIS DELEGADOS AUTONÓMICOS.

1. Modificacións no persoal de fiscais da Fiscalía autonómica

Durante o pasado ano 2017 non se produciu modificación ningunha no cadro orgánico de fiscais desta Fiscalía da CA de Galicia.

Só cabe mencionar que o tenente fiscal, don José Ramón Piñol Rodríguez, que tomara posesión o 04.04.2011, en virtude do RD 169/2017, do 24 de febreiro (BOE data 25.02.2017), foi nomeado para un novo mandato e tomou posesión o 01.03.2017.

2. Ampliación do cadro orgánico de fiscais de Galicia

No pasado ano non se produciu aumento no persoal orgánico do MF nas fiscalías territoriais de Galicia (Fiscalía autonómica, fiscalías provinciais e fiscalías de área). Segue vixente, por tanto, o establecido polo citado RD 62/2015 (que crea unha praza adicional de segunda categoría na Fiscalía de Área de Vigo).

Aínda que cabe lembrar que, como se indicou na memoria do ano anterior, a petición da Inspección Fiscal da FXE, esta Fiscalía autonómica remitíralle un informe-proposta global (26.11.2015) para a ampliación do persoal en Galicia, acompañado dos informes-proposta particulares das fiscalías provinciais e de área. No dito informe-proposta, sintetizado nun modelo xa incluído na memoria do ano anterior, solicitouse unha ampliación de persoal en 9 fiscais no cadro de persoal (un con carácter de coordinador), sendo considerados como máis urxentes os solicitados pola Fiscalía de Área de Santiago de Compostela e pola Fiscalía Provincial de Lugo.

3. Nomeamentos de novos fiscais delegados autonómicos en áreas especializadas

Fiscalía delegada autonómica en materia de violencia sobre a muller

En reunión da xunta de fiscais xefes provinciais de Galicia, celebrada o día 19.09.2017 acordouse crear a figura do fiscal delegado autonómico en materia de violencia de xénero, necesidade que expuxo o propio fiscal superior e que contaba co apoio da fiscalía de sala desta Unidade Especializada da FXE. Tras a preceptiva convocatoria da praza entre todos os fiscais delegados provinciais, en virtude do acordado no expediente gubernativo 33/2017, mediante oficio pasóuselle á fiscalía de sala coordinadora da Unidade Especializada de Violencia sobre a Muller a oportuna proposta de nomeamento **como fiscalía delegada autonómica nesta materia en favor de dona Rosalina Carreira Cotado, fiscalía delegada provincial de Pontevedra**. Finalmente, mediante decreto do 02.01.2018 (en expte. gubernativo 596/2017) o fiscal xeral do Estado outorgou o nomeamento definitivo para ese cargo en favor da referida fiscalía.

4. Referencia á Fiscalía de Área de Ferrol

O 30.03.2017 formulou a renuncia ao cargo de fiscal xefe na dita fiscalía territorial don Román Ruíz Alarcón (actualmente destinado na Fiscalía Provincial da Coruña, onde tomou posesión). A dita renuncia foi aceptada polo fiscal xeral do Estado (decreto 06.04.2017), con adscrición provisional do fiscal cesante á propia fiscalía ferrolá. Por RD 519/2017, do 22 de maio, dispúxose o cesamento, por renuncia, de don Román Ruíz Alarcón como fiscal xefe de Área de Ferrol (BOE 23.05.2017).

Producida a vacante, por decreto do 24.05.2017 o fiscal xefe provincial da Coruña, con base no art. 22 alínea 8 do EOMF, acordou: “delegar as funcións da Xefatura de Área de Ferrol na fiscalía da 2ª categoría do cadro de persoal desta fiscalía dona María Nemiña Suárez, con excepción da función de visado de escritos de cualificación e sobresemento, reservada a esta, e no seu defecto, polo propio fiscal xefe da Fiscalía Provincial Xefatura Provincial”.

Finalmente, convocada a concurso a xefatura vacante, por RD do 07.07.2017, nomeouse fiscal xefe da Fiscalía de Área de Ferrol o Ilmo. Sr. Miguel Armenteros León (BOE 08.07.2017), quen tomou posesión formal do seu cargo o día 26.07.2017.

5. Referencia á Sección Territorial de Monforte de Lemos (Lugo)

Mediante decreto do fiscal xeral do Estado do 10.07.2017 foi nomeada como fiscalía decana desta Sección Territorial a Ilma. Sra. Lucía Aguado Valcárcel, mediante decreto do 10.07.2017 do fiscal xeral do Estado.

6. Referencia a substitucións e reforzos

Estas cuestións non se expoñen máis que respecto das fiscalías provinciais e de área.

Mediante Orde JUS/801/2017, do 8 de agosto, acordouse o nomeamento de avogados fiscais substitutos para o ano xudicial 2017-2018, para realizar as substitucións externas previstas no RD 634/2014, do 25 de xullo, cando non sexan posibles as substitucións internas ou profesionais entre os propios membros da carreira fiscal. Este persoal externo, “sen pertencer á carreira fiscal, realiza funcións de apoio ou reforzo de carácter non permanente nas fiscalías” (art. 1 RD 634/2014). Polo que se refire á CA de Galicia, os 16 avogados fiscais substitutos nomeados foron os seguintes:

FISCALÍA	NÚM. DE ORDE	APELIDOS E NOME
A CORUÑA	1	ZABALETE CARBALLO, ALICIA.
	2	MUÑIZ CAMAÑEZ, MARÍA MANUELA.
	3	LOURIDO RICO, ANA MARÍA.
	4	CASTRO GARCIA, MARÍA BEGOÑA.
	5	MONTENEGRO IGLESIAS, JOSÉ ANTONIO.
	6	RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, BEATRIZ ELENA.
LUGO	1	QUIROGA RÚA, MARÍA MERCEDES.
	2	FERNANDEZ ACEBO, MARÍA DOLORES.
OURENSE	1	IGLESIAS DÍAZ, HÉCTOR.
	2	MATEOS CORTÉS, ALICIA.
PONTEVEDRA	1	PUMAR FERNÁNDEZ, MÓNICA.
	2	TOURIÑO ARAÚJO, MANUEL JESÚS.
	3	LAMAS MEILÁN, MANUEL MARÍA.
	4	BARGES ALONSO, MARÍA LUISA.
	5	GARCIA PELAYO, CARLOS MARÍA.
	6	VILLAR PENIDE, FRANCISCO JOSÉ.

Segundo a información facilitada polas fiscalías provinciais de Galicia (contidas nas súas respectivas memorias anuais e informes adicionais), durante o ano 2017 consta que, á parte dos 146 fiscais titulares, prestaron servizo uns 16 avogados fiscais substitutos, algúns deles en varias sedes fiscais distintas, segundo períodos. A distribución provincial resultante é a seguinte:

Fiscalía Provincial da Coruña: 8 (1 é de reforzo)

Fiscalía Provincial de Lugo: 6 (3 de apoio e 3 de reforzo)


Fiscalía Provincial de Ourense: 0

Fiscalía Provincial de Pontevedra: 8 (todos de apoio, ningún de reforzo)

SECCIÓN 3. ORGANIZACIÓN XERAL DA FISCALÍA

SECCIÓN 3.1. ORGANIGRAMA DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA

SECCIÓN 3.1.1. DESCRICIÓN XERAL



SECCIÓN 3.1.2. REFERENCIA Á UNIDADE DE FISCALÍA EN RIBEIRA (A CORUÑA)


O 27 de outubro do pasado ano 2017, por parte das dúas fiscalas asignadas ao partido xudicial de Ribeira e co coñecemento dos seus fiscais xefes de área e provincial, remitíuselle a esta Fiscalía autonómica un proxecto elaborado para dar carácter oficial á sede fiscal desprazada na dita localidade (existía un proxecto inicial de maio de 2010).

O fiscal superior acordou a incoación dun expediente gubernativo (o núm. 31/2017) e practicáronse as dilixencias que estimaron oportunas (reunións cos fiscais xefes provinciais da Coruña e de área de Santiago e a achega de informes por parte destes). Finalmente, por decreto do 14.02.2018, o fiscal superior acordou propoñer á FXE o estudo da posibilidade de dar cobertura legal e *nomen iuris* de “Sección desprazada” da Fiscalía de Área de Santiago á unidade administrativa existente en Ribeira; ou, no seu defecto, ben consolidar a situación actual (con sobrealiente ampliación de instalacións pola Xunta de Galicia e soporte de substitucións de fiscais e persoal funcionario), ou ben acordar a creación dunha nova sección territorial. No referido decreto, notificado aos fiscais xefes mencionados, así como ás fiscalas promotoras, o fiscal superior entende ante a FXE que, tras as reunións mantidas e os informes recibidos, a mellor solución sería a de crear ou consolidar unha unidade administrativa fiscal circunscrita ao partido xudicial de Ribeira, cun servizo de garda propio e dependente da Fiscalía de Área de Santiago.

SECCIÓN 3.2. ORGANIGRAMA DE ESPECIALIDADES DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA GALICIA

Con precedente na Instrución 11/2005 da FXE, do 10 de novembro, a partir da reforma do EOMF operada pola Lei 24/2007, do 9 de outubro, introduciuse na estrutura organizativo-funcional do MF, xunto cun novo despregamento territorial, o principio de especialización. Isto supuxo a creación de seccións especializadas en determinadas áreas ou seccións especializadas nas fiscalías provinciais, cunha dobre supervisión e coordinación: nun plano horizontal, polos respectivos fiscais xefes territoriais; e, nun plano vertical, por fiscais de sala da FXE (fiscais de sala coordinadores ou delegados).

O organigrama que segue está integrado polos **fiscais delegados a nivel autonómico** que existen actualmente na CA de Galicia.



A nivel provincial existe outra rede de fiscais **delegados ou encargados e de enlace nas fiscalías provinciais e de área**, no ámbito das distintas áreas especializadas (violencia de xénero e doméstica, sinistralidade laboral, medio ambiente e urbanismo, estranxeiría, seguridade viaria, menores, cooperación xurídica internacional, delincuencia informática, protección de vítimas no proceso penal, vixilancia penitenciaria, delincuencia económica, protección de persoas con discapacidade, protección de persoas maiores, protección de consumidores e usuarios, rede de fiscais do Sistema de Información do Ministerio Fiscal, SIMF).

SECCIÓN 3.3. DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO NA FISCALÍA AUTÓNOMICA

A distribución de traballo durante o ano 2017 foi a que se indica a seguir, conforme a normativa vixente e o acordado concretamente nas reunións ordinarias da Xunta de fiscais desta Fiscalía autonómica, celebradas en datas 21 de xuño e 14 de decembro de 2016. A continuación, faise referencia á distribución de traballo vixente a finais dese ano, que é a mesma que estaba vixente no ano anterior, xa recollida na memoria correspondente. Esta distribución é a que se mantivo na última reunión da Xunta de Fiscais desta Fiscalía autonómica, celebrada o día 19.12.2017. Na vixente distribución do traballo distinguimos tres bloques: asuntos en xeral; especialidades; e asistencia a xuízos e vistas no TSX.

DISTRIBUCIÓN DE TRABALLO (1): ASUNTOS EN XERAL				
Aprobada en reunión ordinaria de Xunta de Fiscais da CA de Galicia celebrada o día 06.04.2015, con aplicación desde o 27.03.2015				
ASUNTOS	Sr. SUANZES	Sr. PIÑOL	Sr. MARISCAL	Sr. VARELA
ASUNTOS XUDICIAIS E OUTROS	Acabados en 0	Acabados en 1, 4 e 7	Acabados en 3, 6 e 9	Acabados en 2, 5 e 8
ASUNTOS SALA CIVIL E PENAL		Acabados en 1, 4 e 7	Acabados en 3, 6 e 9	Acabados en 2, 5 e 8
ASUNTOS SALA SOCIAL		Acabados en 1, 4 e 7	Acabados en 3, 6 e 9	Acabados en 2, 5 e 8
ASUNTOS SALA CONTENCIOSO-ADVO.		Acabados en 1, 4 e 7	Acabados en 3, 6 e 9	Acabados en 2, 5 e 8
ASUNTOS ELECTORAIS		Todos os números		
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL	Acabados en 0	Acabados en 1, 4 e 7	Acabados en 3, 6 e 9	Acabados en 2, 5 e 8
OBSERVACIÓNS	Os ASUNTOS TERMINADOS EN 0 (CERO) correspondentes á xurisdición contencioso-administrativa e á xurisdición social repartiranse, polo número anterior, entre os señores Piñol, Mariscal e Varela. Todo iso sen prexuízo dos asuntos que, de ser o caso, queira reservarse o fiscal superior.			
	TRATÁNDOSE DE SUMARIOS véñse levando unha quenda especial independente e distinta da quenda ordinaria utilizada no procedemento inicial (dilixencias previas).			
	SUPOSTOS DE ENTRADA DE VARIOS ASUNTOS CONTENCIOSO-ADTVO. SUCEPTIBLES DE SEREN ACUMULADOS NUN SÓ PROCESO. En tales casos, segundo o acordado na reunión da Xunta de Fiscais celebrada o 29.09.2015, "por tratarse de pretensións que se deducen en relación cun mesmo acto, disposición ou actuación, serán despachadas polo fiscal a quen por quenda lle correspondese o primeiro, aínda cando a Sala os rexistrase como procedementos distintos"			

DISTRIBUCIÓN DE TRABAJO (2): ESPECIALIDADES

Aprobada en reunión ordinaria de Xunta de Fiscais de CA de Galicia celebrada o día 06.04.2015, con aplicación desde o 27.03.2015. Na posterior reunión da Xunta celebrada o 29.09.2015 esta distribución por áreas especializadas axustouse ao disposto na conclusión 12.2 da Instrución 1/2015 FXE, do 13.07.2015, sobre cuestións relativas a funcións dos fiscais de Sala coordinadores e os fiscais de Sala delegados da FXE. Deste xeito, a distribución de traballo por especialidades resulta ser a seguinte:

ESPECIALIDADES	FISCAL ENCARGADO
SEGURIDADE VIARIA	Sr. PIÑOL
ESTRANXEIRÍA	
CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO	
VIXILANCIA PENITENCIARIA	
DELINCUENCIA INFORMÁTICA	
CONSUMIDORES E USUARIOS	
VIDEOVIXILANCIA	
MENORES	Sr. MARISCAL
SOCIAL	
PROTECCIÓN DE VÍTIMAS	
SINISTRALIDADE LABORAL	
VIOLENCIA SOBRE A MULLER	Sr. VARELA
MEDIO AMBIENTE E INCENDIOS	
CIVIL	
DELITOS ECONÓMICOS	
ADEMAIS, O SR. VARELA É O FISCAL RESPONSABLE DO SISTEMA DE INFORMACIÓN DO MINISTERIO FISCAL (SIMF)	

DISTRIBUCIÓN DO TRABAJO (3): ASISTENCIA A XUÍZOS E VISTAS DO TSX

Segue vixente a distribución do traballo para asistencia a xuízos e vistas orais do TSX, acordada en reunión ordinaria da xunta celebrada o día 15.12.2015, á vista das novas competencias atribuídas á súa Sala do Civil e do Penal. Existe unha quenda semestral, cun réxime de suplencias, na cal participan os catros fiscais do cadro de persoal, incluído o propio fiscal superior. A quenda para o primeiro semestre de 2017 quedou fixada do seguinte xeito:

MES	FISCAL	SUPLENTE
XANEIRO 2017	Sr. MARISCAL	
FEBREIRO 2017	Sr. SUANZES	Sr. PIÑOL
MARZO 2017	Sr. PIÑOL	
ABRIL 2017	Sr. VARELA	
MAIO 2017	Sr. MARISCAL	
XUÑO 2017	Sr. SUANZES	Sr. VARELA

Á parte da distribución de traballo conforme os tres bloques referidos, existen outras normas internas particulares de repartición. Estas normas refírense a cuestións tales como repartición de procedementos contra aforados (ámbito penal ou civil), repartición de asuntos en casos de abstención dun fiscal, repartición de asuntos en caso de ausencia dun fiscal por vacacións, enfermidade ou baixa prolongada etc.

SECCIÓN 3.4. REUNIÓN DA XUNTA DE FISCALIS DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

De acordo co art. 24 do EOMF e demais normativa complementaria, durante o pasado ano 2017 celebráronse dúas reunións ordinarias da Xunta de Fiscais desta Fiscalía autonómica, cuxa convocatoria e acta fóronlle remitidas oportunamente á FXE. Son as seguintes:

■ *Reunión ordinaria do 14.06.2017.* Os asuntos tratados (orde do día) foron, en resumo, os seguintes: 1) aprobación da acta da reunión anterior; 2) o fiscal superior deu conta dos temas tratados na reunión da Xunta de Fiscais Superiores de CC.AA. celebrada en Barcelona o día 25.05.2017; 3) calendario de inspeccións ordinarias das fiscalías territoriais de Galicia para o ano 2017 (con especial atención ao contido e particularidades da próxima inspección á Fiscalía de Área de Ferrol, sinalada para o día 27.06.2017); 4) plan de vacacións dos fiscais; e 5) rolda de intervencións.

■ *Reunión ordinaria do 19.12.2017.* Relación sumaria de asuntos tratados: 1) aprobación da acta da reunión anterior; 2) distribución de traballo; 3) calendario de inspeccións para o ano 2018; 4) nota interna ás fiscalías provinciais e de área sobre a remisión de antecedentes nas apelacións penais ordinarias; 5) documentación a remitir (orixinais ou testemuños) ao órgano competente nas inhibicións de dilixencias de investigación penal (DIP) e/ou dilixencias preprocesais (DPPR); 6) sistema de rexistro das sentenzas de recursos de suplicación da xurisdición social, ante a inminente implantación da nova versión da aplicación *Fortuny*; e 7) rolda de intervencións.

Cabe apuntar brevemente, en canto ao asunto 4) que a Xunta acordou que o fiscal superior elaborase unha instrución dirixida ás fiscalías da nosa CA, en que se establecerá un réxime similar ao xa fixado para o recurso de apelación ante o TSX nos procedementos do Tribunal do Xurado.

SECCIÓN 3.5. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E REPRESENTANTE DO MINISTERIO FISCAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA

O EOMF dota dunha indubidable relevancia orgánica e institucional á figura do fiscal superior da CA, pois outórgalle (art. 22.4), sen prexuízo das atribucións do fiscal xeral do Estado, ademais da dirección da súa propia fiscalía (a Fiscalía autonómica), outra dobre función no ámbito territorial da propia CA. Por unha banda, atribúeselle a **xefatura do MF**, función orgánica e interna de dirección e coordinación da Fiscalía de Galicia, e por outra, a **representación institucional do MF** e a correspondente interlocución cos distintos órganos e institucións en xeral e, nomeadamente, cos da propia CA (art. 11.2 e concordantes). As dúas alíneas seguintes 3.5.1 e 3.5.2 desenvolven ambos os aspectos desta dobre vertente.

SECCIÓN 3.5.1. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E COORDINADOR DA FISCALÍA

SECCIÓN 3.5.1.1. INSTRUCIÓNS XERAIS IMPARTIDAS ÁS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA

Esta materia queda explicada na sección 6 desta memoria, á cal se fai remisión en canto ás dúas instrucións xerais ditadas no ano 2017 polo fiscal superior de Galicia.

SECCIÓN 3.5.1.2. REUNIÓNS DA XUNTA DE FISCAIS XEFES PROVINCIAIS DE GALICIA

Baixo a presidencia do fiscal superior de Galicia, como superior xerárquico, ao longo do pasado ano 2017 celebrouse unha única reunión da Xunta de fiscais xefes provinciais da CA de Galicia, co fin de manter a unidade de criterio ou fixar posicións respecto de temas relativos á súa función (art. 22, alíneas. 4 e 7, e art. 24, alíneas. 3, parágrafo 2º, do EOMF).

■ *Reunión do día 19.09.2017 da Xunta de fiscais xefes provinciais da CA de Galicia*

Celebrouse na sede da Fiscalía autonómica, coa asistencia dos catro fiscais xefes provinciais, baixo a presidencia do fiscal superior, asistido do fiscal xefe provincial de Lugo en funcións de secretario. Os asuntos tratados (orde do día) foron os seguintes:

- 1) Instrución núm. 2/2017 da Fiscalía Superior sobre o Protocolo de Comunicación do Ministerio Fiscal en Galicia.
- 2) Cuestións e puntos a incluír na orde do día da próxima reunión da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia (celebrada logo o 18.12.2017).
- 3) Oportunidade de elaboración, xunto coa Delegación do Goberno de Galicia, dun Protocolo de actuación en xuízos rápidos das causas penais relativas á ocupación ilegal de bens inmoables.

- 4) Necesidade da creación dun posto de fiscal delegado autonómico en materia de violencia de xénero e noutras especialidades.
- 5) Cuestións referentes a inhibicións nas DIP das fiscalías.
- 6) Proxecto de Oficina de Atención a Víctimas (OAV).
- 7) Posibles necesidades de carácter informático.
- 8) Funcións dos fiscais na xestión do sistema de comunicacións *Lexnet* e na utilización do visor documental, en relación coas funcións dos tramitadores.
- 9) Rolda de intervencións.

SECCIÓN 3.5.1.3. REUNIÓN DE COORDINACIÓN EN MATERIAS DE ÁREAS ESPECIALIZADAS

Así mesmo, coa habitual presidencia do fiscal superior, celebráronse varias reunións sobre materias propias de áreas especializadas, que a seguir se mencionan.

Área de sinistralidade laboral (SL)

Día 27.03.2017. Reunión de fiscais delegados en materia de sinistralidade laboral. Celebrada na sede da Fiscalía autonómica, coa presidencia do fiscal superior. Infórmase sobre ela no apartado desta memoria dedicado a esta área especializada (capítulo II, sección 2.2).

Área de civil e discapacidade

Día 18.01.2017. Reunión de fiscais delegados en materia de civil (subáreas de familia, discapacidade, concursal e consumo). Celebrada igualmente na sede da Fiscalía autonómica, coa presidencia do fiscal superior. Os temas obxecto da reunión (orde do día) foron os seguintes:

- 1) Conveniencia de estruturar a sección nos diferentes ámbitos: familia, discapacidade, concursal e consumo.
- 2) Conveniencia de establecer en cada un dos ámbitos unha rede de fiscais especializados e a súa organización (reunións periódicas, funcións).
- 3) Posta en coñecemento dos diferentes sistemas de organización do traballo para valorar as distintas experiencias e, de ser o caso, formulación dunhas posibles liñas xerais. Establecemento dos aspectos que requirirían unha posta en común para posteriores reunións: establecemento da orde do día e data para as diferentes seccións, se for o caso.
- 4) Legalización de internamentos en centros da terceira idade. SSTC núm. 34/2016, do 29 de febreiro, e 132/2016, do 18 de xullo, e Ditame 1/2016, do 15 de xuño, do fiscal de Sala delegado no Civil. Modo de obter a autorización xudicial. Problemas na Comunidade Autónoma. Ante a situación actual dos ingresos involuntarios parece

necesario coñecer a situación nos diferentes territorios e adoptar unhas pautas de actuación respecto destes, diferenciando: a) os psiquiátricos; b) os asistenciais-residenciais; e c) os ingresos temporais (respiro familiar, estancia en campamentos e centros vacacionais).

5) Rolda de intervencións.

SECCIÓN 3.5.1.4. ACTIVIDADE INSPECTORA: INSPECCIÓNS ORDINARIAS DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS. VISITAS INSTITUCIONAIS

Consideracións xerais

No actual marco organizativo-funcional do MF, ademais da función inspectora que, con carácter permanente, segue encomendada á Inspección Fiscal da FXE, correspóndelle ao fiscal superior da CA respectiva a inspección ordinaria das fiscalías do seu ámbito territorial (art. 13.2 do EOMF e preceptos concordantes). Estas inspeccións ordinarias, planificadas previamente, veñen realizándose periodicamente nas catro fiscalías provinciais de Galicia (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra) e as tres fiscalías de área (Santiago de Compostela, Ferrol e Vigo). A organización e práctica destas inspeccións acomódase á normativa legal e ás normas e protocolos da Inspección da FXE. Son realizadas polo fiscal superior, acompañado, por quenda, por outro fiscal, xunto cun terceiro fiscal que actúa como secretario.

Inspeccións ordinarias realizadas en 2017

Segundo os plans aprobados nas reunións da Xunta de Fiscais desta Fiscalía autonómica (reunión do 14.12.2016, con modificación posterior), durante o ano 2017 efectuáronse as dúas inspeccións ordinarias: unha á Fiscalía de Área de Ferrol e á Fiscalía Provincial da Coruña.

■ Inspección ordinaria á Fiscalía de Área de Ferrol. Tivo lugar o día 27.06.2017.

- Fiscais inspectores: fiscal superior, don Fernando Suanzes Pérez, acompañado polo fiscal don Carlos Mariscal de Gante Castillo e do fiscal don Carlos Varela García, como fiscal secretario

- Obxectivos da visita:

- 1) Seguimento do cumprimento das recomendacións fixadas na anterior inspección.

- 2) Control das causas do procedemento do Tribunal do Xurado (período 2015 a maio de 2017), especialmente no relativo á incorporación do informe do MF unha vez que se lle dá traslado do recurso de apelación contra a sentenza ditada polo maxistrado presidente do Tribunal do Xurado.

- 3) Control das DIP (período 2015 a maio de 2017). Motivación do decreto de conclusión e control do prazo de seis meses para a súa duración e eventual prórroga.

4) Exame do cumprimento dos prazos máximos de instrución e das solicitudes de declaración de complexidade das causas penais a efectos do seu acomodo ao disposto no art. 324 da LACrim.

5) Operatividade na utilización da aplicación *Fortuny*.

■ **Inspección ordinaria á Fiscalía Provincial da Coruña.** Tivo lugar o día 24.10.2017

■ Fiscais inspectores: fiscal superior, don Fernando Suanzes Pérez, acompañado do tenente fiscal, don José Ramón Piñol Rodríguez, e do fiscal don Carlos Varela García, como fiscal secretario.

■ Obxectivos da visita:

- 1) Exame de causas do Tribunal do Xurado correspondentes aos anos 2015 e 2016.
- 2) DIP incoadas nos anos 2015 e 2016.
- 3) Causas dos Xulgados de Instrución da Coruña, con escrito do fiscal polo que se solicitaba a declaración de especial complexidade (art. 324 da LACrim).

Visitas institucionais a fiscalías territoriais

Á parte das visitas formais de inspección apuntadas, durante o 2017 o fiscal superior de Galicia realizou algunhas visitas institucionais a fiscalías territoriais de Galicia, para coñecer directamente dos problemas concretos e intercambiar información e opinións cos respectivos fiscais xefes, fiscais e persoal. O obxecto das visitas centrouse en diversas cuestións organizativo-funcionais das fiscalías:

- 29.03.2017. Visita á Fiscalía (Sección Territorial) de Mondoñedo (Lugo)
- 22.05.2017. Visita á Fiscalía (Sección Territorial) de Cambados (Pontevedra).
- 03.07.2017. Visita á Fiscalía Provincial da Coruña.
- 26.07.2017. Visita institucional á Fiscalía de Área para solemne acto de toma de posesión do novo fiscal xefe desa fiscalía, don Miguel Armenteros León.

SECCIÓN 3.5.1.5. RELACIÓNS COA POLICÍA XUDICIAL

Instrucións xerais ditadas pola Fiscalía á Policía Xudicial

Cómpre mencionar aquí a Instrución núm. 1/2017, do 20 de xullo, sobre a realización de informes criminolóxicos de risco nos delitos contra a seguridade viaria por parte da Policía Local en funcións de Policía Xudicial de Tráfico. Un resumo desta instrución recóllese posteriormente na sección 6 deste capítulo I da memoria, así como un tratamento *in extenso* no apartado específico de seguridade viaria (alínea 2.5 do capítulo II).

Reunións máis destacadas coa Policía Xudicial

- 03.10.2017. Primeira reunión na sede da fiscalía autonómica da Comisión de estudo Fiscalía-Delegación do Goberno en Galicia sobre os problemas da ocupación ilegal de bens inmobles (expediente gubernativo 15/2017 desta fiscalía). Reuníronse en primeiro lugar, ás 11:00 horas, o fiscal superior, o delegado do Goberno en Galicia, o xeneral xefe da Garda Civil e o xefe superior de Policía. Posteriormente, ás 13:00 horas, no mesmo lugar e día, reuniuse o fiscal superior coa referida Comisión de estudo, integrada polo fiscal don Carlos Ruíz Antón, a inspectora xefa do Corpo Nacional de Policía dona Sonia M^a Río Moar, o tenente da Garda Civil don Jesús Manuel Ponche Pintor.
- 23.10.2017. Segunda reunión, en igual sede, da mencionada Comisión de estudo dos problemas da ocupación ilegal de bens inmobles.
- Nas reunións mencionadas abordouse o estudo dun borrador de Instrución do fiscal superior para os fiscais de Galicia referido ás ocupacións non violentas de bens inmobles e as solucións viables para liquidar os problemas exposta

Cómpre salientar tamén as diversas reunións que vén mantendo de forma habitual a Fiscalía de Galicia, a través do fiscal delegado autonómico en materia de seguridade viaria, cos representantes de Policía Xudicial, particularmente a Garda Civil de Tráfico. A esta actividade referiuse de forma concreta o referido fiscal delegado, don Carlos Gil García, na súa comparecencia do pasado día 25.01.2018 ante a Comisión especial non permanente de estudo sobre a seguridade viaria do Parlamento autonómico de Galicia.

SECCIÓN 3.5.2. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO REPRESENTANTE DA FISCALÍA TERRITORIAIS. VISITAS INSTITUCIONAIS

O EOMF atribúelle ao fiscal superior —como xa deixamos dito— a **representación institucional do Ministerio Fiscal no territorio da respectiva CA**, sen prexuízo das atribucións do fiscal xeral do Estado (art. 22.4). Xa que logo, correspóndelle exercer a representación institucional do MF e a interlocución cos distintos órganos públicos e institucións en xeral e, nomeadamente, cos da propia CA (art. 11.2 e concordantes). Especialmente relevantes son as relacións cos organismos que, conforme ao seu Estatuto de Autonomía (Lei orgánica 1/1981, do 6 abril) configuran a súa estrutura político-xurídica, isto é, o Parlamento autonómico e a Xunta de Galicia (poderes legislativo e executivo); ademais do TSX de Galicia, organismo xurisdiccional no que culmina a organización xudicial do seu territorio.

Como consecuencia desta función representativa, o fiscal superior exerce as seguintes funcións:

- 1) Relacións institucionais, especialmente cos órganos e institucións da CA de Galicia (art. 11.2 do EOMF e concordantes). Destaca a colaboración coa Asemblea Lexislativa

(Parlamento autonómico) de Galicia, ante quen debe presentar a Memoria Anual da Fiscalía (art. 11.2 do EOMF).

2) Actividades de colaboración coa CA de Galicia (art. 11.3 do EOMF e concordantes).

3) Subscrición de convenios coa CA de Galicia, coa autorización previa do fiscal xeral do Estado (art. 11.3 do EOMF e concordantes).

4) Remisión de informes ao Goberno da CA de Galicia en relación coas necesidades de organización e funcionamento das fiscalías provinciais, en materia de medios informáticos, novas tecnoloxías (TIC) demais medios materiais e persoais (arts. 11.3 e 18.3, parágrafo 1º *in fine* do EOMF).

SECCIÓN 3.5.2.1. ACTIVIDADES DE RELACIÓN COS ÓRGANOS E INSTITUCIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

SECCIÓN 3.5.2.1.1. RELACIÓNS CON ÓRGANOS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA GALEGA

Descrición xeral

Son frecuentes as relacións da Fiscalía autonómica coa Xunta de Galicia, máxime tendo en conta que a nosa CA ten transferidas competencias en materia de medios persoais e materiais de Xustiza desde o ano 1995 (RD 2.166/1994 e normativa complementaria posterior). Xa que logo, é competencia da Xunta o que o Tribunal Constitucional (TC) denominou como “administración da Administración de Xustiza” (provisión de medios materiais e persoais) fronte á “Administración de Xustiza” en sentido estrito, a potestade xurisdiccional de vulgar e facer executar o xulgado, correspondente aos xuíces e maxistrados integrantes do poder xudicial.

Estas relacións Fiscalía-Administración son particularmente intensas, en primeiro lugar, co departamento que ten atribuída a área da Administración de Xustiza, é dicir, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza (VCPAPX). Dentro do dito departamento, é frecuente a relación coa Dirección Xeral de Xustiza. Ademais, canto a temas de TIC, existe relación con diversos servizos da AMTEGA (Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia). Tamén son salientables as relacións mantidas coa Dirección de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (da Consellería de Política Social) en temas relacionados coa sinatura e renovación de convenios de mediación intraxudicial familiar.

Reunións e eventos concretos máis relevantes en 2017

- 31.01.2017. Reunión en Santiago da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia, para tratar dos temas que logo se indican no apartado 3.5.2.2.1 deste capítulo I.

- 20.02.2017. Reunión co director xeral de Xustiza de VCPAPX da Xunta de Galicia.
- 10.03.2017. Reunión coa secretaria xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia.
- 31.03.2017. Acto de inauguración da nova sede da Audiencia Provincial da Coruña no antigo e rehabilitado edificio da Fábrica de Tabacos (onde ten agora a súa sede a Fiscalía Provincial). Alí concorreu o Fiscal Superior coa máis alta representación do CXPX, a FXE, a Xunta de Galicia, o Concello da cidade, entre outras autoridades.
- 18.12.2017. Reunión na Coruña da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia, para tratar dos temas que logo se indican na alínea 3.5.2.2.1 deste capítulo.
- 05.04.2017. Visita institucional á sede santiaguesa da AMTEGA e reunión coa súa directora xeral.
- 25.04.2017. Visita á nova Cidade da Xustiza (antigo Hospital Xeral en remodelación) en Vigo, coa asistencia ao acto dos presidentes do CXPX e do TSX de Galicia, representantes da Xunta de Galicia e outras autoridades.
- 16.06.2017. Reunión na Coruña coa subdirectora xeral de Persoal da Administración de Xustiza, da VCPAPX da Xunta de Galicia, con motivo da reunión do persoal singularizado da NOF das fiscalías territoriais de Galicia.
- 10.07.2017. Asistencia en Santiago ao Pleno do Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero (OGVX), que aprobou por maioría o Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional contra ese fenómeno delituoso. O acto estivo presidido polo vicepresidente da Xunta de Galicia, xunto coa asistencia do fiscal superior, o presidente do TSX de Galicia, así como representación da FEGAMP e de asociacións de mulleres.
- 24.07.2017. ASISTENCIA AO SOLEMNE ACTO DE ENTREGA DAS “MEDALLAS Galicia”, organizado pola Xunta de Galicia e celebrado no Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia.
- 02.10.2017. Reunión do fiscal superior con representantes da Xunta de Galicia e co presidente do TSX.
- 27.11.2017. Delegación da Xunta de Galicia en Vigo. Acto de presentación do proxecto “Cidade da Xustiza de Vigo” (remodelación do antigo Hospital Xeral).
- 18.12.2017. Reunión na Coruña da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia para tratar dos temas que logo se indican.

SECCIÓN 3.5.2.1.2. RELACIÓNS CO PARLAMENTO AUTONÓMICO DE GALICIA

Neste apartado, cómpre salientar as seguintes actuacións, no marco do disposto no art. 11.2 do EOMF e disposicións concordantes.

- Entrega formal da Memoria Anual de 2017 (exercicio 2016) á Presidencia do Parlamento autonómico (01.12.2017), e posterior presentación aos medios de comunicación.
- Comparecencia do fiscal superior de Galicia ante a Comisión de Xustiza do Parlamento autonómico galego para a presentación e exposición da Memoria Anual relativa ao ano 2017 (22.12.2017).

- Acto do 36º aniversario do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981 e entrega da segunda edición das Medallas do Parlamento de Galicia. O día 6 de abril de 2016 o fiscal superior tivo ocasión de acudir a ese acto conmemorativo, no cal se realizou a entrega da segunda edición das “Medallas do Parlamento de Galicia” aos integrantes (algúns xa falecidos) da chamada “Comisión dos 16”, representantes dos partidos políticos que participaron na elaboración do primeiro borrador do Estatuto de Autonomía en 1979.
- Por outra banda, a Fiscalía de Galicia tivo participación nalgunha comisión especial do propio Parlamento autonómico. Tal é o caso da Comisión especial non permanente para o estudo da seguridade viaria en Galicia, no cal realizou recentemente unha extensa intervención (día 25.01.2018) o fiscal delegado autonómico na materia, para dar conta detallada das actuacións do Ministerio Fiscal nesta área especializada.

SECCIÓN 3.5.2.1.3. RELACIÓNS CO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

A relación co TSX é constante e fluída, tanto no plano xurídico-procesual como no institucional.

- Como é obvio, a principal e máis cotiá relación que esta Fiscalía autonómica mantén co TSX de Galicia (co que comparte sede) concrétese, principalmente, na actividade que o Ministerio Público desenvolve nos procedementos competencia das tres salas que integran o máximo órgano xudicial de Galicia (Sala do Civil e do Penal, Sala do Contencioso-Administrativo e Sala do Social). De tal actividade ocúpase esta memoria nos apartados oportunos do capítulo II desta memoria, aos que nos remitimos.
- Intervención do fiscal superior de Galicia no solemne acto de apertura do ano xudicial 2017-2018 en Galicia (29.09.2017). Como todos os anos, o máximo representante do MF en Galicia tivo o honor de participar neste singular acto, xunto con representantes de diversos organismos e institucións. O fiscal superior centrou a súa intervención en dar conta da *Memoria anual da Fiscalía autonómica relativa ao ano 2016*, con achega de datos e valoracións sobre a evolución da criminalidade por procedementos e por delitos. Igualmente, fixo alusión a algúns temas concretos, como a corrupción, “unha prioridade para a Fiscalía” e en relación coa cal existen aínda moitas macrooperacións que continúan en fase de instrución xudicial, mantendo a políticos, funcionarios e empresarios baixo unha eterna sospeita. Apostou por paliar eses problemas de lentitude mediante un proceso penal rápido e moderno, con cambios legislativos que poñan aos fiscais á fronte das investigacións, deixando aos xuíces a tutela garantista do proceso.

SECCIÓN 3.5.2.1.4. RELACIÓNS CON OUTROS ORGANISMOS E INSTITUCIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

No marco da súa actividade representativa, alén das xa citadas, hai que ter en conta as relacións puntuais que o fiscal superior mantén con outras institucións singulares da nosa CA, tales como o Consello Consultivo e o Consello de Contas de Galicia, o Valedor do Pobo,

o Consello de Relacións Laborais e o Consello Económico e Social de Galicia, ou a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación. Así, poden citarse os seguintes actos correspondentes ao ano 2017:

- 15.03.2017. Visita institucional á valedora do pobo na sede compostelá da institución.
- 18.05.2018. Visita institucional á presidenta do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sede compostelá.

SECCIÓN 3.5.2.2. ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. CONVENIOS E PROTOCOLOS.

SECCIÓN 3.5.2.2.1. COLABORACIÓN EN MATERIA DE MEDIOS PERSOAIS, MATERIAIS E TECNOLÓXICOS. COMISIÓN MIXTA FISCALÍA-XUNTA DE GALICIA.

A denominada Comisión Mixta de Coordinación entre o MF en Galicia e a Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia foi creada mediante protocolo suscrito o 20.06.2003 pola FXE e a referida consellería (actualmente, CPAPX, integrada na Vicepresidencia da Administración autonómica).

Desde a súa constitución formal o 18.11.2004 e ao longo do período 2005-2017 veu celebrando as oportunas reunións (unha ou varias ao ano). Os fins esenciais da Comisión son:

- Servir de fórmula estable de cooperación entre o MF e a Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia, sen prexuízo do carácter estatal da organización e funcionamento do Ministerio Fiscal
- Estudar as necesidades de provisión de medios materiais, persoais e tecnolóxicos dos órganos do MF da CA de Galicia (véxase norma primeira do protocolo).

No ano 2017 esta comisión celebrou dúas reunións, nos meses de xaneiro e decembro.

Reunión de Comisión Mixta do día 31.01.2017

Celebrouse en Santiago, na sede da VCPAPX da Xunta de Galicia, e nela tratáronse os seguintes temas (orde do día):

- 1) Lectura e aprobación da acta da sesión anterior (26.02.2016).
- 2) Ingresos de urxencia en centros residenciais de atención a persoas maiores dependentes.
- 3) Creación de prazas (psicólogo e psiquiatra) no Centro de Menores Santo Anxo de Rábade (Lugo).
- 4) Oficinas de asistencia integral ás vítimas de delito (OAVD)

- 5) Adecuación da *ratio* de persoal funcionario das oficinas fiscais ao persoal fiscal. Manuais das oficinas fiscais e gardas dos postos singularizados.
- 6) Infraestruturas e obras de mellora .
- 7) Necesidades en materia de mobiliario e dispositivos tecnolóxicos.
- 8) Balance e previsións en materia tecnolóxica.
- 9) Disponibilidade de persoal informático da Xunta en cada unha das 8 oficinas fiscais para acompañar a implantación dos mecanismos de modernización tecnolóxica.
- 10) Asistencia pericial: procedemento para a designación de peritos en temas relacionados coa corrupción e delincuencia económica.
- 11) Conmemoración do 10º Aniversario da creación da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia (2008-2018).
- 12) Rolda de intervencións.

Reunión de Comisión Mixta do día 18.12.2017

Celebrouse na sede coruñesa desta Fiscalía autonómica, e nela tratáronse os seguintes temas (orde do día):

- 1) Lectura e aprobación da acta da sesión anterior (31.01.2017).
- 2) Creación e posta en funcionamento das oficinas de asistencia ás vítimas (OAVD).
- 3) Actividades e orzamento dos actos de conmemoración do décimo aniversario da creación da Fiscalía Superior.
- 4) Necesidade de experto informático que preste asistencia ás fiscalías.
- 5) Necesidade de aumentar os complementos económicos dos postos singularizados de Coordinador de Oficina e Responsable de Rexistros, sen necesidade de acudir ao mecanismo de ampliación da xornada laboral.
- 6) Ampliación do número de funcionarios consonte a RPT, é dicir, polo menos un por centro directivo e coa categoría de tramitador.
- 7) Peticións das fiscalías territoriais sobre instalacións e medios materiais.
- 8) Peticións das fiscalías territoriais sobre medios informáticos.
- 9) Necesidade de enviar canto antes as actas das reunións da Comisión Mixta á Fiscalía autonómica de Galicia e á Unidade de Apoio da FXE.
- 10) Rolda de intervencións.

SECCIÓN 3.5.2.2.2. PARTICIPACIÓN NOUTROS ÓRGANOS DE COLABORACIÓN CONSTITUÍDOS NA CA DE GALICIA FISCALÍA TERRITORIAIS. VISITAS INSTITUCIONAIS

- Participación na Comisión Autonómica para a implantación da Nova Oficina Xudicial (NOX), creada polo Decreto 427/2009, do 19 de novembro da CPAPX da Xunta de Galicia, e constituída formalmente o 01.02.2010. O pasado ano comezou a posta en marcha progresiva da NOX en Galicia, a partir do Decreto 87/2017, do 7 de setembro,

da VCPAX (DOG do 18.09.2017). A implantación do novo modelo organizativo previsto nese decreto realízase de forma progresiva, segundo o permitan as dispoñibilidades organizativas, técnicas e orzamentarias (disposición transitoria primeira).

- Participación no desenvolvemento de plans de acción da Administración autonómica en relación coas persoas maiores e persoas con discapacidade.
- Participación na Xunta de Expurgo de Documentación Xudicial de Galicia, creada polo Decreto 46/2009, do 26 de febreiro, da CPAPX da Xunta de Galicia, sobre os arquivos xudiciais territoriais e a Xunta de Expurgo de Documentación Xudicial de Galicia, norma completada logo pola Orde do 04.09.2012 da referida Consellería (DOG núm. 173) pola que se aprobaron as normas e modelos de transferencia de documentación xudicial e se determinou o inicio das actividades dos arquivos xudiciais e da referida Xunta de Expurgo.
- Participación na Comisión de Garantías de Videovixilancia de Galicia, creada ao abeiro da LO 4/1997, do 4 de agosto, reguladora do uso de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos, desenvolvida posteriormente polo capítulo III (arts. 12-16) do Regulamento de desenvolvemento e execución da citada LO (RD 596/1999, do 16 de abril). Durante o ano 2017 a dita Comisión, coa asistencia de representación da Fiscalía (o tenente fiscal, Sr. Piñol Rodríguez) celebrou catro reunións, concretamente os días 13 de marzo, 26 de abril, 19 de setembro e 21 de novembro.
- Participación no Observatorio Galego de Violencia de Xénero (OGVX), creado polo Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, da CPAPX, polo que se desenvolve a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da VX no relativo aos órganos consultivos e de participación. Este decreto autonómico configura ese observatorio como órgano encargado do estudo, avaliación e seguimento das políticas contra a VX desenvolvidas en Galicia, adscrito ao órgano da Administración autonómica competente en materia de igualdade (art. 13).

SECCIÓN 3.5.2.2.3. CONVENIOS E PROTOCOLOS SUBSCRITOS COA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

Convenios

Convenios subscritos en materia de mediación intraxudicial familiar (MIF)

- *Convenio de MIF na Coruña para 2017 (prórroga)*. O día 24.11.2017 foi asinada a prórroga do referido Convenio de colaboración entre o CXPX, a Xunta de Galicia (VCPAPX), o MF (representado polo fiscal superior de Galicia) e varios colexios profesionais (Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Colexio Oficial de Avogados da Coruña).
- *Convenio de MIF en Lugo para 2017 (prórroga)*. O 28.11.2017 foi asinada a prórroga do referido Convenio de colaboración entre o CXPX, o MF (representado polo fiscal superior de Galicia) e a Xunta de Galicia (VCPAPX e Consellería de Política Social).

- *Convenio de MIF en Ourense para 2017 (prórroga)*. O 23.11.2017 foi asinada a prórroga do mencionado Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia (VCPAPX e Consellería de Política Social), o MF (representado polo fiscal superior de Galicia) e varios colexios profesionais (Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Colexio Oficial de Avogados de Ourense).
- *Convenio de MIF en Santiago de Compostela para 2017 (prórroga)*. Para os partidos xudiciais de Santiago, Padrón, Negreira, Ordes e Arzúa. O día 23.11.2017 foi asinada a prórroga do mencionado Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia (VCPAPX e Consellería de Política Social), o Ministerio Fiscal (representado polo fiscal superior de Galicia) e varios colexios profesionais (Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Colexio Oficial de Avogados de Santiago).
- *Convenio de MIF en Ferrol para 2017 (novo)*. O 22.11.2017 foi asinado este novo Convenio de colaboración entre o CXPX, a Xunta de Galicia (Vicepresidencia e CPAPX, e Consellería de Política Social), o MF (representado polo fiscal superior de Galicia) e varios colexios profesionais (o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Avogados de Ferrol).

Convenios subscritos en materia de mediación penal

- *Convenio de mediación penal en Santiago de Compostela para 2017 (prórroga)*. O día 11.09.2018 foi asinada a prórroga do referido Convenio de colaboración entre o CXPX, a Xunta de Galicia (VCPAPX), o MF (representado polo fiscal superior de Galicia), o Colexio de Avogados de Santiago, e a Universidade de Santiago (USC), a través do seu Centro Integral de Análise e Resolución de Conflitos (CIARCUS).
- *Convenio de mediación penal na Coruña para 2017 (novo)*. O día 21.11.2017 foi asinado o referido Convenio de colaboración entre o CXPX, a Xunta de Galicia (VCPAPX), o MF (representado polo fiscal superior de Galicia) e o Colexio de Avogados da Coruña.

Convenios ou protocolos subscritos noutras materias

- *Convenio de cooperación educativa da Fiscalía de Galicia coa Universidade da Coruña*, para a realización de prácticas académicas externas, subscrito o día 07.02.2017 (Nº/Ref. Expte. gobernativo 3/2017). Conforme a súa cláusula 9ª, o fiscal superior designou, como representantes da Fiscalía da CA de Galicia na Comisión paritaria de seguimento do convenio, os fiscais don José Ramón Piñol Rodríguez. (tenente fiscal da Fiscalía autonómica) e don Javier Rey Ozores (fiscal xefe provincial da Coruña).
- *Referencia ao Protocolo de comunicación do Ministerio Fiscal en Galicia*. En realidade é un protocolo que non foi subscrito coa CA de Galicia, senón que foi aprobado pola Instrución núm. 2/2017, ditada polo fiscal superior en data do 06.09.2017. Del ocupámonos na sección 6ª deste mesmo capítulo I.

- *Especial ao Protocolo sobre violencia de xénero en Galicia.* Igualmente, é destacable que, no ámbito do Observatorio Galego de VX, a Fiscalía de Galicia está a colaborar coa Xunta de Galicia na elaboración dun Protocolo de Cooperación Institucional en materia de VX en Galicia.

SECCIÓN 3.5.2.2.4. RELACIÓNS CON OUTROS ORGANISMOS E ENTIDADE

Ademais das relacións institucionais e de colaboración cos organismos e institucións da CA de Galicia xa tratados anteriormente (esencialmente, Goberno autónomo, Parlamento de Galicia e TSX); como vén sendo habitual, o fiscal superior mantivo, tamén durante 2017, relacións con outros organismos e entidades, tanto públicas como privadas, representativas de distintos ámbitos da comunidade galega (político-institucional, xurídico, social etc.).

SECCIÓN 4. SEDES E INSTALACIÓNS. DEPENDENCIAS E OUTROS MEDIOS MATERIAIS

Conforme coa normativa reguladora do Ministerio Fiscal as fiscalías terán unha instalación axeitada na sede dos órganos xurisdicionais; podendo ademais contar coas súas propias instalacións fóra daquelas, cando conveña para a mellor prestación do servizo (art. 72.1 do EOMF). As instalacións estarán dotadas dos medios precisos que se consignen nos correspondentes orzamentos xerais do Estado ou, se for o caso, da respectiva Comunidade Autónoma (art. 72.2 do EOMF).

SECCIÓN 4.1. DEPENDENCIAS E EDIFICIOS

■ Dependencias da Fiscalía autonómica. Demanda de novo edificio

Nada especial cómpre engadir respecto do xa comentado na memoria do ano anterior en canto a estas cuestións. Xa que logo, seguimos á espera de conseguir un novo edificio para a Fiscalía autonómica, posiblemente cando o permitan as limitacións e prioridades orzamentarias en materia de edificios, concentradas actualmente pola Administración autonómica nos proxectos de novos edificios ou remodelacións en Pontevedra e Vigo.

■ Novos edificios para Fiscalías de Galicia. Plan de infraestruturas da Xunta de Galicia

No orzamento para 2017 da Vicepresidencia e CPAPX da Xunta de Galicia, un dos elementos claves era o “Plan de Infraestruturas Xudiciais” (PIX), posto en marcha xa no 2010 (Plan 2010-2015). Este plan, cunha dotación de preto de 100 millóns de euros para 2017, baseouse na colaboración entre administracións, xa que son os concellos os que poñen a disposición da Administración de Xustiza os terreos ou edificios e a propia Xunta encárgase de construír as infraestruturas. O tema de “infraestruturas e obras de mellora” foi un dos tratados pola Comisión Mixta Fiscalía-Xunta (reunión celebrada recentemente, o día 31.01.2017).

Polo que se refire ao PIX para 2017, contempláronse tres **actuacións destacadas nas cidades da Coruña, Pontevedra e Vigo.**

- *A Coruña.* Rehabilitación do edificio da antiga Real Fábrica de Tabacos. Esta actuación xa foi culminada, con inauguración formal o día 31.03.2017 da nova sede rehabilitada, acto ao que asistiu a máis alta representación do CXPX, a FXE e a Xunta de Galicia, así como da Fiscalía de Galicia e o Concello da Coruña, entre outras autoridades. Esta nova sede xudicial alberga xa a Fiscalía Provincial (incluída a súa Sección de Menores), xunto coa Audiencia Provincial e outros órganos xudiciais e servizos (Xulgados de Menores e de Vixilancia Penitenciaria, oficina da Secretaría Provincial de Coordinación, Xunta Electoral Provincial e MUGEJU).

■ *Pontevedra*. Construción do novo edificio da Parda. Cun orzamento de 19,5 millóns de euros, comunicarase co actual edificio, por medio dunha pasarela cuberta, formando un único complexo xudicial. A súa entrada en funcionamento está prevista para antes do verán de 2018. Albergará un total de 14 unidades xudiciais non penais recolocadas (4 Xulgados do Social, 2 Xulgados do Mercantil, 3 do Contencioso-Administrativo, e 5 de Primeira Instancia). O edificio actual quedará exclusivamente para a Fiscalía Provincial e os órganos xudiciais penais (Xulgados de Instrución, Penais, Vixilancia Penitenciaria e Menores). Ademais, o novo edificio ten capacidade para outras unidades xudiciais máis, para deixar cubertas as eventuais necesidades dos próximos 15 ou 20 anos.

■ *Vigo*. Rehabilitación do Antigo Hospital Xeral como nova Cidade da Xustiza. O proxecto definitivo foi presentado en Vigo o día 27.11.2017. Conta cun investimento de máis de 25 millóns de euros e albergará a sede Fiscalía de Área de Vigo. A finalización das obras de derriba estaba prevista para marzo deste ano 2018, e a finais do 2019 ou principios do 2020 o novo edificio rehabilitado xa estaría finalizado e operativo. O desenvolvemento desta iniciativa leva consigo o traslado das dependencias dos dous edificios actuais situados na rúa Lalín, de onde se trasladarán 35 unidades xudiciais, pero hai espazo dispoñible para ata 22 unidades máis que se cren no futuro.

SECCIÓN 4.2. OUTROS MEDIOS MATERIAIS

Como se dixo en memorias de anos anteriores, as dependencias desta Fiscalía autonómica están dotadas pola Administración competente (Xunta de Galicia) dos medios materiais xerais precisos.

No momento actual estase pendente de que a Administración forneza ao funcionariado, nomeadamente aos de postos singularizados, equipos informáticos mellorados e dotados con dobre monitor, co obxecto de funcionar adecuadamente co novo sistema de visor documental e todas as melloras que comporta o novo proxecto de Fiscalía Dixital mediante a nova versión da aplicación *Fortuny*.

Nas últimas reunións da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia celebradas no 2017, xa se lle expuxeron á Administración as necesidades existentes nas fiscalías territoriais de Galicia para seguir mellorando os medios materiais e tecnolóxicos, así como persoal informático de apoio específico ás fiscalías.

SECCIÓN 5. MEDIOS TECNOLÓXICOS PARA A XESTIÓN DA FISCALÍA

■ Consideracións xerais. Transformación dixital (Xustiza e Fiscalía Dixital)

No ámbito tecnolóxico, cabe salienta o actual desenvolvemento, coa súa complexidade e dificultades, dos novos proxectos de **Xustiza Dixital** e **Fiscalía Dixital**, como consecuencia das Axendas ou Plans de Administración Dixital para Europa e España (período 2015-2020), concibidos como instrumentos estratéxicos fundamentais para a transformación da Administración, mediante a modernización tecnolóxica e mellora da calidade dos servizos públicos a través das TIC. O obxectivo de Fiscalía Dixital é a **transformación dixital das Fiscalías**, para chegar ao funcionamento con papel cero e á interoperabilidade ou interconexión entre si e con outras administracións. É unha solución tecnolóxica integral que, mediante a evolución do sistema de xestión procesual da Fiscalía (*Fortuny*), pretende a integración das distintas aplicacións coas que actualmente traballan os fiscais e o persoal funcionario (*Lexnet*, Visor de Expedientes, Portasinaturas...).

A Administración autonómica galega continúa colaborando neste novo proxecto estatal, a través da súa Axenda Dixital de Galicia 2020 e, particularmente, cun dos seus instrumentos, o actual plan de sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia (Plan Senda 2020), conforme coas liñas marcadas na estatal Lei 18/2011 e na propia normativa TIC a nivel autonómico. En calquera caso, a organización e funcionamento do Ministerio Fiscal ten que orientarse á súa modernización e mellora continua, para o que resulta imprescindible unha adecuada dotación de medios materiais, humanos e tecnolóxicos, no ámbito da Nova Oficina Fiscal (NOF) xa posta en marcha en 2016, acompañados da correspondente formación do fiscais e funcionariado.

A Fiscalía de Galicia reconece o esforzo realizado polo Estado (a través do Ministerio de Xustiza e FXE) así como pola Administración autonómica galega (Xunta de Galicia) en materia de modernización tecnolóxica da estrutura organizativo-funcional das fiscalías do noso territorio. De todos os xeitos, co interese de mellorar a produtividade, a calidade, a eficacia e a eficiencia do servizo prestado, considérase que debe tenderse, no ámbito da Administración de Xustiza, á implantación **dun único sistema informático, avanzado e integrado**, tal como veñen solicitando case unanimemente os distintos operadores xurídicos (xudicatura, fiscais, funcionariado, avogacía...). Este sistema único, coas debidas garantías (configuración de roles, seguridade informática e protección de datos), permitiría desenvolver conxuntamente o traballo dos órganos xudiciais e fiscais, así como relacionarse con outros operadores xurídicos (forenses, policía xudicial, Administración Pública, avogacía e procuradoría etc.). O “Pacto de Estado pola Xustiza” debería incluír este apartado tecnolóxico. O Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica (TCXAE) sinalou a conveniencia de construír un sistema de xestión procesual único para todo o territorio español. Esta idea xa calou no Ministerio de Xustiza e na Conferencia Sectorial de Xustiza (CSX) integrada polo devandito departamento estatal e as consellerías de Xustiza das CC.AA. con competencias transferidas. Existe a clara sensación dunha Xustiza tecnoloxicamente fragmentada, debido á complexidade da

coordinación e intercambio entre os nove sistemas diferentes no conxunto do Estado, ademais da aplicación de xestión procesual de Fiscalías (*Fortuny*).

Na reunión do 26.07.2017 a referida CSX evidenciou a necesidade de impulsar un **sistema de xestión procesual común** en todo o territorio español, adoptando as accións necesarias para poñer en marcha o proxecto. O MXU propuxo traballar por un sistema común, avanzado tecnolóxico e funcionalmente, en que poidan converxer todas as administracións cun mesmo servizo para todos os usuarios, que garanta a máxima eficiencia e aforro de custos. Pensamos que nese novo sistema de xestión procesual común deben estar integrados non só os órganos xudiciais senón tamén as fiscalías e outros operadores xurídicos.

Segundo a memoria que acompaña os Orzamentos Xerais do Estado para 2017, o orzamento para o MXU é de 1.726 millóns de euros (0,5% do total), cun aumento interanual de 7,6%, e un importe total de máis de 1.700 millóns de euros (1.726). O obxectivo é “afrontar unha transformación integral da Xustiza que responda aos desafíos do século XXI para que poida cumprir con solvencia o papel que lle atribúe a nosa Constitución como valor superior do noso ordenamento xurídico, garante do exercicio dos dereitos e liberdades, e servizo público esencial”. Unha das seis liñas estratéxicas da “política de Xustiza” refírese á “Xustiza dixital”, a transformación dixital da Xustiza, que se pretende desenvolver ao longo desta lexislatura, á que se dedicará un importe total de 150 millóns de euros. Un dos eixos centrais desta modernización tecnolóxica, será unha nova aplicación única de xestión procesual, denominada *Minerva Dixital*, á que se destinan uns 27 millóns de euros. Para levar a cabo este proxecto, cumprindo o anunciado, mediante Orde Ministerial do 25.08.2017 (publicada no BOE do 08.09.2017), dispúxose a distribución, entre as diferentes CC.AA. dun crédito de 6 millóns de euros do Programa de Reforma da Administración de Xustiza, incluído nos orzamentos do MXU para 2017, baseándose en criterios de poboación, litixiosidade e planta xudicial. Conforme a esta orde, Galicia recibiu un 7,3% do crédito, por importe de 439.135 €. Esta dotación económica servirá para financiar os gastos de transformación dixital en cada CA (adequación de postos de traballo con adquisición de equipos necesarios, dixitalización de documentos en papel, mellora das comunicacións...).

■ Aplicación de xestión procesual de Fiscalía (*Fortuny*)

A finais do ano 2017 estaba prevista a implementación da nova versión de *Fortuny*, a 7.4.5 nas Fiscalías territoriais de Galicia, en substitución da antiga versión 6.7.1.0. Esta implementación realizouse, finalmente, con data do 01.02.2018. A nova versión incorpora como novidade unha maior integración de distintas ferramentas e funcionalidades (portasinaturas, xestor documental e *Lexnet*).

Para garantir a efectividade da implantación e uso da nova versión, a Xunta de Galicia estableceu un programa de formación, para fiscais e persoal funcionario, nas distintas fiscalías territoriais galegas (entre os meses de febreiro e marzo de 2018).

SECCIÓN 6. INSTRUCIÓNS XERAIS E CONSULTAS

Nesta sección faise referencia ás instrucións emitidas pola FCA de Galicia ás fiscalías territoriais de Galicia (fiscalías provinciais e de área), así como aos fiscais que as integran. Segundo a normativa vixente, os fiscais superiores, en canto superiores xerárquicos dos fiscais xefes provinciais do seu territorio, poderán ditarlles ordes e instrucións, xerais ou específicas, aos referidos xefes provinciais, convenientes para o servizo e para o exercicio das funcións encomendadas (art. 25 do EOMF e concordantes).

Polo que se refire ao ano 2017, o fiscal superior ditou **dúas destas instrucións xerais**, que seguidamente se apuntan.

■ **Instrución núm. 1/2017**, do 20 de xullo, sobre a realización de informes criminolóxicos de risco nos delitos contra a seguridade viaria por parte da Policía Local en funcións de Policía Xudicial de Tráfico. Tratamos dela particularmente na sección 2.5 do capítulo II desta memoria, dedicada á área especializada de seguridade viaria).

■ **Instrución núm. 2/2017, do 6 de setembro, sobre o Protocolo de Comunicación do Ministerio Fiscal en Galicia**

Este documento foi froito do traballo da Fiscalía Superior de Galicia, con especial intervención do seu Gabinete de Comunicación e mais as achegas das fiscalías territoriais galegas.

O seu contido e finalidade céntrase esencialmente en: os criterios xerais e límites nas relacións do Ministerio Fiscal cos medios de comunicación; os obxectivos e funcións do Gabinete de Comunicación e a dinámica de traballo deste cos fiscais; a información sobre escritos e ditames fiscais; a actuación dos portavoces da Fiscalía; as solicitudes de información, declaracións e entrevistas, as pautas de actuación en temas de especial transcendencia; e a difusión da Memoria Anual da Fiscalía.

Na última reunión de fiscais xefes provinciais de Galicia, celebrada o día 19.09.2017, o fiscal superior solicitou a colaboración das ditas xefaturas para o mellor funcionamento posible deste protocolo, sen prexuízo da súa posible revisión e actualización anual. A propia FXE ten previsto actualizar a súa Instrución 3/2005 sobre a materia.

En relación con este protocolo, o fiscal superior valora como cuestións importantes que a fiscalía teña unha actitude proactiva, como forma de proxectar a imaxe da institución, diferenciando, asemade, as opinións ou manifestacións que poida efectuar calquera fiscal do que é a postura oficial dunha fiscalía (provincial ou autonómica), sendo preferible que calquera aparición nos medios se coordine adecuadamente co Gabinete de Prensa.

En resumo, as conclusións desta Instrución son as seguintes:

- 1) O MF ten a obriga estatutaria de ofrecerlle á sociedade unha información obxectiva, clara, transparente e veraz dos procesos xudiciais nos que concorra interese informativo.
- 2) Forma parte da dimensión pública do MF facilitar información, ben por iniciativa propia ben por requirimento dos medios de comunicación.
- 3) Con carácter xeral, é o Gabinete de Comunicación (ou Oficina de Prensa) a fonte oficial informativa do MF en Galicia, coa supervisión do propio fiscal superior. Outras fontes informativas fidedignas son os portavoces das fiscalías territoriais.
- 4) As solicitudes de información deberán ser atendidas con prontitude a través do referido Gabinete de Comunicación. En casos excepcionais, os fiscais poderán fornecer directamente información aos xornalistas, mais dando coñecemento diso ao mencionado Gabinete, nomeadamente en casos de relevancia.
- 5) Ofrecerase a información que sexa posible tendo en conta as pautas e criterios da Instrución 3/2005 da FXE, do 7 de abril, sobre as relacións do MF cos medios de comunicación, así como o establecido neste protocolo.
- 6) A negativa para atender solicitudes de información será excepcional, e só estará xustificada por esixencias legais (límites do segredo do sumario, deberes de reserva e sigilo e dereitos dos afectados).
- 7) Consonte a mencionada Instrución 2/2005 da FXE, cada fiscalía territorial (provincial ou de área) deberá ter sempre un responsable permanente como portavoz para a relación cos medios de comunicación e o Gabinete de Prensa.
- 8) Os fiscais, especialmente os portavoces, manterán unha actitude de dispoñibilidade e colaboración coa Oficina de Prensa e os medios de informativos. Esta coordinación garantizará a correcta transmisión de contidos e a non perturbación do traballo diario dos fiscais.
- 9) A relación entre os fiscais e o Gabinete de Prensa debe estar presidida pola confianza mutua, a coordinación, a comunicación, a colaboración, a axilidade e a eficacia.
- 10) Será sempre preferente a aplicación da mencionada Instrución 3/2005 e demais concordantes da FXE.
- 11) Este protocolo é un documento aberto, que se revisará polo menos anualmente na Xunta de Fiscais Xefes Provinciais.

SECCIÓN 7. EXPOSICIÓN XERAL DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS

SECCIÓN 7.1. RESUMO DO CADRO ORGÁNICO DE FISCAIS EN 2017 EN GALICIA

■ Exposición de datos

PERSONAL DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA. ANO 2017 TOTAL E DISTRIBUCIÓN POR CATEGORÍAS (CONFORME RD 62/2015)				
CATEGORÍA	2017	2016	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	OBSERVACIÓNS
2ª CATEGORÍA (FISCAL)	100	100	0 (0%)	-5,90% DO TOTAL ESTATAL
3ª CATEGORÍA (AVOGADO FISCAL)	46	46	0	-5,37 FISCAIS/100.000 HABITANTES
TOTAL PERSONAL (TODAS AS CATEGORÍAS)	146	146	0 (0%)	-1 FISCAL/18.550,27 HABITANTES

■ Análise de datos

■ Cifra total e categorías de fiscais en Galicia

Desde o ano 2010 (RD 1735/2010) o cadro orgánico do MF non experimentara aumento, ata que o xa citado RD 62/2015, do 6 de febreiro (BOE 23.02.2015), realizouse a última ampliación, ata agora, de 66 prazas, co que se alcanzou a cifra estatal de 2.473 fiscais. Isto supuxo a creación en 2015 dunha nova praza de fiscal para Galicia, de 2ª categoría, para a Fiscalía de Área de Vigo, dependente da Fiscalía Provincial de Pontevedra (art. 3.1.I). Pero desde entón non se produciu máis ampliacións de persoal, aínda que se recorreu a puntuais substitucións externas e reforzos de persoal en casos xustificadas, conforme á normativa vixente para o efecto.

Xa que logo, o cadro orgánico do Ministerio Público en Galicia durante o ano 2017 segue contando con 146 prazas, sen variación interanual, e unha porcentaxe de só 5,90 % na referida cifra estatal. Con todo, elévase a 6,32 % se tomamos de referencia o número total de fiscais que, con exclusión dos órganos centrais da Institución, teñen o seu destino na fiscalías territoriais (2.309).

Segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE) a CA de Galicia conta cunha poboación de 2.708.339 habitantes (censo do padrón de habitantes) a data 01.01.2017, distribuídos en 4 provincias e 313 municipios. Ten unha *ratio* de 5,39 fiscais por cada 100.000 habitantes, equivalente a 1 fiscal por cada 18.550,27 habitantes, superior á *ratio* do conxunto de España, que —cunha poboación de 46.572.132 e 2.473 fiscais— ten unha *ratio* de 5,31 fiscais/100.000 habitantes (equivalente a 1 fiscal/18.832,24 habitantes). A cifra do cadro

orgánico de fiscais en Galicia é inferior á correlativa de xuíces e maxistrados, que é de 357 (a data 01.01.2016, segundo informe “A Xustiza dato a dato. Ano 2016”, do CXPX), cunha *ratio* de 13,18 por cada 100.000 habitantes, equivalente a 1/7.586,38 habitantes).

Á parte dos 146 fiscais que integran o cadro orgánico do MF en Galicia, durante o ano 2017 tamén prestaron servizo 16 avogados fiscais substitutos (substitucións externas previstas no RD 634/2014, do 25 de xullo, á marxe das substitucións profesionais entre os fiscais de carreira). Como xa quedou dito anteriormente, algúns destes substitutos actuaron en varias sedes fiscais distintas, segundo períodos. A distribución provincial resultante é a seguinte:

Fiscalía Provincial da Coruña: 8 (1 é de reforzo).

Fiscalía Provincial de Lugo: 6 (3 de apoio e 3 de reforzo).

Fiscalía Provincial de Ourense: 0.

Fiscalía Provincial de Pontevedra: 8 (todos de apoio, ningún de reforzo).

■ *Distribución por categorías.* A distribución do persoal é a seguinte: 100 prazas de 2ª categoría (fiscal) e 46 prazas de 3ª categoría (avogado-fiscal).

■ *Distribución de fiscais por postos de dirección ou coordinación-decanato* (independentemente da categoría). É a seguinte, conforme o disposto no mencionado RD 62/2015 (texto articulado e anexo):

- 1 Fiscal superior da CA (máximo responsable da Fiscalía autonómica).
- 1 Tenente fiscal de Fiscalía da CA.
- 4 Fiscais xefes de fiscalías provinciais (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra).
- 4 Tenentes fiscais de fiscalías provinciais.
- 3 Fiscais xefes de área (nas fiscalías de área de Santiago, Ferrol e Vigo).
- 34 Fiscais coordinadores.
- 8 Fiscais decanos.

SECCIÓN 7.2. DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DE FISCAIS EN 2017

FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (FISCALÍA SUPERIOR)

DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL SUPERIOR	1	2		AS CATRO PROVINCIAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
TENENTE FISCAL	1	2		
FISCAIS	2	2		
TOTAL	4			

FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA

DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais de Arzúa , A Coruña, Betanzos, Carballo, Corcubión e Ordes (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2	2		
FISCAIS	26	2		13	
AVOGADOS-FISCAIS	5	3			
TOTAL	33		2	13	

FISCALÍA DE ÁREA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos xudiciais de Muros, Negreira, Noia, Padrón e Ribeira (RD 2123/2008)
FISCAIS	8	2		4	
AVOGADOS-FISCAIS	5	3			
TOTAL	14			4	

FISCALÍA DE ÁREA DE FERROL

DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos xudiciais de Ferrol e Ortigueira (RD 2123/2008)
FISCAIS	3	2		1	
AVOGADOS-FISCAIS	3	3			
TOTAL	7			1	

FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais da Fonsagrada, Becerreá e Lugo (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	4	2			
AVOGADOS-FISCAIS	4	3			
TOTAL	10				

SECCIÓN TERRITORIAL DE MONDOÑEDO					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	2	2	1	1	Partidos xudiciais de Mondoñedo, Vilalba e Viveiro (RD 2123/2008)
AVOGADOS-FISCAIS	2	3			
TOTAL	4		1	1	

SECCIÓN TERRITORIAL DE MONFORTE DE LEMOS					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	1	2	1	1	Partidos xudiciais de Chantada, Monforte de Lemos e Sarria (RD 2123/2008)
AVOGADOS-FISCAIS	2	3			
TOTAL	3		1	1	

FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais da Pobra de Trives, Celanova, Ourense, O Carballiño, O Barco de Valdeorras e Ribadavia. (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	7	2		2	
AVOGADOS-FISCAIS	5	3			
TOTAL	14			2	

SECCIÓN TERRITORIAL DE VERÍN					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	1	2	1	1	Partidos xudiciais de Bande, Verín e Xinzo de Limia (RD 2123/2008)
AVOGADOS-FISCAIS	1	3			
TOTAL	2		1	1	

FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais da Estrada, Caldas de Reis, Lalín, Marín, Pontevedra e Cangas do Morrazo (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	13	2	1	5	
AVOGADOS-FISCAIS	7	3			
TOTAL	22		1	5	

FISCALÍA DE ÁREA DE VIGO					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos xudiciais do Porriño , Pontearreas, Redondela, Tui e Vigo (RD 2123/2008)
FISCAIS	16	2	1	5	
AVOGADOS FISCAIS	10	3			
TOTAL	27		1	5	

SECCIÓN TERRITORIAL DE CAMBADOS					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	4	2	1	1	Partidos xudiciais de Cambados e Vilagarcía de Arousa. (RD 2123/2008)
AVOGADOS - FISCAIS	2	3			
TOTAL	6		1	1	





CAPÍTULO 2

ACTIVIDADE DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS DE GALICIA

INDICACIÓN PREVIA. A actividade do fiscal superior de Galicia como xefe e representante do Ministerio Fiscal na nosa Comunidade Autónoma xa foi obxecto de tratamento na sección 3.5 do anterior capítulo I, ao que nos remitimos.

SUMARIO DO CAPÍTULO

SECCIÓN 1. ÁREAS XENÉRICAS

SECCIÓN 1.1. ÁREA PENAL

SECCIÓN 1.1.0. INTRODUCCIÓN: DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS PENAIS E DOS DELITOS. SÍNTESE GRÁFICA

SECCIÓN 1.1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

SECCIÓN 1.1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS)

SECCIÓN 1.2. ÁREA CIVIL

SECCIÓN 1.3. ÁREA DE CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO

SECCIÓN 1.4. ÁREA DE SOCIAL

SECCIÓN 2. ÁREAS ESPECIALIZADAS

SECCIÓN 2.1. ÁREA ESPECIALIZADA DE VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)

SECCIÓN 2.2. ÁREA ESPECIALIZADA DE SINISTRALIDADE LABORAL

SECCIÓN 2.3. ÁREA ESPECIALIZADA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO

SECCIÓN 2.4. ÁREA ESPECIALIZADA DE ESTRANXEIRÍA

SECCIÓN 2.5. ÁREA ESPECIALIZADA DE SEGURIDADE VIARIA

SECCIÓN 2.6. ÁREA ESPECIALIZADA DE MENORES

SECCIÓN 2.7. ÁREA ESPECIALIZADA DE DELINCUENCIA INFORMÁTICA

SECCIÓN 2.8. ÁREA ESPECIALIZADA DE PROTECCIÓN E TUTELA DAS VÍTIMAS NO PROCESO PENAL

SECCIÓN 2.9. ÁREA ESPECIALIZADA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA

SECCIÓN 3. OUTRAS AREAS OU TEMAS DE INTERESE

SECCIÓN 3.1. OCUPACIÓN ILEGAL DE BENS INMOBLES

SECCIÓN 1. ÁREAS XENÉRICAS

SECCIÓN 1.1. ÁREA PENAL


SECCIÓN 1.1.0. INTRODUCCIÓN: DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS PENAIS E DOS DELITOS. SÍNTESE GRÁFICA

SECCIÓN 1.1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS


SECCIÓN 1.1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS)

SECCIÓN 1.1.0. INTRODUCCIÓN: DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS PENAIS E DOS DELITOS. SÍNTESE GRÁFICA

DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS PENAIS EN GALICIA EN 2017



DINÁMICA DOS DELITOS EN GALICIA EN 2017



VOLATILIZACIÓN DE DELITOS (DIFERENZA ENTRE DELITOS INCOADOS E CUALIFICADOS) PERÍODO 2015-2017. GALICIA					
ANO	DELITOS INCOADOS	DELITOS CUALIFICADOS	CIFRA DE VOLATILIZACIÓN	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	% VOLATILIZACIÓN EN DELITOS INCOADOS
2015	170.767	13.102	157.665		92,33%
2016	106.327	15.750	90.577	-67.088 (-42,55%)	85,18%
2017	86.370	14.733	71.637	-18.940 (-20,91%)	82,94%

SECCIÓN 1.1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

SECCIÓN 1.1.1.1. EXAME XERAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

SECCIÓN 1.1.1.2. EXAME ESPECIAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

SECCIÓN 1.1.1.3. EXAME PARTICULAR DOS DISTINTOS TIPOS DE PROCEDEMENTOS PENAIS

SECCIÓN 1.1.1.4. ESCRITOS DE CUALIFICACIÓN FISCAL

SECCIÓN 1.1.1.5. MEDIDAS CAUTELARES. SOLICITUDES DE PRISIÓN

SECCIÓN 1.1.1.6. XUIZOS

SECCIÓN 1.1.1.7. SENTENZAS.

SECCIÓN 1.1.1.8. DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL

SECCIÓN 1.1.1.9. EXECUTORIAS


Baséase este exame nas estatísticas e memorias das Fiscalías provinciais de Galicia. Noutro apartado faise referencia aos datos de procedementos penais correspondentes ao ámbito da Fiscalía da CA de Galicia

SECCIÓN 1.1.1.1. EXAME XERAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

1. Exposición de datos sobre procedementos penais

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS (POR DELITO) RESUMO PERÍODO ANOS 2008-2017. DATOS DE GALICIA			
ANO	TRAMITADOS (PENDENTES, INCOADOS E REABERTOS)	TERMINADOS (POR SENTENZA, FINALIZACIÓN OU TRANSFORMACIÓN)	PENDENTES (A FINAL DE ANO)
2008	301.098	223.495	77.603
2009	331.838	263.244	68.594
2010	307.287	254.078	53.209
2011	310.011	251.779	58.232
2012	264.407	213.028	51.379
2013	247.655	201.887	45.768
2014	224.585	193.215	31.370
2015	215.701	186.828	28.873
2016	158.695	123.529	35.166
2017	136.751	104.175	32.576
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	-21.944 (-13,83%)	-19.354 (-15,67%)	-2.590 (-7,36%)
PORCENTAXE DE TRAMITADOS	100%	76,18%	23,82%
MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2018-2017	249.803	201.526	48.277
% MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2017	100%	80,67%	19,33%

EVOLUCIÓN PROCEDIMENTOS PENAIS (POR DELITO)
TRAMITADOS E INCOADOS - GALICIA PERÍODO 2008-2017



2. Análise de datos sobre procedementos penais

2.1. Datos de procedementos no período 2008-2017

Ao longo dese período obsérvase unha tendencia cara a un case continuo descenso dos procedementos tramitados¹ por delito: 301.098 en 2008, 331.838 en 2009, 307.287 en 2010, 310.011 en 2011, 264.407 en 2012, 247.655 en 2013, 224.585 en 2014, 215.701 en 2015, 158.695 en 2016 e 136.751 en 2017. A media anual destes procedementos é de 249.803. Entre o inicio e o final do período apréciase un notable descenso acumulado de -164.347 procedementos, equivalente a máis da metade (-54,58%).

O mesmo cabe dicir dos procedementos incoados por delito no mesmo período: 249.770 en 2008, 283.964 en 2009, 255.863 en 2010, 250.052 en 2011, 205.547 en 2012, 193.356 en 2013, 179.597 en 2014, 183.186 en 2015, 126.447 en 2016 e 111.455 en 2017. A media anual destes procedementos é de 203.924. Entre o inicio e o final do período obsérvase tamén un notable descenso acumulado de -138.315 procedementos, equivalente a case a metade (49,37%).

2.2. Datos totais de procedementos no ano 2017

■ De acordo coa estatística fiscal de 2017 constan 136.751 procedementos tramitados (por delito) nas provincias de Galicia, cun considerable descenso interanual de -21.944, equivalente a -13,83% (-26,43% ano anterior). Dentro destes tramitados, a maior parte corresponde aos procedementos incoados ou ingresados, concretamente 111.455, con apreciable descenso de -14.992, equivalente a -11,86% (-38,78% ano anterior). Sen computar os novos xuízos por delito leves (XDL), "sucesor" do antigo xuízo de faltas (XF), o total de procedementos incoados situaríase en 92.973, cun descenso de -12.045 (-11,46%). Tamén hai que ter en conta os procedementos penais por delito tramitados e incoados no TSX de Galicia durante 2017 (25 causas tramitadas contra persoas aforadas e, dentro delas, 21 incoadas ou ingresadas no ano).

■ A razón do importante descenso de procedementos nos anos 2016 e 2017 atópase en que a partir do 06.12.2015 entrou en vigor a reforma procesual operada pola Lei 41/2015, do 5 de outubro, de modificación da LACrim para a axilización da xustiza penal e o fortalecemento das garantías procesuais. Esta norma está a supoñer unha efectiva axilización do proceso penal, ao dispoñer (novo art. 284 da LACrim) que, por regra xeral, os atestados sen autor coñecido queden arquivados nas dependencias policiais sen chegaren aos órganos xudiciais e fiscais e provocar a actuación destes. O grande descenso de procedementos tramitados parece explicar o correlativo e avultado descenso de sobresementos provisionais (SP) en DP, concretamente -27,45% no 2017 (e 50,85% no 2016).

Algúns datos relevantes sobre procedementos no 2017

- *Procedemento tramitado de maior peso cuantitativo.* É o de DP (70,07% do total), seguido de XDL (13,52%), PA (10,25%), DU (6,00%), SU (0,14%) e PX (0,018%).
- *Procedemento de DP, “filtro preliminar” común para a maioría dos delitos.* Así o demostran as cifras da estatística fiscal de 2017: case a metade (50,23%) dos procedementos tramitados terminaron por “finalización anticipada” (sobresemento/arquivamento ou acumulación/inhibición); só 10,74% se converteron noutro procedemento; o resto ou foron sentenciados (15,21%) ou quedaron pendentes a fin de ano.
- *Procedemento de maior eficacia, en termos de cualificación fiscal e terminación por sentenza.* É o procedemento de DU, polas seguintes razóns observadas no mesmo ano 2017:
 - Representan case 1/5 (23,26%) dos procedementos incoados con posibilidades reais de ser obxecto de cualificación fiscal e sentenza (todos, menos DP).
 - As ¾ partes (74,70%) das DU tramitadas son obxecto de cualificación fiscal.
 - Case 2/3 (64,35%) das DU tramitadas son obxecto de sentenza condenatoria por conformidade (5.279).

2.3. Datos particulares de procedementos no ano 2017

2.3.1. Procedementos tramitados (pendentes, incoados e reabertos)

- Procedementos pendentes a inicio de ano: 23.207 procedementos, con descenso interanual de -11.959 (-34%), e un 16,97% dos tramitados (136.751). Son 17.967 en DP e o resto nos demais procedementos.
- Procedementos reabertos no ano: 2.089, con descenso de -275 (-11,63%) e unha porcentaxe de 1,53%. Son 1.683 en DP e 406 en PA.
- Procedementos incoados ou ingresados no ano: son os 111.455 referidos anteriormente, con apreciable descenso de -14.992 (-11,86%).

PROCEDEMENTOS PENAIS TRAMITADOS POR TIPOLOXÍA. GALICIA ANO 2017

	TIPO PROCEDEMENTO	CIFRA	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	% DO TOTAL (136.751)
1º	DP	95.829	-19.968 (-17,24%)	70,07%
2º	XDL	18.482	-2.947 (-13,75%)	13,52%
3º	PA	14.019	-452 (-3,12%)	10,25%
4º	DU	8.204	225 (2,82%)	6,00%
5º	SU	192	2 (1,05%)	0,14%
6º	PX	25	7 (38,89%)	0,018%

PROCEDEMENTOS PENAIS TRAMITADOS POR PROVINCIAS. GALICIA ANO 2017

	PROVINCIA	CIFRA	V.I.	% DO TOTAL (136.751)
1º	PONTEVEDRA	55.558	-6.602 (-10,62%)	40,63%
2º	A CORUÑA	49.078	-11.007 (-18,32%)	35,89%
3º	LUGO	17.876	-2.061 (-10,34%)	13,07%
4º	OURENSE	14.239	-2.274 (-13,77%)	10,41%

2.3.2. Procedementos incoados (distribución por tipos de procedementos e por provincias)**PROCEDEMENTOS PENAIS INCOADOS POR TIPOS. GALICIA ANO 2017**

	TIPO PROCEDEMENTO	CIFRA	V.I.	% DO TOTAL (111.455)
1º	DP	76.179	-12.822 (-14,41%)	68,35%
2º	XDL	18.482	-2.947 (-13,75%)	16,58%
3º	PA	8.495	-622 (-6,82%)	7,62%
4º	DU	8.204	225 (2,82%)	7,36%
5º	SU	70	-22 (-23,91%)	0,063%
6º	PX	25	7 (38,89%)	0,022%

PROCEDEMENTOS PENAIS INCOADOS POR PROVINCIAS. GALICIA ANO 2017

	PROVINCIA	CIFRA	V.I.	% DO TOTAL (111.455)
1º	PONTEVEDRA	47.996	-4.591 (-8,73%)	43,06%
2º	A CORUÑA	38.298	-7.348 (-16,10%)	34,36%
3º	LUGO	13.526	-1.376 (-9,23%)	12,14%
4º	OURENSE	11.635	-1.677 (-12,60%)	10,44%

2.2. Procedementos terminados (finalización anticipada, transformación e sentenza)

2.2.1. Datos dos procedementos terminados

- Conforme a estatística fiscal, no ano 2017 figuran 104.175 procedementos terminados nas provincias de Galicia, cun apreciable descenso interanual de -19.354 (-15,67%) e unha proporción de máis de $\frac{3}{4}$ partes (76,18%) dos procedementos tramitados (136.751). Ademais, hai que ter en conta os procedementos penais por delito terminados no TSX de Galicia (23 causas contra persoas aforadas).
- Cómpre salientar tamén os seguintes datos:
 - Aínda que a cifra global de procedementos tramitados experimentou un gran descenso no 2016 e no 2017 (-26,43% e 13,83%), mantense a constante de que só unha pequena parte foron terminados por sentenza, concretamente 20.798, cunha porcentaxe do 19,96% dos procedementos terminados e de 15,21% dos tramitados.
 - O resto dos procedementos tramitados terminaron de dúas formas alternativas á sentenza: a) finalización anticipada (FA), concretamente 68.690 (o 50,23%); ou b) por transformación (TF) noutro procedemento, concretamente 14.687 (o 14,10%).

2.2.2. Datos particulares das distintas formas de terminación procedemental (por sentenza e outras formas alternativas)

Á parte das 20.798 sentenzas ditadas no 2017 —das que máis cumpridamente nos ocupamos logo—, examínanse agora os procedementos terminados de modo distinto a sentenza, que neste ano alcanzaron os 83.377, con apreciable descenso interanual de -20.037 (-19,37%) e unha porcentaxe do 80,03% dos terminados (104.175), así como do 60,97% dos tramitados (136.751). A maior parte desta forma de terminación alternativa (TA) correspóndelle ao procedemento de DP, con 80.905 (97,03% do total).

Dentro desas formas de TA, pódese distinguir entre finalización anticipada (FA) e terminación por transformación (TF) noutro procedemento.

- Terminación por finalización anticipada, FA (acumulación/inhibición, sobresemento ou arquivamento). Constan 68.690 procedementos así terminados, con descenso de -19.763 (-22,34%) e porcentaxes de 65,94% e 50,23%, respectivamente, nas cifras totais de procedementos terminados e tramitados. A maior parte destas TA (o 98,29%) corresponden ao procedemento de DP, con 67.515 (-21,71%), distribuídos entre 20.900 acumulacións/inhibicións, 12.462 arquivamentos definitivos (AD) e 34.153 sobresementos provisionais (SP). Podemos distinguir dous grupos básicos de finalización anticipada:

- *Acumulacións/inhibicións (A/I)*: 21.197, con descenso interanual de -2.702 (-11,30%), con porcentaxes de 20,35% e 15,50%, respectivamente, nos totais de procedementos terminados e tramitados.

- *Sobresementos/arquivamentos (S/A)*: 47.493, con descenso de -17.061 (-26,43%) e porcentaxes de 45,59% e 34,73%, respectivamente, nos procedementos terminados e tramitados. A maior parte (o 98,15%) destes S/A producíronse en DP (46.615, distribuídos entre 12.462 AD e 34.153 SP).

- Terminación por transformación noutro procedemento (TF). Figuran 14.687 procedementos terminados desta forma, con descenso de -274 (-1,83%) e porcentaxes de 14,10% e 10,74%, respectivamente, nos procedementos terminados e tramitados. A maior parte (o 91,17%) destas TF producíronse en DP, concretamente 13.390.

2.3. Procedementos pendentes a fin de ano

Da estatística fiscal de 2017 resultan 32.576 procedementos pendentes a final do ano, é dicir, en trámite e sen terminar; a cantidade obtida da operación [procedementos tramitados] – [procedementos terminados] = [procedementos pendentes]. A maior cifra desta pendencia (55,15%) concéntrase en DP, con 17.967.

2.4. Especial referencia á aplicación do art. 324 da LACrim (control de prazo de instrución)

A estatística fiscal de 2017, por segundo ano, reflicte os seguintes datos sobre o particular:

- *Declaracións de complexidade*: 1.920, con lixeiro descenso interanual de -289 (-13,08%), distribuídas entre 1.917 DP e 3 SU.
- *Declaracións de prazo máximo*: 1.145, con elevado incremento de 555 (94,07%), desagregadas entre 1.144 DP e 1 SU.

Segundo información do CXPX, referida ao pasado ano 2016, constaban 62.922 procedementos penais que foron obxecto de “declaración de complexidade”. Canto a esa cifra estatal os 2.209 de Galicia supoñían un modesto 3,51%.

SECCIÓN 1.1.1.2. EXAME ESPECIAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Trátase da actividade desenvolvida pola nosa Fiscalía en materia penal ante a Sala do Civil e do Penal do TSX de Galicia. Os datos referidos á intervención do MF proceden da estatística propia da Fiscalía; os demais, da estatística xudicial (Punto Neutro Xudicial, PNX).

1. Exposición de datos

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA RESUMO XERAL DO MOVEMENTO DE ASUNTOS. ANO 2017			
	ANO 2017	ANO 2016	V.I.
TRAMITADOS NO ANO	45	74	-12 (16,22%)
PENDENTES NO INICIO DE ANO	4	11	-7 (-63,64%)
INCOADOS NO ANO	41	63	-22 (-34,92%)
REABERTOS NO ANO	0	0	0 (0%)
TERMINADOS NO ANO	38	70	-32 (-45,71%)
PENDENTES A FINAL DE ANO	7	4	3 (75%)

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA DISTRIBUCIÓN SEGUNDO O TIPO DE PROCEDEMENTO. ANO 2017

PROCEDEMENTOS PENAIS CONTRA PERSOAS AFORADAS			
	ANO 2017	ANO 2016	V.I.
PENDENTES NO INICIO DE ANO	4	9	-5 (55,55%)
INCOADOS NO ANO	21	38	-17 (-44,74%)
REABERTOS NO ANO	0	0	0 (0%)
TERMINADOS NO ANO	23	43	-20 (-46,51%)
PENDENTES NO FINAL DE ANO	2	4	-2 (-50%)

APELACIÓNS CONTRA SENTENZAS PROCEDEMENTO LEI XURADO (PX)			
	ANO 2017	ANO 2016	V.I.
TRAMITADOS NO ANO	5	6	-1 (-16,67%)
PENDENTES NO INICIO DE ANO	0	2	-2 (-100%)
INCOADOS NO ANO	5	4	1 (25%)
REABERTOS NO ANO	0	0	0 (0%)
TERMINADOS NO ANO	4	6	-2 (-33,33%)
PENDENTES A FINAL DE ANO	1	0	

APELACIÓNS ORDINARIAS (CONTRA OUTRAS SENTENZAS E AUTOS DE AUDIENCIAS PROVINCIAIS)

	ANO 2017	ANO 2016	V.I.
TRAMITADOS NO ANO	10	5	5 (100%)
PENDENTES NO INICIO DE ANO	0	0	0 (0%)
INCOADOS NO ANO	10	5	5 (100%)
REABERTOS NO ANO	0	0	0 (0%)
TERMINADOS NO ANO	6	5	1 (20%)
PENDENTES A FINAL DE ANO	4	0	4 (100%)

CUESTIÓNS DE COMPETENCIA

	ANO 2017	ANO 2016	V.I.
TRAMITADOS NO ANO	5	16	-11 (-68,75%)
PENDENTES NO INICIO DE ANO	0	0	0 (0%)
INCOADOS NO ANO	5	16	-11 (-68,75%)
TERMINADOS NO ANO	5	16	-11 (-68,75%)
PENDENTES A FINAL DE ANO	0	0	0 (0%)

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA PERSOAS AFORADAS EN CAUSAS PENAIS. ANO 2017


	ANO 2017	ANO 2016	V.I.
TOTAL AFORADOS	32	29	3 (33,33%)
CARREIRA XUDICIAL	28	19	9 (47,37%)
CARREIRA FISCAL	1	6	5
TOTAL AFORADOS CARREIRAS XUDICIAL E FISCAL	29	25	4 (16,00%)
GOBERNO AUTÓNOMICO	3	3	0 (0%)
PARLAMENTO AUTÓNOMICO	0	1	-1 (-100%)
OUTROS	0	0	0 (0%)
TOTAL AFORADOS GOBERNO E PARLAMENTO AUTÓNOMICO E OUTROS	3	4	-1 (-25%)

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA RESUMO DE INTERVENCIÓN DO MINISTERIO FISCAL. ANO 2017

	ANO 2017	ANO 2016	V.I.
INGRESADOS EN FISCALÍA	41	60	-19 (-31,67%)
DITAMES EMITIDOS	32	47	-15 (-31,91%)
XUÍZOS E VISTAS CON ASISTENCIA	4	6	-2 (-33,33%)
RECURSOS CASACIÓN INTERPOSTOS POR FISCAL	0	0	09 (0%)

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA RESOLUCIÓNS DEFINITIVAS (SENTENZAS E AUTOS DEFINITIVOS) E RECURSOS DE CASACIÓN INTERPOSTOS. 2017			
	ANO 2017	ANO 2016	V.I.
SENTENZAS	8	7	1 (12,50%)
AUTOS DEFINITIVOS	30	63	-33 (-52,38%)
RECURSOS DE CASACIÓN CONTRA RESOLUCIÓNS DEFINITIVAS SALA TSX (ELEVADOS EN PERÍODO)	3	7	-4 (57,14%)

PROCEDEMENTOS PENAIS- TSX GALICIA 2016



2. Análise de datos

■ **Procedementos penais tramitados no TSX de Galicia** A información que segue foi elaborada a partir dos datos obtidos de estatística xudicial (PNX).

■ Datos xerais

No ano 2016 tramitáronse 74 procedementos penais no TSX de Galicia, con lixeiro descenso interanual de -7 (-8,64%). A maior parte foron procedementos contra persoas aforadas, concretamente 47, o que representa case 2/3 (63,51%) do total. Esa cifra distribúese entre: 11 pendentes no inicio de ano (o 14,86%), 63 incoados no ano (85,14%) e 0 reabertos. Foron terminados 70 procedementos (a maior parte mediante arquivamento, por non formularse a preceptiva querela); polo que quedaron só 4 pendentes no final de ano, concretamente 4 DP.

■ Datos particulares segundo o tipo de procedemento.

- *Procedementos penais contra persoas aforadas*

Constan 25 procedementos tramitados, con descenso interanual de -22 (-46,08%), distribuídos entre 4 pendentes a inicio de ano, 21 incoados no ano e 0 reabertos. No ano foron terminados 23, polo que quedaron pendentes 2.

- *Procedementos de apelación especial contra sentenzas ditadas no Procedemento do Xurado*

Tramitáronse 5, sen variación interanual, distribuídos entre 0 pendentes do ano anterior, 5 incoados e 0 reabertos. Foron terminados 4 tramitados e quedou 1 pendente a final de ano.

- *Procedementos de apelación ordinaria*

Son as apelacións penais contra sentenzas e autos ditados pola Audiencia Provincial conforme arts. 846 ter da LACrim e 846 bis a) da LACrim en relación con art. 36 da LOTC.

Constan 10 procedementos tramitados, todos incoados no propio ano 2017. Foron terminados 6 e quedan 4 pendentes no final do ano.

- *Cuestións de competencia*

Tramitáronse 5 no ano, todas incoadas e todas resoltas, sen pendentes a final de ano

■ Procedementos penais ingresados en Fiscalía

TIPOS DE PROCEDEMENTOS PENAIS DO TSX DE GALICIA RESUMO DE INGRESADOS EN FISCALÍA. ANO 2017	
TOTAL PROCEDEMENTOS	41
PROCEDEMENTOS CONTRA PERSOAS AFORADAS	21²
APELACIÓNS ESPECIAIS CONTRA SENTENZAS DITADAS POR AUDIENCIA PROVINCIAL EN P. XURADO	5
APELACIÓNS ORDINARIAS CONTRA SENTENZAS E AUTOS DITADOS POR AUDIENCIA PROVINCIAL	9
CUESTIÓNS DE COMPETENCIA	5
RECURSO DE QUEIXA	1

■ Intervención do Ministerio Fiscal cualificacións e ditames; xuízos e vistas, e recursos de casacións

- *Cualificacións.* Do mesmo xeito que no ano anterior, non se formulou cualificación fiscal ningunha perante a Sala do TSX de Galicia (causas contra aforados).
- *Ditames.* Efectuáronse no 2017 un total de 32 ditames, con descenso interanual de -15 (-31,91%) e a seguinte distribución: 12 en procedementos penais por delito (contra aforados); 5 en recursos de apelación contra sentenzas ditadas no PX; 9 en recursos de apelación ordinaria; 5 en cuestións de competencia; e 1 en recurso de queixa.
- *Xuízos e vistas.* Non se celebrou xuízo ningún nos procedementos competencia do TSX de Galicia (aforados), aínda que se celebraron un total de 4 vistas de apelación contra sentenzas ditadas pola Audiencia Provincial no PX, con descenso interanual de -2 (-33,33%).
- *Recursos de casación.* Non consta ningún interposto polo fiscal en 2017. Pero si constan na estatística xudicial 3 elevados durante o ano (contra sentenzas, interpostos polas partes), con descenso interanual de 4 (57,14%).
- *Resolucións definitivas (sentenzas e autos).*

Segundo a estatística xudicial (PNX) foron ditadas no ano 8 sentenzas, con aumento interanual de 1 (14,28%); 4 en apelacións contra sentenzas do PX (1 acollidora e 3 desacollidoras) e 4 en apelación ordinaria (desacollidoras). Tamén constan ditados 30 autos definitivos, con descenso de -33 (-52,39%) (7 resolven sobre o fondo do asunto, e 23 desistencias, desertos, sobreseimentos e restantes finais).

SECCIÓN 1.1.1.3. EXAME PARTICULAR DOS DISTINTOS TIPOS DE PROCEDEMENTOS PENAIS

SECCIÓN 1.1.1.3.1. DILIXENCIAS PREVIAS DE PROCEDEMENTO ABREVIADO (DP)

1. Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. DILIXENCIAS PREVIAS DE PROCEDEMENTO ABREVIADO DATOS PROVINCIAIS E DE GALICIA					
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
VOLUME	PENDENTES A 1 DE XANEIRO	7.807	3.101	1.635	5.424
	INCOADAS NO ANO	25.030	9.487	7.383	34.279
	INGRESADAS (INCOADAS NO ANO CON ENTRADA EN FISCALÍA)	22.754	8.895	6.966	32.776
	REABERTAS NO ANO	456	308	285	634
	TOTAL TRAMITADAS	33.293	12.896	9.303	40.337
	PENDENTES A 31 DE DECEMBRO	7.532	2.928	1.383	3.081
FINALIZADAS	POR ACUMULACIÓN /INHIBICIÓN	4.980	2.775	1.966	11.179
	POR ARQUIVAMENTO DEFINITIVO	1.986	1.280	869	8.327
	POR SOBRESAMENTO PROVISIONAL	13.238	4.185	3.564	13.166
	TOTAL FINALIZADAS	20.204	8.240	6.399	32.672
	EN XUÍZO DELITO LEVE	1.531	544	420	1.284
	EN P. ABREVIADO	3.645	1.099	969	2.782
	EN SUMARIO	19	10	6	30
	EN TRIBUNAL XURADO	9	2	2	9
	EN D. URXENTES	353	73	124	479
	TOTAL TRANSFORMADAS	5.557	1.728	1.521	4.584
TOTAL TERMINADAS (SUMA DE FINALIZADAS E TRANSFORMADAS)		25.761	9.968	7.920	37.256
APLICACIÓN ART. 324 LACrim EN D. PREVIAS		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
DECLARACIÓN DE COMPLEXIDADE		1.068	309	208	332
DECLARACIÓN DE PRAZO MÁXIMO		458	619	10	57
TOTAL APLICACIÓN 324 LACrim		1.526	928	218	389

Continúa na páxina seguinte

		GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
VOLUME	PENDENTES A 1 DE XANEIRO	17.967 ³	24.827	-6.860 (-27,63%),
	INCOADAS NO ANO	76.179 ⁴	89.001	-12.822 (-14,41%)
	INGRESADAS (INCOADAS NO ANO CON ENTRADA EN FISCALÍA)	71.391	84.631	-13.240 (-15,64%)
	REABERTAS NO ANO	1.683 ⁵	1.969	-286 (-14,52%)
	TOTAL TRAMITADAS	95.829 ⁶	115.797	-19.968 (-17,24%)
	PENDENTES A 31 DE DECEMBRO	14.924 ⁷	15.461	-537 (-3,47%)
FINALIZADAS	POR ACUMULACIÓN /INHIBICIÓN	20.900	23.613	-2.713 (-11,49%)
	POR ARQUIVAMENTO DEFINITIVO	12.462	15.549	-3.087 (-19,85%)
	POR SOBRESAMENTO PROVISIONAL	34.153	47.076	-12.923 (-27,45%)
	TOTAL FINALIZADAS	67.515	86.238	-18.723 (-21,71%)
	EN XUÍZO DELITO LEVE	3.779	3.789	-10 (-0,26%)
	EN P. ABREVIADO	8.495	9.117	-622 (-6,82%)
	EN SUMARIO	65	81	-16 (-19,75%)
	EN TRIBUNAL XURADO	22	19	3 (15,79%)
	EN D. URXENTES	1.029	1.092	-63(-5,77%)
	TOTAL TRANSFORMADAS	13.390	14.098	-708 (-5,02%)
TOTAL TERMINADAS (SUMA DE FINALIZADAS E TRANSFORMADAS)		80.905 ⁸	100.336	-19.431 (-19,36%)
APLICACIÓN ART. 324 LACrim EN D. PREVIAS		GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
DECLARACIÓN DE COMPLEXIDADE		1.917	2.199	-282 (-12,82%)
DECLARACIÓN DE PRAZO MÁXIMO		1.144	1.412	-268 (-18,98%)
TOTAL APLICACIÓN 324 LACrim		3.061	3.611	-550 (-15,23%)

2. Análise de datos


DP tramitadas e incoadas⁹

■ Datos de DP tramitadas e incoadas no período 2008-2017

O seguinte gráfico recolle a evolución das DP tramitadas e incoadas durante o período mencionado, concretada nun case continuo descenso. A cifra media anual de DP tramitadas nese período é de 220.154, cunha porcentaxe media de 88,13 % na media de procedementos tramitados por delito nas provincias da nosa CA en igual período (249.803). De forma semellante, a cifra media anual de DP incoadas no mesmo período é de 180.204, cunha porcentaxe media de 88,66% da media de procedementos incoados por delito (203.924).

En canto ás DP tramitadas, entre o inicio e o final do período obsérvase un elevado descenso de -180.580, equivalente a -65,33%). Pola súa banda, as DP incoadas tamén rexistran un grande descenso similar, -153.925 (-66,89%).

EVOLUCIÓN DE D. PREVIAS TRAMITADAS E INCOADAS
GALICIA - PERÍODO 2008 - 2017




■ Datos de DP tramitadas e incoadas no ano 2017

■ Datos xerais

Constan na estatística fiscal 95.829 DP tramitadas en Galicia no 2017, cun apreciable descenso interanual de -19.968 (-17,24%), inferior ao gran descenso do ano anterior (-68.254, equivalente a -37,08%), e unha elevada porcentaxe de case 70,07% no total de procedementos tramitados nas provincias de Galicia (136.751). Isto significa, como todos os anos, que é o procedemento penal tramitado con maior peso cuantitativo, dada a súa función procesual de “filtro preliminar”. Ademais destas DP das provincias galegas, cómpre ter en conta as tramitadas no TSX de Galicia, que son 25 tramitadas e 21 incoadas.

D. PREVIAS - GALICIA 2017 - DATOS GLOBAIS



■ Valoración dos datos xerais

Na estatística do ano 2016 aprecíase un gran descenso nas DP tramitadas e incoadas (-37,08% e 43,47%, respectivamente), debido fundamentalmente á plena aplicación da reforma procesual operada pola Lei 41/2015. Esta norma afectou moi especialmente o procedemento de DP, auténtico filtro preliminar, e está a supoñer unha efectiva axilización do proceso penal, ao dispoñer (vixente art. 284 da LACrim) que, por regra xeral, os atestados sen autor coñecido queden arquivados nas dependencias policiais sen chegaren aos órganos xudiciais e fiscais e provocar a súa actuación.

■ Datos particulares das cifras totais de DP tramitadas e incoadas

- *Pendientes a inicio de ano*: 17.967, con descenso interanual de -6.860 (-27,63%) e unha porcentaxe de máis do 18,75%) nas DP tramitadas.
- *Reabertas*: 1.683, con descenso de -286 (-14,52%) e unha porcentaxe do 1,76%
- **Incoadas**: 76.179, con apreciable descenso interanual de -12.822, equivalente a -14,41% (-68.451 e -43,47% ano anterior), así como un 79,49% das DP tramitadas e un 68,35% dos procedementos incoados na CA (111.455). Como sempre, é o procedemento penal con maior peso cuantitativo.

■ Datos particulares por provincias de DP tramitadas e incoadas

- DP tramitadas

- 1º Pontevedra: 40.337, con descenso interanual de -7.093 (-14,95) e un 42,09 % do total mencionado (95.829).
- 2º A Coruña: 33.293, con descenso de -8.137 (-19,64%) e un 34,74%.
- 3º Lugo: 12.896, con descenso de -2.178 (-14,45%) e un 13,46 %.
- 4º Ourense: 9.303 11.910, con descenso de -8.618 (-41,98%) e un 9,71%

- *DP incoadas*

1º) Pontevedra: 34.279, con descenso interanual de -4.91 (-12,53%) e un 45,00% nas provincias de Galicia (76.179).

2º) A Coruña: 25.030, con descenso de -4.506 (-15,25%) e un 32,86%.

3º) Lugo: 9.487, con descenso de -1.437(13,15%) e un 12,45%


4º) Ourense: 7.383, con descenso de -1.938 (-20,79%) e un 9,69%.

■ Especial referencia ás DP ingresadas en Fiscalía (incoadas con entrada no ano.

- *Datos de DP ingresadas no período 2008-2016*

Obsérvase a evolución no seguinte gráfico. A media anual neste período é de 166.257 ingresadas, cunha porcentaxe media do 92,26% respecto da media anual de dilixencias incoadas (180.204). Neste período apréciase un elevado descenso de -123.873, equivalente a preto de dous terzos (63,44%).

EVOLUCIÓN DE D. PREVIAS "INGRESADAS"
(INCOADAS CON ENTRADA EN FISCALÍA
GALICIA - PERÍODO 2008 - 2017



- *Datos de DP ingresadas no ano 2017*

- *Datos xerais*

Conforme coa estatística fiscal, de 76.179 DP incoadas tiveron entrada en Fiscalía 71.391, con apreciable descenso interanual de -13.240, equivalente a -15,64% (-44,01% ano anterior), así como un alto 93,71% da cifra equivalente de incoadas.

-*Valoración dos datos xerais*

Estes datos parecen evidenciar unha continua mellora na interoperabilidade e intercambio de datos das incoacións de DP entre os órganos xudiciais e fiscais (entendemento *Minerva-Fortuny*). De todos os xeitos debe matizarse esta apreciación xa que as 76.179 incoacións da estatística fiscal contrastan cos datos obtidos da estatística xudicial (PNX), que dan unha cifra, máis próxima á realidade, de 87.621 incoacións (no conxunto de todos os xulgados que incoan estes procedementos).

Polo que as 71.391 DP ingresadas en Fiscalía supoñerían, con maior probabilidade, un 81,48% da totalidade real incoada (82,92% ano anterior). En calquera caso, a diferenza entre ambas as cifras da estatística fiscal (total incoadas e incoadas ingresadas) é en 2017 de só -4.788, equivalente a un -6,28% (4,91% ano anterior).


Facendo unha razoable extrapolación de datos, pode dicirse que 70,46% das DP ingresadas en 2017 (concretamente, unhas 50.297) terminaron por finalización anticipada (acumulación/inhibición, arquivamento definitivo ou sobresemento provisional); o 13,97% (9.975) terminaron por transformación noutro procedemento; e, finalmente, o 15,57% (11.119) quedaron pendentes a final de ano.

DP terminadas. Especial referencia á terminación por acumulación/inhibición

■ Datos totais de DP terminadas no período 2008-2017

No seguinte gráfico recóllese a evolución das DP terminadas durante o mencionado período. A media anual nese período é de 182.920, cunha porcentaxe do 73,23% respecto da media anual de DP tramitadas (249.803). Entre o inicio e o final do período apréciase un gran descenso de -126.127 equivalente ao -60,92%.

EVOLUCIÓN DE D. PREVIAS REMATADAS
GALICIA - PERÍODO 2008 - 2017



■ Datos de DP terminadas no ano 2017

■ Datos xerais

Conforme coa estatística fiscal, en 2017 hai 80.905 DP terminadas, cun considerable descenso interanual de -19.431, equivalente a -19,36% (-40,17% no ano anterior), cunha alta porcentaxe do 84,43% do número total de DP tramitadas (95.829).

■ Datos particulares por provincias de DP terminadas

- A Coruña: 25.761, con descenso de -6.481 (-20,10%) e un 31,84% no total das provincias galegas (80.905).
- Lugo: 9.968, con descenso de -2.812 (-22,00%) e un 12,32 %.
- Ourense: 7.920, con descenso de -2.515 (-24,10%) e un 9,79%.
- Pontevedra: 37.256, con descenso de -7.623 (-16,98%) e un 46,05%.

■ Datos particulares de DP terminadas

A cifra total de DP terminadas en 2017 (80.905) distribúese entre finalizacións anticipadas (FA) e transformacións de procedemento (TF).

- *Finalización anticipada (FA)*. Datos xerais

Constan 67.515, con descenso interanual de -18.723 (-21,71%), unha porcentaxe do 83,45% das terminadas. Algo máis da metade, o 50,58% (o 73,32% o ano anterior) deste descenso produciuse nas terminacións por SP, seguramente pola reforma da referida Lei 41/2015 (supresión, por regra xeral, da remisión aos órganos xudiciais e fiscais dos atestados policiais sen autor coñecido).

- *Transformación (TF)*

Figuran 13.390, con descenso interanual de -708 (-5,02%) e unha porcentaxe do 16,55% do total de terminadas. Suprimidos os xuízos de faltas, constan as seguintes TF por delito: 8.495 en PA, con lixeiro incremento interanual de -622 (-6,82%) e un 63,44% no total de TF; 3.779, con descenso de -10 (-0,26%) e unha porcentaxe do 28,22%; 1.029, con descenso de -63 (-5,77%) e un 7,68%; 65 en SU, con descenso de -16 (-19,75%); e 22 en PX, con aumento de 3 (15,79%).

- *Finalización anticipada (FA)*. Datos particulares.

O total de 67.515 FA en 2017 distribúese en tres modalidades concretas de acumulación/inhibición, arquivamento definitivo e sobresemento provisional.

- *Acumulación/inhibición (AI)*

- *Datos xerais de 2017*


Figuran 20.900, con descenso interanual de -2.713 (-11,49%, -38,49% no ano anterior) e cunha porcentaxe do 30,96% das terminadas por FA. Ademais, representan importantes porcentaxes do 21,81%, 27,43% e 25,83% respecto das

cifras de DP tramitadas, incoadas e terminadas no ano.

- *Datos totais durante o período 2008-2017*

No seguinte gráfico e mais na táboa móstrase a evolución de cifras durante ese período.

EVOLUCIÓN DA TERMINACIÓN DE D. PREVIAS POR ACUMULACIÓN / INHIBICIÓN DATOS DE GALICIA - EVOLUCIÓN ANOS 2008 - 2017



EVOLUCIÓN DA TERMINACIÓN DE D. PREVIAS POR ACUMULACIÓN/INHIBICIÓN GALICIA. PERÍODO 2008-2017					
ANO	CIFRA	V.I.	% RESPECTO CIFRA TRAMITADAS	% RESPECTO CIFRA INCOADAS	% RESPECTO CIFRA TERMINADAS
2008	69.522	6.321 (10%)	25,15% (de 276.409)	30,21% (de 230.104)	33,58% (de 207.032)
2009	94.715	25.193 (36,23%)	30,68% (de 308.845)	35,62% (de 265.941)	38,58% (de 245.505)
2010	80.499	-14.216 (-15,01%)	28,45% (de 282.952)	33,90% (de 237.491)	33,98% (de 236.903)
2011	77.190	-3.309 (-4,11%)	27,48% (de 280.914)	33,71% (de 228.983)	33,21% (de 232.449)
2012	52.114	-25.076 (-32,49%)	22,01% (de 236.791)	27,97% (de 186.294)	26,80% (de 194.435)
2013	48.301	-8.982 (-5,16%)	21,96% (de 219.974)	27,67% (de 174.562)	26,17% (de 184.566)
2014	45.388	-2.913 (-6,03%)	22,70% (de 199.986)	28,01% (de 162.028)	25,87% (de 175.417)
2015	38.389	-6.999 (-15,42%)	20,86% (de 184.051)	24,38% (de 157.452)	22,89% (de 167.566)
2016	23.613	-14.776 (-38,49%)	20,39% (de 115.797)	26,53% (de 89.001)	23,53% (de 100.336)
2017	20.900	-2.713 (-11,49%)	21,81% (de 95.829)	27,43% (de 71.391)	25,83% (de 80.905)

A precedente evolución de cifras evidencia a progresiva tendencia á diminución e normalización da terminación de DP mediante acumulación/inhibición, no período 2008-2017. Entre o inicio e o final do período conséntase un gran descenso de -48.622, equivalente a máis de 2/3 (69,94%), cunha media anual de 55.063, equivalente ao 25,01% de DP tramitadas, 30,55% das incoadas e 30,10% das terminadas. A cifra de 20.900 acumulación/inhibición rexistrada en 2017 supón un descenso de -34.163 (-62,04%) respecto da media anual (55.063) do período 2008-2017.

O punto álxido do ciclo supúxo o ano 2009, cunha avultada cifra de 94.715 e aumento do 36,23%. A partir dese ano o número xeral foi diminuíndo e normalizándose, ata rexistrar 23.613 (-38,49%) no 2016 e 20.900 (-11,49%) en 2017. A cifra deste último ano supón unha elevada diferenza de -73.815 (-77,93%) respecto ao ano 2009. Como se reflectira nas memorias relativas aos anos 2009 e 2010, aquelas elevadas cantidades de acumulación/inhibición (sobre todo na provincia de Pontevedra) eran probable mostra dun produtivismo cuantitativo, xerador de distorsións estatísticas, a través da práctica de rexistrarse nos xulgados varias veces un mesmo feito delituoso.

-Datos particulares por provincias

Do mesmo xeito que nos datos globais, obsérvase a nivel provincial unha tendencia similar de diminución e normalización, como se reflicte no cadro que segue. En canto a 2017, rexístrase diminución en todas as provincias. Destaca a cifra de Pontevedra, 11.179, que supón máis da metade de toda Galicia (53,49%).

TERMINACIÓN DE D. PREVIAS POR ACUMULACIÓN/INHIBICIÓN. ANO 2017. DATOS PROVINCIAIS			
PROVINCIA	CIFRA	V.I.	OBSERVACIÓNS
A CORUÑA	4.980	- 478 (-8,76%)	14,96% DE TRAMITADAS NA PROVINCIA (33.293)
LUGO	2.775	-303 (-9,84%)	21,52% DE TRAMITADAS NA PROVINCIA (12.896)
OURENSE	1.383	-1.195 (-46,35%)	14,87% DE TRAMITADAS NA PROVINCIA (9.303)
PONTEVEDRA	11.179	-1.320 (-10,56%)	CIFRAS AÍNDA ELEVADAS: 27,71% DE TRAMITADAS NA PROVINCIA (40.337), E MÁIS DA METADE (53,49%) DA CIFRA GLOBAL DE GALICIA
TOTAL GALICIA	20.900	-2.713 (-11,49%)	DIMINUCIÓN E NORMALIZACIÓN DAS CIFRAS

- *Arquivamento definitivo (AD)*

Figuran 12.462, con descenso interanual de -3.087 (-19,85%), e unha porcentaxe do 18,46% no total de FA (67.515), así como do 15,40 % no de DP terminadas (80.905). Destaca, como en anos anteriores, o elevado volume de Pontevedra, onde constan 8.327, que representan as dúas terceiras partes (66,82%) do total das provincias galegas, malia o descenso provincial de -15,88%.

- *Sobresemento provisional (SP)*

- *Datos xerais de 2017*

Consta na estatística fiscal 34.153, con destacado descenso interanual de -12.923, equivalente a máis de 1/4 (-27,45%, -50,85% ano anterior), cunha porcentaxe do 50,58% de FA, así como de 42,21% de DP terminadas. Resulta significativo que esta cifra total de SP equivale ao 71,35% e 71,14%, respectivamente do gran descenso apreciado nas cifras globais de DP tramitadas e incoadas (-68.254 e -68.451).

- *Valoración dos datos xerais*

O descenso observado en 2016 e 2017 está causado pola aplicación da reforma operada pola Lei 41/2015 (supresión, por regra xeral, da remisión aos órganos xudiciais e fiscais dos atestados policiais sen autor coñecido). Este marcado descenso en SP é consecuencia do previo e gran descenso das incoacións; xa non chegan aos órganos xudiciais e fiscais moitos atestados policiais sen autor coñecido, que si chegaban antes. No ano 2016 xa se observara que algo máis dun 70% do descenso en SP se debía a esa reforma, cuxos efectos se van asentando agora.

- *Datos particulares por provincias*

- A Coruña: 13.238, con descenso interanual de -4.142 (- 23,83%) e un 38,76% do total (34.153).


- Lugo: 4.185, con descenso de -2.139 (-33,82%) e unha porcentaxe do 12,25%

- Ourense: 3.564, con descenso de -2.011 (-36,07%) e un 10,44%.

- Pontevedra: 13.166 17.797, con descenso de -4.631 (-26,02%) e un 38,55%.

- *Datos totais de SP en DP durante o período 2008-2017*

EVOLUCIÓN TERMINACIÓN D. PREVIAS POR SOBRESAMENTO PROV. GALICIA - ANOS 2008-2017



A precedente evolución de cifras evidencia un crecemento interanual desde 2008 a 2011, data en que se inicia unha tendencia de descenso, moi elevada finalmente en 2016. Entre o inicio e o final do período conséntase un gran descenso de -62.078, equivalente a case 2/3 (-64,50%), cunha media anual de 91.865, a cal equivale a 41,73%, 84,90% e 50,22% das respectivas cifras medias anuais de DP tramitadas, incoadas e terminadas.

O punto álxido do ciclo supúxo o ano 2011, cunha avultada cifra de 121.549. A partir dese ano foi diminuíndo (-12,57% xa en 2012), coa caída final da metade en 2016 (-50,85%). Se tomamos como referencia inicial o ano 2011, o descenso acumulado ata 2017 sería de -87.396 (-71,90%).

DP pendentes a final de ano

Conforme coa estatística fiscal, constan 14.924 DP pendentes a final de ano, con descenso interanual de -537 (-3,47%) e un 15,57% do total de DP tramitadas (95.829). A distribución por provincias desta pendencia é como segue: A Coruña, 7.532; Lugo, 2.928; Ourense, 9.303; e Pontevedra, 3.081. Os datos totais e provinciais expostos obtivéronse da operación tramitados – terminados = pendentes.

Especial referencia á aplicación do art. 324 da LACrim nas dilixencias previas (control prazo de instrución)

Por segunda vez, recóllense en 2017 datos sobre este particular na estatística fiscal: unha cifra total de 1.917 “declaracións de complexidade” no conxunto das provincias de Galicia, con descenso interanual de -282 (-12,82%) e a seguinte distribución provincial: A Coruña, 1.068 (55,71% do total); Lugo, 309 (16,12%); Ourense, 208 (10,85%); e Pontevedra, 332 (17,32%). En canto a “declaracións de prazo máximo”, o total foi de 1.144, con descenso de -268 (-18,98%) e distribuídas así: A Coruña, 458 (40,04% do total); Lugo, 619 (54,11%); Ourense, 10 (0,87%); e Pontevedra, 57 (4,98%).

SECCIÓN 1.1.1.3.2. PROCEDEMENTOS ABREVIADOS (PA)

1. Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA PROCEDEMENTOS ABREVIADOS NOS XULGADOS DE INSTRUCCIÓN DATOS PROVINCIAIS E DE GALICIA					
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
VOLUME TRAMITADO	PENDENTES O 1 DE XANEIRO	2.346	861	601	1.310
	REABERTOS DURANTE ANO	104	68	70	164
	INCOADOS DURANTE ANO	3.645	1.099	969	2.782
	TOTAL TRAMITADOS (SUMA DE ANTERIORES)	6.095	2028	1640	4.256
PENDENTES Ao 31 DE DECEMBRO		2.038	519	702	955
TRAMITACIÓN	CUALIFICADOS ANTE XULGADO DO PENAL	2.984	917	826	2.309
	CUALIFICADOS ANTE AUDIENCIA PROVINCIAL	140	25	21	120
	TOTAL CUALIFICADOS	3.124	942	847	2.429
	SOBRESEMENTOS/ ARQUIVOS	349	102	70	348
	TRANSFORMACIÓN NOUTROS PROCEDEMENTOS	76	31	21	86

Continúa na páxina seguinte

Vén da páxina anterior

		GALICIA 2017	GALICIA2016	V.I.
VOLUME TRAMITADO	PENDENTES O 1 DE XANEIRO	5.118	4.959	159 (3,20%)
	REABERTOS DURANTE ANO	406	395	11 (2,78%)
	INCOADOS DURANTE ANO	8.495 ¹⁰	9.117	-622 (-6,82%)
	TOTAL TRAMITADOS (SUMA DE ANTERIORES)	14.019 ¹¹	14.471	-452 (-3,12%)
	PENDENTES Ao 31 DE DECEMBRO	4.214	4.119	95 (2,31%)
TRAMITACIÓN	CUALIFICADOS ANTE XULGADO DO PENAL	7.036	7.514	-478 (-6,36%)
	CUALIFICADOS ANTE AUDIENCIA PROVINCIAL	306	321	-15 (-4,67%)
	TOTAL CUALIFICADOS	7.342	7.835	-493 (-6,29%)
	SOBRESEMENTOS/ ARQUIVOS	869	1.172	-303 (-25,85%)
	TRANSFORMACIÓN NOUTROS PROCEDEMENTOS	214	239	-25 (-10,46%)

2. Análise de datos

Procedementos abreviados (PA) tramitados e incoados

■ Datos xerais de PA tramitados e incoados no período 2008-2017

No gráfico anterior reflíctense datos bastante estables neste período. A cifra media anual de PA tramitados nese período foi de 15.365, cun lixeiro aumento de 92 (0,66%) entre o inicio e o final do período. En canto aos PA incoados, a media anual foi de 8.931, cun lixeiro descenso de -518 (5,74%) entre o inicio e o final do ciclo.

■ Datos de PA tramitados e incoados no ano 2017

Conforme coa estatística fiscal, en 2017 constan 14.019 PA tramitados, con lixeiro descenso interanual de -452 (-3,12%) e un 10,25% dos procedementos tramitados o mesmo ano nas provincias de Galicia (136.751). Por tal razón, como todos os anos, é o terceiro tipo procedemental máis representativo cuantitativamente (despois de DP e o novo XDL).

■ Datos particulares da cifra total de PA tramitados (pendentes ano anterior, incoados en ano e pendentes fin de ano):

- Pendentes no inicio de ano: 5.118, con aumento interanual de 159 (3,20%).
- Reabertos: 406, con aumento de 11 (2,78%).
- **Incoados** no ano: 8.495, con leve descenso de -622 (-6,82%) e a seguinte distribución provincial: A Coruña, 3.645, con descenso de -228 (-5,89%) e unha porcentaxe do 42,91% na cifra total; Lugo, 1.099 (-114=-9,40%) e 12,94%; Ourense, 969 (5=0,52%) e 11,40%; e Pontevedra, 2.782 (-285=-9,29%) e 32,75%.

PA terminados e pendentes a fin de ano

Consonte a estatística fiscal, resultaría unha cifra total de 8.425 PA terminados en 2016, con descenso de -821 (- 8,88%), así como unha cifra total de 4.214 pendentes a final de ano (95=2,31%).

Referencia a PA cualificados

Foron obxecto de cualificación fiscal en 2017 un total de 7.342 PA, con lixeiro descenso interanual de -493 (-6,29%), cunha porcentaxe de máis da metade (52,37%) da cifra total de tramitados (14.019). Distribúense da seguinte forma:

- a) cualificados ante o Xulgado do Penal: 7.036, con leve descenso de -478 (-6,36%) e un 95,83% na cifra total.
 - b) cualificados ante a Audiencia Provincial: 306, con descenso de -15 (-4,67%) e porcentaxe de 4,17%.
- Por provincias as cualificacións en PA distribúense así: A Coruña, 3.124 (o 42,55% do total); Lugo, 942 (12,83%); Ourense, 847 (11,54%); e Pontevedra, 2.429 (33,08%).

SECCIÓN 1.1.1.3.3. DILIXENCIAS URXENTES DE XUÍZO RÁPIDO (DU)

1. Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA DILIXENCIAS URXENTES DE XUÍZO RÁPIDO (XUÍZOS RÁPIDOS POR DELITO) DATOS PROVINCIAIS E DE GALICIA					
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
VOLUME	INCOADAS DURANTE O ANO	3.132	622	1.070	3.380
DESTINO	SOBRESEMENTO/ARQUIVO	294	35	66	382
	TRANSFORMACIÓN EN D. PREVIAS	466	70	113	315
	TRANSFORMACIÓN EN XUÍZO DELITO LEVE	25	1	31	57
	TOTAL TRANSFORMACIÓN	491	71	144	372
	ACUMULACIÓN/INHIBICIÓN	81	15	43	158
	CUALIFICACIÓN	2.266	523	814	2.526

Continúa na páxina seguinte

Vén da páxina anterior

		GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
VOLUME	INCOADAS DURANTE O ANO	8.204 ¹²	7.979	225 (2,82%)
DESTINO	SOBRESEMENTO/ARQUIVO	777	754	23 (3,05%)
	TRANSFORMACIÓN EN D. PREVIAS	964	914	50 (5,47%)
	TRANSFORMACIÓN EN XUÍZO DELITO LEVE	114	124	-10 (-8,06%)
	TOTAL TRANSFORMACIÓN	1.078	619	459 (74,15%)
	ACUMULACIÓN/INHIBICIÓN	297	286	11 (3,85%)
	CUALIFICACIÓN	6.129	6.009	120 (2,00%)

2. Análise de datos

■ Dilixencias urxentes (DU) tramitadas/incoadas

■ *Datos globais de DU tramitadas/incoadas no período 2008-2017*

Durante ese período as cifras de DU tramitadas/incoadas recollidas na estatística fiscal mostran lixeiras oscilacións con tendencia a unha gradual diminución e un asentamento ao redor da cifra de 8.000. A cifra media anual do período é de 9.229. Entre o inicio e o final do período apréciase un descenso acumulado de -2.293 (-231,84%).

■ *Datos de DU tramitadas/incoadas o ano 2017*

- *Datos xerais*

A estatística fiscal en 2017 reflicte 8.204 DU tramitadas/incoadas, con lixeiro incremento interanual de 225 (2,82%) e unha porcentaxe do 6,00% nos procedementos tramitados o mesmo ano nas provincias de Galicia (136.751). Por tal razón é o cuarto tipo de procedemento máis representativo cuantitativamente (despois de DP, XDL e PA).

- *Datos particulares por provincias*

- A Coruña: 3.132, con descenso interanual de -45 (-1,41%) e unha porcentaxe do 38,18% no total referido (8.204).
- Lugo: 622, con aumento de 11 (1,80%) e un 7,58%
- Ourense: 1.070, con aumento de 111 (11,57%) e un 13,04%.
- Pontevedra: 3.380, con aumento de 148 (4,58%) e un 41,20%.

■ DU terminadas

Conforme coa estatística fiscal, á parte das cualificadas, constan 2.152 DU terminadas (1.078 por transformación, 777 por sobresemento/arquivamento e 297 por acumulación/inhibición).

■ Referencia a DU cualificadas

No ano 2017 foron obxecto de cualificación fiscal 6.129 DU, con lixeiro aumento interanual de 120 (2,00%), cunha proporción de $\frac{3}{4}$ (74,71%) da cifra total de tramitadas/incoadas (8.204). Distribución por provincias: A Coruña, 2.266 (o 36,98% do total); Lugo, 523 (8,53%); Ourense, 814 (13,28%); e Pontevedra, 2.526 (41,21%).

■ Referencia a datos demostrativos da gran eficacia das DU

Pode afirmarse, como se deixou indicado, que é o procedemento de maior eficacia, en termos de cualificación fiscal e terminación por sentenza, polas razóns observadas no ano 2017 (como en anteriores):

- Representan case 1/5 (23,26%) dos procedementos incoados con posibilidades reais de ser obxecto de cualificación fiscal e sentenza (todos, menos DP). Esta porcentaxe elévase a 48,50%, se tampouco contamos os XDL (que non teñen cualificación fiscal escrita) contamos só con 42.090 procedementos incoados.
- As $\frac{3}{4}$ partes (74,70%) das DU tramitadas son obxecto de cualificación fiscal, nivel superior ao doutros procedementos: 52,37% en PA, 37,50% no seu e 72% en PX.
- Case 2/3 (64,35%) das DU tramitadas son obxecto de sentenza condenatoria por conformidade (5.279)

A estatística fiscal non permite aínda cuantificar a incidencia que, en termos de axilización na resolución das DU, estea a ter a reforma do proceso por aceptación de decreto introducido pola Lei 41/2015 (novos arts. 803 bis a) e ss. da LACrim).

SECCIÓN 1.1.1.3.4. XUÍZO SOBRE DELITOS LEVES (XDL)

1. Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. XUÍZOS POR DELITOS LEVES DATOS PROVINCIAIS E DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
INCOACIÓNS ¹³	6.455	2.303	2.206	7.518	18.482	21.429	-2.947 (-13,75%)
CELEBRADOS CON INTERVENCIÓN M. FISCAL	1.676	926	1.078	3.224	6.904	7.507	-603 (-8,03%)

2. Análise de datos

■ Datos xerais de XDL incoados

Conforme coa estatística xudicial (PNX), no ano 2017 foron incoados 18.482 XDL, con descenso interanual de -2.947 (13,75%) e unha porcentaxe de 16,58% no total de procedementos incoados por delito nas provincias galegas no mesmo ano (111.455). Os datos por provincias son os seguintes: A Coruña, 6.455 (34,93%); Lugo, 2.303 (12,46%); Ourense, 2.206 (11,93%); e Pontevedra, 7.518 (40,68%).

■ Valoración dos datos xerais

No ano 2016 producírase un gran aumento de 11.735 (121,05%) nas incoacións dos XDL, ao pasar de 9.694 en 2015 a 21.429 nese ano. Obviamente iso debeuse principalmente á aplicación da LO 1/2015, do 30 de marzo, de reforma do CP, con entrada en vigor o día 01.07.2015. Esta reforma supuxo a supresión das faltas (antigo Libro III do CP) e a irrupción da categoría de delitos leves, axuizables a través do novo procedemento para o xuízo sobre delitos leves (libro VI, arts. 962 a 977). Esta reforma supuxo a eliminación de numerosos xuízos de faltas (XF) e a aparición dun máis reducido número de XDL.

Antes da reforma constaban incoados segundo a estatística fiscal 47.530 XF. Mentres que agora, co novo XDL implantado, as cifras de incoacións en 2016 e 2017 equivalen a menos da metade dos antigos XF (45,08% e 38,88%).

■ Datos particulares de XDL celebrados con intervención do MF

Segundo as fontes estatísticas de Fiscalía, no ano 2017 celebráronse 6.904 XDL con intervención do MF, con leve descenso de -603 (-8,03%) e unha porcentaxe de 38,08% dos xuízos celebrados nas provincias de Galicia (16.004).

■ Valoración dos datos particulares

Antes da reforma de 2015, segundo a estatística fiscal constaban 13.183 XF celebrados con intervención do MF. Agora en 2017, a cifra de XDL celebrados con intervención fiscal é de 6.904 celebrados, o que representa case o 46,23 % da antiga cifra de XF. De non se realizar a reforma poderían celebrarse en 2017, coa intervención do MF, aproximadamente 14.000 XF.

SECCIÓN 1.1.1.3.5. SUMARIOS (SU)

1. Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. SUMARIOS (PROCEDEMENTOS ORDINARIOS)								
DATOS PROVINCIAIS E DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
XULGADO	INCOADOS DURANTE O ANO	24	11	6	29	70 ¹⁴	92	-22 (-23,91%)
	REABERTOS DURANTE O ANO	0	0	0	0	0	0	0 (0%)
	PENDENTES O 1 DE XANEIRO	67	12	13	30	122	98	24 (24,49%)
	TRAMITADOS (SUMA DE ANTERIORES)	91	23	19	59	192	190	2 (1,05%)
	PENDENTES O 31 DE DECEMBRO	55	12	10	23	100	108	-8 (-7,41%)
	CONCLUSOS	15	10	9	29	63	36	27 (75,00%)
	TRANSFORMACIÓNS	2	0	0	3	5	5	0 (0%)
AUDIENCIA	CUALIFICACIÓNS	25	7	9	31	72	66	6 (9,09%)
	SOBRESEMENTOS/ ARQUIVOS	2	0	0	3	5	0	5 (100%)
	REVOGACIÓNS	0	0	0	1	1	1	0 (0%)
APLICACIÓN ART. 324 LACrim EN SUMARIOS		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
DECLARACIÓN DE COMPLEXIDADE		0	0	0	3	3	10	-7 (-70,00%)
DECLARACIÓN DE PRAZO MÁXIMO		0	1	0	0	1	0	-1 (100%)

2. Análise de datos

■ Sumarios (SU) no Xulgado de Instrución

SU tramitados e incoados

■ Datos de SU tramitados e incoados no período 2008-2017

Durante este período as cifras de SU no Xulgado de Instrución (tramitados e incoados) recollidas na estatística fiscal mostran unha tendencia xeral á progresiva diminución, con algunhas

flutuacións, como se pode apreciar no gráfico anterior. A media anual de SU tramitados nese período foi de 194,5, con descenso acumulado de -27 (-12,33%) entre o inicio e o final do período (219 e 192). En canto aos SU incoados no mesmo ciclo, a cifra media anual foi de 86,3, con descenso de -40 (-36,36%) entre o inicio e o final do período (110 e 70).

■ Datos de SU tramitados e incoados no ano 2017

- *Datos xerais*

Segundo a estatística fiscal, en 2017 constan 192 SU tramitados no Xulgado de Instrución, con lixeiro aumento interanual de 2 (1,05%) e unha porcentaxe de 0,14% dos procedementos tramitados o mesmo ano nas provincias de Galicia (136.751).

- *Datos particulares de SU tramitados e incoados*

A cifra de SU tramitados en 2017 distribúese entre as tres cifras concretas seguintes:

- Pendentes a inicio de ano: 122, con incremento interanual de 24 (24,49%).
- Reabertos: 0, sen variación interanual.
- **Incoados no ano**: 70, con apreciable descenso de -22 (-23,91%), e a seguinte distribución provincial: A Coruña, 36, con aumento de 7 (24,14%); Lugo, 14, con aumento de 11; Ourense, 13, aumento de 6 (85,71%); e Pontevedra, 29, con descenso de -1 (-3,33%).

SU terminados (conclusos e transformacións)

Conforme a estatística fiscal de 2017 constan 63 terminacións por conclusión (aumento de 6=9,09%) e 5 por “transformación” noutro procedemento, sen variación interanual.

Referencia a aplicación de art. 324 da LACrim (control duración instrución)

A estatística fiscal reflicte 3 declaracións de complexidade (todas en Pontevedra), así como 1 declaración de prazo máximo (en Lugo).

■ **Sumarios (SU) na Audiencia Provincial (procedementos ordinarios)**

Cualificacións

No ano 2017 foron obxecto de cualificación fiscal 72 procedementos ordinarios (SU) na Audiencia Provincial, con lixeiro aumento interanual de 6 (9,09%) e un 37,50% respecto dos tramitados no Xulgado de Instrución (192). Por provincias as cualificacións distribúense así: A Coruña 25 (o 34,72%); Lugo 7 (9,72%); Ourense 9 (12,50%); e Pontevedra 31 (33,69%).

Terminacións

Constan 5 sobresementos/arquivos (aumento de 5=100%) e 1 revogación (sen variación interanual).

SECCIÓN 1.1.1.3.6. PROCEDEMENTO DO TRIBUNAL DO XURADO (PX)

1. Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. PROCEDEMENTOS DO TRIBUNAL DO XURADO							
DATOS PROVINCIAIS E DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
INCOACIÓNS	12	4	1	8	25 ¹⁵	18	7 (38,89%)
SOBRESAMENTOS/ ARQUIVOS	2	1	0	1	4	3	1 (33,33%)
CUALIFICACIÓNS	5	3	2	8	18	13	5 (38,46%)
XUÍZOS	9	1	0	6	16	8	8 (100%)
CONFORMIDADES SEN XUÍZO	1	0	0	0	1	1	0 (0%)

2. Análise de datos

■ PX incoados

- Datos globais de PX incoados no período 2008-2017

O gráfico anterior mostra fluctuacións nas cifras do período, con tendencia final ao descenso. A media anual é de 32,7 incoacións cun apreciable descenso acumulado de -21 (-45,65%) entre o inicio e o final do período (46 e 25).

- Datos de PX incoados no ano 2017

A estatística fiscal reflicte un total de 25 PX incoados, con aumento interanual de 7 (38,89%) e unha porcentaxe de só 0,022% dos procedementos incoados o mesmo ano en Galicia (111.455).

■ PX cualificados

Consta en 2017 o total de 18 cualificacións no ámbito do PX (na Audiencia Provincial), con apreciable aumento interanual de 5 (38,46%) e un 72,00% en relación coa cifra de procedementos incoados.

Distribución provincial da cifra de cualificacións: A Coruña, 5 (27,78%); Lugo, 3 (16,67%); Ourense, 2 (11,11%); e Pontevedra, 8 (44,44%).


SECCIÓN 1.1.1.4. ESCRITOS DE CUALIFICACIÓN FISCAL

1. Datos de cualificacións fiscais

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA CUALIFICACIÓN FISCAL. DATOS TOTAIS DE GALICIA. ANOS 2008-2016				
ANO	TOTAL	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	PORCENTAXE (%)	
2008	14.263	3.292 (30,00%)	% PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (301.098)	4,73%
			% PROCEDEMENTOS INCOADOS (249.770)	5,71%
2009	13.352	-911 (-6,38%)	% PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (331.838)	4,02%
			% PROCEDEMENTOS INCOADOS (283.964)	4,70%
2010	13.762	410 (3,07%)	% PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (307.287)	4,48%
			% PROCEDEMENTOS INCOADOS (255.863)	5,38%
2011	15.211	1.449 (10,53%)	% PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (310.011)	4,91%
			% PROCEDEMENTOS INCOADOS (250.052)	6,08%
2012	14.383	-828 (-5,44%)	% PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (264.407)	5,44%
			% PROCEDEMENTOS INCOADOS (205.547)	7,00%
2013	14.581	198 (1,38%)	% PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (264.407)	5,44%
			% PROCEDEMENTOS INCOADOS (205.547)	7,00%
2014	13.842	-739 (-5,07%)	% PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (264.407)	6,16%
			% PROCEDEMENTOS INCOADOS (205.547)	7,71%
2015	12.696	-1.146 (-8,28%)	% PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (215.701)	5,89%
			% PROCEDEMENTOS INCOADOS (183.186)	6,93%
2016	13.923	1.227 (9,66%)	% PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (158.695)	8,77%
			% PROCEDEMENTOS INCOADOS (126.447)	11,01%
2017	13.561	-362 (-2,60%)	% CIFRA BRUTA DE PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (136.751)	9,92%
			% DE PROCEDEMENTOS TRAMITADOS, SEN CONTABILIZAR XUÍZOS POR DELITO LEVE (118.269)	11,47%
			% CIFRA BRUTA DE PROCEDEMENTOS INCOADOS (111.455)	12,17%
			% DE PROCEDEMENTOS INCOADOS, SEN CONTABILIZAR XUÍZOS POR DELITO LEVE (92.973)	14,59%
MEDIA ANUAL DE CUALIFICACIÓN NO PERÍODO 2008-2017	13.957			
% MEDIA PROCEDEMENTOS TRAMITADOS 2008-2016 (249.803)	5,59%			

CUALIFICACIÓNS FISCAIS GALICIA PERÍODO 2008 - 2017



Análise de datos


Datos totais do período 2008-2017

Obsérvanse varias fluctuacións, debidas, en maior medida, a algunhas reformas lexislativas (leis orgánicas 15/2007, 5/2010 e 1/2015). A media anual de cualificacións fiscais é de case 14.000 (13.957), cunha porcentaxe media de 5,59% na correlativa media anual de procedementos tramitados (249.803).

Entre o inicio e o final do período apréciase un lixeiro descenso acumulado de -702 (-4,92%), inferior ao correlativo de -13,83% dos procedementos tramitados, o que evidencia un incremento progresivo da actividade de cualificación fiscal: 5,89% no 2015, 8,77% no 2016 e 9,92% no 2017.

O punto álxido do ciclo foi 2011 (tras a reforma penal pola LO 5/2010), que rexistrou 15.211 cualificacións (aumento de 1.449=10,53%). A partir dese ano a media anual situouse nas 14.000 cualificacións (13.978). Entre ese ano 2011 e o ano 2015 produciuse un descenso acumulado de -2.515 (-16,53%), e desde este último ano ao 2017 produciuse en lixeira subida de 865 (6,81%).

EVOLUCIÓN DE CUALIFICACIÓN FISCALIS GALICIA - PERÍODO 2008 - 2017



Datos de cualificaciónes fiscalis no ano 2017

■ Datos xerais

En relación con este último ano, a estatística fiscal rexistra 13.561 cualificaciónes, con leve descenso interanual de -362, equivalente a só -2,60% (malia ao superior descenso de -17,24% nos procedementos tramitados), variación que contrasta co aumento interanual de 9,66% do ano anterior e o descenso de -8,28% de 2015.

Cómpre salientar que a cifra de 2017 equivale a unha alta porcentaxe do 9,92% (8,77% ano anterior) na correlativa cifra bruta de procedementos tramitados ese ano (136.751), que se eleva mesmo ao 11,47% (10,05% no ano anterior) se a relacionamos con esa mesma cifra de procedementos tramitados sen contabilizar (por non ter trámite de cualificación escrita) os XDL (118.269). En relación coa cifra bruta de procedementos incoados no ano (111.455) a porcentaxe de cualificaciónes sobe a 12,07%, e elévase mesmo ata 14,59% se consideramos a cifra de procedementos incoados sen os XDL (92.973).

A referida *ratio* do 11,47% é bastante semellante á do 15,21% que a cifra total de sentenzas en 2017 (20.798) ten en relación coa mencionada cantidade bruta de procedementos tramitados, aínda que cómpre en conta que as sentenzas se ditan en procedementos con cualificaciónes efectuadas ben no mesmo ano ou en anteriores.

Se sumamos á indicada cifra total de cualificaciónes os **572 escritos de alegacións formulados no proceso de menores** polo MF en 2017, obteriamos unha cifra conxunta de 14.133 cualificaciónes fiscalis na devandita anualidade, con leve descenso interanual global de -316 (-2,19%). Os escritos de alegacións referidos serían só o 4,05% da cifra conxunta mencionada.

■ Valoración dos datos xerais

Semella que logo das últimas reformas legais (Lei 41/2015 e LO 1/2015) o número de cualificaciónes fiscalis normalízase e aséntase ao redor de 13.500-14.000. O pasado ano

2016 rexistrárase un apreciable aumento de 9,66%, malia o gran descenso de -47,29% do volume dos procedementos tramitados, o que supuxo preto dun 50% máis (48,90%) da *ratio* de cualificacións en relación cos procedementos tramitados (pasárase do 5,89% ao 8,77%).

Como dicíamos na memoria do ano anterior, este aumento de *ratio* nas cualificacións é atribuíble á dobre reforma legal de 2015. As tales reformas supuxeron un gran descenso nas cifras de incoación e tramitación de procedementos (sobre todo, DP), coa conseguinte liberación de recursos que permiten aumentar a actividade xudicial e fiscal (particularmente, cualificacións fiscais e asistencia a xuízos). Referímonos á reforma operada pola Lei 41/2015, de axilización procesual (con supresión, por regra xeral, aos órganos xudiciais e fiscais dos atestados policiais sen autor coñecido); e á derivada da Lei orgánica 1/2015, de reforma do CP (que supón a eliminación dos antigos XF e a emerxencia, con cifras menores, dos novos XDL).


2. Datos particulares de cualificacións fiscais por tipo de procedemento

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA CUALIFICACIÓN FISCAIS. DATOS PARTICULARES POR PROCEDEMENTOS. ANOS 2008-2017							
ANO	DU	PA			SU	PX	TOTAL
		PA-XP	PA-AP	PA Total			
2008	7.011	6.783	345	7.128	98	26	14.263
2009	6.319	6.590	320	6.910	91	32	13.352
2010	6.385	7.042	210	7.252	94	31	13.762
2011	7.991	6.945	194	7.139	68	13	15.211
2012	7.502	6.545	241	6.786	71	24	14.383
2013	6.534	7.683	272	7.955	68	24	14.581
2014	6.256	7.202	294	7.496	73	17	13.842
2015	5.791	6.556	269	6.825	67	13	12.696
2016	6.009	7.514	321	7.835	66	13	13.923
2017	6.129	7.036	306	7.342	72	18	13.561
V.I.	120 (2,00%)	-478 (-6,36%)	-15 (-4,67%)	-493 (-6,29%)	6 (9,09%)	5 (38,46%)	-362 (-2,60%)
% TOTAL GALICIA	45,20%	51,88%	2,26%	54,14%	0,53%	0,13%	100%
% EN PROCEDEMENTOS TRAMITADOS MESMO TIPO	74,71% (de 8.204)	52,37% (de 14.019)			37,50% (de 192)	72% (de 25)	9,92% (de 136.751)
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2017	6.593	6.990	277,2	7.267	76,8	21,1	13.957

CUALIFICACIÓNS FISCAIS - GALICIA 2017

DATOS PARTICULARES POR TIPOS DE PROCEDEMENTOS



Análise de datos

Por procedementos, as 13.561 cualificacións en 2017 distribúense así:

■ *1º. Procedementos abreviados (PA)* no Xulgado de Instrución: 7.342 cualificacións, con lixeiro descenso interanual de -493 (-6,29%) e unha porcentaxe de máis da metade (54,14%) na totalidade, así como tamén máis da metade (52,37%) da cifra correlativa de procedementos tramitados (14.019). No 2016 rexistrouse un elevado aumento do 14,80% neste tipo de procedemento debido á maior repercusión neste da aplicación do novo art. 284 da LACrim (reformado por Lei 41/2015): descenso de incoacións nas DP e liberación de recursos que aumentan a actividade en PA.

A cifra de cualificacións nos PA divídese en dúas cifras concretas:

- 7.036 (95,83%) cualificacións ante o Xulgado do Penal (XP), con leve descenso de -478(-6,36%) supón máis da metade (51,88%) das cualificacións (13.571).
- 306 (4,17%) cualificacións ante a Audiencia Provincial (AP), con descenso de -15 (-4,67%) e un 2,26% do total.

■ *2º. Dilixencias urxentes de xuízo rápido (DU)*: 6.129 cualificacións, con lixeiro aumento interanual de 120 (2,00%) e unha porcentaxe de algo menos da metade (45,20%) do total. Así mesmo, como mostra da gran eficacia das DU, esa cifra de cualificacións representa case $\frac{3}{4}$ (74,71%) respecto da cifra correspondente de procedementos tramitados (8.204).

■ *3º. Sumarios (procedementos ordinarios) (SU)*: 72 cualificacións, con lixeiro aumento de 6 (9,09%) e só o 0,53% do total, así como de máis de $\frac{1}{3}$ (37,50%) da cifra correspondente de procedementos tramitados (192).

4º. *Procedementos do Tribunal do Xurado (PX)*: 18 cualificacións, con aumento de 5 (38,46%) e só un 0,13% na cifra total, así como do 72% da cifra correspondente de procedementos tramitados (25).

3. Datos particulares de cualificacións fiscais por provincias

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. CUALIFICACIÓNS FISCAIS DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS. ANOS 2008-2017					
ANO	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL GALICIA
2008	6.116	1.389	1.524	5.234	14.263
2009	5.104	1.479	1.510	5.259	13.352
2010	5.678	1.463	1.678	4.943	13.762
2011	5.727	1.631	2.105	5.748	15.211
2012	4.991	1.553	2.150	5.689	14.383
2013	5.141	1.745	2.281	5.414	14.581
2014	4.890	1.640	1.891	5.421	13.842
2015	4.629	1.420	1.692	4.955	12.696
2016	5.741	1.543	1.617	5.022	13.923
2017	5.420	1.475	1.672	4.994	13.561
V.I.	-321 (-5,59%)	-68 (-4,41%)	55 (3,40%)	-28 (-0,56%)	-362 (-2,60%)
% EN GALICIA	39,97%	10,87%	12,33%	36,83%	100%
% EN PROCEDEMENTOS TRAMITADOS EN PROVINCIA (SEN COMPUTAR XDL)	12,72% (de 42.623)	9,47% (de 15.573)	13,89% (de 12.033)	10,39% (de 48.040)	9,92% (de 136.751)
MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2017	5.344	1.534	1.812	5.268	13.957

Análise de datos

1º) *A Coruña*: 5.420, con descenso interanual de -321 (-5,59%) e unha porcentaxe do 39,97% no total de Galicia (13.651), así como do 12,72% dos procedementos tramitados na provincia, sen contabilizar os XDL —en diante, CTPT sen XDL— (42.623). A media anual durante o período 2008-2017 é de 5.344 cualificacións. É a provincia con maiores cifras de cualificacións en termos absolutos e relativos. Distribución de cualificacións nesta provincia, por tipos de procedementos: PA, 3.124; DU, 2.266; SU, 25; e PX, 5.

2º) *Pontevedra*: 4.994, con leve descenso de -28 (-0,56%) e unha porcentaxe de 36,83% no total de Galicia, así como do 10,39% CTPT sen XDL (48.040). No período 2008-2017 a cifra media anual foi de 5.268 cualificacións, similar á provincia da Coruña. Distribución por tipos de procedementos: PA, 2.429; DU, 2.26; SU, 31; e PX, 8.

3º) *Ourense*: 1.672, con leve descenso de -55 (3,40%) e un 12,3% do total de Galicia, así como do 12,33% en CTPT sen XDL (12.033). Ten unha media anual de 1.812 cualificacións no período 2008-2017. Distribución por tipos de procedementos: PA, 847; DU, 814; SU, 9; e PX, 2.

4º) *Lugo*: 1.475, con lixeiro descenso de -68 (-4,41%) e un 10,87% do total de Galicia, así como do 10,87% en CTPT sen XDL (15.573). No período 2008-2017 rexistrou unha media anual de 1.534 cualificacións. Distribución por tipos de procedementos: PA, 942; DU, 523; SU, 7; e PX, 3.

SECCIÓN 1.1.1.5. MEDIDAS CAUTELARES. SOLICITUDES DE PRISIÓN

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA SOLICITUDES DE PRISIÓN E MEDIDAS CAUTELARES. DATOS PROVINCIAIS E DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
PETICIÓN DE PRISIÓN SEN FIANZA	ACORDADA POLO ÓRGANO	205	63	105	149	522	452	70 (15,49%)
	NON ACORDADA	16	4	13	14	47	31	16 (51,61%)
PETICIÓN DE PRISIÓN CON FIANZA	ACORDADA POLO ÓRGANO	1	0	0	2	3	2	1/50%
	NON ACORDADA	2	0	1	1	4	0	4 (100%)
PETICIÓN DE LIBERDADE	ACORDADA POLO ÓRGANO	138	10	8	231	387	357	30 (8,40%)
	NON ACORDADA	15	0	2	8	25	30	-5 (-16,67%)
TOTAL SOLICITUDES DE PRISIÓN	ACORDADAS POLO ÓRGANO	344	73	113	382	912	811	101 (12,45%)
	NON ACORDADAS	33	4	16	23	76	61	15 (24,59%)
	TOTAL SOLICITUDES (ACORDADAS E NON ACORDADAS)	377	77	129	405	988	872	116 (13,30%)

SECCIÓN 1.1.1.6. XUÍZOS

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. XUÍZOS (POR DELITO) CON INTERVENCIÓN FISCAL DATOS PROVINCIAIS E DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
ANTE XULGADOS DE INSTRUCCIÓN EN XUÍZOS DELITOS LEVES (XDL)	CELEBRADOS	2.372	931	1.028	3.224	7.555	7.507	48 (0,64%)
	SUSPENDIDOS	78	321	177	246	822	618	204 (33,01%)
ANTE XULGADOS DO PENAL EN P. ABREVIADOS E D. URXENTES X. RÁPIDO	CELEBRADOS	3.620	903	978	2.495	7.996	7.974	22 (0,27%)
	SUSPENDIDOS	1.809	493	350	794	3.446	3.378	68 (2,01%)
ANTE AUDIENCIA PROVINCIAL EN P. ABREVIADOS, SUMARIOS E P. XURADOS	CELEBRADOS	200	42	36	175	453	391	62 (15,86%)
	SUSPENDIDOS	84	9	3	65	161	146	15 (10,27%)
TOTAL XUÍZOS CELEBRADOS		6.192	1876	2.042	5.894	16.004	15.872	132 (0,83%)
TOTAL XUÍZOS SUSPENDIDOS		1971	823	530	1105	4.429	4.142	287 (6,93%)

2. Análise de datos

■ Datos xerais

Conforme a estatística fiscal, en 2017 a cifra total de xuízos penais (por delito) celebrados coa intervención do MF situouse en 16.004, con lixeiro aumento interanual de 132 (0,83%). Estes datos contrastan cos do ano 2016, no que se rexistrara un elevado incremento de 5.353 (50,89%), dos que case a metade (47,30%) eran o novo XDL, parcial substituto do XF, que absorbían case todo o aumento.

■ Valoración dos datos

De forma semellante ás cualificacións fiscais, segundo quedou exposto, parece que tras as últimas reformas legais (Lei 41/2015 e LO 1/2015), o número de xuízos celebrados coa intervención do MF normalízase e aséntase ao redor de 16.000. Estas reformas supuxeron un gran descenso das incoación e tramitación de procedementos (nomeadamente, DP), coa conseguinte liberación de recursos que permiten aumentar a actividade xudicial e fiscal (particularmente, cualificacións fiscais e asistencia a xuízos).

SECCIÓN 1.1.1.7. SENTENZAS. ESPECIAL REFERENCIA ÁS DOS XULGADOS DO PENAL E DAS AUDIENCIAS PROVINCIAIS


Facemos aquí un repaso dos datos de sentenzas segundo a estatística das fiscalías provinciais de Galicia referida ao ano 2017.

1. Exposición de datos

1.1. Datos xerais de sentenzas (por delito)


ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA SENTENZAS POR DELITO. DATOS TOTAIS DE SENTENZAS POR DELITO PERÍODO 2008-2017				
ANO	TOTAL SENTENZAS	TOTAL SENTENZAS ABSOLUTORIAS	TOTAL SENTENZAS CONDENATORIAS	SENTENZAS CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE
2008	13.544	1.636	11.908	8.607
2009	14.034	1.499	12.535	9.463
2010	13.573	1.621	11.952	8.688
2011	15.065	1.613	13.452	9.609
2012	14.305	1.542	12.763	9.173
2013	13.699	1.540	12.159	8.129
2014	13.797	1.547	12.250	8.998
2015	15.646	2.620	13.026	9.051
2016	20.115	5.009	15.106	9.278
2017	20.798	4.920	15.878	9.560
V.I.	683 (3,39%)	-89 (-1,78%)	772 (5,11%)	282 (3,04%)
% DE SENTENZAS	100%	23,66%	76,34%	45,96%
% EN SENTENZAS CONDENATORIAS			100%	60,21%
% DE PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (136.751)	15,21%	3,60%	100%	6,99%
MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2017	15.458	2.355	13.103	9.056
% EN MEDIAS ANUAIS 2008-2017 PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (249.803)	6,19%	1,97%	5,24%	3,62%

SENTENZAS (POR DELITO) GALICIA 2017 - DATOS TOTAIS




1.2. Datos particulares de sentenzas por provincias

SENTENZAS POR DELITO - GALICIA 2017 DATOS PROVINCIAIS



1.3. Datos particulares de sentenzas por órgano xudicial sentenciador (xulgados de instrución, xulgados do penal e audiencias provinciais)

SENTENZAS POR DELITO - GALICIA 2017 DATOS POR ÓRGANO XUDICIAL SENTENCIADOR



Sentenzas por delito ditadas nos xulgados de instrución

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA SENTENZAS DITADAS POR XULGADOS DE INSTRUCIÓN (1) EN XUIZOS POR DELITOS LEVES (XDL) DATOS PROVINCIAIS E DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
CONDENATORIAS	1.829	273	342	1.334	3.778	3.094	684 (22,11%)
ABSOLUTORIAS	498	579	639	1.645	3.361	3.541	-180 (-5,08%)
TOTAL SENTENZAS	2.327	852	981	2.979	7.139	6.635	504 (7,60%)
% DO TOTAL DE SENTENZAS (20.798)					34,32%		
RECURSOS DO FISCAL	11	11	6	26	54	47	7 (14,89%)

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA SENTENZAS DITADAS POR XULGADOS DE INSTRUCIÓN (2): SENTENZAS POR CONFORMIDADE EN DILIXENCIAS URXENTES DE XUIZO RÁPIDO (DU) DATOS PROVINCIAIS E DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
SENTENZAS POR CONFORMIDADE	1.856	438	684	2.301	5.279	5.132	147 (2,86%)
V.I.	-54 (-2,83%)	-24 (-5,19%)	42 (6,54%)	-87 (-4,11%)	147 (2,86%)		
%	35,16%	8,30%	12,96%	43,59%	100%		
% DAS SENTENZAS CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE (9.560)					55,22%		
% DAS SENTENZAS CONDENATORIAS (15.878)					33,25%		
% DAS SENTENZAS (20.798)					25,38%		
RECURSOS DO FISCAL	0	0	0	9	9	0	9 (100%)

Sentenzas por delito ditadas nos xulgados do penal

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA SENTENZAS DITADAS POR XULGADOS DO PENAL (EN PROCEDEMENTOS ABREVIADOS E XUÍZOS RÁPIDOS, PA E XR) DATOS PROVINCIAIS E DE GALICIA					
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
CONDENATORIAS	CONFORME FISCAL POR CONFORMIDADE	2.037	355	432	1.270
	CONFORME FISCAL SEN CONFORMIDADE	414	115	38	421
	DESCONFORME FISCAL	625	156	237	348
	TOTAL CONDENATORIAS	3.076	626	707	2.039
ABSOLUTORIAS	CONFORME FISCAL	125	21	16	145
	DESCONFORME FISCAL	419	233	262	276
	TOTAL ABSOLUTORIAS	544	254	278	421
TOTAL SENTENZAS (ABSOLUTORIAS E CONDENATORIAS)		3.620	880	985	2.460
V.I.		-186 (-4,89%)	-42 (-4,55%)	56 (6,03%)	145 (6,26%)
%		45,56%	11,08%	12,40%	30,96%
% DAS SENTENZAS (20.798)					
RECURSOS DO FISCAL		74	35	11	35

Continúa abaixo

		GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
CONDENATORIAS	CONFORME FISCAL POR CONFORMIDADE	4.094	3.982	112 (2,81%)
	CONFORME FISCAL SEN CONFORMIDADE	988	916	72 (7,86%)
	DESCONFORME FISCAL	1.366	1.662	-296 (-17,81%)
	TOTAL CONDENATORIAS	6.448	6.560	-112 (-17,07%)
ABSOLUTORIAS	CONFORME FISCAL	307	438	-131 (-29,91%)
	DESCONFORME FISCAL	1.190	974	216 (22,18%)
	TOTAL ABSOLUTORIAS	1.497	1.412	85 (6,02%)
TOTAL SENTENZAS (ABSOLUTORIAS E CONDENATORIAS)		7.945	7.972	-27 (-0,34%)
V.I.		-27(-0,34%)		
%		100%		
% DAS SENTENZAS (20.798)		38,20%		
RECURSOS DO FISCAL		155	242	-87 (-35,95%)

Ven de arriba

Sentenzas por delito ditadas nas audiencias provinciais

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA SENTENZAS POR DELITO DITADAS POLAS AUDIENCIAS PROVINCIAIS (EN P. ABREVIADOS, P. ORDINARIOS – SUMARIOS – E P.XURADO) DATOS PROVINCIAIS E DE GALICIA					
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
CONDENATORIAS	CONFORME FISCAL POR CONFORMIDADE.	80	10	6	91
	CONFORME FISCAL SEN CONFORMIDADE	20	9	0	27
	DESCONFORME FISCAL	59	18	21	32
	TOTAL CONDENATORIAS	159	37	27	150
ABSOLUTORIAS	CONFORME FISCAL	6	0	0	7
	DESCONFORME FISCAL	17	2	9	21
	TOTAL ABSOLUTORIAS	23	2	9	28
TOTAL SENTENZAS (ABSOLUTORIAS E CONDENATORIAS)		182	39	36	178
V.I.		6 (3,41%)	6 (18,18%)	9 (33,33%)	38 (27,14%)
%		41,84%	8,96%	8,27%	40,92%
EN CIFRA TOTAL DE SENTENZAS (20.978)					
RECURSOS DO FISCAL		5	1	2	13

Continua abaixo

		GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
CONDENATORIAS	CONFORME FISCAL POR CONFORMIDADE.	187	164	23 (14,02%)
	CONFORME FISCAL SEN CONFORMIDADE	56	44	12 (27,27%)
	DESCONFORME FISCAL	130	112	18 (16,07%)
	TOTAL CONDENATORIAS	373	320	53 (16,56%)
ABSOLUTORIAS	CONFORME FISCAL	13	12	1 (8,33%)
	DESCONFORME FISCAL	49	44	5 (11,36%)
	TOTAL ABSOLUTORIAS	62	56	6 (10,71%)
TOTAL SENTENZAS (ABSOLUTORIAS E CONDENATORIAS)		435	376	59 (15,69%)
V.I.		59 (15,69%)		
%		100%		
EN CIFRA TOTAL DE SENTENZAS (20.978)		2,07%%		
RECURSOS DO FISCAL		21	13	8 (61,54%)

Vén de arriba

2. Análise de datos

2.1. Datos das sentenzas no período 2008-2017

Nese período o número de sentenzas recollidas na estatística fiscal mostra bastante estabilidade, agás o aumento nos dous últimos anos (pola irrupción do novo XDL). A media anual nese ciclo é de 15.458 sentenzas, cunha porcentaxe do 6,99% na media anual equivalente de procedementos tramitados (249.803). A media de sentenzas absolutórias é de 2.355 (15,23%); 13.103 (84,77%) as condenatorias; e 9.056 (58,58% as condenatorias por conformidade do acusado).

Apréciase un aumento de 7.254 (53,56%), atribuíble á emerxencia das sentenzas dos novos XDL polas reformas legais de 2015. Sen contar os datos dese novo procedemento (7.139 no 2017), a diferenza sería dun leve aumento de 115 (0,85%).

2.2. Datos de sentenzas no ano 2017

■ Datos xerais de sentenzas

Conforme coa estatística fiscal, no 2007 constan 20.798 sentenzas por delito, con lixeiro aumento interanual de 683, equivalente ao 3,39% (28,56% no ano anterior). Isto representa o 15,21% (12,65% no ano anterior) dos procedementos tramitados (136.751), próximo ao equivalente do 11,47% das cualificacións respecto dos procedementos tramitados (sen contabilizar os XDL).

Segundo a mesma fonte fiscal, a *ratio* de delito/sentenza condenatoria sería, en principio, unha insuficiente de 0,88 (menos de 1 delito/sentenza), dado que hai 14.023 delitos asociados a 15.878 sentenzas condenatorias. Porén, como non constan nas estatísticas os delitos asociados a sentenzas condenatorias nos novos XDL (que son 3.778 en 2017), a *ratio* referida resultaría ser unha correcta de 1,16 (14.023 delitos/12.100 sentenzas condenatorias).

■ Valoración dos datos xerais

Igual que o sucedido coas cualificacións fiscais, o apreciable aumento nas sentenzas nos dous anos (sobre todo 2016) é atribuíble á dobre reforma legal do ano 2015 (Lei 41/2015 e LO 1/2015). Reforma que supuxo un gran descenso nas cifras de incoación e tramitación de procedementos (nomeadamente, DP), coa conseguinte liberación de recursos que permiten aumentar a actividade fiscal (particularmente, cualificacións fiscais e asistencia a xuízos), así como coa actividade xudicial (tramitación e resolución de procedementos).

■ Datos particulares de sentenzas por provincias

- *A Coruña*: 7.985, con aumento interanual de 131 (1,67%) e un 38,39% do total de Galicia (20.798).
- *Lugo*: 2.209, con descenso de -112 (4,82%) e un 10,62%.
- *Ourense*: 2.686, con aumento de 39 (1,47%) e un 12,91%.
- *Pontevedra*: 7.918, con aumento de 625 (0,81%) e un 38,08%.

■ Datos particulares de sentenzas polo sentido da resolución (absolutorio / condenatorio)

- *Sentenzas absolutorias*: 4.920, con descenso de -89 (-1,78%), o que supón case ¼ (23,66%) das sentenzas (20.798). Distribución da cantidade total de sentenzas absolutorias (STA)

- STA conforme con fiscal: 320 (307 en Xulgado do Penal —XP— e 13 en Audiencia Provincial —AP—).
- STA desconforme con fiscal: 1.239 (1.190 en XP e 49 en AP).
- STA en XDL: 3.361, con descenso de -180=-5,08% (sen que conste a distinción entre a conformidade ou desconformidade do fiscal).
- *Sentenzas condenatorias*: 15.878, con aumento de 772 (5,11%) e unha porcentaxe de ¾ (76,34%) do total (20.798). Dentro das condenatorias, convén referirse ás dúas modalidades que seguen:
 - *Sentenzas condenatorias por conformidade* do acusado coa acusación fiscal: 9.560 (descoñécense datos en XDL), con leve aumento interanual de 282 (3,04%) e máis da metade (60,21%) das sentenzas condenatorias, así como de preto da metade (45,96%) do total de sentenzas. A maior parte delas corresponden ás 5.279 (o 55,22%) ditadas nas DU no Xulgado de Instrución, que examinamos seguidamente, o resto son 4.094 no XP e 187 na AP. Non constan datos respecto dos XDL.
 - *Sentenzas condenatorias conformes co fiscal, pero sen conformidade do acusado*: 1.044 (aumento de 84=8,75%), das cales 988 son en XP e 56 en AP.
 - *Sentenzas condenatorias desconformes co fiscal*: 1.496 (descenso de -278=-15,67%), distribuídas entre 1.366 en XP e 130 en AP.

■ Distribución xeral da cifra total de sentenzas polo órgano xudicial que as ditou

- *Xulgados de instrución*: 5.132 sentenzas de conformidade en DU e 6.635 en XDL, o que supón 12.418, con aumento de 751 (6,38%) e máis da metade (59,71%) de sentenzas ditadas (20.978). Isto significa que, actualmente, tras a reforma dos procedementos por delito leve (PDL), máis da metade das sentenzas por delito son ditadas nos xulgados de instrución.
- *Xulgados do penal*: 7.945, con descenso de -27 (-0,34%) e un 38,20% na cifra total.
- *Audiencias provinciais*: 435, con aumento de 59 (15,69%) e un 2,09%.

SECCIÓN 1.1.1.8. DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP)

1. DIP no ámbito das Fiscalías provinciais de Galicia. Referencia a dilixencias preprocesuais.


Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA ¹⁶					
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP). DATOS PROVINCIAIS E DE GALICIA					
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	
TOTAL TRAMITADAS	522	176	204	487	
PENDENTES A INICIO DE ANO	91	24	25	75	
REABERTAS	0	0	0	0	
INCOADAS	431	152	179	412	
ORIXE INCOADAS	TESTEMUÑO DE PROCEDEMENTO XUDICIAL	44	10	6	36
	DENUNCIA DE ADMINISTRACIÓN	135	81	36	130
	ATESTADO DE POLICÍA	61	5	87	83
	DE OFICIO	40	2	7	32
	DENUNCIA DE PARTICULARES	141	54	39	130
	OUTROS	10	0	4	1
TERMINADAS (DESTINO)	REMITIDAS A ÓRGANO XUDICIAL	137	84	51	147
	REMITIDAS A UNHA FISCALÍA ¹⁷	0	0	0	0
	ARQUIVADAS	304	155	130	384
	TOTAL TERMINADAS	441	239	181	531
PENDENTES A FIN DE ANO	53	14	23	77	

Continúa na páxina seguinte

		GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
TOTAL TRAMITADAS		1.389	1.401	-12 (-0,86%)
PENDENTES A INICIO DE ANO		215	227	-12 (-5,29%)
REABERTAS		0	0	0 (0%)
INCOADAS		1.174	1.401	-227 (-16,20%)
ORIXE INCOADAS	TESTEMUÑO DE PROCEDEMENTO XUDICIAL	96	77	19 (24,67%)
	DENUNCIA DE ADMINISTRACIÓN	382	405	-23 (-5,68%)
	ATESTADO DE POLICÍA	236	172	64 (37,21%)
	DE OFICIO	81	118	-37 (-31,35%)
	DENUNCIA DE PARTICULARES	364	346	18 (5,20%)
	OUTROS	15	56	-41 (-73,21%)
TERMINADAS (DESTINO)	REMITIDAS A ÓRGANO XUDICIAL	419	477	58 (12,16%)
	REMITIDAS A UNHA FISCALÍA ¹⁷	0	0	0 (0%)
	ARQUIVADAS	973	735	238 (32,38%)
	TOTAL TERMINADAS	1.392	1.212	180 (14,85%)
PENDENTES A FIN DE ANO		167	189	-22 (-11,64%)

DILIXENCIAS INVESTIGACIÓN PENAL
FISCALÍAS PROVINCIAIS GALICIA. ANO 2017



Análise de datos

■ *DIP tramitadas (pendentes, reabertas e incoadas). Referencia a incoadas (orixe)*

Segundo a estatística fiscal referida ao ano 2017 constan 1.389 DIP tramitadas nas fiscalías provinciais de Galicia, con lixeiro descenso interanual de -12 (-0,86%). Distribúense en:

- *Pendientes a inicio do ano*: 215, con descenso de -12 (-5,29%).
- *Reabertas no ano* : 0, sen variación interanual.
- *Incoadas no ano* : 1.174, con descenso interanual de -227 (-16,20%) e unha porcentaxe do 84,52% das tramitadas, e a seguinte distribución provincial:

	Provincia	Cifra incoacións	V.I.	% sobre total (1.174)
1º	A Coruña	431	25 (6,16%)	36,71%
2º	Pontevedra	412	-1 (-0,24%)	35,09%
3º	Ourense	179	21 (13,29%)	15,25%
4º	Lugo	152	45 (22,84%)	12,95%

A orixe da DIP incoadas é a seguinte:

	Tipo de incoación	Cifra incoacións	% sobre total (1.174)
1º	Denuncia da Administración	382	32,54%
2º	Denuncia de particulares	364	31,01%
3º	Atestado policial	236	20,10%
4º	Testemuño de procedemento xudicial	96	8,18%
4º	De oficio	81	6,90%
5º	Outros	15	1,27%

■ *DIP terminadas (destino)*

Foron terminadas no 2017 un total de 1.392, con aumento interanual de 180 (14,85%), e a seguinte distribución:

- *Remitidas ao órgano xudicial*: 419, con aumento de 58 (12,16%), unha porcentaxe do 30,10 das terminadas, e a seguinte distribución provincial: 441 na Coruña, 239 en Lugo, 181 en Ourense e 531 en Pontevedra.
- *Arquivadas*: 973, con aumento de 238 (32,38%), unha porcentaxe do 69,90% das terminadas, e a seguinte distribución provincial: 304 na Coruña, 155 en Lugo, 130 en Ourense e 384 en Pontevedra.
- *DIP pendentes a final de ano*

A final do ano 2017 constan como pendentes un total de 167, con descenso de -22 (-11,64%).

2. DIP no ámbito da Fiscalía da CA de Galicia. Referencia a dilixencias preprocesuais.

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP)			
	2017	2016	V.I.
TOTAL TRAMITADAS	39	44	-5 (-11,36%)
PENDENTES NO INICIO DO ANO	0	1	-1 (-100%)
REABERTAS	0	0	0 (0%)
INCOADAS	39	43	-4 (-9,30%)
ORIXE INCOADAS	TESTEMUÑO DE PROCEDEMENTO XUDICIAL	5	3 2 (66,67%)
	DENUNCIA DA ADMINISTRACIÓN	2	6 -4 (-66,67%)
	ATESTADO DA POLICÍA	0	1 -1 (-100%)
	DE OFICIO	3	2 1 (50%)
	DENUNCIA DE PARTICULARES	29	31 -2 (-6,45%)
	OUTROS	0	0 0 (0%)
TERMINADAS (DESTINO)	REMITIDAS A ÓRGANO XUDICIAL	0	0 0 (0%)
	REMITIDAS A UNHA FISCALÍA	23	26 -3 (-11,54%)
	ARQUIVADAS	14	18 -4 (-22,22%)
	TOTAL TERMINADAS	37	44 -7 (-15,91%)
PENDENTES A FINAL DE ANO	2	0	2 (100%)

DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP) NA FISCALÍA CA DE GALICIA PERSOAS AFORADAS. ANO 2017			
	ANO 2017	ANO 2016	V.I.
TOTAL AFORADOS	8	17	-9 (-52,94%)
CARREIRA XUDICIAL	4	10	-6 (-60%)
CARREIRA FISCAL	2	5	-3 (-60%)
TOTAL AFORADOS CARREIRAS XUDICIAL E FISCAL	6	15	-9 (-60%)
GOBERNO AUTONÓMICO	2	2	0 (0%)
PARLAMENTO AUTONÓMICO	0	0	0 (0%)
OUTROS	0	0	0 (0%)
TOTAL AFORADOS GOBERNO E PARLAMENTO AUTONÓMICO E OUTROS	2	2	0 (0%)

Análise de datos

■ *DIP tramitadas (pendentes, reabertas e incoadas). Referencia a incoadas (orixe)*

Segundo a estatística da Fiscalía da CA de Galicia, en 2017 constan 39 DIP tramitadas, con descenso interanual de -5 (-11,36%), divididas en:

- *Pendientes a inicio do ano*: 0 (-1=-100%).
- *Incoadas no ano (orixe)*: 39, con descenso interanual de -4 (-9,30%). A orixe das DIP incoadas é a seguinte: 29 denuncias de particulares, 5 testemuños de procedemento xudicial, 3 de oficio, 2 denuncias da Administración e 0 atestado policial

■ *DIP terminadas (destino). Foron terminadas 37, con descenso de -7 (-15,91%), coa seguinte distribución:*

- *Remitidas ao órgano xudicial*: 0, sen variación interanual
- *Remitidas a unha fiscalía (inhibición)*: 23, con descenso de -3 (-11,54%) e o 62,16% das terminadas.
- *Arquivadas*: 14, con descenso de -4 (-22,22%) e unha porcentaxe de 37,84%.

■ *DIP pendentes a fin de ano*: 2, con aumento de 2 (100%).

■ Referencia a persoas aforadas en DIP (denunciadas/quereladas):

Nas DIP incoadas en 2017 constan 8 aforados, con descenso interanual de -9 (52,94%), distribuída da seguinte maneira:

- 6 aforados membros da carreira xudicial e fiscal (4 carreira xudicial e 2 fiscal)
- 2 aforados (2 membros do Goberno autonómico).

Referencia a dilixencias preprocesuais (DPP) na Fiscalía da CA de Galicia

Á parte das DIP, cabe facer unha referencia resumida ás DPP. Segundo as fontes propias de Fiscalía (*Fortuny* e arquivos convencionais) constan 32 DPP tramitadas no ano 2017, con incremento interanual de 21 (190,91%), das cales 5 son DPP penais e 27 DPP civís; a maior parte delas terminadas con arquivamento. As notorias variacións nos datos das DPP débense, simplemente, a algúns cambios efectuados no sistema de rexistro, con afán de mellor coordinación, axilidade e eficiencia. Á falta dunha modalidade xenérica de rexistro de expedientes gubernativos (solicitada recentemente á Unidade de Apoio-FXE), rexístranse en *Fortuny* estes expedientes como DPP civís.

SECCIÓN 1.1.1.9. EXECUTORIAS. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO E EFECTIVO CONTROL DA EXECUCIÓN

Conforme a Instrución 1/2010, do 29 de xullo, sobre funcións do MF na fase de execución dos procesos penais, as fiscalías provinciais de Galicia, coas propias singularidades de cada unha, establecerán un sistema de control de executorias, co fin de garantir a “uniformidade de criterio e actuación no curso da tramitación das executorias e o seguimento permanente da súa evolución e das incidencias que se están a producir nesta”.

Estatística fiscal sobre executorias nas fiscalías provinciais

A seguir faise unha breve análise das executorias despachadas e os ditames fiscais emitidos durante o ano 2017 nas fiscalías provinciais de Galicia; non hai constancia (como en anos anteriores) de executoria ningunha na Fiscalía autonómica.

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA EXECUTORIAS. DATOS PROVINCIAIS E DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
ANTE AS AUDIENCIAS PROVINCIAIS	EXECUTORIAS DESPACHADAS	411	125	105	334	975	979	-4 (-0,41%)
	DITAMES EMITIDOS	933	259	221	818	2.231	2.506	-275 (-10,97%)
ANTE OS XULGADOS DO PENAL	EXECUTORIAS DESPACHADAS	5.335	1.839	2.479	6.766	16.419	16.773	-354 (-2,11%)
	DITAMES EMITIDOS	7.445	3.260	5.189	12.950	28.844	29.594	-750 (-2,53%)
EXECUTORIAS DESPACHADAS		5.746	1.964	2.584	7.100	17.394	17.752	-358 (-2,02%)
DITAMES EMITIDOS		8.378	3.519	5.410	13.768	31.075	32.100	-1.025 (-3,91%)

Análise de datos

■ Resumo xeral de executorias e ditames

Consonte coa estatística fiscal, no ano 2017 despacháronse 17.395 executorias, con descenso interanual de -358 (-2,02%); emitíronse 31.075 ditames fiscais en relación con elas, con descenso tamén de -1.025 (-3,91%).

■ Datos particulares relativos a audiencias provinciais

Nas audiencias provinciais despacháronse 975 executorias, con descenso de -4 (-0,41%),

e emitíronse 2.231 ditames fiscais, con descenso de -275 (-10,97%) e unha ratio de 2,29 ditames emitidos por executoria despachada.

■ **Datos particulares relativos aos xulgados do penal**

A cifra total de executorias despachadas no ano foi de 16.419, con descenso de -354 (-2,11%), e emitíronse 28.884 ditames fiscais, con descenso de -750 (-2,53%) e unha ratio de 1,76 ditames emitidos por executoria despachada.

SECCIÓN 1.1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS)

SECCIÓN 1.1.2.1. EXAME XERAL DOS DELITOS (INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS)

SECCIÓN 1.1.2.2. EXAME ESPECIAL DE GRUPOS DE DELITOS

SECCIÓN 1.1.2.3. EXAME ESPECIAL DOS DELITOS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

SECCIÓN 1.1.2.4. EXAME ESPECIAL DOS DELITOS EN DIP DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS E EN MEDIDAS CAUTELARES (PRISIÓN PROVISIONAL)

Tras dedicar a anterior sección 1.1.1 deste capítulo II da memoria ao exame da evolución da criminalidade polos procedementos, corresponde agora, nesta sección 1.1.2, o exame da evolución da criminalidade a través dos delitos asociados aos procedementos ingresados (delitos incoados), ás cualificacións fiscais (delitos cualificados) e ás sentenzas condenatorias (delitos sentenciados).

SECCIÓN 1.1.2.1. EXAME XERAL DOS DELITOS (INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS)

Advertencia previa. Na estatística fiscal non aparecen datos de delitos asociados aos novos xuízos por delito leve (XDL), como xa ocorría co anterior XF; o que se ten en conta para o exame de delitos que segue. (De existiren datos sobre delitos asociados a este novo XDL, habería que engadir unha cifra adicional mínima de 18.482 delitos incoados, 1 delito/procedemento incoado. De xeito similar, cumpriría engadir unha cifra mínima adicional de 3.778 delitos sentenciados, 1 delito/sentenza condenatoria. En todo caso, non cabería achegar datos de delitos cualificados por canto non existe neste procedemento o trámite de cualificación escrita).

Así pois, ao examinarmos os delitos incoados e cualificados consideramos os procedementos tramitados e incoados en Galicia sen computar as correspondentes aos XDL (118.269 e 92.973 en 2017). E, ao falarmos dos delitos sentenciados, poñémolos en relación co número de sentenzas condenatorias, sen contar as ditadas en XDL (12.100).

SECCIÓN 1.1.2.1.1 RESUMO DOS DELITOS

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA DELITOS ASOCIADOS AOS PROCEDEMENTOS XUDICIAIS RESUMO PERÍODO 2008-2017. DATOS DE GALICIA			
ANO	DELITOS INCOADOS	DELITOS CUALIFICADOS	DELITOS SENTENCIADOS
2008	220.564	14.785	14.704
2009	248.891	14.785	16.702
2010	237.800	16.251	15.278
2011	235.699	16.989	15.631
2012	197.797	21.231	15.073
2013	193.341	17.787	13.707
2014	180.612	17.220	13.642
2015	170.767	13.102	13.475
2016	106.327	15.750	13.741
2017	86.370	14.733	14.023
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	-19.957(-18,77%)	-1.017 (-6,46%)	282 (2,05%)
“EVAPORACIÓN” (DIFERENZA CIFRA INCOADOS – CIFRA CUALIFICADOS)	71.637 (-18.940 ==-20,91%), equivalente a 82,94% de cifra de delitos incoados		
TOTAL PERÍODO 2008-2017	1.878.168	162.633	145.976
CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2008-2017	187.817	16.263	14.598
% DELITOS PERÍODO 2008-2017	100%	8,66% respecto media anual incoados	89,76 respecto media anual cualificados


RESUMO DELITOS GALICIA 2017

DELITOS INCOADOS	86.370
DELITOS CUALIFICADOS	14.733
DELITOS SENTENCIADOS	14.023

SECCIÓN 1.1.2.1.2. EXAME DOS DELITOS INCOADOS

1. Datos xerais de delitos incoados no período 2008-2017

EVOLUCIÓN DE DELITOS INCOADOS
GALICIA - PERÍODO 2008 - 2017



No gráfico precedente reflíctese a evolución das cifras de delitos incoados nas provincias de Galicia no mencionado período. A media anual situouse en 187.817, cunha *ratio* de 1,02 en relación coa cifra media anual de procedementos incoados en igual período (184.369), sen contar XDL.

Entre o inicio e o final do período rexistrouse un gran descenso de máis da metade, concretamente -134.194 (-60,84%). O punto álxido do ciclo foi o ano 2009, con 248.891 delitos, a partir de aí a cifra foi diminuindo. Se tomamos como referencia inicial o ano 2009, o descenso acumulado ata 2017 sería de -162.521 delitos, equivalente ao 65,30%.

2. Datos xerais de delitos incoados en 2017

■ Datos xerais

De acordo coa estatística fiscal, no ano 2017 constan 86.370 delitos incoados nas provincias de Galicia (delitos asociados ao conxunto de todos os procedementos xudiciais incoados), cun descenso interanual de -19.957, equivalente a algo menos dun quinto (-18,77%) e unha case correcta *ratio* de 0,93 delitos por procedementos incoados (86.370/92.973 procedementos incoados, sen incluír XDL). Este descenso parece estar en liña co de -12,43% rexistrado na cifra total de procedementos incoados, sen contar XDL (92.973). Se tivéssemos datos de delitos asociados a XDL, habería que engadir unha cifra adicional mínima de 18.482 delitos incoados en 2017 (1 delito/procedemento). Por outra banda, cómpre ter en conta os 23 delitos incoados nos procedementos penais na Sala do Penal do TSX de Galicia, co que o número de delitos incoados na CA sería de 86.393.

En todo caso, como quedou indicado en memorias anteriores, hai que tomar con certa cautela as cifras totais de delitos asociados aos procedementos incoados, dado que poden estar distorsionadas á alza, por influencia de vicisitudes procedimentais como as “transformacións” e as “acumulacións/inhibicións”. Cando se produce unha “transformación” (por ex., unhas DP en XDL ou SU), o mesmo delito “viaxa” do procedemento orixinal ao procedemento de destino (aumento de procedementos sen aumento real de delitos). Outras veces ocorre que hai delitos que están asociados a procedementos incoados que despois son obxecto de acumulación dentro do mesmo órgano xudicial ou de inhibición a outro (así sucedeu no 2017 co 27,43% das DP tramitadas). Nestes casos, algún delito “desaparece” nese proceso de acumulación/inhibición (diminución de procedementos e delitos), sempre que, finalmente, se conclúa acumulando un procedemento a outro xa incoado anteriormente polo mesmo delito.

Así pois, o cómputo da cifra real de delitos non adoita ser coincidente co dos procedementos a que están asociados, dado que un mesmo delito pode “viaxar” a través de varios procedementos. Quizais unha boa maneira de achegarse á cifra real de delitos, polo menos desde a perspectiva fiscal, sería ter en conta só os asociados á incoación inicial dos procedementos de DP e DU, por seren as canles iniciais procedimentais da maioría dos delitos, que, posteriormente, poden ou non ser obxecto dalgunha vicisitude procedimental como as indicadas (transformación ou acumulación/inhibición). Polo que se refire ao ano 2017, este *modus operandi* daríanos unha cifra inferior á de 86.370 mencionada, concretamente 77.061 (suma de 69.013 e 8.048 delitos asociados, respectivamente, á incoación de DP e DU). Este último resultado podería ser máis próximo á realidade, dado que se achega á de 74.174 que ofrece o Portal Estatístico de Criminalidade do Ministerio do Interior.

■ *Valoración dos datos xerais*

O descenso dos delitos incoados no 2017 é inferior ao de 2016 (-18,77% e 37,4%, respectivamente) e parece lóxicamente paralelo ao dos procedementos incoados aos que están asociados. Mantense, aínda que de forma máis atenuada, a tendencia ao descenso que atopa a súa razón na tan citada reforma operada por Lei 41/2015 (supresión da regra xeral de remisión aos órganos xudiciais e fiscais dos atestados policiais sen autor coñecido). Esta reforma afectou moi especialmente ao procedemento de DP e a os delitos incoados relacionados, especialmente os delitos patrimoniais, sobre todo as subtraccións violentas e non violentas, roubos e furtos, nos que se aprecia un enorme descenso, paralelo ao experimentado por SP en DP.

3. Datos particulares de delitos incoados por procedimientos en 2017

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA DELITOS INCOADOS. DATOS PARTICULARES POR PROCEDIMENTOS XUDICIAIS								
	DP	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
DELITOS INCOADOS	69.013	8.048	9.218	67	24	86.370	106.327	-19.957 (-18,77%)
V.I.	-19.031 (-21,61%)	-117 (-1,47%)	-1.024 (9,99%)	-26 (-27,96%)	-7 (-41,18%)	-19.957 (-18,77%)		
%	79,90%	9,32%	10,67%	0,08%	0,03%	100%		
PROCEDEMENTOS INCOADOS	76.179	8.204	8.495	70	25	92.973 (sen XDL)	106.207 (sen XDL)	-13.234 (-12,46%)
RATIO DELITOS INCOADOS/ / PROCEDEMENTOS INCOADOS	0,90	0,98	1,08	0,96	0,96	0,93	1,001	


4. Datos particulares de delitos incoados por provincias en 2017

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA DELITOS INCOADOS. DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
DELITOS INCOADOS	31.976	11.380	9.146	33.868	86.370	106.327	-19.957 (-18,77%)
V.I.	-4.838 (-13,14%)	-1.494 (-11,60%)	-1.913 (-17,30%)	-11.712 (-25,69%)	-19.957 (-18,77%)		
%	37,02%	13,18%	10,59%	39,21%	100%		
PROCEDEMENTOS INCOADOS (SEN XDL)	31.843	11.223	9.429	40.478	92.973 (sen XDL)	106.207 (sen XDL)	-13.234 (-12,46%)
RATIO DELITOS INCOADOS/ PROCEDEMENTOS INCOADOS	1,004	1,014	0,97	0,84%	0,93	1,001	

5. Grupos de delitos incoados máis representativos cuantitativamente en 2017

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA GRUPOS DE DELITOS INCOADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE DATOS DE GALICIA						
ORDE	GRUPO DE DELITOS	2017	%	2016	%	V.I.
	TOTAL	86.370	100%	106.327	100%	-19.957 (-18,77%)
1º	DELITOS DE LESIÓNS	31.915	36,95%	44.338	41,70%	-12.423 (-28,02%)
2º	DELITOS PATRIMONIAIS E SOCIOECONOMICOS (CONTRA O PATRIMONIO E A ORDE SOCIOECONÓMICA)	20.672	23,94%	21.822	20,52%	-1.150 (-5,27%)
3º	DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA	7.163	8,29%	7.154	6,73%	9 (0,12%)
4º	DELITOS CONTRA A LIBERDADE	4.378	5,07%	4.082	3,84%	298 (7,25%)
5º	DELITOS CONTRA A ADMÓN. DE XUSTIZA	3.926	4,55%	3.502	3,29%	424 (12,11%)
6º	DELITOS CONTRA AS RELACIÓNS FAMILIARES	2.070	2,40%	2.148	2,02%	-78 (-3,63%)
7º	DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL (TORTURAS E OUTROS DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL)	1.404	1,63%	1.264	1,19%	140 (11,07%)
8º	DELITOS CONTRA A ORDE PÚBLICA	1.187	1,37%	1.178	1,11%	9 (0,76%)
9º	DELITOS CONTRA A SAÚDE PÚBLICA (RELATIVOS A SUBSTANCIAS NOCIVAS, MEDICAMENTOS, ALIMENTOS E TRÁFICO DE DROGAS)	1.135	1,31%	1.126	1,06%	9 (0,80%)
10º	DELITOS DE FALSIDADE	849	0,98%	947	0,89%	-98 (-10,35%)
	RESTO DOS DELITOS (DEMAIS GRUPOS, INCLUÍDO "DELITOS SEN ESPECIFICAR")	11.671	13,51%	18.766	17,65%	-7.095 (-37,81%)

GRUPOS DELITOS INCOADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE - GALICIA 2017



6. Delitos concretos incoados máis representativos cuantitativamente no 2017


Na seguinte táboa recóllense estes 10 tipos de delitos que no ano 2017 supoñen unha cifra total de 54.554, equivalente a case dous terzos (63,16%) do total de delitos incoados (86.370).

TIPOS DE DELITOS INCOADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE. ANO 2017				
	TIPO DE DELITO	CIFRA	V.I.	% EN CIFRA GLOBAL DELITOS INCOADOS (86.370)
1º	DELITO DE LESIÓNS (SIMPLES)	13.773	-6.146 (-30,85%)	15,95%
2º	DELITO DE LESIÓNS POR IMPRUDENCIA	11.570	-5.986 (-34,09%)	13,39%
3º	DELITO DE LESIÓN E MALOS TRATOS FAMILIAR OCASIONAL	6.228	11 (0,17%)	7,21%
4º	DELITO DE FURTO	4.553	-701 (-13,34%)	5,27%
5º	DELITO DE ESTAFA	4.451	154 (3,58%)	5,15%
6º	DELITO DE CONDUCCIÓN BAIXO O EFECTO DE BEBIDAS ALCOHÓLICAS/ DROGAS	4.365	-36 (-0,81%)	5,05%
7º	DELITO DE ROUBO CON FORZA NAS COUSAS	3.455	-255 (-6,87%)	4,00%
8º	DELITO DE AMEAZAS (NON CONDICIONAIS)	2.306	200 (9,49%)	2,67%
9º	DELITO DE CONDUCCIÓN SEN LICENZA/ PERMISO	2.294	44 (1,95%)	2,66%
10º	DELITO DE APROPIACIÓN INDEBIDA	1.559	-126 (-7,47%)	1,80%
TOTAL		54.554		63,16%

SECCIÓN 1.1.2.1.3. EXAME DOS DELITOS CUALIFICADOS

1. Datos xerais de delitos cualificados no período 2008-2017

EVOLUCIÓN DE DELITOS CUALIFICADOS
GALICIA - PERÍODO 2008 - 2017



No gráfico precedente reflíctese a evolución das cifras de delitos cualificados nas provincias de Galicia no mencionado período. A media anual é de 16.263, cunha coherente ratio de 1,16 delitos cualificados en relación coa media anual de cualificacións fiscais en igual período (13.957).

Entre o inicio e o final do ciclo apenas se aprecia variación, xa que só houbo un aumento do 0,35%, o que contrasta co elevado descenso de máis da metade (-60,84%) que, en igual período, experimentaron os delitos incoados, como quedou explicado.

2. Datos xerais de delitos cualificados en 2017

■ Datos xerais

Consonte a estatística xudicial, ditáronse en 2017 un total de 6.193 sentenzas, con descenso interanual de -1.138 (-15,30%), así como 111 autos definitivos, con descenso de -23 (-17,16%).

SECCIÓN 2. ÁREAS ESPECIALIZADAS

SECCIÓN 2.1. ÁREA DE VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)

SECCIÓN 2.1.1. VIOLENCIA DOMÉSTICA

SECCIÓN 2.1.2. VIOLENCIA DE XÉNERO

SECCIÓN 2.2. ÁREA DE SINISTRALIDADE LABORAL

SECCIÓN 2.3. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO

SECCIÓN 2.4. ÁREA DE ESTRANXEIRÍA

SECCIÓN 2.5. ÁREA DE SEGURIDADE VIARIA

SECCIÓN 2.6. ÁREA DE MENORES

SECCIÓN 2.7. ÁREA DE DELINCUENCIA INFORMÁTICA

SECCIÓN 2.8. ÁREA DE PROTECCIÓN E TUTELA DAS VÍTIMAS NO PROCESO PENAL

SECCIÓN 2.9. ÁREA DE VIXILANCIA PENAL

SECCIÓN 2.1. ÁREA DE VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)

INTRODUCCIÓN: A VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)

Dentro do concepto global de violencia familiar ou intrafamiliar (a que se produce entre membros dunha mesma familia) cómpre considerar dúas clases de violencia:

- *Violencia doméstica.* É todo acto de violencia producida no ámbito familiar, excluída a de xénero ou sobre a muller.
- *Violencia de xénero.* Constitúe a violencia física, psicolóxica ou sexual que o home exerza sobre a muller no ámbito dunha relación de parella ou ex-parella —conxugal ou de feito—, mesmo sen convivencia, e que constitúe manifestación da discriminación, da situación de desigualdade e das relacións de poder dos homes sobre as mulleres (LOVX, Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero).

ÁREA ESPECIALIZADA DE VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)	
FISCALÍA	FISCAL/A DELEGADO/A, DE ENLACE OU ENCARGADO/A
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D. FERNANDO QUIROGA MARTÍNEZ (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado en Fiscalía Provincial —FP— da Coruña). Ten categoría de FISCAL DECANO.
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	Dª AUREA MARTÍNEZ DE LA FUENTE (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada en FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	D. JULIÁN PARDINAS SANZ (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado en FP de Ourense)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	Dª ROSALINA CARRERA COTADO, FISCALA DELEGADA PROVINCIAL de Pontevedra e actual FISCALA DELEGADA AUTONÓMICA na materia
FISCAIS DE ENLACE/ENCARGADOS	PONTEVEDRA: D. ALBERTO VALLE PAVÓN (FISCAL DE ENLACE, destinado en Sección Territorial —ST— de Cambados) SANTIAGO: Dª PILAR FERNÁNDEZ PÉREZ (FISCALA DE ENLACE, destinada na referida Fiscalía)

SECCIÓN 2.1.1. VIOLENCIA DOMÉSTICA

De forma sintetizada recóllense nas seguintes táboas os datos e información estatística en materia de violencia doméstica (VD), a partir dos datos contidos nas estatísticas anuais relativas ao ano 2017 das fiscalías provinciais de Galicia.

1. Procedementos incoados

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. VIOLENCIA DOMÉSTICA PROCEDEMENTOS INCOADOS. DATOS TOTAIS DE GALICIA				
TIPO PROCEDEMENTO	ANO 2017	ANO 2016	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	% 2017
XUÍZOS RÁPIDOS. DILIXENCIAS URXENTES- (DU)	106	113	-7 (-6,19%)	8,21%
DILIXENCIAS PREVIAS DE PA (DP)	965	920	45 (4,89%)	74,75%
PROCEDEMENTO ABREVIADO (PA)	216	213	3 (1,41%)	16,73%
SUMARIO (SU)	0	2	-2 (-100%)	
PROCEDEMENTO ORDINARIO (PO)	2	2	0 (0%)	
PROCED. XURADO INSTRUCIÓN (PXI)	2	0	2 (100%)	
0%PROCED. XURADO AUDIENCIA (PXA)	0	0	0 (0%)	
TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS	1.291	1.250	41 (3,28%)	100%

2. Delitos asociados aos procedementos (delitos incoados, cualificados e sentenciados)

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. VIOLENCIA DOMÉSTICA NATUREZA DA INFRACCIÓN PENAL (DELITOS E FALTAS). DATOS DE GALICIA				
DELITOS	INCOADOS	CUALIFICADOS	SENTENZAS	
			CONDENATORIAS	CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE
ASASINATO CONSUMADO	0	0	1	0
ASASINATO INTENTADO	0	1	0	0
HOMICIDIO CONSUMADO	0	0	0	0
HOMICIDIO INTENTADO	0	0	0	0
LESIÓNS	102	47	22	16
MALOS TRATOS OCASIONAIS ART. 153.1 CP	664	222	58	48
MALOS TRATOS HABITUAIS 173.2 CP	198	45	21	12
ACOSO FAMILIAR 172 TER CP	2	0	0	0
DETENCIÓN ILEGAL	0	3	0	0
AMEAZAS 171.4 CP	16	8	12	6
COACCIÓNS 172.2 CP	14	4	3	1
CONTRA A INTEGRIDADE MORAL 173.1 CP	1	0	0	0
VIOLACIÓN	0	0	0	0
ABUSOS SEXUAIS	2	2	0	0
OUTRA AGRESIÓN SEXUAL	1	0	0	0
VIOLACIÓN DE DOMICILIO	1	1	0	0
QUEBRANTAMENTO DE MEDIDA CAUTELAR/CONDENA	52	39	12	22
FALTA DE PAGAMENTO DE PENSIÓNS	2	6	0	0
DESCUBRIMENTO OU REVELACIÓN DE SEGREDOS ART. 197.1 CP	0	0	0	0
TOTAL DELITOS 2017	1.055	378	129	105
TOTAL DELITOS 2016	930	375	133	78
V.I.	125 (13,44%)	3 (0,79%)	-4 (-3,01%)	27 (34,61%)

DELITOS LEVES	INCOADOS	SENTENZAS	
		CONDENATORIAS	CONDENATORIAS CONFORMIDADE
AMEAZAS 171 CP	20	0	0
COACCIÓNS 172 CP	9	0	0
OUTROS	1	0	0
TOTAL DELITOS LEVES 2017	30	0	0
TOTAL DELITOS LEVES 2016	2	0	0
V.I.	28	0 (0%)	0 (0%)

3. Cualificacións fiscais

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. VIOLENCIA DOMÉSTICA DATOS TOTAIS DE GALICIA. CUALIFICACIÓNS FISCAIS	
ANO 2017	433
ANO 2016	415
V.I.	18 (4,34%)

4. Sentenzas

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA VIOLENCIA DOMÉSTICA. DATOS DE GALICIA. SENTENZAS	
TOTAL SENTENZAS (CONDENATORIAS + ABSOLUTORIAS)	
ANO 2017	231
ANO 2016	195
V.I.	36 (18,46%)
SENTENZAS CONDENATORIAS	
ANO 2017	89
ANO 2016	71
V.I.	-2 (-2,82%)
SENTENZAS CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE	
ANO 2017	90
ANO 2016	87
V.I.	3 (3,45%)
SENTENZAS ABSOLUTORIAS	
ANO 2017	142
ANO 2016	124
V.I.	18 (14,52%)

5. Parentesco da vítima co agresor

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. VIOLENCIA DOMÉSTICA PARENTESCO DA VÍTIMA CO AGRESOR. DATOS DE GALICIA				
	2017	2016	V.I.	% 2017
CÓNXUXE	49	45		4,60%
EX-CÓNXUXE	28	25		2,63%
PARELLA DE FEITO	43	45		4,03%
EX-PARELLA DE FEITO	36	48		3,78%
FILLOS	437	394		40,99%
PROXENITORES	209	226		19,61%
NETOS E OUTROS DESCENDENTES	117	124		10,98%
AVÓS E OUTROS ASCENDENTES	10	13		0,94%
PERSOA VULNERABLE QUE CONVIVA CO AGRESOR	1	2		0,09%
OUTROS PARENTES	136	111		12,76%
TOTAL	1.066	1.033	33 (3,19%)	100%

6. Medidas cautelares. Ordes de protección

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. VIOLENCIA DOMÉSTICA MEDIDAS CAUTELARES. ORDES DE PROTECCIÓN. DATOS DE GALICIA				
	ANO 2017	ANO 2016	V.I.	% 2017
PRISIÓN PROVISIONAL (ART. 503 LACRIM)	16	11	5 (45,45%)	19,51%
ORDE DE AFASTAMENTO, ART. 544 bis LACRIM)	66	60	6 (10%)	80,49%
TOTAL MEDIDAS CAUTELARES	82	71	11 (15,49%)	100%
ORDENES DE PROTECCIÓN. OP (ART. 544 TER LACRIM)				
INCOADAS (SOLICITADAS)	104	88	16 (18,18%)	100%
ADOPTADAS	65	61	4 (6,56%)	62,50%
ADOPTADAS SÓ CON MEDIDAS PENAIS	62	57	5 (8,77%)	59,61%
ADOPTADAS CON MEDIDAS CIVÍS E PENAIS	2	3	-1 (-33,33%)	
ADOPTADAS SÓ CON MEDIDAS CIVÍS	1	1	0 (0%)	
DENEGADAS	31	28	3 (10,71%)	

SECCIÓN 2.1.2. VIOLENCIA DE XÉNERO

1. ESTATÍSTICA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

1.1. Poboación feminina e denuncias

1.2. Datos xerais de mulleres vítimas

1.4. Procedementos incoados

1.5. Cualificacións fiscais

1.6. Sentenzas

1.7. Delitos asociados aos procedementos (delitos incoados, cualificados e sentenciados)

1.8. Parentesco entre vítima e agresor

1.9. Medidas cautelares. Ordes de protección

1.10. Uso de dispositivos electrónicos

2. TEMAS E CUESTIÓNS VARIAS DE INTERESE

2.1. Nomeamento nova Fiscalía Delegada autonómica en VX

2.2. Actuacións preventivas en materia de VX: Sistema Viogén

2.3. Colaboración coa Xunta de Galicia: Observatorio Galego de VX e Protocolo de coordinación institucional

1 ESTATÍSTICA DE VIOLENCIA DE XÉNERO


Nesta estatística fiscal de violencia de xénero realízase un exame sintético e analítico dos datos propios das estatísticas anuais de 2017 das fiscalías provinciais de Galicia. A fonte principal son as estatísticas fiscais provinciais. Só nalgúns casos concretos utilízanse tamén, como fontes complementarias ou aclaratorias, outras fontes xudiciais ou administrativas, en cuxo suposto así se indica.

1.1. Poboación feminina e denuncias

Datos do período 2008-2017

Os datos de Galicia e do conxunto de España durante ese período son os reflectidos no seguinte gráfico de elaboración propia a partir da estatística xudicial (CXPX e PNX). A media en Galicia é de 5.495 denuncias anuais, cunha porcentaxe do 4,03% na correlativa cifra estatal (136.430). Entre o inicio e o final do período apréciase un lixeiro aumento de 477 (7,41%) en Galicia, e de 24.135 (16,98%) no conxunto de España.

VIOLENCIA DE XÉNERO. GALICIA E ESPAÑA ANOS 2008 A 2017
EVOLUCIÓN DE DENUNCIAS INTERPOSTAS



Datos do ano 2017

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. VIOLENCIA DE XÉNERO. DATOS GLOBAIS DE GALICIA POBOACIÓN FEMININA, DENUNCIAS E RENUNCIAS FORMULADAS (DATOS DE ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE DATOS DE ESTADÍSTICA XUDICIAL E ADMINISTRATIVA)				
	GALICIA	ESPAÑA	PORCENTAXE	% DATOS GALICIA EN TOTAL ESPAÑA
POBOACIÓN FEMININA	1.403.947 (96,85% ESPAÑOLAS; 3,15% ESTRANXEIRAS)	23.739.271	100%	5,91%
DENUNCIAS FORMULADAS	6.436 (780=13,72%)	166.260 (23.367=16,35%)	100%	3,87%
RATIO DE DENUNCIAS/ 10.000 MULLERES	45,84	70,04		
RENUNCIAS Á CONTINUACIÓN DO PROCESO	402 (88=28,02%)	16.464 (346=2,15%)	100%	2,44%
RATIO DE RENUNCIAS/ DENUNCIAS	6,25%	9,90%		

Análise de datos

- *Poboación feminina*: 1.403.947 mulleres en Galicia, con descenso interanual de -4.769 (0,34%) e un 5,91% na cifra equivalente de toda España (23.739.271) e algo máis da metade (51,84%) da poboación de Galicia (2.708.339). O 96,85% son de nacionalidade española e estranxeira o 3,15%.
- *Denuncias*: 6.436 denuncias en Galicia, con apreciable aumento interanual de 780 (13,72%) e un 3,87% no total estatal (166.220).
- *Renuncias á continuación do proceso*: 402, con aumento de 88 (28,02%) e un 2,44% na cifra total de España (16.464). A ratio galega de denuncias/renuncias foi de 6,25%, inferior á media estatal (9,90%).

1.2. Datos xerais de mulleres vítimas

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. VIOLENCIA DE XÉNERO. DATOS DE GALICIA					
NÚMERO DE MULLERES (E MENORES) VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO (DATOS DE ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE DATOS DE ESTATÍSTICA XUDICIAL E ADMINISTRATIVA)					
	GALICIA	PORCENTAXE	ESPAÑA	%	% DATOS GALICIA EN DATOS ESPAÑA
TOTAL MULLERES VÍTIMAS	6.001 (+897=+7,57%)	100%	158.217 (+23.755=+17,67%)	100%	3,79%
DE NACIONALIDADE ESPAÑOLA	5.036 (+653=+14,90%)	83,92%	110.107 (+15813=+16,78%)	69,59%	4,57%
DE NACIONALIDADE ESTRANXEIRA	965 (+244=+33,84%)	16,08%	48.110 (+7.942=+19,77%)	30,41%	2,01%%
MULLERES FALECIDAS	2 (-1=-33,33%)		51 (+7=+15,91%)	100%	3,92%
MENORES FALECIDOS	1 (+1=100%)		8 (+7)		12,50%

Análise de datos

De acordo coa estatística xudicial (CXPX e PNX) houbo en Galicia durante 2017 un total de 6.001 mulleres vítimas de violencia de xénero (mulleres vítimas nas denuncias formuladas), con incremento interanual de 897 (7,75%) e unha porcentaxe do 3,79% na cifra equivalente total de España (158.217). A distribución por nacionalidade é a seguinte: 5.036, española, con aumento interanual de 653 (14,90%) e un 83,92% no total, e 965 estranxeiras, con incremento de 244 (33,84%) e unha porcentaxe do 16,08%.


1.3. Datos particulares de mulleres mortas por violencia de xénero (homicidio/asasinato). Menores falecidos

Especial mención debe facerse á cifra concreta de mulleres falecidas por violencia de xénero, como expresión máis trágica deste grave fenómeno delituoso. Contrastando as distintas fontes (fiscais, xudiciais e administrativas), realízase a seguinte exposición e análise de datos.

Exposición de datos

VIOLENCIA DE XÉNERO. PERÍODO ANOS 2008 A 2017. DATOS DE GALICIA E ESPAÑA MULLERES MORTAS A MANS DA SÚA PARELLA OU EX-PARELLA . MENORES FALECIDOS POR VIOLENCIA DE XÉNERO DATOS DE ELABORACIÓN PROPIA (A PARTIR DO INFORME 2017 DE VIOLENCIA DE XÉNERO DA SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DE XUNTA DE GALICIA E DE INFORMES 2017 DA DELEGACIÓN DO GOBERNO PARA A VIOLENCIA DE XÉNERO (SECRETARÍA DE ESTADODE SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE DO MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE)												
ANO	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	V.I.	%
MULLERES MORTAS EN GALICIA POR VX	7	3	2	3	4	3	6	8	3	2	-1 (-33,33%)	3,92%
MULLERES MORTAS EN ESPAÑA POR VX	76	56	73	62	52	54	54	60	44	51	7 (15,91%)	100%
MENORES FALECIDOS POR VX EN GALICIA									1	8	+7	100%
MENORES FALECIDOS POR VX EN ESPAÑA									0	1	+1 (+100%)	12,50%

VIOLENCIA DE XÉNERO - GALICIA E ESPAÑA ANOS 2008 A 2017 EVOLUCIÓN DE CIFRA DE MULLERES MORTAS



Análise de datos

■ Datos totais do período 2008 a 2017

Ao longo deste período constan as cifras oficiais arriba expresadas de mulleres falecidas por violencia de xénero, cunha media anual de 4,10 mortes en Galicia e de 58,20 no conxunto de toda España. Entre o inicio e o final do período obsérvase en Galicia un descenso de -5 (71,43%), así como de -25 (-32,89%) no ámbito estatal.

■ Datos do ano 2017

Segundo as fontes oficiais que manexamos, neste ano constan 2 mulleres falecidas por violencia de xénero, con descenso interanual de 1 (-33,33%) e unha porcentaxe do 3,92% na cifra estatal, que foi de 51, con aumento de 7 (15,91%). O número de 8 vítimas mortais no ano 2015 fora o máis alto desde 1999, pero no 2016 reduciuse sobre dous terzos. En todo caso as 2 vítimas de Galicia en 2017 están por baixo da media estatal das dezasete CC.AA. e as dúas cidades autónomas (2,68).

Conforme coa nova normativa, tamén se computa como vítima de violencia de xénero un menor en Galicia en 2017, con aumento de 1(100%), o que supón un 12,50% na cifra estatal equivalente (8).

1.4. Procedementos incoados

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. VIOLENCIA DE XÉNERO DATOS DE GALICIA. PROCEDEMENTOS INCOADOS (POR DELITO)					
TIPO PROCEDEMENTO	ANO 2017	ANO 2016	VARIACIÓN INTERANUAL	% 2017	% EN CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS
DILIXENCIAS URXENTES (DU)	8.979	1.849	130 (7,03%)	26,20%	
XUÍZOS RÁPIDOS (XR)	322	396	-74 (-18,69%)	4,26%	
DILIXENCIAS PREVIAS EN XULGADO INSTRUCCIÓN (DP)	4.145	3.740	405 (1,08%)	54,87%	
PROCEDEMENTO ABREVIADO EN XULGADO PENAL (PA)	1.084	786	298 (37,91%)	14,35%	
SUMARIOS EN XULGADO INSTRUCCIÓN (SU)	6	14			
PROCEDEMENTO ORDINARIO (PO) EN AUDIENCIA PROVINCIAL	12	12			
PROCEDEMENTO DO XURADO EN XULGADO INSTRUCCIÓN (PXI)	1	3			
PROCEDEMENTO DO XURADO EN AUDIENCIA PROVINCIAL (PXA)	5	5			
TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS	7.554	6.805	749 (11,01%)	100%	6,78% (DE 111.455, TOTAL GALICIA DE PROCEDEMENTOS INCOADOS)

1.5. Cualificacións fiscais

Exposición de datos


ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. VIOLENCIA DE XÉNERO. DATOS DE GALICIA. CUALIFICACIÓNS FISCAIS			
	ANO 2017	ANO 2016	V.I.
CUALIFICACIÓNS FISCAIS FORMULADAS	2.371	1.989	382 (19,20%)
% RESPECTO DE CIFRA TOTAL DE CUALIFICACIÓNS EN GALICIA	17,48% (RESPECTO DE 13.561)	14,28% (RESPECTO DE 13.923)	
% CIFRA PROCEDEMENTOS INCOADOS EN VIOLENCIA XÉNERO	31,39% (RESPECTO DE 7.554)	29,23% (RESPECTO DE 6.805)	

Análise de datos

Segundo a estatística fiscal de 2017 figuran 2.371 cualificacións fiscais efectuadas en materia de violencia de xénero, cun aumento interanual de 382 (19,20%), así como unha apreciable porcentaxe do 17,48% respecto do total de cualificacións en Galicia no mesmo ano (13.561): 1,75 de cada 10 cualificacións fiscais en Galicia en 2017 fórono por violencia de xénero. A distribución das cualificacións por provincias é a seguinte: A Coruña, 969 (40,87%); Lugo, 318 (13,41%); Ourense, 310 (13,07%); e Pontevedra, 774 (32,64%).

Ratio das cualificacións (2.371) respecto dos procedementos incoados (7.554). Esta *ratio* equivale en 2017 a 31,39%: 3,14 de cada 10 procedementos incoados sobre violencia de xénero terminan sendo obxecto de cualificación fiscal, superior á *ratio* media xeral de 1,15% (cualificacións/procedementos tramitados).

ESTADÍSTICA FISCAL 2017. VIOLENCIA DE XÉNERO CUALIFICACIÓNS. DATOS PROVINCIAIS DE GALICIA



1.6. Sentenzas

ESTADÍSTICA 2017. FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. VIOLENCIA DE XÉNERO. DATOS GLOBAIS GALICIA - SENTENZAS			
	ANO 2017	ANO 2016	VARIACIÓN INTERANUAL
TOTAL SENTENZAS (CONDENATORIAS + ABSOLUTORIAS)	1.485	1.207	278 (0,23%)
SENTENZAS CONDENATORIAS	1.059	826	233 (28,21%)
SENTENZAS CONDENATORIAS SEN CONFORMIDADE	463	330	133 (40,30%)
SENTENZAS CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE	596	496	100 (20,16%)
SENTENZAS ABSOLUTORIAS	426	381	45 (11,81%)

1.7. Delitos asociados aos procedementos xudiciais (delitos incoados, cualificados e sentenciados)

Resumo xeral dos delitos

Resumo xeral de delitos (incoados, cualificados e sentenciados)

■ *Delitos incoados*: 6.075, con aumento interanual de 2.338 (64,77%) e lixeira porcentaxe do 7,03% dos delitos incoados nas provincias de Galicia (86.370). Este dato, tomado das estatísticas fiscais provinciais, non resulta enteramente coherente coa cifra de procedementos incoados (7.554), porque amosa unha exiguua *ratio* de 0,80 delitos por procedemento (a coherencia esixe, polo menos, 1 delito/procedemento). Posiblemente a explicación se atope en que se asocian ao procedemento inicial (DU ou DP) e non ao procedemento posterior do asunto (PA, SU, PX). W A estatística xudicial (PNX) ofrece uns datos que parecen máis completos e coherentes: 6.371 delitos, con aumento interanual de 688 (12,10%), cifra moi cercana ás 6.436 denuncias que constan no ano 2017.

■ *Delitos cualificados*: 2.032, con incremento de 364 (21,82%) e un 33,45% na cifra equivalente de delitos incoados (6.075), así como dun apreciable 13,79% da cifra total de delitos cualificados (14.733). Este dato, tomado tamén das estatísticas fiscais provinciais, resulta incompleto e non parece coherente coa cifra de cualificacións formuladas (2.371), porque amosa unha exiguua *ratio* de 0,86 delitos por cualificación (a coherencia esixe, polo menos, 1 delito/cualificación).

■ *Delitos sentenciados*: 1.386 delitos, con aumento de 263 (23,42%) que representan un apreciable 9,88% dos delitos sentenciados (14.023). Algo máis da metade (7,86%) son delitos asociados a sentenzas condenatorias por conformidade.

Resumo particular dos delitos máis representativos cuantitativamente

VIOLENCIA DE XÉNERO ANO 2017				
DELITOS INCOADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE				
	TIPO DE DELITO	CIFRA	V.I.	%
1º	MALOS TRATOS OCASIONAIS	3.864		63,60%
2º	MALOS TRATOS HABITUAIS	746		12,28%
3º	QUEBRANTAMENTO MEDIDA CAUTELAR	494		8,13%
4º	AMEAZAS	251		4,13%
5º	FALTA DE PAGAMENTO DE PENSIÓNS	182		2,99%
6º	QUEBRANTAMENTO CONDENA	172		2,83%
7º	LESIÓNS	125		2,05%
SUBTOTAL		5.834		96,03%
	RESTO DELITOS	241		3,97%
TOTAL		6.075	2.338 (64,77%)	100%

VIOLENCIA DE XÉNERO ANO 2017				
DELITOS CUALIFICADOS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE				
	TIPO DE DELITO	CIFRA	V.I.	%
1º	MALOS TRATOS OCASIONAIS	943		46,41%
2º	QUEBRANTAMENTO MEDIDA CAUTELAR	346		17,03%
3º	MALOS TRATOS HABITUAIS	174		8,56%
4º	AMEAZAS	164		8,07%
5º	LESIÓNS	135		6,64%
6º	QUEBRANTAMENTO CONDENA	107		5,26%
7º	FALTA DE PAGAMENTO DE PENSIÓNS	73		3,59%
8º	COACCIÓNS	56		2,75%
SUBTOTAL		1.998		98,33%
	RESTO DELITOS	34		1,67%
TOTAL		2.032	364 (21,82%)	100%

VIOLENCIA DE XÉNERO ANO 2017				
DELITOS SENTENCIADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE				
	TIPO DE DELITO	CIFRA	V.I.	%
1º	MALOS TRATOS OCASIONAIS	609		43,94%
2º	QUEBRANTAMENTO MEDIDA CAUTELAR	179		12,91%
3º	MALOS TRATOS HABITUAIS	160		11,54%
4º	AMEAZAS	145		10,46%
5º	LESIÓNS	86		6,20%
6º	FALTA DE PAGAMENTO DE PENSIÓNS	77		5,55%
7º	COACCIÓNS	43		3,17%
8º	QUEBRANTAMENTO CONDENA	57		4,11%
SUBTOTAL		1.356		97,83%
	RESTO DELITOS	30		2,17%
TOTAL		1.386	263 (23,42%)	100%

Exame detallado

ESTADÍSTICA 2017. FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. VIOLENCIA DE XÉNERO. DATOS DE GALICIA NATUREZA DA INFRACCIÓN PENAL				
DELITOS	DELITOS INCOADOS	DELITOS CUALIFICADOS	DELITOS SENTENCIADOS	
			DELITOS ASOCIADOS A SENTENZAS CONDENATORIAS	DELITOS ASOCIADOS A SENTENZAS CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE
ASASINATO CONSUMADO	1	3	1	0
ASASINATO INTENTADO	0	0	2	0
HOMICIDIO CONSUMADO	2	1	0	0
HOMICIDIO INTENTADO	4	2	1	0
LESIÓNS	125	135	44	42
MALOS TRATOS OCASIONAIS ART. 153.1 CP	3.864	943	254	355
MALOS TRATOS HABITUAIS 173.2 C.P.	746	174	79	81
ACOSO FAMILIAR ART. 172 TER CP	121	20	10	8
DETENCIÓN ILEGAL	3	3	2	1
AMEAZAS 171.4 CP	251	164	50	95
COACCIÓNS 172.2 CP	102	56	18	25
CONTRA A INTEGRIDADE MORAL 173.1 CP	0	0	2	1
VIOLACIÓN	1	0	0	0
ABUSOS SEXUAIS	2	0	0	0
OUTRA AGRESIÓN SEXUAL	5	3	0	0
VIOLACIÓN DE MORADA	0	2	2	0
QUEBRANTAMENTO DE MEDIDA CAUTELAR	494	346	83	96
QUEBRANTAMENTO DE CONDENA	172	107	15	42
FALTA DE PAGAMENTO DE PENSIÓNS	182	73	21	56
DESCUBRIMENTO OU REVELACIÓN DE SEGREDOS ART. 197.1 CP	0	0	0	0
TOTAL DELITOS 2017	6.075	2.032	584	802
TOTAL DELITOS 2016	3.687	1.668	486	637
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	2.388 (64,77%)	364 (21,82%)	-98 (-20,16%)	-165 (25,90%)

Continúa na páxina seguinte

Ven da páxina anterior

DELITOS LEVES	INCOADOS	SENTENZAS	
		CONDENATORIAS	CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE
AMEAZAS 171 CP	2	1	0
COACCIÓNS 172 CP	0	0	0
OUTROS	22	0	1
TOTAL DELITOS LEVES 2017	24	1	1
TOTAL DELITOS LEVES 2016	7	0	0
V.I.	17	1	0


1.8. Parentesco da vítima co agresor

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. VIOLENCIA DE XÉNERO. DATOS TOTAIS DE GALICIA PARENTESCO DA VÍTIMA CO AGRESOR				
	ANO 2017	ANO 2016	VARIACIÓN INTERANUAL	%
CÓNXUXE	978	908	70 (7,71%)	20,88%
EX-CÓNXUXE	483	484	-1 (-0,21%)	10,31%
PARELLA DE FEITO	1.120	1.065	55 (5,16%)	23,92%
EX-PARELLA DE FEITO	1.364	1.322	42 (3,18%)	29,13%
NOIVADO	738	651	87 (13,36%)	15,76%
TOTAL	4.683	4.430	253 (5,71%)	100%


1.9. Medidas cautelares. Ordes de protección

ESTADÍSTICA 2017. FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. VIOLENCIA DE XÉNERO. DATOS DE GALICIA ORDES DE PROTECCIÓN (OP) E MEDIDAS CAUTELARES (MC)- DATOS XERAIS TÁBOA DE ELABORACIÓN PROPIA. FONTES UTILIZADAS: ESTADÍSTICA XUDICIAL –PNX–						
	GALICIA	%	ESPAÑA	%	% GALICIA EN DATOS ESPAÑA	COCIENTE OP-MC /DENUNCIAS FORMULADAS (6.436 DENUNCIAS EN GALICIA E 166.260 EN ESPAÑA)
OP INCOADAS (SOLICITADAS)	1.928 (235=13,80%)	100%	38.051 (95=0,25%)	100%	5,07%	29,96% EN GALICIA e 22,89% EN ESPAÑA
OP INADMITIDAS	13 (-2=-13,30%)	0,67%	802 (-370=-32,03%)	2,11%	1,62%	
OP ADOPTADAS	1.284 (150=13,23%)	66,60%	26.044 (1.677=6,88%)	68,44%	4,93%	
OP DENEGADAS	631 (87=15,99%)	37,73%	11.645 (-764=-6,16%)	30,60%	5,42	

EVOLUCIÓN DE ORDES DE PROTECCIÓN POR VIOLENCIA DE XÉNERO GALICIA E ESPAÑA. ANOS 2008 A 2017



ESTADÍSTICA XUDICIAL 2017. VIOLENCIA DE XÉNERO ORDES DE PROTECCIÓN E MEDIDAS CAUTELARES SOLICITADAS DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA



2. TEMAS E CUESTIÓNS VARIAS DE INTERESE

2.1. Nomeamento da nova fiscalía delegada autonómica en materia de violencia de xénero

Segundo o xa explicado no capítulo I (sección 2, § 3), por decreto do 02.01.2017 (ditado no expte. gubernativo 596/2017), o fiscal xeral do Estado acordou o nomeamento como fiscalía delegada autonómica nesta materia de D.^a Rosalina Carreira Cotado, fiscalía delegada provincial de Pontevedra.

2.2. Actuacións preventivas en materia de violencia de xénero: Sistema VioGén.

■ Consideracións preliminares. Sistema VioGén e valoración policial de risco en violencia de xénero.

O Sistema de Seguimento Integral nos casos de violencia de xénero (Sistema VioGén), da Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior, púxose en funcionamento o 26 de xullo do 2007, en cumprimento do establecido na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Como se afirmou desde a Secretaría de Estado de Seguridade (Ministerio do Interior), VioGén constitúe *un sistema que permite afrontar a loita contra a violencia de xénero desde un enfoque preventivo e anticipativo*. Mediante o uso compartido dos recursos e a xestión eficiente das fontes de información búscase unha resposta máis global, integral e coherente ²⁰.

En canto á normativa actual sobre valoración policial do risco en materia de violencia de xénero, cómpre ter en conta a Instrución 7/2016, do 8 de xullo, da Secretaría de Estado de Seguridade (Ministerio do Interior), pola que se estableceu un novo protocolo para a valoración policial do nivel de risco de violencia de xénero (Lei orgánica 1/2004) e de xestión da seguridade das vítimas ²¹.

■ Datos estatísticos do sistema VioGén (sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero) ²².

Informe VioGén a día 31.12.2017 de datos referidos a Galicia

(Datos de elaboración propia a partir dos datos da estatística web do Ministerio do Interior: <http://www.interior.gob.es/web/servicios-á-cidadán/violencia-contra-a-muller/estadisticas>)

Os datos expostos inicialmente son ata esa data, por se tratar dunha Memoria referida ao ano 2017.

Desde a posta en funcionamento de VioGén (xullo de 2007), o total de casos rexistrados en toda España é de 485.439, con 398.536 vítimas asociadas (cantidade á que poderían engadirse os dos Mossos d'Esquadra enviados automaticamente desde Cataluña). En canto a Galicia o total é de 25.198 casos (5,19% da cifra estatal), con 23.422 vítimas asociadas (5,88% da cifra estatal). Constan 22.048 casos como inactivos (o 87,50% do total) e só 3.150 como activos (15,50%), deses 3.150 casos activos, a maior parte son casos con “risco non apreciado”, concretamente, 1.485 (47,14%). O resto, 1.665 (52,86%), son casos de “risco apreciado”, distribuídos entre 1.381 con risco baixo, 263 con risco medio, 19 con risco alto e 2 con risco extremo. Ademais, cómpre dicir que desde o 17.08.2016 hai en Galicia 4.329 Plans de Seguimento Personalizado (PSP), equivalente ao 5,67% da cifra estatal correspondente (76.395).

Ata o día 30.03.2017, os datos do Sistema Viogén referidos a Galicia son os seguintes: A cifra estatal de casos rexistrados é de 450.719, con 418.666 vítimas asociadas (cantidade á que poderían engadirse os 46.082 casos de Mossos d'Esquadra enviados automaticamente desde Cataluña). Polo que se refire a Galicia, a cantidade de casos rexistrados é agora de 23.243, con lixeiro descenso (con respecto ao informe do 31.12.2016) de -1.700 (-6,85%) e un 5,16% respecto da cifra estatal; eses casos de Galicia ten asociadas 23.765 vítimas, con aumento de 546 (2,35%) e un 5,68% na cifra estatal correlativa. Desda cantidade total de Galicia constan como casos inactivos 20.181 (86,83%). Só figuran como casos activos 3.062 (13,17% dos rexistrados), que representan só o 13,17% do número de casos rexistrados. De todos os casos activos, a maior parte son con risco non apreciado, concretamente, 1.653 (53,98%). O resto, 1.409 (46,02%), son casos de risco apreciado, distribuídos entre 1.135 con risco baixo, 262 con risco medio, 11 con risco alto e 1 con risco extremo. Ademais, hai que dicir que desde o 17.08.2016 existen en Galicia 2.087 PSP, equivalente ao 6,00% da cifra equivalente estatal (34.782).

2.3. Colaboración coa Xunta de Galicia en materia de violencia de xénero: Observatorio Galego de Violencia de Xénero e Protocolo de coordinación institucional

■ Como se deixou indicado no capítulo I desta memoria, a Fiscalía de Galicia colabora coa Xunta de Galicia participando no Observatorio Galego de Violencia de Xénero, creado polo Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, da CPAPX, polo que se desenvolve a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e ou tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación. Reitérase aquí o xa exposto, salientando que o dito Observatorio traballou na elaboración dun Protocolo de Cooperación Institucional en materia de violencia de xénero en Galicia, que xa foi presentado e aprobado recentemente en reunión do Pleno dese Observatorio, celebrada en Santiago en data 20/03/2018, si ben está pendente, para a súa sinatura e plena entrada en vigor, da aprobación técnica pola FXE.

SECCIÓN 2.2. ÁREA DE SINISTRALIDADE LABORAL

1. INTRODUCCIÓN

2. ESTATÍSTICA EN MATERIA DE SINISTRALIDADE LABORAL

3. TEMAS E CUESTIÓNS VARIAS

1. INTRODUCCIÓN

■ O fenómeno da sinistralidade laboral (SL)

De sobra é coñecida a gravidade e extensión do fenómeno da sinistralidade laboral, tal como apuntaba o Protocolo Marco subscrito no 2007 polo CXPX, a FXE e os Ministerios de Traballo e do Interior. Este drama social e humano, que comporta inxentes perdas humanas e económicas, require dos poderes públicos e axentes sociais unha decidida actuación para a prevención e represión da delincuencia nesta materia.

Neste sentido cabe destacar que tanto o Estado e as CCAA como a Unión Europea e demais organismos mundiais (OIT, OMS) viñeron elaborando estratexias en materia de seguridade e saúde no traballo (SST). Así, tras a Estratexia Española de SST para 2007-2012 e para seguir avanzando na mellora das condicións de traballo e na constante e sostida redución dos accidentes laborais e as enfermidades profesionais, confeccionouse a nova Estratexia Española da SST para 2015-2020, aprobada o 24.04.2015 polo Consello de Ministros, previo consenso entre a Administración Xeral do Estado, as CC.AA. e os axentes sociais. No ámbito da CA de Galicia, en liña coas estratexias adoptadas a nivel internacional, europeo e estatal, aprobouse unha Estratexia Galega de SST para 2017-2020.

■ Rede de fiscais especialistas en SL nas fiscalías de Galicia.

FISCAIS DA ÁREA ESPECIALIZADA DE SINISTRALIDADE LABORAL	
FISCAL DELEGADO AUTONÓMICO	D.LUIS ANGUITA JUEGA, destinado na Fiscalía Provincial (FP) da Coruña
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	O referido fiscal delegado autonómico tamén ten a condición de fiscal delegado provincial
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D. JOSÉ LUIS ÁLVAREZ GARCÍA (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	Dª ELENA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (FISCAL DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP de Ourense)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	Dª MARTA DURÁNTEZ GIL (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP de Pontevedra)
FISCALÍA DE ÁREA DE VIGO	D. ERNESTO DAVID CANOA GÓNZALEZ (FISCAL DE ENLACE, destinado na Fiscalía de Área de Vigo)
FISCAIS DE ENLACE/ENCARGADO	Fiscalía de Área de Santiago: D. RAMÓN LOJO CORBAL Fiscalía de Área de Ferrol: Dª MARÍA NEMIÑA SUÁREZ

2. ESTATÍSTICA EN MATERIA DE SINISTRALIDADE LABORAL

Esta estatística propia da Fiscalía recolle datos e información en materia de sinistralidade laboral (SL) durante o ano 2017 a partir das estatísticas anuais das fiscalías provinciais de Galicia. Para os efectos de sistematización, distinguimos entre datos da actividade fiscal (DIP e cualificacións) e datos da actividade xudicial (procedementos e sentenzas).


2.1. Datos da actividade fiscal (DIP e cualificacións)

■ Procedementos fiscais: dilixencias de investigación penal (DIP)

■ *Datos totais do período 2008-2017*

No seguinte gráfico móstrase a evolución durante o mencionado período da actuación do MF a través da incoación e xudicialización (mediante denuncia ou querela) das súas DIP relativas a delitos relacionados coa sinistralidade laboral nas provincias de Galicia durante o mencionado período. A media anual foi de 41 DIP incoadas e de 33,5 xudicializadas. Canto ás incoacións, entre o inicio e o final do ciclo apréciase un descenso de -13 (-25,49%), cos puntos máis álxidos nos anos 2009 e 2010 (57 DIP incoadas en ambos). Polo que se refire ás xudicializacións, entre o inicio e final do período non se observa variación (36), con punto álxido no 2009 (44 xudicializacións).

SINISTRALIDADE LABORAL. DIP INCOADAS E XUDICIALIZADAS GALICIA. PERÍODO 2008-2017




**ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. SINISTRALIDADE LABORAL
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP). DATOS PROVINCIAIS E DE GALICIA**

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.	% 2017
DIP INCOADAS	4	33	0	1	38	32	6 (18,75%)	100%
DIP TERMINADAS POR ARQUIVAMENTO	1	33	0	0	34	30	4 (13,3%)	89,47%
DIP REMATADAS POR XUDICIALIZACIÓN (DENUNCIA OU QUERELA FISCAL)	4	31	0	1	36	27	9 (33,33%)	94,74%
DIP EN TRÁMITE	0	0	0	0	0	2	-2	0

■ Cualificacións fiscais
■ Datos do período 2008-2017

A través do seguinte gráfico reflíctese a actividade do MF na área de SL no período referido mediante a formulación de escritos de acusación (cualificacións). Neste ciclo obsérvase un lixeiro descenso de -2 (-3,92%), cunha media anual de 56 cualificacións e punto álxido no ano 2010 (78 cualificacións).

**SINISTRALIDADE LABORAL. CUALIFICACIÓNS FISCAIS
GALICIA. PERÍODO 2008-2017**


■ *Datos do ano 2017*

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. SINISTRALIDADE LABORAL CUALIFICACIÓNS FISCAIS. DATOS PROVINCIAIS E DE GALICIA								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.	% 2017
ESCRITOS DE ACUSACIÓN (CUALIFICACIÓNS)	18	16	1	14	49	43	6 (13,95%)	100%
%	36,73%	32,65%	2,04%	28,57%	100%			

2.2. Datos da actividade xudicial (procedementos e sentenzas)

■ Procedementos xudiciais penais incoados (delitos asociados)

■ *Datos do período 2008-2017*

No seguinte gráfico reflíctese a actividade xudicial na área de sinistralidade laboral neste período mediante incoación de procedementos penais. Entre o inicio e o final do ciclo obsérvase un considerable descenso de -5.876 (-94,99%), cunha cifra media anual de 2.941 cualificacións e cun punto álxido no ano 2010 (78 cualificacións). Os últimos descensos, nomeadamente o rexistrado en 2017, moi probablemente é resultado da aplicación das reformas legais de 2015.

■ *Datos do ano 2017*

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. SINISTRALIDADE LABORAL. PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS INCOADOS. DELITOS ASOCIADOS (DELITOS INCOADOS)								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.	% 2017
TOTAL DELITOS	61	61	111	77	310	1.587	-1277 (-80,47%)	100%
DELITO (MENOS GRAVE) DE HOMICIDIO EN ACCIDENTE LABORAL POR IMPRUDENCIA GRAVE (ART. 142.1 CP e concordantes)	1	0	3	5	9	9	0 (0%)	2,90%
DELITO (MENOS GRAVE) DE LESIÓNS EN ACCIDENTE LABORAL POR IMPRUDENCIA GRAVE (ART. 152.1 CP e concordantes)	58	41	107	72	278	1.542	-1264 (-81,97%)	89,68%

Continúa na páxina seguinte

Ven da páxina anterior


DELITO (LEVE) DE HOMICIDIO EN ACCIDENTE LABORAL POR IMPRUDENCIA MENOS GRAVE (art. 142.2 CP e concordantes)	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0
DELITO (LEVE) DE LESIÓNS EN ACCIDENTE LABORAL POR IMPRUDENCIA MENOS GRAVE (ART. 152.2 CP e concordantes)	0	0	1	0	1 ²³	8	-7 (-87,50%)	0,32%
DELITO DE RISCO SEN RESULTADO LESIVO (ARTS. 316, 317 e 318 CP e concordantes)	2	20	0	0	22	28	-6 (-21,43%)	7,10%
V.I.								
%	19,68%	19,68%	35,81%	24,83%	100%			

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. SINISTRALIDADE LABORAL PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS PENDENTES. DELITOS ASOCIADOS (DELITOS INCOADOS)								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.	% 2017
TOTAL DELITOS	38	7	19	22	86	96	-10 (-10,42%)	100%
DELITO DE HOMICIDIO EN ACCIDENTE LABORAL (ART. 142 CP e concordantes)	1	0	2	5	8	9	-1 (-11,11%)	9,30%
DELITO DE LESIÓNS EN ACCIDENTE LABORAL (ART. 152 CP e concordantes)	35	1	17	17	70	82	-12 (-14,63%)	81,39%
DELITO DE RISCO SEN RESULTADO LESIVO (ARTS. 316, 317 e 318 CP e concordantes)	2	6	0	0	8	5	3 (60%)	9,30%
V.I.								
%	44,18%	8,13%	22,09%	25,5%	100%			

■ Sentenzas xudiciais ditadas

■ *Datos do período 2008-2017*

SINISTRALIDADE LABORAL. SENTENZAS PERÍODO 2008-2017



■ *Datos do ano 2017*

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. SINISTRALIDADE LABORAL SENTENZAS XUDICIAIS DITADAS. DATOS PROVINCIAIS E DE GALICIA								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.	% 2017
SENTENZAS DO XULGADO DO PENAL	19	17	2	14	52	48	4 (8,3%)	
SENTENZAS DA AUDIENCIA PROVINCIAL QUE RESOLVEN RECURSOS DE APELACIÓN	5	0	0	5	10	10	0 (0%)	
TOTAL SENTENZAS	24	17	2	19	62	58	4 (6,99%)	
% 2017	38,71%	27,42%	3,22%	30,64%	100%			

3. TEMAS E CUESTIÓNS VARIAS

3.1. Xunta de Fiscais de Sinistralidade Laboral da CA de Galicia

Como deixaremos indicado na sección 3.5.1.3 do capítulo I, o día 27.03.2017 celebrouse unha reunión da Xunta de Fiscais Delegados de Galicia en materia de SL. Tivo lugar na sede coruñesa da Fiscalía autonómica, baixo a presidencia do fiscal superior, co auxilio como secretaria da fiscalía D^a Marta Durántez Gil.

Asistiron á reunión todos os fiscais integrantes da rede de fiscais especiais (mencionados anteriormente).

Os asuntos tratados, incluídos na orde do día, foron obxecto de debate co seguinte resultado resumido.

1) Coordinación coas Fiscalías de Área. Sobre a oportunidade de que os criterios da Fiscalía de Sinistralidade Laboral se sigan en todas as Fiscalías de Galicia de forma uniforme.

O fiscal delegado da Coruña e delegado autonómico manifestou que a coordinación coa Fiscalía de Área de Santiago de Compostela é inmejorable, aínda que sería desexable unha maior comunicación co fiscal delegado para seguir as directrices marcadas pola Fiscalía de Sala de SL da FXE.

En canto aos fiscais delegados de Ourense, Lugo e Pontevedra manifestaron non ter detectado ningún problema de coordinación coas súas respectivas Fiscalías de Área e/ou Seccións Territoriais.

No que respecta á Fiscalía da Coruña o fiscal superior considerou procedente que o fiscal delegado comunique ao fiscal xefe de área de Santiago de Compostela as notas remitidas por parte do fiscal de sala e que, así mesmo, dea conta ao fiscal de enlace. Asemade, considera a posibilidade de estudar se o fiscal de enlace da Fiscalía de SL debería despachar os asuntos da materia ou ben realizar un previsado dos escritos.

2) *Cando se produce un accidente laboral e se avisa a unha empresa privada de ambulancias xorde un problema relacionado co protocolo que permite a rápida actuación policial e da Inspección de Traballo. Este ponse en funcionamento cando se chama aos teléfonos de emerxencia como o 112 ou o 061 pero non nos demais casos, o que dificulta a investigación do posible delito. Solucións ao respecto.*

Os fiscais delegados de Ourense e Lugo manifestan que non xurdiu ningún problema desta natureza nos seus ámbitos territoriais respectivos.

Pola contra, os fiscais delegados da Coruña e Pontevedra sinalan que si se produciron problemas deste tipo, aínda que só en ocasións puntuais.

Co fin de evitar estas disfuncións, que supoñen un importante obstáculo na tarefa investigadora dos accidentes laborais, o fiscal superior formulou unha proposta, que contou coa conformidade do resto de asistentes. Esta proposta refírese á conveniencia de que nas reunións de desenvolvemento do Protocolo convocadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria nas respectivas provincias da CA se poidan incluír, puntualmente (para tratar este tema ou outros de interese), as empresas de ambulancias ou ben calquera outro actor, como os representantes de Industria, de gran interese no caso de accidentes nos que se utiliza técnica mineira.

A fiscalía delegada de Pontevedra manifesta o atraso da convocatoria das reunións periódicas de desenvolvemento do Protocolo, feito que tamén se produciu no resto das provincias, agás na de Ourense, segundo expresaron os fiscais delegados respectivos.

Pola súa parte, o fiscal superior manifesta, coa anuencia do resto de asistentes, a necesidade de que a Consellería siga convocando puntualmente as reunións de desenvolvemento do Protocolo nas respectivas provincias.

3) *A valoración das lesións do traballador como leves. A valoración inicial que realiza o médico da empresa ou da mutua condiciona a intervención da Inspección de Traballo, que non acode cando se cualifica como leve. Non obstante, moitas veces as lesións valoradas como leves son de maior entidade pero xa a Inspección de Traballo non emitiu o informe inicial.*

Trátase dun problema de difícil solución tendo en conta que a cualificación como leve dunha lesión responde a criterios médicos (o cal excede das competencias da Inspección de Traballo e Seguridade Social). Pero non é unha cuestión intranscendente, dado que os accidentes cualificados como leves non son obxecto de investigación por parte da Inspección de Traballo. Isto comporta que determinados accidentes así cualificados, e que en realidade non teñen tal carácter, non sexan investigados, ou que o sexan a posteriori e tras a petición do fiscal no marco dun procedemento penal, coa conseguinte dificultade polo transcurso do tempo e o posible cambio das condicións de traballo que deron lugar ao sinistro.

O fiscal superior propón a posibilidade de tratar a dita cuestión nunha futura reunión coa Inspección de Traballo, co fin de intentar solucionar ou polo menos minimizar o problema, co cal están de acordo o resto de asistentes.

4) *Relacións coa Inspección de Traballo. Problemas puntuais e estudo sobre a necesidade de convocar xuntas cos inspectores.*

Os fiscais delegados poñen de manifesto as boas relacións e colaboración entre eles e as respectivas Inspeccións de Traballo provinciais, tanto nas reunións de desenvolvemento do

Protocolo como nas comunicacións habituais entre fiscais e inspectores, se ben se observa que nos últimos anos diminuíu considerablemente a remisión de actas por posibles delitos de risco sen resultado lesivo, ata chegar incluso a ningunha remisión por parte das inspeccións laborais no último ano, o que dificulta enormemente a persecución destes delitos.

3.2. Referencia a datos da estatística administrativa en materia de SL

De acordo coa estatística fiscal, os datos sobre SL ofrecen o seguinte balance en 2017: 310 delitos, coa seguinte distribución:

- 9 homicidios imprudentes en accidentes laborais, sen variación interanual.
- 279 delitos de lesións laborais imprudentes, cun marcado descenso de -1.271 (82%).
- 22 delitos de risco laboral, sen resultado lesivo, cun descenso de -6 (-21,43%).

Pero **a información da estatística administrativa**, procedente do estatal INSHT (Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo) e do Isga (Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral)²⁴ ofrece uns datos máis amplos en materia de SL, que demostran, sobre todo, que moitos dos homicidios e lesións imprudentes rexistrados na estatística fiscal ben poden corresponder ao ámbito da SL. Así, segundo datos provisionais dese ámbito estatístico administrativo, no ano 2017, tiveron lugar en Galicia un total 30.328 accidentes laborais (AL), cun aumento interanual de 2.531 (9,11%), sumando as cifras de accidentes en xornada laboral (ALXL), 27.286 (+9,17%) e de accidentes *in itinere* (ALIT), 3.042 (+8,64%).

Polo que se refire aos ALXL, a referida cifra total (27.286) divídese entre: a) 26.806 accidentes leves (98,24%); b) 437 graves (1,60%); e c) 43 mortais (0,16%), cun descenso interanual destes de -14 (-32,56%, -7,46% con respecto ao ano anterior).

En canto aos ALIT, a mencionada cifra total de 3.042 distribúese entre: a) 2.971 leves; b) 65 graves; e c) 6 mortais, que descenden -1 (-16,67%). Normalmente, este tipo de accidentes non ingresan no sistema xudicial como accidentes propiamente laborais, senón máis ben como accidentes de tráfico, con resultado de morte, lesións e danos.

Sumando todos os conceptos poderíamos ter, segundo a estatística administrativa, un total de **30.840 lesións laborais imprudentes** (os casos de accidentes leves e graves), cun descenso interanual de -2.867 (-10,25%), así como un total de **49 mortes en accidente laboral**, cun descenso interanual de -13 (-20,97%), 5 deles ALIT.

Por conseguinte, é moi probable que a realidade da SL estea máis preto dos datos da estatística administrativa que os que ofrece a estatística fiscal e xudicial (aínda que as cifras baixaron moito, probablemente por efecto das reformas de 2015). En canto a **homicidios laborais imprudentes** débese pensar que en lugar dos escasos 9 da estatística fiscal especializada de SL, cando menos, **realmente pode haber un total de 49**, cun descenso interanual de

-13 (-20,97%), que estarán embebidos na estatística fiscal dentro dos rexistros dos grupos xenéricos de «homicidios imprudentes» ou, mesmo, de «homicidios culposos». O mesmo cabe pensar dos **delitos laborais imprudentes**, que, en lugar dos exiguos 310 da estatística fiscal especializada, poderían ser realmente, se non todos os 30.840 accidentes laborais por lesións leves ou graves, unha parte significativa, moi superior aos 279 da estatística fiscal de SL, e que estarían embebidos nos ilícitos que a estatística fiscal ten rexistrados entre o xenérico grupo de delitos de “lesións imprudentes” (ou, incluso, dentro do xenérico de «lesións culposas»).

SECCIÓN 2.3. ÁREA ESPECIALIZADA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO

1. INTRODUCCIÓN

2. ESTATÍSTICA EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU)

3. TEMAS E CUESTIÓNS VARIAS

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Ámbito material da área especializada de MAU

A materia competencial das seccións constituídas nas Fiscalías Provinciais de Galicia en materia de medio ambiente e urbanismo (MAU) queda determinada pola referencia aos seguintes delitos. ²⁵

- Delitos medioambientais en sentido estrito (art. 325 e ss. do Código penal).
- Delitos de urbanismo e ordenación do territorio (art. 319 e ss. CP).
- Delitos contra o patrimonio histórico (art. 321 e ss. CP).
- Delitos contra a flora e a fauna e delitos de maltrato animal —contra animais domésticos ou amansados— (art. 332 e ss. CP).
- Ademais, inclúense na propia área competencial das referidas seccións os delitos de incendio forestal (art. 352 e ss. CP²⁶).

1.2. Rede de fiscais especialistas das fiscalías de Galicia

ÁREA ESPECIALIZADA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU)	
FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA	D. ÁLVARO GARCÍA ORTIZ (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL E AUTONÓMICO, destinado na FA de Santiago)
FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO	D. ^a LUCÍA GIRÓN CONDE (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE	D. ^a M. ^a CARMEN EIRÓ BOUZA (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP de Ourense)
FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	D. ^a NATIVIDAD GURRIARÁN FERNÁNDEZ (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FA de Vigo)
FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	D. ALBERTO VALLE PAVÓN (FISCAL DE ENLACE, destinado na FA de Vigo)
FISCALÍA DE ÁREA SANTIAGO	D. ÁLVARO GARCÍA ORTIZ (MEDIO AMBIENTE), xunto con D. ^a ARÁNZAZU SAN JOSÉ GONZÁLEZ, como FISCALA COORDINADORA DE URBANISMO a partir do 25.07.2017, en substitución de D. ANTONIO ROMA VALDÉS (que cesou a partir do 05.05.2017 por traslado a destino na FXE)
FISCAIS DE ENLACE/ENCARGADOS	FP de Pontevedra: DAVID DE LA FUENTE VALDÉS

2. ESTATÍSTICA EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU)

A continuación, en dous apartados separados, recolleemos os datos das estatísticas anuais das fiscalías provinciais no relativo a: 1) actividade fiscal (DIP, denuncias e querelas e cualificacións); e b) actividade xudicial (procedementos incoados, sentenzas ditadas e delitos incoados, cualificados e sentenciados).

2.1. RESUMO XERAL DA ESTATÍSTICA EN MAU

■ Resumo da actividade fiscal

ESTATÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU) RESUMO DE ACTIVIDADE FISCAL (1): DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP) PERÍODO 2008-2017 - DATOS TOTAIS DE GALICIA		
ANO	DIP INCOADAS	XUDICIALIZADAS (DENUNCIA OU QUERELA FISCAL)
2008	300	73
2009	199	63
2010	203	37
2011	216	33
2012	135	23
2013	83	17
2014	293	79
2015	288	88
2016	270	118
2017	256	74
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	-14 (-5,18%)	-44 (-37,29%)
CIFRA MEDIA ANUAL NO PERÍODO 2008-2017	224,30	60,50

ESTATÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU) RESUMO DE ACTIVIDADE FISCAL (2): CUALIFICACIÓNS FISCAIS PERÍODO 2012-2017. DATOS TOTAIS DE GALICIA	
ANO	CUALIFICACIÓNS
2012	80
2013	70
2014	65
2015	95
2016	131
2017	142
V.I.	11 (8,40%)
CIFRA MEDIA ANUAL NO PERÍODO 2012-2017	97,17

■ Resumo da actividade xudicial

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU) RESUMO DE ACTIVIDADE XUDICIAL (1): PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS E SENTENZAS DITADAS PERÍODO 2008-2017 . DATOS TOTAIS DE GALICIA		
ANO	PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS	SENTENZAS DITADAS
2008	548	67
2009	898	91
2010	728	72
2011	1.156	133
2012	763	85
2013	864	110
2014	631	110
2015	830	73
2016	550	82
2017	679	133
V.I.	129 (23,45%)	51 (62,19%)
CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2008-2017	764,70	95,60

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA . MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU) RESUMO DE ACTIVIDADE XUDICIAL (2): DELITOS INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS PERÍODO 2012-2017. DATOS TOTAIS DE GALICIA			
ANO	DELITOS INCOADOS	DELITOS CUALIFICADOS	DELITOS SENTENCIADOS
2012	825	80	73
2013	984	70	86
2014	572	65	80
2015	762	95	60
2016	472	131	75
2017	569	142	101
V.I.	97 (20,55%)	11 (8,40%)	26 (34,67%)
CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2012- 2017	697,33	97,17	79,17

2.2. EXAME DETALLADO DA ESTATÍSTICA EN MAU

2.2.1. DATOS DA ACTIVIDADE FISCAL (DIP, DENUNCIAS E QUERELAS E CUALIFICACIÓNS)

■ Dilixencias de investigación penal (DIP) en MAU

ESTATÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU)					
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP). INCOACIÓNS					
DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA. PERÍODO ANOS 2008-2017					
ANO	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL GALICIA
2008	120	23	55	102	300
2009	88	9	41	61	199
2010	119	16	31	37	203
2011	117	3	53	43	216
2012	61	16	31	27	135
2013	35	7	15	26	83
2014	93	29	62	109	293
2015	93	41	34	120	288
2016	60	63	40	107	270
2017	89	25	45	97	256
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	29 (48,33%)	-38 (-60,32%)	5 (12,50%)	-10 (-9,34%)	-14 (-5,18%)
PORCENTAXE (%)	34,77%	9,76%	17,58%	37,89%	100%
CIFRA MEDIA ANUAL NO PERÍODO 2008-2017	87,5	23,2	40,7	72,9	224,30

ESTATÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU)				
DIP. INCOACIÓNS POR SUBÁREAS				
SUBÁREA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.	% 2017
MEDIO AMBIENTE	35	34	1 (2,94%)	13,67%
ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	171	200	-29 (-14,50%)	66,80%
PATRIMONIO HISTÓRICO	5	6	-1 (-16,67%)	1,95%
FLORA E FAUNA	17	8	9 (112,50%)	6,64%
MALTRATO ANIMAL	5	4	1 (25%)	1,95%
INCENDIOS FORESTAIS	23	18	5 (27,78%)	8,98%
TOTAL ÁREA MAU	256	270	-14 (-5,18%)	100%

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU)							
DIP - TERMINACIÓN POR XUDICIALIZACIÓN (DENUNCIA OU QUERELA FISCAL) OU ARQUIVAMENTO							
DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I
TOTAL INCOADAS	89	25	45	97	256	270	-14 (5,18%)
%	34,77%	9,76%	17,58%	37,89%	100%		
XUDICIALIZACIÓN (DENUNCIA O QUERELA FISCAL)	13	13	9	39	74	118	-44 (-37,29%)
ARQUIVAMENTO	71	14	37	54	176	166	-10 (-6,02%)
TOTAL REMATADAS	84	27	46	93	250	284	-34 (-11,97)
%	33,60%	10,80%	18,40%	37,20%	100%		

■ Denuncias e querelas en MAU (xudicialización de DIP)

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU)					
DENUNCIAS E QUERELAS INTERPOSTAS POLO MINISTERIO FISCAL (XUDICIALIZACIÓN DE DIP)					
DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA. PERÍODO 2008-2017					
ANO	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL GALICIA XUDICIALIZACIÓN
2008	21	5	2	45	73
2009	3	21	13	26	63
2010	19	9	1	8	37
2011	10	2	6	15	33
2012	7	8	4	4	23
2013	2	3	2	10	17
2014	26	11	6	36	79
2015	25	18	8	37	88
2016	11	39	10	58	118
2017	13	13	9	39	74
V.I.	2 (18,18%)	-26 (-66,67%)	-1 (-10%)	-19 (-32,76%)	-44 (-37,29%)
%	17,57%	17,57%	12,16%	52,70%	100%
CIFRA MEDIA ANUAL EN PERÍODO 2008-2018	13,70	12,90	6,10	27,80	60,50

**ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA.
ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU)
XUDICIALIZACIÓNS (DENUNCIAS E QUERELAS FISCAIS) POR SUBÁREAS**


SUBÁREA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.	% 2017
MEDIO AMBIENTE	3	3	0 (0%)	4,05%
ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	64	108	-44 (-40,74%)	86,49%
PATRIMONIO HISTÓRICO	2	3	-1 (-33,33%)	2,70%
FLORA E FAUNA	2	0	2 (100%)	2,70%
MALTRATO ANIMAL	3	1	2 (200%)	4,05%
INCENDIOS FORESTAIS	0	3	-3 (-100%)	0%
TOTAL ÁREA MAU	74	118	-44 (-37,28%)	100%

■ **Cualificacións fiscais en MAU**

**ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU)
CUALIFICACIÓN FISCAIS (DELITOS ASOCIADOS)
DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA. PERÍODO 2012-2017**

ANO	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL GALICIA
2012	21	5	32	22	80
2013	21	20	13	16	70
2014	13	14	21	17	65
2015	31	23	14	27	95
2016	40	23	22	46	131
2017	31	21	39	51	142
V.I.	-9 (-22,50%)	-2 (-8,69%)	17 (77,27%)	5 (10,87%)	11 (8,40%)
%	21,83%	14,78%	27,46%	35,92%	100%
CIFRA MEDIA ANUAL NO PERÍODO 2012-2017	26,17	17,67	23,50	29,83	97,17

**CUALIFICACIÓN FISCAIS MEDIO AMBIENTE E URBANISMO
DATOS TOTAIS DE GALICIA - EVOLUCIÓN ANOS 2012-2017**



ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU) CUALIFICACIÓNS FISCAIS POR SUBÁREAS (DELITOS ASOCIADOS)				
SUBÁREA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.	% 2017
MEDIO AMBIENTE	6	6	0 (0%)	4,22%
ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	69	77	-8 (-10,39%)	48,59%
PATRIMONIO HISTÓRICO	0	1	-1 (-100%)	0%
FLORA E FAUNA	7	8	-1 (-12,50%)	4,93%
MALTRATO ANIMAL	12	11	1 (9,10%)	8,45%
INCENDIOS FORESTAIS	48	28	20 (71,43%)	33,80%
TOTAL ÁREA MAU	142	131	11 (8,40%)	100%

2.2.2. DATOS DA ACTIVIDADE XUDICIAL (PROCEDEMENTOS XUDICIAIS, SENTENZAS E DELITOS)

■ Procedementos xudiciais incoados en MAU

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU) PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS. DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA PERÍODO ANOS 2008-2017					
ANO	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL GALICIA
2008	134	54	48	312	548
2009	266	91	266	275	898
2010	106	102	310	210	728
2011	326	136	412	282	1.156
2012	220	34	317	192	763
2013	201	162	248	253	864
2014	115	100	262	154	631
2015	235	152	229	214	830
2016	148	80	115	207	550
2017	160	90	220	209	679
V.I.	12 (8,10%)	10 (11,11%)	105 (91,3%)	2 (0,9%)	129 (23,45%)
% 2017	23,56%	13,25%	32,40%	30,78%	100%
CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2008-2017	191,10	100,10	242,70	230,80	764,7

**ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA.
MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU)
PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS.
DATOS PARTICULARES POR TIPO DE PROCEDEMENTO**

PROCEDEMENTO	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.	% 2017
DILIXENCIAS URXENTES (DU)	2	0	0	2	4	7	-3 (-42,8%)	
XUÍZOS RÁPIDOS (XR)	0	0	0	0	0	0	0	
DILIXENCIAS PREVIAS EN XULGADO INSTRUCCIÓN (DP)	126	75	190	147	538	433	105 (24,24%)	
DELITOS LEVES EN XULGADO INSTRUCCIÓN (DL)	0	0	30	7	37	29	8 (27,5%)	
PROCEDEMENTO ABREVIADO EN XULGADO PENAL (PA)	30	15	0	53	98	79	19 (24%)	
SUMARIO (SU)	0	0	0	0	0	2	-2 (-100%)	
PROCEDEMENTO ORDINARIO (PO)	2	0	0	0	2	0	2 (100%)	
PROCEDEMENTO XURADO EN XULGADO INSTRUCCIÓN (PXI)	0	0	0	0	0	0	0	
PROCEDEMENTO XURADO EN AUDIENCIA PROVINCIAL (PXA)	0	0	0	0	0	0	0	
TOTAL 2017	160	90	220	209	679	550	129 (23,45%)	100%
TOTAL 2016	148	80	115	207	550			
V.I.	12 (8,10%)	10 (11,11%)	105 (91.3%)	2 (0,9%)	129 (23,45%)			
% 2017	23,56%	13,25%	32,40%	30,78%	100%			

■ Sentenzas ditadas en MAU

■ *Datos xerais de sentenzas*

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU) SENTENZAS DITADAS. DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA. PERÍODO ANOS 2008-2017					
ANO	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL GALICIA
2008	13	5	8	41	67
2009	22	11	13	45	91
2010	25	6	7	34	72
2011	15	3	8	22	133
2012	16	3	38	28	85
2013	21	30	32	27	110
2014	26	39	21	24	110
2015	20	15	5	33	73
2016	21	15	12	34	82
2017	33	6	35	59	133
V.I.	12 (57,14%)	-9 (-60%)	23 (191,67%)	25 (73,53%)	51 (62,19%)
% 2017	24,81%	4,51%	26,31%	44,36%	100%
CIFRA MEDIAL ANUAL PERÍODO 2008-2017	21,20	13,30	17,90	34,70	95,60

Nota. Os datos da estatística relativa ao ano 2017 reflicten delitos asociados a sentenzas; supoñemos que cada delito corresponde a unha sentenza.

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU) SENTENZAS DITADAS. DISTRIBUCIÓN POLO SENTIDO DA DECISIÓN (CONDENATORIAS/ ABSOLUTORIAS) DATOS TOTAIS DE GALICIA				
	2017	2016	V.I.	% 2017
CONDENATORIAS	101	67	34 (50,75%)	75,94%
ABSOLUTORIAS	32	15	17 (113,33%)	24,06%
TOTAL	133	82	51 (62,19%)	100%

**ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA.
 ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU)
 SENTENZAS DITADAS. DISTRIBUCIÓN POR SUBÁREAS
 (CONDENATORIAS/ABSOLUTORIAS)
 DATOS TOTAIS DE GALICIA**

SUBÁREA	GALICIA 2017		GALICIA 2016	V.I.	% 2017
MEDIO AMBIENTE	Total	6	2	4 (200%)	4,51%
	Condenatorias	4			
	Absolutorias	2			
ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	Total	59	31	28 (90,32%)	44,36%
	Condenatorias	44			
	Absolutorias	15			
PATRIMONIO HISTÓRICO	Total	4	1	3 (300%)	3,01%
	Condenatorias	3			
	Absolutorias	1			
FLORA E FAUNA	Total	7	4	3 (75%)	5,26%
	Condenatorias	7			
	Absolutorias	0			
MALTRATO ANIMAL	Total	17	9	6 (35,29%)	12,78%
	Condenatorias	13			
	Absolutorias	4			
INCENDIOS FORESTAIS	Total	40	35	12 (42,86%)	30,07%
	Condenatorias	30			
	absolutorias	10			
TOTAL ÁREA MAU	TOTAL	133	82	51 (62,19%)	100%
	CONDENATORIAS	101	67	34 (50,75%)	
	ABSOLUTORIAS	32	15	17 (113,33%)	

■ *Datos particulares de sentenzas en materia de incendios forestais*

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU)					
SENTENZAS DITADAS EN MATERIA DE INCENDIOS FORESTAIS					
EVOLUCIÓN NO PERÍODO 2010-2017. DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA					
ANO	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL GALICIA
2008	11	3	8	21	43
2009	14	7	12	30	63
2010	14	3	3	19	39
2011	10	2	6	8	26
2012	9	1	21	14	45
2013	12	3	20	10	45
2014	15	6	15	9	45
2015	7	3	2	10	22
2016	14	3	2	16	35
2017	9	0	19	12	40
	8 condenatorias		11 condenatorias	11 condenatorias	30 condenatorias, 10 absolutorias
V.I.	-5 (35,17%)	-3 (-100%)	17 (850%)	1 (9,09%)	15 (42,86%)
% 2017	22,50%	0%	47,50%	30,00%	
CIFRA MEDIAL ANUAL PERÍODO 2008-2017	11,50	3,10	10,80	14,90	40,30

■ **Delitos asociados a procedimientos xudiciais (delitos incoados, cualificados e sentenciados en MAU)**

■ **Delitos incoados** (asociados a procedimientos incoados)

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU) DELITOS INCOADOS (ASOCIADOS A INCOACIÓN DE PROCEDEMENTOS XUDICIAIS) DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA								
SUBÁREA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.	% 2017
MEDIO AMBIENTE	15	8	9	8	40	31	9 (29,03%)	7,03%
ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	14	9	16	79	118	136	-18 (-13,23%)	20,74%
PATRIMONIO HISTÓRICO	7	3	0	1	11	17	-6 (-35,29%)	1,93%
FLORA E FAUNA	14	19	9	7	49	50	-1 (-2%)	8,61%
MALTRATO A ANIMAIS DOMÉSTICOS	23	4	14	40	81	61	20 (32,79%)	14,24%
INCENDIOS FORESTAIS	52	31	118	69	270	177	93 (52,54%)	47,45%
TOTAL ANO 2017	125	74	166	204	569	472	97 (20,55%)	100%
TOTAL ANO 2016	116	66	89	201	472			
% 2017	21,97%	13,00%	29,17%	35,85%	100%			

■ **Delitos cualificados** (asociados a cualificacións fiscais)

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. MEDIO AMBIENTE E URBANISMO DELITOS CUALIFICADOS (ASOCIADOS A CUALIFICACIÓN FISCAL). DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.	% 2017
MEDIO AMBIENTE	5	1	0	0	6	6	0 (0%)	4,22%
ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	13	13	13	30	69	77	-8 (-10,39%)	48,59%
PATRIMONIO HISTÓRICO	0	0	0	0	0	1	-1 (-100%)	0%
FLORA E FAUNA	3	1	2	1	7	8	-1 (-12,50%)	4,93%
MALTRATO A ANIMAIS DOMÉSTICOS	2	3	4	3	12	11	1 (9,10%)	8,45%
INCENDIOS FORESTAIS	8	3	20	17	48	28	20 (71,43%)	33,80%
TOTAL ANO 2017	31	21	39	51	142	131	11 (8,40%)	100%
TOTAL ANO 2016	40	23	22	46	131			
% 2017	21,83%	14,79%	27,46%	35,92%				

■ **Delitos sentenciados** (asociados a sentenzas)

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU) DELITOS SENTENCIADOS (ASOCIADOS A SENTENZAS CONDENATORIAS). DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA								
SUBÁREA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.	% 2017
MEDIO AMBIENTE	3	1	1	0	4	4	0 (0%)	3,96%
ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	11	1	7	25	44	24	20 (83,33%)	43,56%
PATRIMONIO HISTÓRICO	2	0	0	0	3	1	2	2,97%
FLORA E FAUNA	3	0	2	2	7	4	3 (75%)	6,93%
MALTRATO A ANIMAIS DOMÉSTICOS	2	1	3	7	13	8	5 (62,50%)	12,87%
INCENDIOS FORESTAIS	8	0	11	11	30	34	-4 (-11,76%)	29,70%
TOTAL ANO 2017	29	3	24	45	101	75	26 (34,67%)	100%
% 2017					100%			

3. TEMAS E CUESTIÓNS VARIAS

■ **Disciplina urbanística. Actividade da Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística de Galicia (APLU)**

Dentro da subárea de urbanismo e ordenación do territorio merece ser destacado o labor que realiza esta Axencia dependente da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia.

A actividade deste organismo en 2017 resúmese así: executou un total de 205 reposicións urbanísticas, a cifra máis alta desde a posta en marcha da Axencia no ano 2007. Ademais, tamén resolveu un total de 441 expedientes e realizou 1.256 inspeccións, un labor de prevención fundamental para impedir agresións ao territorio.

■ **Xornada informativa en materia de patrimonio cultural de Galicia**

Dirixida a xuíces e fiscais de Galicia, desenvolveuse en Santiago de Compostela, organizada pola Xunta de Galicia, unha xornada informativa sobre a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG 16.05.2016 e BOE 18.06.2016).

Esta lei, na que tivo participación a Fiscalía de Galicia, ten por obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, de maneira que sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras (art. 1.1).

■ Nova Lei de protección de animais domésticos de Galicia

Con respecto á subárea de maltrato animal, cómpre destacar a nova lei galega, a Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia (DOG do 11.10.2017 e BOE do 30.10.2017), con entrada en vigor o día 11.01.2018.

A devandita lei ten por obxecto garantir a protección e o benestar, así como a posesión e tenza responsable, dos animais de compañía, incluíndo os silvestres mantidos en cativeiro con fins distintos dos produtivos, no ámbito territorial da CA de Galicia (art. 1).

■ Vaga de incendios en Galicia en outubro de 2017 (DIP 33/2017)

É notorio o lamentable e tráxico feito de que nos días da fin da semana do 8 ao 15 de outubro de 2017, especialmente durante o sábado 14 e o domingo 15, se produciu unha vaga de incendios en Galicia, co resultado de catro mortes, múltiples afectados por inhalación de fume e problemas respiratorios, risco de propagación en varias zonas urbanas con perigo real para as persoas e bens, que fixo necesario o abandono nalgúns casos dos domicilios, e extensas superficies queimadas na comunidade autónoma, que afectaron especialmente ás provincias de Pontevedra, Ourense e Lugo.

Por tal motivo, con data do 17 de outubro foron incoadas de oficio pola Fiscalía da CA de Galicia as oportunas dilixencias de investigación penal (rexistradas co número 33/2017). O obxectivo da investigación reconduciuse, exclusivamente, a indagar se os numerosos incendios orixinados obedecían a unha iniciativa criminal complexa de grupos con intencionalidade que perseguen obxectivos supraindividuais, así como elaborar un informe de natureza xenérica que permitise ter unha visión global do fenómeno, sen descender aos supostos concretos obxecto de persecución individualizada, e sen prexuízo das investigacións tramitadas polos xulgados de instrución territorialmente competentes, para determinar os autores, partícipes, responsabilidades e demais particularidades de cada evento criminal concreto.

Ademais das causas tradicionais dos incendios, determinadas circunstancias (como a forma, a simultaneidade en períodos temporais, os espazos afectados, a rapidez de propagación e o carácter exorbitante) fixeron pensar inicialmente (*ad limine*) na posibilidade dunha actuación criminal alén da de simples autores ocasionais, con perfís criminolóxicos coñecidos. Por iso resultou necesaria a realización e estudo de probas, vestixios ou indicios que puidesen determinar as características comúns e o patrón de conduta dos feitos acaecidos para, finalmente, establecer as súas conclusións e as posibles responsabilidades.

Como dilixencias imprescindibles ordenóuselles ás autoridades policiais con competencia na materia de incendios (Policía Autonómica e Garda Civil) a elaboración dun informe detallado sobre os feitos, e tamén ao Corpo Nacional de Policía que, aínda non sendo da súa específica competencia, informase sobre os casos en que tivese intervido en zona urbana, onde comparten competencias coa Brigada Adscrita á referida Policía Autonómica. Así mesmo, solicitouse a

colaboración da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia para que emitise un informe sobre as particularidades antes explicitadas, así como as dilixencias derivadas, que foron incorporadas. Por último, foi necesario un maior grao de concreción nalgún aspectos dos informes, polo que se solicitou a ampliación dalgúns datos.

Ao finalizar o ano 2017, aínda continuaba a tramitación das referidas DIP número 33/2017, que finalmente foron obxecto de arquivamento mediante decreto de data 14 de marzo deste ano 2018, do que se dará cumprida conta na memoria do próximo ano. En esencia, o arquivamento acordado baséase en que a investigación realizada non permite afirmar que os numerosos incendios causados en Galicia en outubro de 2017 obedezan a unha iniciativa criminal complexa de grupos con intencionalidade que persigan obxectivos supraindividuais, senón de autores ou partícipes que, aproveitando as circunstancias climatolóxicas derivadas do vento, humidade e temperatura, utilizan o lume como ferramenta de xestión forestal, motivos persoais, piromanía ou outros menos relevantes; supostos individualizados de exclusiva competencia dos xulgados instrutores correspondentes.

Como antecedente histórico, cabe mencionar outra significativa vaga de incendios forestais acontecida en Galicia durante o verán de 2006, particularmente, entre os días 4 e 15 de agosto, con 1.911 incendios. Con motivo diso, a Fiscalía abriu unhas dilixencias (as DIP núm. 58/2006) coa idea de afondar o máis posible nos aspectos criminais do fenómeno. E, máis recentemente, outra serie de incendios no verán de 2016 (entre os días 7 e 15 de agosto), cun total de 453 incendios.

O 2 de abril do presente ano, o fiscal superior de Galicia tivo ocasión de comparecer na Comisión Especial de Incendios Forestais constituída no Parlamento autonómico de Galicia. Referímonos á Comisión especial, non permanente, de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria onda de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017.

No curso da súa comparecencia, o fiscal superior explicou que a Fiscalía iniciara de oficio as referidas actuacións (DIP núm. 33/2017) para determinar a posible existencia dunha trama incendiaria nos incendios forestais de outubro de 2017 e trasladou a conclusión de que non se puidera concretar a existencia de tal trama senón que, igual que en 2006, os incendiarios actuaran en solitario baixo favorables condicións meteorolóxicas extremas. En todo caso, o fiscal superior explicou que era incuestionable a intencionalidade dos sinistros, constatada no 61% dos incendios investigados pola Fiscalía (os máis graves), aínda que os corpos policiais, como a Policía Autonómica e a Garda Civil, ou mesmo a propia Xunta de Galicia, elevaron ata un 87% a influencia humana nos incendios, unha porcentaxe indubidablemente elevada e preocupante.

A continuación incluímos dúas táboas explicativas de incendios forestais. A primeira refírese á última vaga incendiaria de outubro de 2017. A segunda recolle os datos do período de 1998 a 2017.

INCENDIOS FORESTAIS do 9 ao 15 de outubro de 2017								
Fonte: Garda Civil a través da Consellería de Medio Rural								
Período 9-15 outubro 2017/ Ano completo 2017	NÚMERO INCENDIOS		SUPERFICIE AFECTADA (HECTÁREAS)					
			Arboredo		Rasa		Total	
A CORUÑA	40	668	440,95	1.115,6	294,49	1.131,91	735,44	2247,51
LUGO	142	714	1.762,71	3.263,56	2.309,13	4.903,19	4.071,84	8166,75
OURENSE	90	1409	9.263,6	11.436,55	12.889,3	18.669,65	22.152,9	30106,2
PONTEVEDRA	80	757	14.188,76	14.575,75	5.894,63	6.475,21	20.083,39	21050,96
TOTAL GALICIA	352	3.548	25.656,02	30.391,46	21.387,56	31.179,96	470.43,57	61571,4

RESUMO DE VAGAS DE INCENDIOS FORESTAIS EN GALICIA (EN PERÍODOS PUNTA). PERÍODO 1998 A 2017			
FONTE: ELABORACIÓN PROPIA FISCALÍA			
ANO	NÚMERO DE INCENDIOS	NÚM. DÍAS	MEDIA INCENDIOS/DÍA
1998	3.080	12	256
2000	2.534	12	211
2000	1.592	12	132
2001	2.160	12	217
2002	2.493	12	207
2003	1.428	12	119
2004	1.422	12	118
2005	1.987	12	165
2006	1.911	12	159
2010	1.834	36	50
2011	1.499	18	83
2016	453	9	50
2017	352	7	50
CIFRAS MEDIAS EN PERÍODO	1.750	13,69	139,78

As precedentes táboas de datos permítennos facer o seguinte resumo explicativo da vaga incendiaria de outubro de 2017:

1) Durante só 7 días (do 9 ao 15 de outubro) producíronse un total de 352 incendios, cifra equivalente ao 9,92% do total no mesmo ano (3.548). Nese curto período, cunha media de 50 incendios diarios, á parte da irreparable perda de catro vidas humanas, resultou afectada un total de 25.656,02 hectáreas de arboredo, equivalente ao 84,42% da cifra total do ano (30.391,46), así como unha superficie rasa de 21.387,56 hectáreas (68,59% do total anual, 31.179,96).

2) Comparativa das vagas de 2017 e 2006. Aínda que as circunstancias meteorolóxicas en 2017 foron extremadamente duras, é o certo que tanto no número de incendios como nas hectáreas queimadas quedaron afortunadamente lonxe dos de 2006 (94.942), aínda que en ambos os dous casos se sufriu a perda irreparable de catro vidas humanas. Dous factores diferenciais singularizan os de 2017: dunha banda, a rapidez ou instantaneidade de propagación, e, doutra, que por primeira vez o fenómeno atacou de xeito total un núcleo urbano habitado da entidade da cidade de Vigo.

SECCIÓN 2.4. ÁREA ESPECIALIZADA DE ESTRANXEIRÍA

1. INTRODUCCIÓN

2. ESTATÍSTICA EN MATERIA DE ESTRANXEIRÍA

3. TEMAS E CUESTIÓNS VARIAS

1. INTRODUCCIÓN

1.1. O fenómeno da inmigración e a estranxeiría

Como apunta a Circular 2/2006, do 27 de xullo, da FXE, constitúe a inmigración un *fenómeno poliédrico*, de importancia cualitativa e cuantitativa, que suscita múltiples cuestións. É un proceso complexo con vertentes social, económica e especialmente humana, que existiu sempre na historia da humanidade, debido a distintos factores (ecolóxicos, económicos, bélicos etc.). Nas últimas décadas, este fenómeno e a súa diversa problemática foise incrementando exponencialmente, ao se dar nun mundo cada máis globalizado, interconectado e interdependente.

Os poderes públicos deben articular políticas de estranxeiría e migración axeitadas para afrontar os potenciais perigos (racismo, xenofobia, marxinalidade, explotación, delincuencia); e para que, no seu lugar, poida avanzarse cara á racionalización, integración, goce de dereitos en igualdade e recíproco beneficio. De feito, tanto a nivel internacional como europeo e estatal o dereito de estranxeiría e migratorio está experimentando unha continua evolución, creando un novo e complexo marco xurídico no que as estratexias de control de fronteiras, autorizacións de residencia e expulsións están en constante tensión cos distintos estándares normativos de dereitos humanos.

Polo que se refire a España, pódese afirmar que desde finais da primeira década do século XXI a inmigración se converteu nun fenómeno de gran relevancia demográfica e económica, xunto con outros compoñentes como son a fecundidade, a mortalidade e a emigración.

1.2. Rede de fiscais especialistas nas fiscalías de Galicia

ÁREA ESPECIALIZADA DE ESTRANXEIRÍA	
FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA	D. MIGUEL ARMENTEROS LEÓN (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado na FA de Ferrol, onde é fiscal xefe)
FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO	D ^a LUCÍA AGUADO VALCÁRCEL (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na ST de Monforte de Lemos)
FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE	D ^a . M ^a PILAR MANSO LÓPEZ (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP de Ourense)
FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	D ^a . SUSANA GARCÍA-BAQUERO BORRELL (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FA de Vigo. É fiscala xefa)
FISCAIS DE ENLACE/ ENCARGADOS	FP da Coruña: D. ^a ROSA SERRANO RAMALLO FP de Pontevedra: D. ^a MÓNICA GARCÍA GARCÍA Fiscalía de Área de Santiago: D. ^a PILAR FERNÁNDEZ PÉREZ

2. ESTATÍSTICA EN MATERIA DE ESTRANXEIRÍA

2.1. Estatística fiscal en materia de estranxeiría

A continuación recóllese unha exposición dos datos estatísticos do ano 2017 en materia de estranxeiría, tanto os totais de Galicia como os provinciais. Tales datos teñen a súa fonte nas estatísticas especializadas que, conforme o modelo estatístico oficial da FXE, elaboraron as fiscalías provinciais de Galicia.

2.1.1. Resumo xeral

■ Datos da actividade fiscal

- Intervencións fiscais en expulsións substitutivas, medidas preventivas de internamento en CIE e en relación con menores estranxeiros non acompañados (Menas)
 - Cifra total de intervencións: 236
 - Datos particulares das intervencións:
 - Intervencións fiscais en expulsións substitutivas no proceso penal: 56 (18 informes favorables á expulsión, 17 solicitudes en cualificación de expulsión, 4 solicitudes en sentenza, 11 en executoria, e outras 6 intervencións).j
 - Intervencións fiscais en medida cautelar de internamento en centros de internamento de estranxeiros (CIE): 29 (25 informes favorables e outros 4 desfavorables ao internamento).

- Intervencións fiscais en relación con menores estranxeiros non acompañados (Menas): 44 (9 decretos que determinan maioría de idade, 22 que determinan a minoría de idade e 13 decretos de arquivamento sen determinación).

■ Intervencións fiscais relacionadas con delitos en materia de estranxeiría (incoación de DIP, denuncias ou querelas interpostas e cualificacións formuladas en procedementos xudiciais).

- Cifra total de intervencións: 120

- Datos particulares das intervencións:

- DIP incoadas: 95 (13 por delitos de trata de seres humanos, 2 por delitos contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros, 40 por delitos contra os dereitos dos traballadores estranxeiros e 40 por delitos de prostitución coactiva).

- Denuncias ou querelas interpostas: 8 (3 por delitos de trata de seres humanos e 5 por delitos contra os dereitos dos traballadores estranxeiros).

- Cualificacións formuladas: 17 (3 por delitos contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros, 7 por delitos contra os traballadores estranxeiros e outras 7 por delitos de prostitución coactiva).

■ **Datos da actividade xudicial**

- Procedementos xudiciais incoados: 21 (4 por delitos de trata de seres humanos, outros 5 por delitos contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros, 6 por delitos contra os dereitos dos traballadores estranxeiros e 6 por delitos de prostitución coactiva).

- Sentenzas ditadas: 21 (10 por delitos de trata de seres humanos, 4 por delitos contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros e 7 por delitos de prostitución coactiva).

2.1.2. Exame detallado

■ Expulsións substitutivas no proceso penal

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. ESTRANXEIRÍA EXPULSIÓN SUBSTITUTIVAS NO PROCESO PENAL. DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)
INFORMES FAVORABLES Á APLICACIÓN DO Art. 57.7 LOES	15	0	1	2	18	51	-33 (-64,7%)
EXPULSIÓN SUBSTITUTIVA DE PENAS SOLICITADA EN CUALIFICACIÓN	0	8	8	1	17	50	-33 (-64,7%)
EXPULSIÓN SUBSTITUTIVA DE PENAS SOLICITADA EN SENTENZA	0	0	1	3	4	9	-5 (-55,5%)
EXPULSIÓN SUBSTITUTIVA DE PENAS SOLICITADA EN EXECUTORIA	3	2	0	6	11	27	-16 (-59,2%)
APLICACIÓN DA D.A. 17ª LO 19/2003	4	0	0	1	5	3	2 (66,6%)
INTERNAMENTOS EN CIE PARA EXPULSIÓN XUDICIAL CONFORME Art. 89.6 CP	1	0	0	0	1	32	-31 (-96,8%)
TOTAL INTERVENCIÓNS DE FISCAL	23	10	10	13	56	172	-116 (-67,4%)

■ O fiscal e a medida cautelar de internamento en centros de internamento de estranxeiros (CIE)

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. ESTRANXEIRÍA O FISCAL E A MEDIDA CAUTELAR DE INTERNAMENTO. DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
INFORMES FAVORABLES INTERNAMENTO CIE	0	16	7	2	25	47	-22 (-46,8%)
INFORMES DESFAVORABLES INTERNAMENTO CIE	0	0	0	4	4	2	2 (100%)
INSPECCIÓN DE CIE	0	0	0	0	0	0	0
TOTAL INTERVENCIÓNES DE FISCAL	0	16	7	6	29	49	-20 (-40,8%)

■ Menores non acompañados (Menas). Determinación da idade

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. ESTRANXEIRÍA MENORES ESTRANXEIROS NON ACOMPAÑADOS (MENAS). DETERMINACIÓN DA IDADE DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
DECRETOS QUE DETERMINAN MAIORÍA DE IDADE	4	0	0	5	9	9	0
DECRETOS QUE DETERMINAN MINORÍA DE IDADE	14	2	1	5	22	5	17 (340%)
DECRETO DE ARQUIVAMENTO SEN DETERMINACIÓN	7	0	5	1	13	0	13 (100%)
TOTAL INTERVENCIÓNES DE FISCAL	25	2	6	11	44	14	38 (214%)

■ Menores non acompañados (Menas). Repatriacións

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. ESTRANXEIRÍA MENORES ESTRANXEIROS NON ACOMPAÑADOS (Menas). REPATRIACIÓN. DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
REPATRIACIÓN INFORMADA FAVORABLEMENTE	0	0	0	0	0	0	0 (0%)
REPATRIACIÓN INFORMADA DESFAVORABLEMENTE	0	0	0	0	0	0	0 (0%)
RECURSOS INTERPOSTOS	0	0	0	0	0	0	0 (0%)
REPATRIACIÓN ACORDADA	0	0	0	0	0	0	0 (0%)
REPATRIACIÓN EXECUTADA	0	0	0	0	0	0	0 (0%)

■ Delitos de trata de seres humanos (art. 177 bis CP)

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. ESTRANXEIRÍA DELITOS DE TRATA DE SERES HUMANOS (Art. 177 BIS CP). DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN DE FISCALÍA INCOADAS	0	0	0	13	13	19	-6 (-31,5%)
DENUNCIAS OU QUERELAS INTERPOSTAS	0	0	0	3	3	0	3 (100%)
PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS	1	0	1	2	4	5	-1 (-20%)
CUALIFICACIÓN FORMULADA	0	0	0	0	0	3	-3 (-100%)
SENTENZAS DITADAS	8	0	0	2	10	2	8 (400%)
SUPOSTOS DE APLICACIÓN DO ART. 59 BIS LOES	9	0	1	20	30	2	28 (1400%)

■ Delitos contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros (art. 318 bis CP)

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. ESTRANXEIRÍA DELITOS CONTRA OS DEREITOS DOS CIDADÁNS ESTRANXEIROS (ART. 318 BIS CP) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN DE FISCALÍA INCOADAS	0	0	0	2	2	0	2 (100%)
DENUNCIAS OU QUERELAS INTERPOSTAS	0	0	0	0	0	0	0
PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS	0		3	2	5	7	-2 (-28,5%)
CUALIFICACIÓNS FORMULADAS	1	0	0	2	3	2	1 (50%)
SENTENZAS DITADAS	0	0	1	3	4	1	3 (300%)

■ Delitos contra os dereitos dos traballadores estranxeiros (art. 312.2 CP)

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. ESTRANXEIRÍA DELITOS CONTRA OS DEREITOS DOS TRABALLADORES ESTRANXEIROS (ART. 312.2 CP) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN DE FISCALÍA INCOADAS	0	0	27	13	40	57	-17 (-29,8%)
DENUNCIAS OU QUERELAS INTERPOSTAS	0	0	1	4	5	11	-6 (-54,5%)
PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS	0	0	2	4	6	9	-3 (-33,3%)
CUALIFICACIÓNS FORMULADAS	0	0	0	7	7	2	5 (250%)
SENTENZAS DITADAS	0	0	0	0	0	4	-4 (-100%)

■ Delitos de prostitución coactiva (art. 188 CP)

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. ESTRANXEIRÍA DELITOS DE PROSTITUCIÓN COACTIVA (ART. 188 CP) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN DE FISCALÍA INCOADAS	0	0	27	13	40	1	39 (3900%)
DENUNCIAS OU QUERELAS INTERPOSTAS	0	0	1	4	5	0	5 (100%)
PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS	0	0	2	4	6	3	3 (100%)
CUALIFICACIÓNS FORMULADAS	0	0	0	7	7	1	6 (100%)
SENTENZAS DITADAS	0	0	0	0	0	1	-1 (-100%)

3. TEMAS E CUESTIÓNS VARIAS


■ Poboación estranxeira en Galicia

Exposición de datos

Os datos que seguen son de elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) e tomados, á súa vez, do Instituto Nacional de Estatística, INE (padrón de habitantes).

POBOACIÓN ESTRANXEIRA EN GALICIA - PERÍODO 2008-2017 (ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE DATOS DO INE e IGE)							
ANO	POBOACIÓN TOTAL	VARIACIÓN INTERANUAL	POBOACIÓN ESTRANXEIRA	VARIACIÓN INTERANUAL	% NA CIFRATOTAL POBOACIÓN	HOMES ESTRANXEIROS	MULLERES ESTRANXEIRAS
2008	2.784.169		95.568		3,43%	47.849	47.719
2009	2.796.089	11.920 (-0,43%)	106.637	11.069 (11,58%)	3,81%	53.721	52.916
2010	2.797.653	1.564 (0,06%)	109.670	3.033 (2,84%)	3,92%	55.223	54.447
2011	2.795.422	-2.231 (-0,80%)	110.468	798 (0,73%)	3,95%	55.606	54.862
2012	2.781.498	-13.924 (-0,50%)	112.183	1.715 (1,55%)	4,03%	56.865	55.318
2013	2.765.940	-15.558 (0,56%)	109.978	-2.205 (-1,96%)	3,98%	55.389	54.573
2014	2.748.695	-17.245 (-0,62%)	98.245	-11.733(- 10,67%)	3,57%	49.241	49.004
2015	2.732.347	-16.348 (-0,59%)	90.641	-7.604 (-7,74%)	3,32%	45.236	45.405
2016	2.718.525	-13.822 (-0,50%)	87.966	-2.675 (-2,95%)	3,23%	43.453	44.513
2017	2.708.339	-10.186 (-0,37%)	87.169	-777 (-0,88%)	3,22%	42.951	44.238
CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2008-2017	2.762.868		100.853		3,65%	50.553	50.300

POBOACIÓN EXTRANXEIRA EN GALICIA EVOLUCIÓN PERÍODO 2008-2017



Análise de datos

É Galicia unha comunidade autónoma azoutada por unha auténtica sangría demográfica, como o demostra que no ano 2017 perdeuse (segundo o censo do padrón de habitantes) 10.186 habitantes (-13.822 o ano anterior), cun descenso interanual de -0,37% (0,50% o ano anterior). Ese descenso demográfico é de -75.830 (-2,72%) entre o inicio e o final do período 2008-2017.

Ao longo do mesmo período, a media anual de poboación estranxeira é de 100.853, cunha porcentaxe do 3,65% no total equivalente de poboación de Galicia (2.762.868).

Durante algún tempo da xa denominada Gran Crise, iniciada en 2008, a perda de poboación foi compensada coa chegada de inmigrantes. E así veu acontecendo desde 2009 a 2012, inclusive (con aumentos interanuais de 11,58%, 2,84%, 0,73% e 1,55%). Non obstante, a partir de 2013, rexistrouse unha caída desta poboación foránea, cun lixeiro descenso de -1,96%, continuado nos posteriores anos 2014 a 2017, con descensos progresivamente menores (-10,67%, -7,74%, -2,95% e 0,88%).

En 2017 a poboación estranxeira situouse nun total de 87.189, cun leve descenso interanual de -777 (-0,88%) e unha porcentaxe do 3,22% no total da poboación de Galicia (2.708.339), distribuída entre 42.951 homes e 44.238 mulleres. Interesa salientar que, do total de poboación de nacionalidade estranxeira, 4.476 persoas naceron en España (2.312 homes e 2.164 mulleres), mentres que os restantes 82.713 naceron no estranxeiro.

Outro dato relevante é que en 2017 tiñan nacionalidade española un total de 132.273 persoas que naceran no estranxeiro (60.213 homes e 72.060 mulleres), o que supón en 2017 unha significativa porcentaxe do 4,88% da cifra total de poboación galega, superior á cifra equivalente de 103.108 en 2008 (3,70% de toda a poboación).

SECCIÓN 2.5. ÁREA ESPECIALIZADA DE SEGURIDADE VIARIA

1. INTRODUCCIÓN

2. ESTATÍSTICA EN MATERIA DE SEGURIDADE VIARIA

3. TEMAS E CUESTIÓNS VARIAS

1. INTRODUCCIÓN

1.1. O fenómeno da sinistralidade viaria

Constitúe a xeneralización do transporte e do tráfico viario —como indicamos en memorias de anos anteriores— un dos signos propios da moderna sociedade tecnolóxica e totalizada e expresión do exercicio da liberdade de circulación.

Distintos estudos evidencian que o fenómeno da sinistralidade asociada ao tráfico viario, a sinistralidade viaria, traducida en mortes, lesións, discapacidades e danos materiais, representa un problema socioeconómico e de saúde de primeira orde, caracterizado por unha enorme complexidade derivada da gran diversidade de factores que nel interveñen. Ao se realizar de forma masiva e simultánea, o tráfico viario esixe a intervención dos poderes públicos para que se garanta a seguridade viaria, entendida como o conxunto de accións tendentes a garantir unha mobilidade sostible e segura, concepto clave no que veñen traballando a Unión Europea e distintos organismos internacionais e que se asenta en cinco eixes básicos: ecoloxía, seguridade, universalidade, competitividade e saúde.

A elevada sinistralidade viaria veu sendo obxecto de preocupación especial desde comezos do presente século XXI nos contextos internacional, europeo e estatal, así como a nivel autonómico de Galicia. Froito desa preocupación foi a elaboración de diversos plans estratéxicos en materia de seguridade viaria, tendentes a impulsar e coordinar as iniciativas de todos os axentes implicados (políticos, económicos e sociais). Os ditos plans adoitan xirar sobre tres piares básicos, que son o comportamento humano, as infraestruturas viarias e os vehículos, xunto coa regulación normativa, e oriéntanse ao logro da mencionada mobilidade sustentable e segura.

A nivel europeo cabe destacar o Programa de seguridade viaria 2011-2020 da Unión Europea (aprobada pola Comisión o 20.07.2010). Persegue o ambicioso obxectivo de reducir á metade a cifra de mortes en accidentes de estrada en Europa na década da súa vixencia. O programa presenta unha combinación de iniciativas nacionais e europeas centradas na mellora da seguridade dos vehículos e das infraestruturas, así como do comportamento dos usuarios da vía pública.

Cifras clave que fundamentan a dimensión e importancia da seguridade viaria:

- 1) Mortes. A SV é un tema social importante. En 2009 morreron nas estradas da Unión Europea máis de 35.000 persoas, é dicir, o equivalente dunha cidade mediana.
- 2) Lesións graves. Por cada vítima mortal das estradas europeas calcúlase que hai catro feridos con lesións que producen discapacidade permanente —tales como danos no cerebro ou na medula espiñal—, dez feridos graves e corenta leves.
- 3) Custo económico. Supón para a sociedade un importe de 130.000 millóns de euros ao ano.

Os obxectivos estratéxicos do programa europeo de SV son os seguintes:

- 1) Mellora das medidas de seguridade dos vehículos.
- 2) Construción de infraestruturas viarias máis seguras.
- 3) Impulso da tecnoloxía intelixente.
- 4) Mellora da educación e da formación dos usuarios das estradas.
- 5) Mellora do cumprimento das normas.
- 6) Redución do número de lesións e mortes nos accidentes nas estradas.
- 7) Atención a motocicletas e outros vehículos de dúas rodas.

A nivel estatal, en liña coa referida estratexia europea, contamos coa Estratexia de Seguridade Viaria 2011-2020. O documento propón un camiño cara a unha mobilidade sostible orientada sobre cinco eixes: mobilidade ecolóxica, mobilidade segura, mobilidade universal, mobilidade competitiva e mobilidade saudable. Os obxectivos prioritarios que se formulan son os seguintes:

- 1) Protección dos usuarios máis vulnerables (nenos, mozos, maiores, peóns, ciclistas).
- 2) Potenciar unha mobilidade segura en zona urbana.
- 3) Mellorar a seguridade dos motociclistas.
- 4) Mellorar a seguridade nas estradas convencionais.
- 5) Mellorar a seguridade nos desprazamentos relacionados co traballo (relacionados cos accidentes laborais *in itinere* ou accidentes laborais “en misión”).
- 6) Mellorar os comportamentos relacionados coa velocidade da condución (consumo alcohol/drogas).

A nivel autonómico, conforme ás liñas das estratexias europea e estatal, contamos co Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020.

1.2. Rede de fiscais especialistas en seguridade viaria (SV) nas fiscalías de Galicia

ÁREA ESPECIALIZADA DE SEGURIDADE VIARIA	
FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA	D. ^a M. ^a EUGENIA LÓPEZ ARIAS (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP da Coruña)
FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO	D. ^a NURIA FERNÁNDEZ PÉREZ (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE	D. ^a ANA DELGADO PÉREZ-ÍÑIGO (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP de Ourense)
FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	D. CARLOS GIL GARCÍA (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL E AUTÓNOMICO, destinado na FA de Vigo, da que é fiscal xefe)
FISCAIS DE ENLACE/ENCARGADOS	FP de Pontevedra: D. ^a ENMA DOVAL PÉREZ FA de Santiago: D. JORGE FERNÁNDEZ DE ARANGUIZ

2. ESTATÍSTICA EN MATERIA DE SEGURIDADE VIARIA

A continuación recóllense, de forma sistematizada, os datos das estatísticas fiscais provinciais nesta área de seguridade viaria. Tales datos céntranse nos delitos asociados aos procedementos xudiciais penais relativos á seguridade viaria (delitos incoados, cualificados e sentenciados).

2.1. Resumo xeral dos delitos contra a SV

- *Delitos incoados*: 7.163, cun leve aumento interanual de 9 (0,12%) e unha porcentaxe do 8,29% do total de delitos incoados en Galicia (86.370).
- *Delitos cualificados*: 4.539, cun apreciable descenso de -958 (-17,43%) e unha elevada porcentaxe do 30,81% no total de delitos cualificados (14.733), así como unha porcentaxe de máis de 2/3 (63,37%) respecto da cantidade equivalente de incoados.
- *Delitos sentenciados*: 5.646, cun leve descenso de -14 (-0,25%) e un 40,26% respecto do total de delitos sentenciados (14.023).

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA (SV) RESUMO XERAL PERÍODO 2008-2016. DATOS TOTAIS DE GALICIA			
ANO	DELITOS INCOADOS SV	DELITOS CUALIFICADOS SV	DELITOS SENTENCIADOS SV
2008	8.930	6.064	5.415
2009	10.566	6.294	7.726
2010	8.357	6.700	5.822
2011	11.104	7.600	7.988
2012	9.840	10.049	7.739
2013	8.793	7.051	6.586
2014	8.658	7.466	6.188
2015	7.001	5.379	5.812
2016	7.154	5.497	5.660
2017	7.163	4.539	5.646
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	9 (0,12%)	-958 (-17,43%)	-14 (-0,25%)
PORCENTAXE NO TOTAL GALICIA 2017 DE DELITOS INCOADOS, CUALIFICADOS OU SENTENCIADOS	8,29%% Do total de 86.370 delitos incoados	30,81% Do total de 14.733 delitos cualificados	40,26% Do total de 14.026 delitos sentenciados
CIFRA MEDIA ANUAL NO PERÍODO 2008-2017	8.757	6.664	6.458

DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIAL EN GALICIA RESUMO ANO 2017

(DELITOS INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS)


DELITOS INCOADOS	7.163
DELITOS CUALIFICADOS	4.539
DELITOS SENTENCIADOS	5.646

2.2. Exame dos delitos incoados contra a SV

■ Datos xerais de delitos incoados no período 2008-2017

No seguinte gráfico móstrase a evolución das cifras de delitos incoados contra a SV nas provincias de Galicia neste período. A media anual foi de 8.757, o que supón unha porcentaxe media de 4,68% na cantidade media anual de delitos incoados durante igual período (187.168). Entre o inicio e o final do ciclo rexistrouse un apreciable descenso de -1.767 (-19,79%). O punto álxido estivo no ano 2011, con 11.104; a partir de aí houbo un marcado descenso gradual e acumulado ata 2017 de -3.941 (35,49%).

**DELITOS INCOADOS CONTRA A SEGURIDADE VIAL
RESUMO PERÍODO 2008-2017**



- Procedemento con maior porcentaxe na incoación de delitos contra a SV no período 2008-2017

É o procedemento de dilixencias urxentes de xuízo rápido (DU), cunha cifra media anual de 6.134 delitos, equivalente a unha porcentaxe do 70,05 % na cantidade media anual de delitos incoados na materia (8.757). Ademais, estes 6.134 delitos incoados en DU equivalen ao 67,36% da cantidade media anual de delitos incoados no dito procedemento (9.374), o que confirma a preeminencia dos xuízos rápidos para o axuizamento dos delitos contra a seguridade viaria (art. 795.1.2ª LACrim).

■ Datos de delitos incoados en 2017

Exposición de datos

- Datos xerais e particulares por tipo de procedemento e delito

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA DELITOS INCOADOS: DATOS POR PROVINCIAS							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	2017	2016	V.I.
DELITOS	2.793	723	907	2.740	7.163	7.154	⁹ (0,12%)
CONDUCIÓN CON VELOCIDADE SUPERIOR Á REGULAMENTARIA (ART. 379.1 CP)	7	13	5	31	56	55	¹ (1,81%)
CONDUCIÓN BAIXO INFLUENCIA ALCOHOL/DROGAS (ART. 379.2 CP)	1.816	436	537	1.576	4.365	4.401	⁻³⁶ (-0,82%)
CONDUCIÓN TEMERARIA (ART. 380 CP)	83	34	18	99	234	232	² (0,86%)
CONDUCIÓN CON DESPREZO POLA VIDA DOS DEMAIS (ART. 381 CP)	4	0	1	0	5	1	⁴ (400%)
NEGATIVA Á REALIZACIÓN PROBAS ALCOHOL/DROGAS (ART. 383 CP).	44	17	28	75	164	167	⁻³ (-1,80%)
CONDUCIÓN SEN LICENZA/ PERMISO (ART. 384 CP)	816	216	314	948	2.294	2.250	⁴⁴ (1,95%)
CREACIÓN DOUTROS RISCOS PARA A CIRCULACIÓN (ART. 385 CP)	23	7	4	11	45	48	⁻³ (-6,25%)
V.I.	-136 (-4,64%)	31 (4,48%)	61 (7,21%)	53 (1,97%)	9 (0,12%)		
%	38,99%	10,09%	12,66%	38,25%	100%		

Análisis de datos

■ Datos xerais do ano 2017

Segundo a estatística fiscal deste ano, consta a cifra total de 7.163 delitos incoados contra a SV en Galicia, cun leve aumento interanual de 9 (0,12%) e unha porcentaxe do 8,29% do total de delitos incoados (86.370). É o terceiro grupo de delitos incoados cuantitativamente máis representativo (despois dos grupos de lesións e de patrimoniais). Pode dicirse que en 2017 case 0,8 de cada 10 delitos incoados foron en materia de SV.

A seguir realízase unha distribución desa cifra total por procedementos, por tipo de procedemento, por tipo de delito e por provincias.

■ Datos particulares por tipo de procedemento

1º DU: 4.918 delitos, cun leve aumento interanual de 129 (2,69%) e unha porcentaxe de máis de 2/3 (68,66%) no total dos delitos incoados na materia (7.163), así como de case 2/3 (61,11%) no total de delitos incoados a través deste procedemento en Galicia (8.048). Confírmase así, unha vez máis, a preeminencia deste procedemento urgente para o axuízamento de delitos contra a SV (art. 795.1.2ª LACrim).

2º DP: 1.434 delitos, cun lixeiro descenso de -35 (-2,38%) e unha porcentaxe do 20,02% no total de delitos incoados por SV, así como de só 1,88% no total de delitos incoados na comunidade autónoma por esa vía procedemental (76.179).

3º PA: 896 delitos, cun lixeiro descenso de -85 (-9,49%) e unha porcentaxe do 11,32% no total de delitos incoados na materia, así como de 10,55% no total de delitos incoados en Galicia a través desta canle procedemental (8.495).

■ Datos particulares por tipos de delitos concretos

1º Condución baixo a influencia de alcohol/drogas: 4.365 ilícitos, cun leve descenso interanual de -36 (-0,82%) e unha porcentaxe do 60,94% no total de delitos incoados por SV (7.163), así como dun 5,05% da cifra total de delitos incoados en toda Galicia (86.370), polo que é un dos tipos de delitos incoados máis representativos cuantitativamente (o sexto).

2º Condución sen licenza/permiso: 2.294, cun descenso de -44 (-1,95%) e unha porcentaxe do 32,02% no total de delitos incoados por SV, así como do 2,66% no total de delitos incoados, polo que é tamén un dos tipos de delito incoados máis representativo cuantitativamente (o noveno).

3º) Condución temeraria: 234, aumento de 2 (0,86%) e unha porcentaxe do 3,27% do total referido.

4º) Negativa á realización de probas alcohol/drogas: 164, cun descenso de -3 (-1,80%) e unha porcentaxe de só o 2,29%.

5º) Condución con velocidade superior á regulamentaria: 56, cun aumento de 1 (1,81%) e unha ínfima porcentaxe de só o 0,78%.

6º) Creación doutros riscos para a circulación: 45, cun descenso de -3 (-6,25%) e unha porcentaxe de só o 0,63%.

7º) Condución con desprezo pola vida dos demais: 5, cun aumento de 4 (400%) e unha porcentaxe de só o 0,07%.

-Observacións finais. En calquera caso, cómpre ter en conta que a cifra total de delitos incoados contra a SV ten que ser debidamente interpretada e ponderada. O número real de delitos incoados (asociados a incoación procedementa) é, seguramente, algo inferior ao reflectido, ano a ano, nas estatísticas, debido ás transformacións procedementais. Isto acontece sempre cando, tras a preceptiva incoación a través da canle procedementa das DU (art. 795.1.2ª LACrim), se produce a transformación en DP (art. 798.2.º LACrim). En tales casos, un mesmo delito deu lugar a varios procedementos incoados: DU, DP e PA. Conforme á estatística fiscal, no ano 2017, consta a cifra de 964 transformacións de DU en DP. Tendo en conta que, segundo o exposto, preto de 2/3 (61,11%) das DU incoadas se refiren a delitos contra a seguridade viaria, unha lóxica extrapolación de datos permitiríanos dicir que outro tanto desas 964 transformacións serían en materia de SV, é dicir, uns 589 delitos, co cal a cifra real de delitos incoados se situaría arredor dos 6.574 (7.163 - 589).

■ Datos particulares por provincias

1º) A Coruña: 2.793 delitos, cun lixeiro descenso interanual de -136 (-4,64%) e unha porcentaxe do 38,99% no total de delitos incoados por SV en Galicia.

2º) Pontevedra: 2.740 delitos, cun aumento de 53 (1,97%) e unha porcentaxe do 38,25%.

3º) Ourense: 907, cun aumento de 61 (7,21%) e unha porcentaxe do 12,66%.


4º) Lugo: 723, cun aumento de 31 (4,48%) e unha porcentaxe do 10,09%.

2.3. Exame dos delitos cualificados contra a SV

■ Datos xerais de delitos cualificados no período 2008-2017

- No seguinte gráfico móstrase a evolución das cifras de delitos cualificados contra a SV nas provincias de Galicia no mencionado período. A cifra media anual foi de 6.664, o que supón unha alta porcentaxe media de 40,98% na cifra media anual de delitos cualificados en Galicia durante igual período (16.263). Entre o inicio e o final do ciclo rexistrouse un apreciable descenso de -1.525 (-25,15%). O punto álxido estivo no ano 2012, con 10.049; a partir de aí houbo unha tendencia ao descenso, con algunhas oscilacións. Partindo de 2012, en 2017 produciuse un marcado descenso acumulado de -5.510, equivalente a máis da metade (-54,83%).


DELITOS CUALIFICADOS CONTRA A SEGURIDADE VIAL
GALICIA - RESUMO PERÍODO 2008-2017



- Procedemento con maior porcentaxe na cualificación de delitos contra a SV no período 2008-2017

É o procedemento de DU, cunha cifra media anual de 5.778 delitos, equivalente a unha porcentaxe do 86,70% na cifra media anual de delitos cualificados na materia (6.664). Ademais, esta media anual de 6.664 delitos cualificados en DU equivale ao 93,17% da media anual de delitos cualificados no dito procedemento (7.112), o que confirma a preeminencia dos xuízos rápidos para o axuizamento dos delitos contra a SV (art. 795.1.2ª LACrim).

DELITOS CUALIFICADOS CONTRA A SEGURIDADE VIAL
EN DILIXENCIAS URXENTES - GALICIA - RESUMO PERÍODO 2008-2017



■ Datos de delitos cualificados en 2017

Exposición de datos

- Datos xerais e particulares por tipo de procedemento e delito

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA DELITOS CUALIFICADOS DATOS TOTAIS DE GALICIA POR TIPO DE PROCEDEMENTO E DE DELITO								
	DU	PA	SU	PX	2017	2016	V.I.	% 2017
DELITOS	3.708	831	0	0	4.539	5.497	-958 (-17,43%)	100%
CONDUCIÓN CON VELOCIDADE SUPERIOR Á REGULAMENTARIA (ART. 379.1 CP)	38	7	0	0	45	27	18 (66,67%)	0,99%
CONDUCIÓN BAIXO A INFLUENCIA DE ALCOHOL/DROGAS (ART. 379.2 CP)	1.978	411	0	0	2.389	3.423	-1034 (-30,21%)	52,63%
Particularmente salientable é a incidencia das TIC en determinadas áreas delituosas, como os delitos patrimoniais, os delitos de odio e discriminación, os delitos contra a liberdade (inxurias e calumnias), a delincuencia contra menores ou contra mulleres. Tampouco hai que esquecer os delitos cometidos por menores a través das redes informáticas (ciberacoso, violencia de xénero...).

A pesar da complexidade que representa o control da ciberdelincuencia, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado están moi preparadas para perseguir este tipo de delitos, se ben contan cunha escasa dotación de medios e teñen que adaptarse a esta problemática cambiante modificando tamén a súa metodoloxía de persecución e investigación. Para iso, dentro do Corpo Nacional de Policía creáronse Brigadas Especializadas en Investigación Tecnolóxica e Seguridade Informática, e dentro da Garda Civil, o Grupo de Delitos Telemáticos.

Para a persecución da actual ciberdelincuencia resultan inadecuados e insuficientes os medios de investigación tradicionais. A denominada *proba electrónica* resulta esencial para a investigación e persecución das diversas modalidades de cibercrime. Tanto os órganos xudiciais como as fiscalías e as Forzas e Corpos de Seguridade públicos deben dispoñer de suficientes recursos humanos, materiais e tecnolóxicos, así como dun apoio legal axeitado. Neste sentido, a última reforma da LACrim en virtude da Lei orgánica 13/2015, do 5 de outubro para o fortalecemento das garantías procesuais e a regulación das medidas de investigación tecnolóxica, proporciona unha apropiada base normativa para afrontar os novos retos.

A Instrución 2/2011 da FXE, do 11 de outubro, ocupouse da regulación desta especialidade ao redor da figura do novo fiscal de Sala de Criminalidade Informática —creado polo RD 1735/2010— e das seccións de criminalidade informática das fiscalías. A delincuencia informática ou ciberdelincuencia caracterízase esencialmente por englobar unha ampla gama de comportamentos ilícitos cun factor común tecnolóxico, a utilización das TIC, as tecnoloxías da información e as comunicacións (informática, telemática...), as cales, á súa vez, mostran unha capacidade exponencial de crecemento e modificación. Debido a esa variedade e amplitude, xunto ao referido elemento tecnolóxico, outra das características dos delitos informáticos é que, a nivel de tipificación penal, non se encontran sistematizados no Código penal, senón que se achan dispersos ao longo de diferentes títulos da súa parte especial.

A mencionada Instrución 2/2011 FXE refírese aos delitos que integran o ámbito obxectivo da área de criminalidade informática e realiza un «catálogo inicial de delitos» aos que se estende o marco competencia da área, e que estrutura en tres bloques, dentro dos cales se inclúen os tipos de delito concretos que logo se recollen na epígrafe de «estadística fiscal»: A LO 1/2015, do 30 de marzo, de reforma do CP, afectou a moitos destes tipos, o que se traduciu nuns novos cadros estatísticos que gardan pouca relación cos de anos anteriores. A instrución, para facilitar o labor interpretativo, recolle unha clasificación dos delitos informáticos sobre a base de tres criterios.

- Delitos nos que o obxecto da actividade delituosa son os propios sistemas informáticos ou as TIC. Neste bloque podemos incluír o delito de danos (arts. 264 e ss. CP), o de descubrimento e revelación de segredos contra particulares ou empresas (arts. 197 e 278), así como os delitos contra os servizos de radiodifusión ou interactivos (art. 286).
- Delitos nos que a actividade criminal se serve para a súa execución das vantaxes que ofrecen as TIC. Neste apartado teñen cabida delitos como a «estafa informática» ou cometida con medios TIC (arts. 248 e 249); o delito de acoso a menores de 16 anos (art. 183 ter); os delitos relativos a pornografía infantil ou a persoas con discapacidade necesitadas de especial protección (art. 189); ou os delitos contra a propiedade intelectual na sociedade da información (arts. 270 e ss.).
- Delitos nos que a actividade criminal, ademais de servirse para a súa execución das vantaxes que ofrecen as TIC, entraña especial complexidade na súa investigación, que demanda coñecementos específicos na materia. Neste grupo teñen cabida os delitos de falsificación documental (arts. 390 e ss.), os delitos contra o honor (arts. 211 e ss.), os delitos de ameazas e coaccións (arts. 169 e ss. e 172 e ss.), os delitos contra a integridade moral (art. 173.1), os delitos de apoloxía ou incitación á discriminación, o odio e a violencia (art. 510).

A nivel europeo abórdouse esta delincuencia mediante a creación dun Centro Europeo do Cibercrime, que forma parte da estrutura da Europol, con sede na Haia. A nivel internacional, o texto xurídico de referencia é o Convenio sobre a Ciberdelincuencia, feito en Budapest o 23 de novembro de 2001, ratificado por España mediante instrumento do 20.05.2010 (publicado no BOE do 17.09.2010).

Por último, non debe esquecerse a posible incidencia que na área da delincuencia informática poida ter a entrada en vigor e plena aplicabilidade, o día 25.05.2018, do novo Regulamento europeo de protección de datos (Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos). Mentres tanto e de forma paralela segue o seu curso a tramitación no Congreso dos Deputados do Proxecto de Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal (BOCG 24.11.2017), que pretende a adaptación, a ese novo marco normativo da Unión Europea, da anterior LO 15/1993, do 13 de decembro.

1.2. Rede de fiscais especialistas nas fiscalías de Galicia

ÁREA ESPECIALIZADA DE DELINCUENCIA INFORMÁTICA	
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D. LUIS VÁZQUEZ SECO (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado na FP da Coruña, onde tamén é FISCAL RESPONSABLE SIMF)
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D. JOSÉ-LUIS ÁLVAREZ GARCÍA (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	D. FLORENTINO DELGADO AYUSO (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado na FP de Ourense, da que é FISCAL-XEFE)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D ^a . REBECA CORDEIRO VILLAR (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FA de Vigo)
FISCAIS DE ENLACE	Fiscalía Provincial de Pontevedra: D ^a . REBECA RODRÍGUEZ SUÁREZ

2. ESTATÍSTICA EN MATERIA DE DELINCUENCIA INFORMÁTICA

A continuación recóllense, de forma sintetizada e sistematizada, os datos das estatísticas fiscais provinciais neste área de delincuencia informática. Digamos tamén que o Ministerio do Interior conta cun portal estatístico web no que se recolle unha minuciosa estatística de cibercriminalidade ²⁸. Na epígrafe 3 facemos breve referencia aos últimos datos coñecidos.

Como resumo anticipatorio, digamos que a estatística fiscal de 2017 revela, unha vez máis, que o delito informático cuantitativamente máis representativo segue sendo o da estafa informática, a cometida a través de TIC (artigo 172 CP), cuxos datos porcentuais son os seguintes: a) en canto á actividade fiscal, 76,66% dos delitos asociados ás DIP incoadas e 54,92% dos asociados ás cualificacións fiscais; e b) en canto á actividade xudicial, 77,37% dos delitos asociados aos procedementos incoados (delitos incoados) e 33,08% dos delitos asociados ás sentenzas (delitos sentenciados).

Aínda que con pouco peso na estatística de momento, si teñen moita relevancia criminolóxica e social outros delitos: o delito de *ciberstalking* ou acoso a través das TIC (art. 172 CP), en particular o *ciberstalking* ou acoso a menores de 16 anos a través das TIC, configurado tamén como *online child grooming*, delito de preparación *on line* de menores con fins sexuais (art. 183 ter CP), ou o delito de pornografía relativo a menores ou persoas discapacitadas cometidos a través das TIC (art. 189 CP).

2.1. Estatística da actividade fiscal: dilixencias de investigación penal (DIP) e cualificacións fiscais.

■ Procedementos fiscais: DIP incoadas e rematadas

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. DELINCUENCIA INFORMÁTICA DIP INCOADAS E REMATADAS (POR ARQUIVAMENTO E XUDICIALIZACIÓN). DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)
DIP INCOADAS	20	0	8	2	30	13	17 (130,7%)
DIP REMATADAS	20	0	7	3	30	12	18 (150%)
DIP REMATADAS POR ARQUIVAMENTO	14	0	4	3	21	7	14 (200%)
DIP REMATADAS POR XUDICIALIZACIÓN (DENUNCIA OU QUERELA FISCAL)	6	0	3	0	9	5	4 (80%)

■ Delitos asociados a incoación de DIP

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. DELINCUENCIA INFORMÁTICA DIP INCOADAS (DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS Á SÚA INCOACIÓN) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA					
DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS A INCOACIÓN DE DIP		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
DELITOS CONTRA A LIBERDADE	AMEAZAS E COACCIÓNS A TRAVÉS DAS TIC (ARTS. 169 E SS. E 172 E SS. CP)	4	0	0	0
	ACOSO COMETIDO A TRAVÉS DAS TIC (ART. 172 TER)	1	0	0	0
DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL	TRATO DEGRADANTE COMETIDO A TRAVÉS DAS TIC (Art. 173)	0	0	0	0
DELITOS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL	DELITOS DE PORNOGRAFÍA INFANTIL OU PERSOAS CON DISCAPACIDADE COMETIDOS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 189)	0	0	0	0
	ACOSO A MENORES DE 16 ANOS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 183 TER)	0	0	0	0
	CALQUERA OUTRO DELITO CONTRA A LIBERDADE SEXUAL COMETIDO A TRAVÉS DAS TIC	0	0	0	0
DELITOS CONTRA A INTIMIDADE	ATAQUES A SISTEMAS INFORMÁTICOS/ INTERCEPTACIÓN TRANSMISIÓN DATOS (ART. 197 BIS E TER)	0	0	0	0
	DESCUBRIMENTO E REVELACIÓN DE SEGREDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 197)	0	0	0	0
DELITOS CONTRA O HONOR	CALUMNIAS/INXURIAS CONTRA FUNCIONARIO OU AUTORIDADE COMETIDAS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 215)	0	0	1	0
DELITOS CONTRA O PATRIMONIO	ESTAFA COMETIDA A TRAVÉS DAS TIC (ARTS. 248 Y 249)	15	0	6	2
	DESCUBRIMENTO DE SEGREDOS EMPRESARIAIS (ARTS. 278 E SS.)	0	0	0	0
	DELITOS CONTRA SERVIZOS DE RADIODIFUSIÓN E INTERACTIVOS (ART. 286)	0	0	0	0
	DELITOS DE DANOS INFORMÁTICOS (ARTS. 264, 264 BIS E 264 TER)	0	0	0	0
	DELITOS CONTRA PROPIEDAD INTELLECTUAL EN SOCIEDADE INFORMACIÓN (ARTS. 270 E SS.)	0	0	0	0
DELITOS DE FALSIDADE	FALSIFICACIÓN A TRAVÉS DAS TIC	0	0	1	0
DELITOS CONTRA A CONSTITUCIÓN	DELITOS DE DISCRIMINACIÓN COMETIDOS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 510)	0	0	0	0
CIFRA TOTAL		20	0	8	2
PORCENTAXE DO TOTAL		66,66%	0%	26,66%	6,66%

Continúa na páxina seguinte

DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS A INCOACIÓN DE DIP		GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.	% 2017
DELITOS CONTRA A LIBERDADE	AMEAZAS E COACCIÓNS A TRAVÉS DAS TIC (ARTS. 169 E SS. E 172 E SS. CP)	4	0	4 (100%)	13,33%
	ACOSO COMETIDO A TRAVÉS DAS TIC (ART. 172 TER)	1	0	1 (100%)	3,33%
DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL	TRATO DEGRADANTE COMETIDO A TRAVÉS DAS TIC (Art. 173)	0	0	0	0%
DELITOS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL	DELITOS DE PORNOGRAFÍA INFANTIL OU PERSOAS CON DISCAPACIDADE COMETIDOS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 189)	0	1	-1 (-100%)	0%
	ACOSO A MENORES DE 16 ANOS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 183 TER)	0	0	0	0%
	CALQUERA OUTRO DELITO CONTRA A LIBERDADE SEXUAL COMETIDO A TRAVÉS DAS TIC	0	1	-1 (-100%)	0%
DELITOS CONTRA A INTIMIDADE	ATAQUES A SISTEMAS INFORMÁTICOS/ INTERCEPTACIÓN TRANSMISIÓN DATOS (ART. 197 BIS E TER)	0	0	0	0%
	DESCUBRIMENTO E REVELACIÓN DE SEGREDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 197)	0	6	-6 (-100%)	0%
DELITOS CONTRA O HONOR	CALUMNIAS/INXURIAS CONTRA FUNCIONARIO OU AUTORIDADE COMETIDAS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 215)	1	0	1 (100%)	3,33%
DELITOS CONTRA O PATRIMONIO	ESTAFA COMETIDA A TRAVÉS DAS TIC (ARTS. 248 Y 249)	23	2	21 (1050%)	76,66%
	DESCUBRIMENTO DE SEGREDOS EMPRESARIAIS (ARTS. 278 E SS.)	0	0	0	0%
	DELITOS CONTRA SERVIZOS DE RADIOFUSIÓN E INTERACTIVOS (ART. 286)	0	0	0	0%
	DELITOS DE DANOS INFORMÁTICOS (ARTS. 264, 264 BIS E 264 TER)	0	1	-1 (-100%)	0%
	DELITOS CONTRA PROPIEDAD INTELLECTUAL EN SOCIEDADE INFORMACIÓN (ARTS. 270 E SS.)	0	0	0	0%
DELITOS DE FALSIDADE	FALSIFICACIÓN A TRAVÉS DAS TIC	1	0	1 (100%)	3,33%
DELITOS CONTRA A CONSTITUCIÓN	DELITOS DE DISCRIMINACIÓN COMETIDOS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 510)	0	2	-2 (-100%)	0%
CIFRA TOTAL		30	13	17 (130,7%)	
PORCENTAXE DO TOTAL		100%			

■ Cualificacións fiscais (delitos asociados)

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. DELINCUENCIA INFORMÁTICA CUALIFICACIÓN FISCAL (DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA									
DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS A CUALIFICACIÓN		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.	% 2017
DELITOS CONTRA LIBERDADE	AMEAZAS E COACCIÓN A TRAVÉS DAS TIC (ARTS. 169 E SS. E 172 E SS. CP)	0	0	1	0	1	5	-4	1,40%
	ACOSO COMETIDO A TRAVÉS DAS TIC (ART. 172 TER)	1	0	0	0	1	1	0	1,40%
DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL	TRATO DEGRADANTE COMETIDO A TRAVÉS DAS TIC (ART. 173)	0	0	0	0	0	2	-2	0%
DELITOS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL	DELITOS DE PORNOGRAFÍA INFANTIL OU PERSOAS CON DISCAPACIDADE COMETIDOS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 189)	7	0	0	1	8	10	-2	11,26%
	ACOSO A MENORES DE 16 ANOS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 183 TER)	0	0	0	0	0	1	-1	0%
	CALQUERA OUTRO DELITO CONTRA A LIBERDADE SEXUAL COMETIDO A TRAVÉS DAS TIC	0	0	0	0	0	0	0	0%

Continúa na páxina seguinte

DELITOS CONTRA INTIMIDADE	ATAQUES A SISTEMAS INFORMÁTICOS/ INTERCEPTACIÓN TRANSMISIÓN DATOS (ART. 197 BIS E TER)	7	0	0	0	7	0	7 (100%)	9,85%
	DESCUBRIMENTO E REVELACIÓN DE SEGREDOS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 197)	0	0	5	0	5	8	-3	7,04%
DELITOS CONTRA O HONOR	CALUMNIAS/ INXURIAS CONTRA FUNCIONARIO OU AUTORIDADE COMETIDAS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 215)	1	0	0	0	1	1	0	1,40%
DELITOS CONTRA O PATRIMONIO	ESTAFA COMETIDA A TRAVÉS DAS TIC (ARTS. 248 Y 249)	11	10	13	5	39	44	-5	54,92%
	DESCUBRIMENTO DE SEGREDOS EMPRESARIAIS (ARTS. 278 E SS.)	0	0	0	1	1	0	1	1,40%
	DELITOS CONTRA SERVIZOS DE RADIODIFUSIÓN E INTERACTIVOS (ART. 286)	1	0	0	0	1	3	-2	1,40%
	DELITOS DE DANOS INFORMÁTICOS (ARTS. 264, 264 BIS E 264 TER)	2	0	0	3	5	0	5	7,04%
	DELITOS CONTRA PROPIEDAD INTELLECTUAL EN SOCIEDADE INFORMACIÓN (ARTS. 270 E SS.)	0	0	0	0	0	2	-2	2,81%
DELITOS DE FALSIDADE	FALSIFICACIÓN A TRAVÉS DAS TIC	1	0	1	0	2	2	0	2,81%
DELITOS CONTRA A CONSTITUCIÓN	DELITOS DE DISCRIMINACIÓN COMETIDOS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 510)	0	0	0	0	0	0	0	0%
CIFRA TOTAL		31	10	20	10	71	79		
PORCENTAXE DO TOTAL		43,66%	14,08%	28,16%	14,08%	100%			

2.2. Estatística da actividade xudicial: procedementos xudiciais e sentenzas

■ Procedementos xudiciais incoados (delitos asociados)

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. DELINCUENCIA INFORMÁTICA PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS (DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA									
DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS A INCOACIÓN PROCEDEMENTAL		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTE- VEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.	% 2017
DELITOS CONTRA LIBERDADE	AMEAZAS E COACCIÓNS A TRAVÉS DAS TIC (ARTS. 169 E SS. E 172 E SS. CP)	17	0	39	3	59	40	19 (47,5%)	11,2%
	ACOSO COMETIDO A TRAVÉS DAS TIC (ART. 172 TER)	2	0	0	0	2	0	2 (100%)	0,38%
DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL	TRATO DEGRADANTE COMETIDO A TRAVÉS DAS TIC (ART. 172)	1	0	0	1	2	1	1 (100%)	0,38%
DELITOS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL	DELITOS DE PORNOGRAFÍA INFANTIL OU PERSOAS CON DISCAPACIDADE COMETIDOS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 189)	10	3	2	11	26	32	-6 (-23%)	4,94%
	ACOSO A MENORES DE 16 ANOS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 183 TER)	2	1	0	0	3	3	0	0,57%
	CALQUERA OUTRO DELITO CONTRA A LIBERDADE SEXUAL COMETIDO A TRAVÉS DAS TIC	0	0	0	0	0	1	-1	0

Continúa na páxina seguinte

DELITOS CONTRA A INTIMIDADE	ATAQUES A SISTEMAS INFORMÁTICOS/ INTERCEPTACIÓN DATOS (ART. 197 BIS E TER)	1	0	0	0	1	6	-5 (-83%)	0,19%
	DESCUBRIMENTO E REVELACIÓN DE SEGREDOS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 197)	5	0	9	1	15	24	-9 (-37%)	2,85%
DELITOS CONTRA O HONOR	CALUMNIAS/ INXURIAS CONTRA FUNCIONARIO OU AUTORIDADE COMETIDAS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 215)	1	0	0	1	2	5	-3 (-60%)	0,38%
DELITOS CONTRA O PATRIMONIO	ESTAFA COMETIDA A TRAVÉS DAS TIC (ARTS. 248 Y 249)	132	49	138	88	407	355	52 (14,6%)	77,37%
	DESCUBRIMENTO DE SEGREDOS EMPRESARIAIS (ARTS. 278 E SS.)	0	0	0	0	0	1	-1	0
	DELITOS CONTRA SERVIZOS DE RADIODIFUSIÓN E INTERACTIVOS (ART. 286)	0	0	0	0	0	1	-1	0
	DELITOS DE DANOS INFORMÁTICOS (ARTS. 264, 264 BIS E 264 TER)	2	0	0	4	6	17	-11 (-64%)	1,14%
	DELITOS CONTRA PROPIEDADE INTELLECTUAL EN SOCIEDADE INFORMACIÓN (ARTS. 270 E SS.)	1	0	0	0	1	1	0	0,19%
DELITOS DE FALSIDADE	FALSIFICACIÓN A TRAVÉS DAS TIC	1	0	1	0	2	0	2	0,38%
DELITOS CONTRA A CONSTITUCIÓN	DELITOS DE DISCRIMINACIÓN COMETIDOS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 510)	0	0	0	0	0	1	-1	
CIFRA TOTAL		175	53	189	109	526	488		
PORCENTAXE DO TOTAL		33,26%	10%	35,9%	20,7%	100%			

■ Sentenzas ditadas

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. DELINCUENCIA INFORMÁTICA SENTENZAS DITADAS. DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.	% 2017
SENTENZAS CONDENATORIAS SEN CONFORMIDADE DO ACUSADO	10	2	13	3	28	44	-16 (-36%)	29,4%
SENTENZAS CONDENATORIAS CON CONFORMIDADE DO ACUSADO	31	3	1	17	52	31	21 (67%)	54,7%
TOTAL SENTENZAS CONDENATORIAS	41	5	14	20	80	75	5 (6,6%)	84,2%
TOTAL SENTENZAS ABSOLUTORIAS	4	1	6	4	15	22	-7 (-31%)	15,7%
TOTAL SENTENZAS (CONDENATORIAS E ABSOLUTORIAS)	45	6	20	24	95	97	-2 (-2%)	
PORCENTAXE DO TOTAL	47,3%	6,3%	21%	25,2%	100%			

■ Suxeitos (acusados e condenados)

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. DELINCUENCIA INFORMÁTICA SUXEITOS (ACUSADOS E CONDENADOS). DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.	% 2017
ACUSADOS	85	21	24	34	164	154	10 (6,4%)	68,3%
CONDENADOS	31	8	14	23	76	90	-14 (-15%)	31,6%
TOTAL ACUSADOS E CONDENADOS	116	29	38	57	240	244		100%
PORCENTAXE DO TOTAL	48,3%	12%	15,8%	23,7%	100%			

■ Sentenzas condenatorias (delitos asociados)

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA. DELINCUENCIA INFORMÁTICA SENTENZAS CONDENATORIAS (DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA									
DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS A SENTENZA CONDENATORIA		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.	% 2017
DELITOS CONTRA A LIBERDADE	AMEAZAS E COACCIÓNS A TRAVÉS DAS TIC (ARTS. 169 E SS. E 172 E SS. CP)	8	1	12	0	21	6	15 (250%)	16,15%
	ACOSO COMETIDO A TRAVÉS DAS TIC (ART. 172 TER)	1	0	0	41	42	0	42	32,30%
DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL	TRATO DEGRADANTE COMETIDO A TRAVÉS DAS TIC (ART. 172)	0	0	0	0	0	2	-2 (-100%)	0
DELITOS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL	DELITOS DE PORNOGRAFÍA INFANTIL O PERSOAS CON DISCAPACIDADE LABORES A TRAVÉS DAS TIC (ART. 189)	5	1	0	7	13	9	4 (44,4%)	10%
	ACOSO A MENORES DE 16 ANOS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 183 TER)	0	0	0	0	0	1	-1	0
	CALQUERA OUTRO DELITO CONTRA A LIBERDADE SEXUAL COMETIDO A TRAVÉS DAS TIC	0	0	0	0	0	1	-1	0
DELITOS CONTRA A INTIMIDADE	ATAQUES A SISTEMAS INFORMÁTICOS/ INTERCEPTACIÓN TRANSMISIÓN DATOS (ART. 197 BIS E TER)	0	0	0	0	0	0	0	0
	DESCUBRIMENTO E REVELACIÓN DE SEGREDOS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 197)	0	1	4	0	5	17	-12 (-240%)	3,84%

Continúa na páxina seguinte

Ven da páxina anterior

DELITOS CONTRA O HONOR	CALUMNIAS/ INXURIAS CONTRA FUNCIONARIO OU AUTORIDADE COMETIDAS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 215)	0	0	0	0	0	1	-1	0
DELITOS CONTRA O PATRIMONIO	ESTAFA COMETIDA A TRAVÉS DAS TIC (ARTS. 248 Y 249)	24	4	5	10	43	42	1 (2,3%)	33,08%
	DESCUBRIMENTO DE SEGREDOS EMPRESARIAIS (ARTS. 278 E SS.)	0	0	0	0	0	0	0	0
	DELITOS CONTRA SERVIZOS DE RADIODIFUSIÓN E INTERACTIVOS (ART. 286)	1	0	0	0	1	0	1 (2,3%)	0,76%
	DELITOS DE DANOS INFORMÁTICOS (ARTS. 264, 264 BIS E 264 TER)	1	0	0	0	1	0	1 (2,3%)	0,76%
	DELITOS CONTRA PROPIEDAD INTELLECTUAL EN SOCIEDADE INFORMACIÓN (ARTS. 270 E SS.)	0	0	0	1	1	2	-1	0,76%
DELITOS DE FALSIDADE	FALSIFICACIÓN A TRAVÉS DAS TIC	1	0	1	1	3	1	2(200%)	2,30%
DELITOS CONTRA A CONSTITUCIÓN	DELITOS DE DISCRIMINACIÓN COMETIDOS A TRAVÉS DAS TIC (ART. 510)	0	0	0	0	0	0	0	0
CIFRA TOTAL		41	7	22	60	130	82		
PORCENTAXE DO TOTAL		31,5%	5,3%	16,9%	46,1%	100%			

3. TEMAS E CUESTIÓNS VARIAS

Actividade policial en materia de cibercriminalidade

En xaneiro de 2008 entrou en funcionamento o Sistema Estatístico de Criminalidade (SEC) do Ministerio do Interior, o cal se compón dunha base de datos na que se rexistran as actuacións policiais de Forzas e Corpos de Seguridade estatais, autonómicos e locais. A partir deses datos a Secretaría de Seguridade do Estado do propio Ministerio vén elaborando un estudo sobre cibercriminalidade. Aínda que non está dispoñible o estudo do ano 2017, si podemos facer un resumo do estudo sobre cibercriminalidade correspondente ao ano 2016, para facernos unha idea da dimensión deste fenómeno delituoso e do traballo desenvolvido polas forzas policiais.

RESUMO DATOS ESTADÍSTICOS DE CIBERCRIMINALIDADE EN 2016		
Feitos denunciados en toda España	66.586, cun aumento interanual de 6.432 (10,69%)	Feitos denunciados en Galicia: 4.561 (6,85% do total nacional)
Feitos esclarecidos España	20.453 (30,72% de denunciados)	
Detencións e investigados	4.799 (23,46% dos feitos denunciados)	
Delitos máis representativos cuantitativamente entre os coñecidos	68,92% fraudes informáticas; e 17,23% ameazas e coaccións na rede	

SECCIÓN 2.8. ÁREA ESPECIALIZADA DE PROTECCIÓN E TUTELA DAS VÍTIMAS NO PROCESO PENAL

1. INTRODUCCIÓN

2. ESTATÍSTICA EN MATERIA DE OCUPACIÓN

3. TEMAS E CUESTIÓNS VARIAS

1. INTRODUCCIÓN

1.1. O novo marco normativo das vítimas

Xa dicíamos na memoria do pasado ano que 2015 fora o ano das vítimas, en canto á aprobación e entrada en vigor das respectivas leis nacionais de transposición de toda a normativa da Unión Europea sobre vítimas. Posteriormente, en 2016 e 2017 os distintos organismos e autoridades implicadas continuaron traballando pola súa posta en práctica.

Na Unión Europea constituíu un fito fundamental a Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos. Esta directiva estableceu a obriga de que os Estados membros puxesen en vigor as disposicións legais, regulamentarias e administrativas necesarias para dar cumprimento ao establecido nela, como moito, o 16.11.2015 (art. 27, "Incorporación ao dereito interno").

Polo que se refire a España, a transposición desta importante directiva realizouse mediante o Estatuto da vítima do delito (EVD), aprobado pola Lei 4/2015, do 7 de abril, publicada no BOE do día 28.04.2015 e con entrada en vigor aos seis meses da súa publicación, concretamente o 28.10.2015.

O novo EVD constituíu un auténtico fito normativo no noso ordenamento xurídico nesta materia específica e transversal, xa que, de xeito expreso e detallado, regula o estatuto do colectivo de vítimas dos delitos, incluíndo un catálogo de dereitos e un compendio de facultades, co fin de brindar unha especial protección.

Logo ditouse o Real decreto 1109/2015, do 11 de decembro, polo que se desenvolve o EVD e se regulan as Oficinas de Asistencia ás Vítimas do Delito (OAVD). O art. 15 deste RD e o art. 31 do EVD outórganlle ao Goberno e ás Comunidades Autónomas con competencias transferidas (como é o caso de Galicia) a facultade para determinar a organización, dirección e control das OAVD, así como para aprobar os protocolos que resulten necesarios para a protección das vítimas.

1.2. Rede de fiscais especialistas en VP nas fiscalías de Galicia

ÁREA ESPECIALIZADA DE VÍTIMAS	
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D. M ^a -EUGENIA LÓPEZ ARIAS (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP da Coruña)
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D ^a . MARÍA VÁZQUEZ GÓMEZ (FISCALA DELEGADA PROVINCIAL, destinada na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	D. FLORENTINO DELGADO AYUSO (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado na FP de Ourense, da que é FISCAL XEFE)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D. JUAN-CARLOS ALADRO FERNÁNDEZ (FISCAL DELEGADO PROVINCIAL, destinado na FP de Pontevedra, da que é FISCAL XEFE)
FISCAIS DE ENLACE/ ENCARGADOS	FISCALÍA DE ÁREA DE VIGO: D. ^a RITA RUIZ BARCA FISCALÍA DE SANTIAGO: D. JORGE FERNÁNDEZ DE ARANGUIZ

1.3. Actuacións da Fiscalía en materia de vítimas

Desde o primeiro momento, a temática do novo EVD e a posta en marcha das referidas oficinas foron obxecto de especial atención por parte da Fiscalía, tanto da FXE como das fiscalías territoriais e, particularmente, a da Fiscalía de Galicia.

O tema xa foi inicialmente obxecto de atención por parte da FXE, que o levou á reunión da Xunta de Fiscais Superiores, que tivo lugar o día 04.11.2015.

Posteriormente, o novo modelo de OAVD foi tratado en reunión ordinaria do día 21.06.2016 da Xunta de Fiscais desta Fiscalía da CA de Galicia.

O 31.01.2017 celebrouse unha reunión da Comisión Mixta da Xunta de Galicia -Fiscalía, na que xa se tratou do tema das Oficinas de asistencia integral ás vítimas do delito. Nesa xuntanza acordouse que a Administración autonómica iniciase as xestións tendentes á creación das OAVD, mediante a implantación dunha infraestrutura potente na materia, que contará coa colaboración e participación activa, na súa tramitación e impulso, desta Fiscalía da CA de Galicia.

A última reunión da referida Comisión Mixta, realizada o día 18.12.2017, abordou tamén o tema da creación e posta en funcionamento das OAVD. No transcurso da reunión o fiscal superior informou do interese da Unidade especializada de protección ás vítimas da FXE en impulsar as OAVD en todas as CC.AA. con competencias transferidas, o que supón un grande esforzo económico para as administracións xestoras. Consideran necesario poñerse ao día na materia, con independencia do actual sistema de dotación de psicólogos nos servizos de atención ao cidadán e asistencia á vítima dependentes dos decanatos xudiciais das cidades, destacando para iso a importancia dos operadores xurídicos implicados (MF, xuíces e maxistrados, letrados da Admón. de Xustiza) e ofrecendo a cooperación da Fiscalía á Xunta de Galicia para poñer en marcha unha comisión para tal fin.

O director xeral de Xustiza explicou que, como actuación intermedia, se asinou este ano, coa colaboración da Secretaría Xeral de Igualdade da propia Xunta de Galicia, un convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para dotar cada servizo de atención á vítima dun psicólogo que asumise as funcións inherentes ás esixencias do EVD. Expuxo tamén que debería contarse tamén coa Secretaría de Goberno para protocolizar a intervención psicolóxica e que o Colexio de Psicoloxía remitise un índice de materias para desenvolver un protocolo de actuación, para o que solicita a colaboración da Fiscalía na confección e revisión desta guía de actuación.

Tamén indicou o director xeral de Xustiza que se está nun período intermedio posibilista e expresa o *desideratum* de incorporar persoal laboral psicólogo nestas oficinas. Pero, como situación transitoria, estase a seguir un modelo similar ao de Ministerio de Xustiza no marco de establecer un convenio co Colexio de Psicoloxía para a prestación da intervención psicolóxica na asistencia ás vítimas de delitos violentos e vítimas de especial protección.

O vicepresidente e conselleiro de Xustiza da Xunta de Galicia, finalmente, expuxo diversas cuestións relativas ao capítulo I e ao financiamento para os anos 2017 e 2018, sen prexuízo de ir traballando mentres tanto na OAV desexable. PEDIU a colaboración da Fiscalía na confección do Protocolo de actuación psicolóxica nos servizos de atención ao cidadán e asistencia á vítima no actual sistema, ao que se ofrece a Fiscalía, designando para o efecto un fiscal. Á súa vez, o fiscal superior solicitou que se traballase no modelo futuro de OAV.

Posteriormente, mediante oficio do 12.01.2018 o fiscal superior comunicou ao vicepresidente e conselleiro de Xustiza a designación de D. Juan-Carlos Aladro, fiscal xefe provincial de Pontevedra, como encargado de colaborar nas relacións coa Administración autonómica na elaboración do mencionado Protocolo de actuación psicolóxica nos servizos de asistencia ás vítimas e ao cidadán.

1.4. Informe final sobre as prácticas e protocolos das fiscalías de Galicia en materia de asistencia ás vítimas

A petición da fiscalía de sala xefa delegada de vítimas, no marco do noso expediente gubernativo 3/2018, o fiscal superior remitiu o referido informe, que é do seguinte teor literal:

«INFORME SOBRE AS PRÁCTICAS E PROTOCOLOS DAS FISCALÍAS DE GALICIA EN MATERIA DE ASISTENCIA ÁS VÍTIMAS

PRIMEIRO. O 17 de xaneiro de 2018 recibíuse na Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia un escrito remitido por correo electrónico da Excm. Sra. fiscalía xefa de Sala do Tribunal Supremo e delegada de Vítimas solicitando un informe sobre a existencia de prácticas ou protocolos de actuación nas fiscalías con órganos xudiciais ou coas Forzas de Seguridade de

Galicia, co obxecto de elaborar un Protocolo nacional de asistencia a menores vítimas do delito nas oficinas de asistencia ás vítimas.

SEGUNDO. En razón do anterior rexistráronse e decretouse a incoación das dilixencias de expediente gubernativo núm. 3/2018 (NXF 8/2018).

TERCEIRO. Nas fiscalías territoriais de Galicia non existe un protocolo cos órganos xudiciais nas oficinas de asistencia ás vítimas. Si dispoñen dunha sección ou área de asistencia ás vítimas as respectivas fiscalías conforme as boas prácticas que se veñen desenvolvendo.

No que respecta ás Forzas de Seguridade tampouco existe un Protocolo específico, se ben as boas prácticas para o efecto se veñen exercitando conforme o disposto na Instrución núm. 3/2017 do fiscal superior (que se achega para mellor comprensión).

CUARTO. Actualmente existen nos distintos territorios xudiciais de Galicia oficinas insertas nos propios xulgados habilitadas para o efecto. En concreto, nas sedes de cada decanato, así como en cada audiencia provincial, sitúase unha Oficina de Atención ás Vítimas de Delitos e de Atención á Cidadanía, con especial configuración nas sete cidades máis importantes da nosa Comunidade Autónoma (as catro capitais provinciais e, ademais, Santiago de Compostela, Ferrol e Vigo).

Así mesmo, en cada unha das fiscalías provinciais de Galicia existe unha área ou sección concreta de asistencia ás vítimas cun fiscal delegado á fronte.

QUINTO. Das boas prácticas (non de protocolos de colaboración) nas seccións ou áreas das fiscalías provinciais de Galicia descríbese a título de mero exemplo a da Fiscalía Provincial de Lugo:

Na Oficina da Fiscalía para dar cumprimento ao establecido na Lei 4/2015 do Estatuto da vítima do delito, elaboráronse unhas follas de información a vítimas ou prexudicados, coa idea de facilitarllas a calquera cidadán que quixese poñer en coñecemento da Fiscalía algún feito con relevancia penal do que se considerase vítima ou prexudicada. Estas follas actualmente foron substituídas polas que se puxeron na intranet de xustiza.es, que actualmente están redactadas —ademais de en castelán e en galego— noutros idiomas de uso máis ou menos frecuente. Tales informacións de dereitos son facilitadas habitualmente no ámbito das dilixencias penais de investigación da Fiscalía.

Na fase ante o Xulgado de Instrución, o fiscal ten contacto directo coa vítima na maior parte das ocasións no xulgado de garda. Nos casos de violencia familiar e de xénero prodúcese este contacto de forma máis habitual, podendo constatare que a información que lles ofrece o xulgado complementa aquela da que xa dispoñen. Neste punto, merece unha mención especial a forma en que se efectúa a lectura e información do dereito de dispensa que concede o artigo 416.1 da Lei de axuízamento criminal, da obriga de declarar a determinados familiares, a cal se foi acomodando ás conclusións que contén o Acordo do Pleno non xurisdiccional do Tribunal Supremo de data 24 de abril de 2013, o que se

procurou de forma activa por parte dos fiscais, solicitando que o exercicio dese dereito de dispensa se permita nos casos salientados por este acordo e non se permita nos casos diferentes dos expresamente previstos pola norma na forma en que foi interpretada polo Alto Tribunal.

Tamén se constata que, con carácter xeral, se cumpren as especialidades impostas polas circunstancias do caso que afectan a determinadas vítimas, como son os menores de idade (no relativo ao especial respecto á súa intimidade e imaxe) ou os estranxeiros (tanto na forma en que se lles transmite a información, como na necesidade de preconstitución da proba en casos concretos).

Ante a necesidade de protexer con especial celo o menor de idade, vítima ou testemuña no proceso penal, nas declaracións realizadas en instrución, con intervención do fiscal, faise uso dunha linguaxe sinxela e próxima, para diminuír, na medida do posible, o temor e a inseguridade que supón para o menor enfrontarse a relatar os feitos vividos ou presenciados nun ámbito descoñecido e distante. Nos delitos de violencia de xénero prescínlese na medida do posible dos seus testemuños, sobre todo cando se trata de nenos de curta idade, cando a acusación pode ser sostida e sustentada de forma solvente a través doutros medios de proba. Pode afirmarse que se normalizou o cumprimento do establecido no artigo 433 da Lei de axuízamento criminal sobre a forma de proceder nos casos de declaracións de testemuñas menores de idade.

En relación coas vítimas de violencia de xénero, sen prexuízo do que será tratado con profundidade polo especialista correspondente, continúaase constatando a necesidade de outorgar ou manter a protección, segundo os casos, a pesar da súa oposición ou petición de alzamento da medida por parte da vítima, cando existen indicios para pensar que tal postura non se mantén nun contexto de liberdade.

Na fase de xuízo oral, cando por calquera motivo se produce a suspensión da sesión, o fiscal vela por que se lles subministre información sobre a causa de suspensión, ben solicitando do órgano xudicial a súa entrada na sala para que o propio maxistrado os informe sobre iso, ben mediante comunicación directa do fiscal coa vítima ou testemuña, que en moitas ocasións sofre desacougo ante as sucesivas suspensións do acto do xuízo.

Cando se alcanza unha conformidade entre as partes e a vítima non compareceu como acusación particular, o fiscal propiciará, de igual xeito, o coñecemento dos termos da conformidade e da súa concreta pretensión de resarcimento, se for o caso, por parte da vítima ou prexudicado.

Polo que se refire á notificación das resolucións definitivas ás vítimas, así como aos prexudicados e ofendidos polo delito, os fiscais cumpren co seu deber de velar por que se cumpran as disposicións legais contidas nos artigos 779.1, 785.3, 789 e 792 da Lei de axuízamento criminal, tanto nos casos en que se dite sentenza, absolutoria ou condenatoria, como naqueles en que se acorda o arquivamento da causa. Para este efecto, solicítase expresamente en cada escrito de cualificación que se dea cumprimento ás ditas normas.

Por último, en execución de sentenza mantense a protección da vítima e/ou prexudicado e dos seus intereses.

Cando de responsabilidade civil se trata, vixiando que se acometa unha axeitada investigación patrimonial, nos casos en que, requirido o penado para o pagamento, non o satisfai, instando actualizacións da peza de responsabilidade civil de forma previa ao arquivamento provisional e recorrendo, se for procedente, contra declaracións de insolvencia que non veñan precedidas dunha completa indagación de capacidade económica e patrimonial.

Na Oficina Xudicial préstanse os seguintes servizos:

- Servizo de atención ás vítimas.
- Servizos de orientación xurídica.
- Servizos asistenciais e de axuda.
- Programa de atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia doméstica
- Programa de teleasistencia, xestionado pola Cruz Vermella.
- Casas de acollida.
- Gabinete de orientación familiar”

SECCIÓN 2.9. ÁREA ESPECIALIZADA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA

1. INTRODUCCIÓN

2. ESTADÍSTICA EN MATERIA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA

2.1. Estatística xudicial en materia de VP

2.2. Estatística fiscal en materia de VP

3. TEMAS E CUESTIÓNS VARIAS

1. INTRODUCCIÓN

■ Ministerio Fiscal e materia penitenciaria

Unha das funcións esenciais encomendadas constitucional e legalmente ao MF é controlar a execución do cumprimento das penas e medidas privativas de liberdade e, ao mesmo tempo, a protección dos dereitos das persoas afectadas por elas por virtude de condena xudicial firme.

En cumprimento desta misión e funcións, a Fiscalía tense que relacionar tanto cos órganos xudiciais especializados (os xulgados de vixilancia penitenciaria) como coa propia Administración Penitenciaria.

■ Administración Penitenciaria

A institución penitenciaria dun Estado de dereito é instrumento indispensable para a aplicación das políticas de seguridade e intervención social. Constitucional e legalmente ten asignada como principal misión e función a de prestación do servizo público de execución das penas e medidas penais, con orientación da súa actividade ao tratamento, reeducación e rehabilitación das persoas condenadas, e a promoción e cumprimento de medidas alternativas á prisión.

Sobre a base do art. 25.2 da CE e do art. 1 Lei orgánica xeral penitenciaria (LOXP, LO 1/1979, do 26 de setembro), os fins da Administración Penitenciaria poden concretarse en: a) reeducación e reinserción social dos sentenciados a penas e medidas penais privativas de liberdade; b) a retención e custodia de detidos, presos e penados; e c) a asistencia e axuda a internos e liberados. Para o cumprimento de tales fins, esta Administración terá que rexer a súa actuación por principios preestablecidos, como: o principio de legalidade (arts. 103 CE, 3.1 LOXP e 3.1 do seu regulamento); o principio de conservación dos dereitos fundamentais (agás limitacións legais ou xudicialmente acordadas); e d) o principio de control xurisdiccional da actividade penitenciaria, a cal é exercida por uns órganos xudiciais especializados que son os xulgados de vixilancia penitenciaria.

■ Xulgados especializados de vixilancia penitenciaria

Trátase de órganos xudiciais unipersoais especializados, integrados dentro da orde xurisdiccional penal, cuxa regulación se contén basicamente na referida LOXP e na LOPX. Estes órganos asumen funcións de vixilancia, decisorias e consultivas e encárganse da execución das penas privativas de liberdade, conforme ao principio de legalidade. Teñen ao seu cargo, xunto co MF, a fiscalización da actividade penitenciaria, para garantir os dereitos das persoas reclusas, calquera que sexa a súa situación, e que se corrixan, de ser o caso, as deficiencias ou abusos que se advirtan no réxime penitenciario.

Polo que se refire á nosa CA, existen en Galicia tres xulgados de vixilancia penitenciaria (VP), que, conforme o acordo adoptado no seu día pola Sala de Goberno do TSX de Galicia, reparten entre si os asuntos correspondentes aos cinco centros penitenciarios (CP) existentes e os dous centros de integración social (CIS):

- Xulgado de VP Núm. 1, con sede na Coruña, que se ocupa dos asuntos do CP de Teixeira-Curtis (A Coruña), así como os do CIS da Coruña.
- Xulgado de VP Núm. 2, con sede en Pontevedra, que asume os asuntos do CP da Lama (Pontevedra), así como o CIS de Vigo.
- Xulgado de VP Núm. 3, con sede en Lugo, que se ocupa dos asuntos dos CP de Bonxe e Monterroso (ambos os dous na provincia de Lugo) e de O Pereiro de Aguiar (Ourense).

■ Rede de fiscais especialistas en VP nas fiscalías de Galicia

FISCAIS DA ÁREA ESPECIALIZADA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA	
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D. ANTONIO-MIGUEL LOVERA TEJEDOR (FISCAL COORDINADOR, destinado na FP da Coruña)
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D. ANTONIO MARTÍNEZ FERNÁNDEZ (FISCAL COORDINADOR, destinado na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	Non hai fiscal especializado nesta materia. Ao non existir xulgado de vixilancia penitenciaria en Ourense, os asuntos na materia (CP do Pereiro de Aguiar) son derivados á sección especializada da FP de Pontevedra).
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D. JUAN-IGNACIO SAIZ MARTÍN (FISCAL COORDINADOR, destinado na FP de Pontevedra)

2. ESTATÍSTICA EN MATERIA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA

Facemos aquí un resumo da estatística xudicial na materia, de elaboración propia a partir dos datos do PNX. Seguidamente, ofrécese un exame máis detallado da nosa propia estatística fiscal en materia de VP.

■ Procedementos

- Procedementos tramitados: 17.084, cun descenso interanual de -2.126 (-11,07%), cifra que comprende 2.036 pendentes do ano anterior e 15.048 incoados no ano (que sufriron un descenso de -1.063=-6,60%). Os procedementos tramitados máis numerosos son os relativos a traballos en beneficios da comunidade que foron 5.131, cunha porcentaxe sobre o total de case 1/3 (30,03%); seguidos dos procedementos sobre permisos de saída, cunha cifra de 4.706 e unha porcentaxe de máis dun cuarto (27,55%).

- Procedementos pendentes a final de ano (tramitados - rematados): 2.530, cun descenso de -494 (-24,26%).

■ Resolucións

Consta a cifra de 11.757 autos finais ditados no ano 2017, cun descenso interanual de -383 (-3,26%).

2.2. ESTATÍSTICA FISCAL EN MATERIA DE VP


Os datos desta estatística baséanse no das estatísticas das fiscalías provinciais e refírense aos procedementos ingresados en Fiscalía (independentemente do ano da súa incoación), así como aos ditames fiscais emitidos sobre eles.

2.2.1. Estatística de procedementos

■ Procedementos ingresados no período dos anos 2008 a 2017

O gráfico seguinte reflicte a evolución dos procedementos de VP ingresados en Fiscalía durante ese período, cunha cifra media anual de 11.686. Entre o inicio e o final de ciclo obsérvase un lixeiro descenso acumulado de -537 (-4,32%).

VIXILANCIA PENITENCIARIA - PROCEDEMENTOS EN FISCALÍA
GALICIA PERÍODO 2008-2017



■ Procedementos ingresados no ano 2017

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA VIXILANCIA PENITENCIARIA. PROCEDEMENTOS XUDICIAIS. DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.	% 2017
PERMISOS DE SAÍDA	1.344	1.265	130	1.672	4.411	4.563	-152 (-3,33%)	34,02%
CLASIFICACIÓN DE GRAO	310	202	0	321	833	923	-90 (-9,75%)	6,42%
SANCIÓNS DISCIPLINARIAS	441	181	0	376	998	861	137 (15,9%)	7,70%
LIBERDADE CONDICIONAL	218	145	0	174	537	557	-20 (-3,59%)	4,14%
ARRESTO DE FIN DE SEMANA (AFS)	21	0	0	0	21	13	8 (61,54%)	0,16%
MEDIDAS DE SEGURIDADE	6	3	0	4	13	37	-24 (-64,86%)	0,10%
TRABALLOS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE (TBC)	0	862	0	1.433	2.295	2.234	61 (2,73%)	17,70%
REDENCIÓNS	0	0	0	0	0	6	-6 (-100%)	0%
REFUNDICIÓNS	0	228	0	295	523	471	52 (11,04%)	4,03%
OUTRAS QUEIXAS/PETICIÓNS	226	805	13	628	1.672	1.451	221 (15,23%)	12,89%
COMUNICACIÓNS (INTERVENCIÓN/RESTRICIÓN/SUSPENSIÓN)	7	47	0	22	76	226	-150 (-66,37%)	0,59%
LIMITACIÓNS DE RÉXIME (ART. 75 RP)	-	-	-	-	-	118	-	-

Continúa na páxina seguinte

Ven da páxina anterior

MEDIDAS COERCITIVAS (ART. 72 RP)	12	191	0	175	378	329	49 (14,89%)	2,91%
SUSPENSIÓN EXECUCIÓN PENA (ART. 60 CP)	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
APLICACIÓN RÉXIME XERAL (ART. 36 CP)	0	0	0	1.109	1.109	0	1.109 (100%)	8,55%
ABOAMENTO PREVENTIVA	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
INDULTO PARTICULAR	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
VISITAS CENTROS PENITENCIARIOS	9	3	0	2	14	24	-10 (-41,67%)	0,11%
LOCALIZACIÓN PERMANENTE	0	0	0	86	86	-	-	0,66%
TOTAL PROCEDEMENTOS	2.594	3.932	143	6.297	12.966	11.813	1.153 (-9,76%)	
PORCENTAXE DO TOTAL	20,01%	30,33%	1,10%	48,56%	100%			100%
CIFRA MEDIA ANUAL NO PERÍODO 2008-2017					11.686			

Análise de datos

■ Datos xerais

De acordo coa estatística fiscal de 2017 consta o total de 12.966 procedementos de VP, mentres que no ano 2016 constaba a cifra xeral de 11.813 procedementos de VP, cun descenso interanual de -1.363 (-9,76%). Pola súa banda, a estatística xudicial, como vimos, ofrece a cifra total de 17.084 procedementos tramitados no ano e 15.048 incoados. Polo que os procedementos ingresados en Fiscalía en 2017 equivalen ao 75,90% e ao 86,16%, respectivamente, dos tramitados e incoados nos xulgados de VP.

■ Datos particulares por provincias

PROCEDEMENTOS DE VP INGRESADOS EN FISCALÍA EN 2017 DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS PROVINCIAIS			
	PROVINCIA	CIFRA	%
1º	Pontevedra	6.297	48,56%
2º	Lugo	3.923	30,33%
3º	A Coruña	2.594	20,01%
4º	Ourense	143	1,10%
TOTAL		12.966	100%

■ Datos particulares por materias

PROCEDEMENTOS DE VP INGRESADOS EN FISCALÍA EN 2017 DATOS PARTICULARES POR MATERIAS			
	PROVINCIA	CIFRA	%
1º	Permisos de saída	4.411	34,02%
2º	TBC (traballos en beneficio da comunidade)	2.295	17,70%
3º	Outras queixas/peticións	1.672	12,89%
4º	Aplicación réxime xeral	1.109	8,55%
5º	Sancións disciplinarias	998	7,70%
6º	Clasificación de grao	833	6,42%
7º	Liberdade condicional	537	4,14%
8º	Refundicións	523	4,03%
9º	Medidas coercitivas	378	2,91%
10%	Resto materias	210	1,62%
TOTAL		12.966	100%

2.2.2. Estatística de ditames fiscais

■ Ditames fiscais emitidos no período dos anos 2008 a 2017

No seguinte gráfico móstrase, con bastantes fluctuacións, a evolución dos ditames emitidos en materia de VP no referido período, cunha cifra media anual de 15.661. Entre o inicio e o final do ciclo rexístrase un aumento de 10.854 (102,14%), que se reduce a só un 1,21% se se toma como referencia inicial o ano 2010.

■ Ditames emitidos no ano 2017

Exposición de datos


ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA VIXILANCIA PENITENCIARIA. DITAMES FISCAIS EMITIDOS. DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2017	GALICIA 2016	V.I.	% 2017
PERMISOS DE SAÍDA	1.992	1.534	134	4.020	7.680	6.182	1.498 (24,23%)	35,75%
CLASIFICACIÓN DE GRAO	382	261	0	868	1.511	1.315	196 (14,90%)	7,03%
SANCIÓNES DISCIPLINARIAS	496	204	0	859	1.559	1.062	244 (22,97%)	7,26%
LIBERDADE CONDICIONAL	264	169	0	399	832	743	89 (11,97%)	3,87%
ARRESTO DE FIN DE SEMANA (AFS)	26	0	0	0	26	13	13 (100%)	0,12%

Continúa na páxina seguinte

Ven da páxina anterior

MEDIDAS DE SEGURIDADE	6	3	0	12	21	39	-18 (-46,15%)	0,10%
TRABALLOS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE (TBC)	0	752	0	4.021	4.773	2.551	2.222 (87,10%)	22,22%
REDENCIÓNS	0	0	0	0	0	7	-7	
REFUNDICIÓNS	0	212	0	594	806	544	262 (48,16%)	3,75%
OUTRAS QUEIXAS/PETICIÓNS	254	887	14	1.390	2.545	1.676	869 (51,84%)	11,85%
COMUNICACIÓNS (INTERVENCIÓN/RESTRICIÓN/SUSPENSIÓN)	7	29	0	101	137	174	-37 (-21,26%)	0,64%
LIMITACIÓNS DE RÉXIME (ART. 75 RP)	-	-	-	-	-	92	-92	
MEDIDAS COERCITIVAS (ART. 72 RP)	13	108	0	269	390	181	209 (115,4%)	1,81%
SUSPENSIÓN EXECUCIÓN PENA (ART. 60 CP)	0	0	0	0	0	0	0	
APLICACIÓN RÉXIME XERAL (ART. 36 CP)	0	0	0	1.109	1.109	0	1.109	5,16%
ABOAMENTO PREVENTIVA	0	0	0	0	0	0	0	
INDULTO PARTICULAR	0	0	0	0	0	0	0	
VISITAS CENTROS PENITENCIARIOS	0	3	0	2	5	15	-10 (-66,66%)	0,02%
LOCALIZACIÓN PERMANENTE	0	0	0	86	86		86	0,40%
TOTAL PROCEDEMENTOS	3.440	4.162	148	13.730	21.480	14.594	6.886 (47,18%)	
PORCENTAXE DO TOTAL	16,01%	19,38%	0,69%	63,92%	100%	100%		100%
CIFRA MEDIA ANUAL NO PERÍODO 2008-2017					15.661			

**DELITOS INCOADOS EN PROCEDIMIENTOS DE MENORES
PERÍODO 2008-2017 - DATOS TOTAIS DE GALICIA**



Análise de datos

■ Datos xerais

Conforme á estatística fiscal, neste ano 2017 constan 21.480 ditames fiscais en materia de VP, cun aumento interanual de 6.886 (47,18%).

■ Datos particulares por provincias

DITAMES FISCAIS EN VIXILANCIA PENITENCIARIA ANO 2017 DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS PROVINCIAIS			
	PROVINCIA	CIFRA	%
1º	Pontevedra	13.730	63,92%
2º	Lugo	4.162	19,38%
3º	A Coruña	3.440	16,01%
4º	Ourense	148	0,69%
TOTAL		21.480	100%

■ Datos particulares por materias

PROCEDEMENTOS DE VP INGRESADOS EN FISCALÍA EN 2017			
DATOS PARTICULARES POR MATERIAS			
	PROVINCIA	CIFRA	%
1º	Permisos de saída	4.411	34,02%
2º	TBC (traballos en beneficio da comunidade)	2.295	17,70%
3º	Outras queixas/peticións	1.672	12,89%
4º	Aplicación réxime xeral	1.109	8,55%
5º	Sancións disciplinarias	998	7,70%
6º	Clasificación de grao	833	6,42%
7º	Liberdade condicional	537	4,14%
8º	Refundicións	523	4,03%
9º	Medidas coercitivas	378	2,91%
10%	Resto materias	210	1,62%
TOTAL		12.966	100%

3. TEMAS E CUESTIÓN VARIAS


3.1. Estatística administrativa sobre poboación reclusa

A información que segue é de elaboración propia a partir dos datos ofrecidos na estatística penitenciaria do apartado de Administración Penitenciaria da páxina web do Ministerio do Interior (<http://www.institucionpenitenciaria.es>). Os datos refírense ao final de cada ano (mes decembro).

■ Poboación reclusa en período 2008 a 2017

No gráfico seguinte reflíctese a evolución da poboación reclusa (PR) durante o referido período, a nivel estatal e a nivel de Galicia. As cifras medias anuais foron de 67.443 persoas reclusas en España e 3.938 en Galicia (5,84% da cifra estatal). Entre o inicio e o final do ciclo obsérvase no conxunto de toda España un apreciable descenso acumulado de 13.969, equivalente a preto de 1/5 (18,99%). De forma semellante, polo que se refire a Galicia en particular, rexistrouse un elevado descenso acumulado de 1.655, equivalente a case 1/3 (32,55%). Polo que respecta ao Estado, o punto álxido do período foi o ano 2009, cunha PR de 76.079, data a partir da cal se iniciou un continuo descenso, ata chegar á cifra de 59.589 en 2016. En canto a Galicia, o punto álxido tamén foi o mesmo ano inicial do período, 2008, cunha cifra de 5.084 de PR; a partir de aí, con algún lixeiro repunte nos anos 2013 e 2014, a tendencia foi de descenso, ata chegar á cifra de 3.429 en 2016.

POBOACIÓN RECLUSA GALICIA E ESPAÑA - PERÍODO 2008-2017



■ Poboación reclusa no ano 2017

■ Cifras de España

A data de decembro de 2017, segundo resulta da estatística da Administración Penitenciaria, a cifra total de poboación reclusa (PR) en España era de 58.814, cun descenso interanual de -775 (-1,30%), distribuída entre 54.449 homes (92,58%) e 4.365 mulleres (7,42%).

Por nacionalidade, a cifra total de PR en España distribúese entre: a) 42.265 persoas españolas (o 71,86%); e b) 16.549 persoas estranxeiras (o 28,14%), das cales son homes o 92,53% e mulleres o 7,47%.

En canto á súa situación procesual-penal a cifra total de PR en España distribúese así: 1) preventivos, 8.362 (14,28%); 2) penados, 49.126 (83,53%); 3) con medidas de seguridade, 597 (1,01%); e penados con preventivas, 729 (1,24%).

POBOACIÓN RECLUSA (PR) ESPAÑA 2017			
TOTAL, POR SEXO, NACIONALIDADE E SITUACIÓN PROCESUAL-PENAL			
DATOS DE ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE DATOS DA DIRECCIÓN XERAL IIPP			
	CIFRA	V.I	%
TOTAL	58.814	-775 (-1,30%)	100%
POR SEXO			
HOMES (H)	54.449		92,58%
MULLERES (M)	4.365		7,42%
POR NACIONALIDADE			
PR ESPAÑOLA	42.265		71,86%
PR ESTRANXEIRA	16.549 (15.841 homes e 1.289 mulleres)		28,75%
POR SITUACIÓN PROCESUAL-PENAL			
PREVENTIVOS	8.362		14,22%
PENADOS	49.126		83,53%
RESTO SITUACIÓNS	1.326		2,25%

■ Cifras de Galicia

Polo que se refire á nosa CA, a cifra de PR en decembro de 2017 era de 3.292, cun descenso de -137 (-3,99%), cunha porcentaxe do 5,98% do total estatal e distribuída entre 3.095 homes (94,02%) e 197 mulleres (5,98%)

POBOACIÓN RECLUSA (PR) GALICIA 2017				
TOTAL E POR SEXO				
DATOS DE ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE DATOS DA DIRECCIÓN XERAL IIPP				
	CIFRA	V.I.	%	% NA CIFRA ESTATAL
TOTAL	3.292	-137 (-3,99%)	100%	5,98%
HOMES	3.095		94,02%	
MULLERES	197		5,98%	

SECCIÓN 3. OUTRAS ÁREAS OU TEMAS DE INTERESE

SECCIÓN 3.1. OCUPACIÓN ILEGAL DE BENS INMOBLES

1. INTRODUCCIÓN

2. ESTATÍSTICA EN MATERIA DE OCUPACIÓN

3. TEMAS E CUESTIÓNS VARIAS

1. INTRODUCCIÓN

En liña co que dicíamos na memoria do ano anterior, dentro do grupo dos delitos patrimoniais, no marco actual de crise, séguese avivando a polémica social e xurídica sobre a temática da *ocupación ilegal de inmobles*—da que se continúan facendo eco os medios de comunicación— e que ten encaixe no delito de usurpación, regulado no artigo 245 do CP. Basicamente, ese precepto tipifica e sanciona dúas modalidades, unha de delito menos grave e outra de delito leve (arts. 13 e 33 CP, en relación con Circular FXE 1/2015): a) delito menos grave: ocupación con violencia ou intimidación (sancionada con pena de prisión de un a dous anos); e b) delito leve: ocupación non violenta, “sen autorización debida” dun inmovble, vivenda ou edificio alleos que non constitúan morada doutra persoa, ou manterse neles contra a vontade do seu titular” (sancionada con pena de multa de tres a seis meses).

A polémica xurdira, sobre todo, en relación coa denominada ocupación non violenta de inmobles e a súa vinculación co movemento *okupa* ou de persoas con supostas dificultades para acceder legalmente a unha vivenda (en réxime de propiedade ou alugueiro). A situación complicouse en certos casos debido, entre outros factores, a denuncias de donos que, tras recuperar a posesión das súas propiedades, constatan graves danos, así como problemas de convivencia e salubridade nas zonas afectadas.


Sen dúbida, é un tema difícil, con casuística diversa —tal e como apuntabamos na anterior memoria—, no que se interrelacionan cuestións xurídicas de tipo penal, civil e administrativo, xunto con outras de tipo social e económico. De momento, foi obxecto de diferentes interpretacións doutrinais e xurisprudenciais, así como dunha emerxente normativa municipal que trata de abordar o problema, que xa está a ser tratado tamén polo Parlamento estatal e polo autonómico, como máis adiante veremos. Pola súa banda, a Fiscalía de Galicia tamén abordou a cuestión nunha nova instrución, como logo referimos.

2. ESTATÍSTICA EN MATERIA DE OCUPACIÓN DE INMOBLES

Desde a óptica da estatística fiscal de 2017, só é posible ofrecer cifras que engloban as dúas modalidades delituosas de usurpación do art. 245 CP (delito menos grave de «ocupación violenta» e delito leve de ocupación «non violenta»); polo que non poden ofrecerse datos separados e específicos do suposto «non violento». Seguidamente, faise un resumo e breve comentario dos delitos de usurpación incoados, cualificados e sentenciados no ano 2017.

- *Delitos incoados*: Conforme á estatística fiscal de 2017, consta a cifra total de 344 delitos de usurpación incoados, cun aumento interanual de 34, equivalente a un 10,97% (-19,06% no ano anterior). Esta cifra total representa só unha porcentaxe do 1,66% en relación co total de delitos incoados do grupo de delitos patrimoniais (20.672), así como de só o 0,40% da cantidade total de delitos incoados nas provincias de Galicia (86.370). A distribución provincial do total de 344 delitos incoados é a seguinte: A Coruña, 97; Lugo, 42; Ourense 43; e Pontevedra, 162.
- *Delitos cualificados*: 15, cun descenso de -1 (-6,25%) e unha porcentaxe de só o 0,41% na cifra total do grupo de delitos cualificados do grupo delitos patrimoniais e socioeconómicos, así como un exíguo 0,10% do total de delitos cualificados en Galicia (14.733). Os 15 delitos cualificados en 2017 equivalen só ao 4,36% da cantidade correlativa de delitos incoados. A distribución provincial do total de 15 delitos cualificados é a seguinte: A Coruña, 4; Lugo, 3; Ourense 1; e Pontevedra, 7.
- *Delitos sentenciados*: 21, cun descenso de -13 (-38,23%) e un 0,86% do total de delitos sentenciados do grupo de delitos patrimoniais (2.442), así como dun 0,15% no total de delitos sentenciados en Galicia (14.023). A distribución provincial do total de 21 sentenciados é a seguinte: A Coruña, 12; Lugo, 1; Ourense 1; e Pontevedra, 7.

DELITOS DE USURPACIÓN (ART. 245 CP) GALICIA 2017



3. TEMAS E CUESTIÓNS VARIAS

■ **Polémica sobre empresas de «desocupación»**

Á parte das solucións no plano estritamente legal que poidan ser abordadas a nivel estatal, autonómico ou local, xurdiron ultimamente algunhas empresas que se dedican ao desaloxamento de ocupacións ilegais, de forma legal segundo elas mesmas, ao considerar unha solución estéril acudir á vía xudicial. Pero o certo é que representantes do propio sector inmobiliario recomendaron non recorrer aos servizos de tales empresas posto que bordean perigosamente a lei, e que diso poderían derivar consecuencias xudiciais que supoñan preocupacións engadidas ás da propia ocupación.

■ **Novas modalidades de ocupación**

Xurdiu ultimamente algunha nova modalidade de ocupación ilegal, ao adoptar inicialmente a ocupación unha forma legal (mediante contrato de arrendamento), para rematar nun posible delito de extorsión ao propietario. Á Fiscalía de Lugo chegou a denuncia dunha persoa propietaria que deu acceso a unha vivenda en réxime de alugueiro, pero logo as persoas inquilinas empezaron a non pagar a renda mensual e, ademais, a realizar consumos exorbitantes de subministracións (electricidade, auga...) que non aboaban e repercutían economicamente na propiedade. Así, os «inquilinos-okupas» logran crear unha situación de desacougo no propietario, quen recibe unha «oferta de autodesaloxo» a cambio dunha cantidade de diñeiro (suposta extorsión).

■ **Derivación da preocupación social ao plano político e xurídico (nivel estatal)**

A preocupación e debate social sobre as ocupacións ilegais de vivendas, trasladouse o pasado ano 2017 ao Congreso dos Deputados, onde un grupo parlamentario presentou unha Proposición de lei de garantía da seguridade e convivencia cidadás fronte á ocupación ilegal de vivendas (rexistrada co núm. 122/000213 e publicada en BOCG do 06.04.2017). Posteriormente, no mes de setembro do mesmo ano, mediante unha iniciativa pactada entre o referido grupo e outros varios, o Congreso aprobou unha proposta orientada a dar solución xurídica á problemática das ocupacións ilegais de vivendas, que se encontra actualmente en trámite. A dita proposta propón diversas reformas legais de tipo material e procesual (Lei de seguridade cidadá, LAC, LACrim e CP).

Na orde penal proponse incluír os delitos de usurpación no ámbito dos xuízos rápidos, así como endurecer as penas e garantir o seu cumprimento íntegro, producir efectos disuasorios e impedir a proliferación de organizacións criminais que obteñen lucro da actividade ilegal da ocupación.

Polo que se refire á orde civil, propónse que se poida decidir mediante xuízos verbais calquera demanda que pretenda o desaloxo e a inmediata recuperación da plena posesión dunha vivenda por parte da persoa dona ou usufrutuaria.

En todo caso, a iniciativa legislativa aprobaba faise eco da realidade social de vulnerabilidade en materia de vivenda. Así, inclúe medidas para asegurar a protección social, económica e xurídica en situacións de vulnerabilidade, particularmente habitacional, coa introdución da dación en pagamento en caso de debedores vulnerables, e a posibilidade de permanecer tres anos na casa cun alugueiro módico (non superior ao 30% de ingresos de unidade familiar). Por outra parte, o Congreso pide avaliar a conveniencia de que adquira carácter definitivo o Fondo Social de Vivenda, previsto no Real decreto-lei 27/2012, do 15 de novembro, de medidas urxentes para reforzar a protección dos debedores hipotecarios, a través do cal as entidades financeiras ceden pisos para alugueiro social (disposición adicional única).

■ **Derivación da preocupación social ao plano político e xurídico (nivel autonómico). Instrución 1/2018 da Fiscalía da CA de Galicia**

■ *Iniciativa do Parlamento*

O Parlamento de Galicia, en sesión celebrada o 09.06.2017, acordou instar á Xunta de Galicia a se dirixir ao Goberno do Estado para lle solicitar que:

1. Elabore un plan especial contra as mafias que trafican con pisos baleiros, impulsando neste marco acordos coas corporacións locais para incorporar a Policía local os labores de vixilancia, no ámbito das súas competencias e en cooperación coa Garda Civil e a Policía Nacional e o resto das forzas e corpos de seguridade que exercen funcións de policía integral, mellorando os niveis de prevención, reforzando os labores de investigación e potenciando os labores de captación de información e elaboración de intelixencia específica. Deben atenderse en primeiro termo cando se trate persoas vulnerables ás necesidades de quen as ocupa de xeito efectivo, así como a outras persoas directamente afectadas.

2. Promover unha reforma da Lei de axuizamento civil e as reformas normativas precisas para esixir que, sempre que se notifique unha resolución coa fixación da data para o desaloxo ou desafiuzamento de primeira vivenda, se dea obrigatoriamente traslado desa resolución aos servizos sociais competentes por razón do territorio.

O Parlamento de Galicia, na sesión que tivo lugar o 20.06.2017, acordou instar á Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Goberno do Estado para que inicie os trámites que permitan mellorar o marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles, nomeadamente:

- a) a modificación do artigo 245 do CP co fin de reorientar e adaptar o tipo penal de usurpación á situación actual.
- b) a potenciación legislativa dos procedementos existentes por xuízo rápido como procedementos modelo para os delitos de ocupación de inmobles dentro da regulación do artigo 795 da LACrim.
- c) as modificacións legislativas necesarias para posibilitar a adopción de medidas preventivas tendentes ao desaloxo de inmobles desde o comezo da instrución sumarial.

2. Instar á elaboración dun protocolo entre a Delegación do Goberno de Galicia e a Fiscalía Superior co fin de que, no marco do xa vixente artigo 795 da LACrim promova que os delitos relacionados coa ocupación de inmobles sexan obxecto de xuízo rápidos.

3. Naqueles casos en que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social, arbitrar, en colaboración cos concellos, as medidas necesarias para o seu realoxamento a través dos distintos programas postos en marcha pola Xunta de Galicia.

■ *Actuación da Fiscalía de Galicia en colaboración con outros organismos. Instrución 1/2018*

O 12.07.2017 recibíronse nesta Fiscalía autonómica dous oficios e documentación anexa da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Xunta de Galicia, documentación remitida da que resultaba o anteriormente exposto. A seguir, esta Fiscalía incoou o expediente governativo núm. 15/2017, dando conta do decreto de incoación tanto á Unidade de Apoio como á Inspección FXE.

Para levar a bo termo o estudo dun Protocolo autonómico ou calquera outra solución xurídica sobre a materia acordouse incorporar a documentación de que dispoñía a Fiscalía Superior sobre actuacións similares na CA de Madrid. En segundo lugar, deuse conta do procedemento incoado á Delegación do Goberno en Galicia para crear unha Comisión Delegación-Fiscalía para estudar o referido protocolo, a súa oportunidade e a súa redacción e sinatura, de ser o caso. A Delegación remitiu o 05.09.2017 o nomeamento de dúas persoas para formar parte da comisión (unha do CNP e outra da Garda Civil).

Por outro lado, incorporouse como 3º punto da orde do día da Xunta Autonómica de Fiscais Provinciais mantida o 19.09.2017 o estudo da oportunidade de elaborar coa Delegación do Goberno un Protocolo de Actuación en xuízos rápidos das causas penais que afectan a ocupación de bens inmobles. Tras as achegas dos presentes, o fiscal superior expuxo que as valoraría e no seu momento remitirá a contestación que considere máis axeitada ao Parlamento de Galicia.

Posteriormente, durante o mes de outubro, celebráronse na sede da Fiscalía Superior diversas reunións para abordar o estudo dun borrador de Instrución do fiscal superior para os fiscais de Galicia referido ás ocupacións non violentas de bens inmobles e as solucións viables para

resolver a problemática exposta. Unha reunión foi o 03.10.2017 co delegado do Goberno en Galicia, o xefe da Garda Civil e o xefe superior de Policía de Galicia. Outras dúas reunións foron coa Comisión de estudo integrada polo fiscal don Carlos Ruíz Antón, a inspectora xefa do CNP dona Sonia M^a Río Moar, o tenente da Garda Civil don Jesús Manuel Ponte Pintor e o fiscal superior (días 3 e 23.10.2017).

Finalmente, o 19.01.2018 recibíuse un oficio do fiscal xefe da Secretaría Técnica da FXE no que se formulan indicacións e suxestións sobre a redacción da Instrución. Despois, mediante Decreto do 05.02.2018, o fiscal superior acordou o arquivamento do referido expediente governativo núm. 15/2017, tras a emisión da Instrución 1/2018, sobre a intervención procesual dos fiscais en relación coa problemática xerada pola ocupación de bens inmobles na comunidade autónoma de Galicia, e dirixir oficio aos fiscais xefes territoriais para a súa difusión e cumprimento. Na dita instrución indica o fiscal superior as «prácticas a seguir na tramitación dos delitos leves de usurpación do artigo 245.2 do Código penal para os fiscais de Galicia», en particular relativas a: 1) incoación do procedemento; 2) medida preventiva de desaloxamento forzoso da vivenda; 3) desaloxamento voluntario durante a tramitación do procedemento e con antelación ao xuízo; 4) axuizamento; e 5) execución.



ANEXO

ALGUNHAS ABREVIATURAS UTILIZADAS

- AX:** Administración de Xustiza
- AMTEGA:** Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia.
- AP:** Administración Pública
- BOE:** Boletín Oficial del Estado
- CA:** Comunidade Autónoma
- CE:** Constitución Española
- CPAPX:** Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia
- CTPA:** Corpo de tramitación procesual e administrativa da Administración de Xustiza
- CXPA:** Corpo de xestión procesual e administrativa da Administración de Xustiza
- DI:** Dilixencias informativas
- DIP:** Dilixencias de investigación penal
- DPPR:** Dilixencias preprocesuais
- DU:** Dilixencias urxentes de xuízo rápido
- DOG:** Diario Oficial de Galicia
- DP:** Dilixencias previas de procedemento abreviado (PA)
- DU:** Dilixencias urxentes de xuízo rápido
- DXX:** Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia (integrada na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).
- EOMF:** Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal
- REC:** Posto singularizado da NOF correspondente ao funcionario responsable de rexistro, estatística e calidade.
- FA:** Fiscalía de área (**FF.AA.:** fiscalías de área)
- FCA:** Fiscalía de Comunidade Autónoma, Fiscalía autonómica, Fiscalía Superior da CA
- FP:** Fiscalía Provincial (**FF.PP.:** fiscalías provinciais)
- XDL:** Xuízo por delito leve
- XF:** Xuízo de faltas
- XR:** Xuízo rápido
- INE:** Instituto Nacional de Estadística
- LAC:** Lei de axuizamento civil
- LACrim:** Lei de axuizamento criminal
- LPACAP:** Lei 39/2016, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- LUTICAX:** Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de Xustiza
- MEN:** Menores
- MF:** Ministerio Fiscal
- MXU:** Ministerio de Xustiza
- NOF:** Nova Oficina Fiscal
- OGVX:** Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero
- PA:** Procedemento abreviado

- PNX:** Punto Neutro Xudicial
- PX:** Procedemento do Tribunal do Xurado
- PO:** Procedemento ordinario
- RD:** Real decreto
- RDSIMF:** Real decreto 93/2006, do 3 de febreiro, polo que se regula o Sistema de Información do Ministerio Fiscal.
- RPT:** Relación de postos de traballo
- SL:** Sinistralidade laboral
- SP:** Sobresemento provisional
- SIMF:** Sistema de Información do Ministerio Fiscal
- SU:** Sumario (fase de instrución do procedemento ordinario penal)
- TIC:** Tecnoloxías da información e da comunicación
- TSX:** Tribunal Superior de Xustiza
- VCPAPX:** Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia
- XG:** Xunta de Galicia (Administración autonómica da CA de Galicia)

NOTAS

1. “Procedementos tramitados”: suma de pendentes do ano anterior, incoados no ano e reabertos no ano (sobresidos e arquivados provisionalmente de anos anteriores).

2. Unha destas causas é un sumario, previa transformación de DP do ano 2016.

3. Segundo as **estadísticas fiscais anuais** das fiscalías provinciais, a cifra total de pendencia, ao 1 de xaneiro de 2017, sería a de **42.888**: A Coruña, 27.350; Lugo, 4.122; Ourense, 2.162; e Pontevedra, 9.254. Segundo os datos obtidos da **estatística xudicial** (PNX), o total sería só de 17.967 (-6.860=-27,63%), dos que 16.581 (-6.799=-29,08%) corresponden aos xulgados de 1ª instancia e instrución, e o resto (1.386 = -61=-4,21%) aos xulgados de violencia sobre a muller; e coa seguinte distribución provincial: A Coruña, 7.807 (7.252+555); Lugo, 3.101 (2.857+244); Ourense, 1.635 (1.528+107); e Pontevedra, 5.424 (4.944+480). **Fixéronse constar estes datos resultantes da estatística xudicial (PNX) por parecermos máis fiables**, por ser a fonte orixinal dos procedementos xudiciais. Efectivamente, as **cifras achegadas polas estadísticas fiscais provinciais** parecen menos fiables en relación cos da estatística xudicial: A Coruña, 27.350 —moi alta—; Lugo, 4.122 —algo alta—; Ourense, 2.162 —algo alta—; e Pontevedra, 9.254 —algo alta—. Ademais, nas cifras das estadísticas fiscais provinciais obsérvanse algunhas incoherencias, emendables conforme coas “boas prácticas” da Unidade de Apoio-FXE. Concretamente, as cifras de pendencia a data 31.01.2016 deberían de coincidir coas de pendencia a 01.01.2018, o que non ocorre en ningunha estatística provincial, salvo na de Ourense (2.162 en ambos os casos). Ademais, a cifra de pendencia a final de 2017 (31.01.2017) debería ser igual á suma de procedementos tramitados (pendentes ano anterior+incoados e reabertos no ano) menos os terminados no ano (por finalización ou transformación). Mais obsérvanse, neste sentido, algunhas incoherencias respecto das cifras ofrecidas: A Coruña, 26.619 (rectius=27.075); Lugo, 3.472 (rectius=3.949); Ourense, 1.493 (rectius=1.910); e Pontevedra, 6.175 (rectius=6.911).

Ao optar polos datos da estatística xudicial en canto á pendencia ao 1 de xaneiro en 2017 (17.967), por coherencia, **consígnase como en 2016 a cifra equivalente da mesma fonte xudicial, 24.827** (que tiña un descenso interanual de -6.014 = 19,50%). **Así teríamos en 2017 unha cifra total de pendencia inicial de 17.967**, coa distribución antes expresada, fronte á cifra de 24.827 de 2016 (23.380 nos xulgados de 1ª instancia e instrución e 1.447 nos xulgados de violencia sobre a muller), con descenso interanual, por tanto, de -6.860 (27,63%), superior ao do ano 2016 (-6.014=-19,50%). Por razóns de coherencia cos datos consolidados do ano 2016 non se cambia a cifra total de DP tramitadas (115.797).

4. Segundo resulta da **estatística xudicial** (PNX) no **ano 2017** sería **87.621** a cifra total de dilixencias previas (DP) incoadas no conxunto de todos os xulgados de primeira instancia e instrución (82.541, con descenso de -15.321=-15,65%), máis nos xulgados de violencia sobre a muller (5.080, con apreciable incremento de 958=23,24%). No **ano 2016** a cifra equivalente fora de **101.984** (97.862+4.122), o que supón que en 2017 se produciu un

apreciable descenso interanual de -14.363 (-14,08%), inferior á do ano anterior (-82.138=-44,61%). Polo tanto, aínda que parece continuar o efecto de descenso propiciado pola reforma legal de 2015 (Lei 41/2015), o certo é que este descenso xa é menor e as cifras empezan a “asentarse” e normalizarse. En todo caso, o referido **descenso de -14,08%** da **estatística xudicial** é semellante ao **de -14,41%** que ofrece a nosa **estatística fiscal 2017**.

É preciso facer unha **importante advertencia** derivada do **contraste entre os datos de incoacións de DP en 2017 nas estatísticas xudicial e fiscal**. Segundo a primeira resultan 87.621 DP incoadas, mentres que consonte a segunda a cifra baixa a 76.179, o que supón **unha diferenza de -11.442**, equivalente a -13,06 %, semellante ás cifras do ano anterior (-12.983= -12,73%). Esta diferenza, moi probablemente, sexa a **porcentaxe de incoacións de DP que fracasan no proceso de “itineración”**, mediante interoperabilidade, entre as aplicacións de xestión procesual dos órganos xudiciais e as fiscalías (*Minerva e Fortuny*)

Volvendo aos datos obtidos da estatística xudicial (PNX), cómpre facer dúas importantes precisións: 1) É certo que se rexistra un apreciable descenso global de -14.363 (-14,08%) nas incoacións de DP en 2017. 2) Pero tamén é certo que a tendencia é moi diferente nos xulgados de violencia de xénero sobre a muller (aumento do 23,24%) e nos xulgados de 1ª instancia e instrución (descenso do -15,65%). Polo que se refire aos xulgados de violencia de xénero sobre a muller no ano 2017 constan 5.080, con aumento de 958=23,24%). En cambio, nos xulgados de 1ª instancia e instrución consta en 2017 a cifra de 82.541 DP incoadas, con descenso de -15.321 (-15,65%).

Segundo datos obtidos da propia **estatística xudicial (PNX)**, as **cifras provinciais de DP incoadas en 2017** son as seguintes:

- A Coruña, 31.571 (29.993+1.578), con descenso interanual de -3.511, equivalente a -10,00% (-33,33% o ano anterior).
- Lugo, 10.040 (9.425+615), con descenso de -1.692, equivalente a -14,42% (33,04% o ano anterior).
- Ourense, 8.762 (7.617+1.145), con descenso de -1.322, equivalente a -13,11% (46,45% o ano anterior).
- Pontevedra, 37.248 (35.506+1.750), con descenso de -7.838, equivalente a -17,38% (-44,93% o ano anterior).

5. Segundo resulta da **estatística xudicial (PNX)** sería **1.062** a cifra total de DP reabertas, con descenso interanual de -365 (-25,58%) no conxunto de todos os xulgados de primeira instancia e instrución (1.043), máis nos xulgados de violencia sobre a muller (19).

6. Segundo resulta dos datos obtidos da **estatística xudicial (PNX)** sería **106.650** a cifra total de DP tramitadas, (suma de pendentes do ano anterior, incoadas e reabertos no ano), no conxunto de todos os xulgados de primeira instancia e instrución (100.165) e de xulgados de violencia sobre a muller (6.485), cun marcadísimo descenso total interanual de -21.588 (-88.851 no ano anterior), equivalente a **un -16,83%**, **porcentaxe semellante ao 17,24%** que resulta da nosa **estatística fiscal**.

7. As cifras reflectidas como **pendentes a final do ano 2017** son **as que resultan de realizar a operación seguinte: “procedementos pendentes a final de ano = (tramitados - rematados)**. Desta forma, consta a cifra de **14.924 DP pendentes a final de ano** (cun descenso de -537=-3,47%). Esta cifra parece máis axustada á realidade e está moi afastada da cantidade total de 37.759 que resulta das **estadísticas fiscais provinciais**, cun descenso interanual de -1.743 (-4,41%, -14,96% no ano anterior) e a seguinte distribución provincial: A Coruña, 26.619; Lugo, 3.472; Ourense, 1.493; e Pontevedra, 6.175. De todos os xeitos, a devandita cifra de 14.924 está menos lonxe da que resulta dos datos obtidos da **estatística xudicial (PNX)**, cuxa cifra total equivalente sería de 19.301 (17.209 nos xulgados de primeira instancia e instrución e 2.092 nos xulgados de violencia de xénero sobre a muller), cun descenso interanual de -2.548 (--11,66%).

8. Segundo resulta da estatística xudicial (PNX) 87.349 sería a cifra total de DP rematadas no conxunto de todos os xulgados de primeira instancia e instrución (82.956), máis nos XXVSM (4.393) cun descenso total interanual de -19,040, equivalente a un -17,90%, semellante ao -19,36% que resulta da estatística fiscal.

9. Segundo resulta da **estatística xudicial 2017 (PNX)** sería **106.650** a cifra total de **DP tramitadas** (suma de pendentes do ano anterior, incoadas e reabertas no ano), cun elevado descenso interanual de -21.588 (-88.851 ano anterior), equivalente a un -16,83%, porcentaxe semellante ao 17,24% que resulta da nosa estatística fiscal. Esta cifra total de 106.650 DP tramitadas distribúese da seguinte forma: 100.165 nos xulgados de primeira instancia e instrución, con elevado descenso de -15.995 (-13,04%; -42,12% o ano anterior) e 6.485 nos xulgados de violencia de xénero sobre a muller, que rexistran, en cambio, un aumento de 892 (15,95%; 8,03% o ano anterior). Así pois, apreciable descenso xeral (-16,83%), coa excepción dos xulgados de violencia de xénero sobre a muller, que experimentan un apreciable aumento (15,95%).

Advertencia sobre diferenza entre as cifras de DP tramitadas na estatística fiscal (95.829) e a estatística xudicial (106.650). A diferenza apreciada é de -10.821 na estatística fiscal, equivalente a -10,15% (similar á apreciada e xa comentada referida ás incoacións). A razón disto estriba, fundamentalmente, na diferenza na cifra de incoacións.

10. Segundo resulta dos datos obtidos da **estatística xudicial (PNX)** sería **8.861** a **cifra total de PA incoados** no conxunto de todos os xulgados de primeira instancia e instrución (8.463), máis nos xulgados de violencia de xénero sobre a muller (1.032), cun descenso interanual de -634 (-6,68%). Nos xulgados de primeira instancia e instrución houbo un descenso de -813 (-9,60%); mentres que nos xulgados de violencia de xénero sobre a muller se rexistrou un aumento de 179 (17,34%).

11. Segundo resulta dos datos obtidos da **estatística xudicial (PNX)**, sería **14.507** a **cifra total de procedementos abreviados tramitados** no conxunto de todos os xulgados de primeira instancia e instrución (12.833), máis nos xulgados de violencia de xénero sobre a

muller (1.674), cun descenso interanual de -656 (-4,33%). Nos xulgados de primeira instancia e instrución rexistrouse un descenso de -835 (-6,11%), mentres que nos xulgados de violencia de xénero sobre a muller se apreciou un aumento de 179 (11,97%).

A **distribución desa cifra total** é a seguinte: **5.523 pendentes** do ano anterior, **8.861** (cun descenso interanual de -634 =-6,68%) e **123 reabertos**. Segundo a mesma fonte, consta o total de **9.371 rematados**, cun descenso de -42 (0,45-), polo que a cifra total de **pendentes no final de ano** é de **5.136** (tramitados – terminados = pendentes), cun descenso de -614 (-10,68%).

12. Segundo resulta dos datos obtidos da estatística **xudicial** (PNX), sería **8.932** a cifra total de **DU tramitadas** no conxunto de todos os xulgados de primeira instancia e instrución, máis nos xulgados de violencia de xénero sobre a muller, cun aumento interanual de 206 (2,36%). A **distribución** desa cifra total é a seguinte: 98 pendentes de ano anterior, **8.788 incoadas** (aumento de 189 =2,20%) e 46 reabertos. Segundo a mesma fonte, constan 8.769 rematados (aumento 49 =0,56%), polo que o total de pendentes a final de ano é de 163 (tramitadas – terminadas = pendentes).

13. Por resultaren máis fiables, recóllense aquí datos de **incoacións de XDL** tomados da **estatística xudicial** (PNX). Segundo esa fonte, no ano 2017 foron **tramitados un total de 23.027 XDL** no conxunto dos xulgados de primeira instancia e instrución (22.621) máis nos xulgados de violencia de xénero sobre a muller (406), cun descenso interanual de 1.616 (6,56%). Nos xulgados de primeira instancia e instrución rexistrouse un descenso de -1.666 (-6,86%), mentres que nos xulgados de violencia de xénero sobre a muller se apreciou un elevado aumento de 50 (10,04%).

A **distribución desa cifra total** é a seguinte: **4.338 pendentes** do ano anterior (aumento de 1.355 = 45,42%), **18.482 incoados** (descenso de -2.947=-13,75%) e **207 reabertos**. Segundo a mesma fonte, consta o total de **18.437 finalizados**, cun descenso de -1.722 (8,54), polo que a cifra total de pendentes a final do ano é de 4.590 (aumento de 252 =5,81%).

14. Datos de xulgados de instrución. Segundo datos obtidos da **estatística xudicial** (PNX) no **ano 2017** foron **tramitados un total de 136 SU**, no conxunto dos xulgados de primeira instancia e instrución (116) máis nos xulgados de violencia de xénero sobre a muller (20), cun lixeiro descenso interanual de -12 (-8,11%). Nos xulgados de primeira instancia e instrución rexistrouse un descenso de -6 (-4,92%) e nos xulgados de violencia de xénero sobre a muller outro descenso de -6 (-23,08%).

A **distribución desa cifra total** é a seguinte: **62 pendentes** do ano anterior, **67 incoados** (descenso de -34 = -33,66%) e **7 reabertos**. Segundo a mesma fonte, consta a cifra total de **88 rematados** (aumento de 5 =6,02%), polo que o total de pendentes no final do ano é de 48 (descenso de -17=-26,15%).

Datos das audiencias provinciais. Segundo datos obtidos da **estatística xudicial** (PNX) no **ano 2016** foron **tramitados un total de 135 procedementos ordinarios (SU)** no conxunto das audiencias provinciais de Galicia, cun lixeiro descenso interanual de -5 (-3,57%).

A **distribución desa cifra total de 2016** é a seguinte: **56 pendentes** do ano anterior, **76 incoados** (cun aumento de 7 =10,14%) e **3 reabertos**. Segundo a mesma fonte, consta a cifra total de **63 rematados**, cun descenso de -21 (-25%), polo que a cifra total de pendentes a final do ano é de 72, cun aumento de 16 (28,57%). Dentro dos rematados en 2016 incluímos: 57 resoltos (sentenza ou auto definitivo), cun descenso de -18 (-24%), e outras terminacións, concretamente 6 devoltos ao instructor (revogacións), cunha cifra de 6 e un descenso de -2 (-25%).

15. Datos dos xulgados de instrución. Segundo datos obtidos da **estatística xudicial** (PNX) no **ano 2017** foron **tramitados un total de 42 PX** no conxunto dos xulgados de primeira instancia e instrución (35) máis nos xulgados de violencia de xénero sobre a muller (7), sen variación interanual. Tanto nos xulgados de primeira instancia e instrución como nos xulgados de violencia de xénero sobre a muller rexistráronse iguais cifras que o pasado ano (35 e 7). A **distribución desa cifra total** é a seguinte: **24 pendentes** do ano anterior, **18 incoados** (aumento de 1 =5,88%) e **0 reabertos**. Segundo a mesma fonte, consta a cantidade total de **20 rematados** (aumento de 5 =33,33%), polo que a cifra total de pendentes a final do ano é de 22 (-5=18,52%).

Datos das audiencias provinciais. Segundo datos obtidos da **estatística xudicial** (PNX) no **ano 2016** foron **tramitados un total de 17 PX** no conxunto das audiencias provinciais de Galicia, cun descenso interanual de -8 (-32%). A **distribución desa cifra total** é a seguinte: **9 pendentes** de ano anterior, **8 incoados** (cun descenso de -9 =-52,94%) e **0 reabertos**. Segundo a mesma fonte, consta a cifra total de **11 rematados**, cun descenso de -5 (-31,25%), polo que o total de pendentes a final do ano é de 6 (cun descenso de -3=-33,33%). Dentro dos rematados en 2016 incluímos 11 por sentenzas: 9 condenatorias (1 por violencia de xénero); 1 absolutoria); e 1 por conformidade do acusado (violencia de xénero).

16. Obsérvanse algunhas incoherencias nos datos das estatísticas fiscais provinciais, agás na de Ourense.

17. A diferenza do que ocorre co modelo estatístico da Fiscalía de CA de Galicia, neste modelo das fiscalías provinciais non aparece este apartado de “remitidas a outra fiscalía” (equivalente a “inhibición”). Posiblemente este dato específico se encontre embebido no de “arquivadas”.

18. Téñase en conta que os delitos cualificados, sobre todo en procedementos para o axuizamento destes delitos, poden corresponder a delitos incoados en anos anteriores.

19. En realidade, os datos que resultan das estatísticas fiscais provinciais son só 1.091 delitos incoados en 2016 fronte aos 1.222 de 2015. Pero, para dar coherencia aos datos (polo menos

1 delito/DIP incoada), optouse por engadir os delitos que faltaban ao apartado de “delitos sen especificar”. Só a estatística 2016 da Coruña era coherente, posto que tiña 406 DIP incoadas e outros tantos delitos asociados; o resto das estatísticas provinciais non tiñan esa coherencia: Lugo, 197 DIP incoadas e 192 delitos asociados; Ourense, 158 e 86; e Pontevedra, 413 e 407.

20. Información sobre VioGén:

<http://www.interior.gob.es/web/servicios-á-cidadán/violencia-contr-a-muller/sistema-viogen>

21. Documento: <http://www.poderjudicial.es/cgpj/es/temas/violencia-domestica-e-de-xero/Guias-e-Protocolos-de-actuacion/Protocolos/>

Noticias: <http://www.interior.gob.es/web/servicios-á-cidadán/violencia-contr-a-muller/noticias-e-eventos>

<http://www.violenciaintrafamiliar.es/protocolo-valoracion-do-risco-atencion-victimas-viogen/>

O novo Protocolo incide na **mellora e perfeccionamento constante do sistema de valoración de risco** regulado en anteriores instrucións da Secretaría de Estado (5/2008, 10 e 14/2007). O novo Protocolo adáptase ás últimas reformas lexislativas, contidas no Estatuto da vítima do delito (aprobado pola Lei 4/2015, do 27 de abril), no novo artigo 282 da LACrim (tras modificación operada pola disposición adicional 1ª da mencionada Lei 4/2015), e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

As ferramentas que se citan no protocolo incorporáronse, en fase de produción (modo experimental) ao Sistema VioGén do Ministerio do Interior.

As **novidades técnicas máis destacadas do novo Protocolo** son as seguintes:

- Aumento do ítems para a determinación do nivel de risco
- Consideración dos fillos/as menores das vítimas de violencia de xénero como vítimas desta violencia.
- Individualización do tratamento a cada vítima de violencia de xénero.
- Establecemento de criterios de actuación común en canto á determinación da situación de cada caso. Son casos “activos” aqueles nos que hai un risco “apreciado” (baixo, medio, alto ou extremo), nos que as medidas policiais de protección van aumentando de intensidade segundo aumenta o nivel de risco. Son casos “inactivos” os que, por determinadas circunstancias, se considera que, temporalmente, non é preciso que sexan obxecto de protección policial, se ben poden reactivarse en calquera momento. Son casos “baixa” aqueles que son cancelados por diversas circunstancias (auto de sobresemento libre do imputado/investigado ou procesado, sentenza absolutoria firme, sentenza condenatoria firme —xa executada e con transcurso do prazo legal para cancelación de antecedentes penais—).

Documento: <http://www.poderjudicial.es/cgpj/es/temas/violencia-domestica-e-de-xero/Guias-e-Protocolos-de-actuacion/Protocolos/>

Noticia: <http://www.interior.gob.es/web/servicios-á-cidadán/violencia-contra-a-muller/noticias-e-eventos>

22. Fonte estatística do informe a data 30.11.2016: <http://www.interior.gob.es/web/servicios-á-cidadán/violencia-contra-a-muller/estadisticas>

23. Na estatística anual 2017 da Fiscalía Provincial de Ourense consta a cifra de 1 no apartado de “lesións en accidente laboral, falta de imprudencia grave, art. 621.1 do CP”. Este precepto foi derogado coa supresión das faltas penais por Lei 1/2015, polo que se optou por incluír esta infracción dentro do actual tipo penal máis similar, delito (leve) de lesións en accidente laboral por imprudencia menos grave (actual art. 152.2 CP).


24. Información provisional xaneiro-decembro, pendente das cifras definitivas do “Anuario de Sinistralidade Laboral 2017”.

25. Todos estes delitos están situados dentro do título XVI do libro II do CP, artigos 319 a 340, baixo a rúbrica “*Dos delitos relativos á ordenación do territorio e o urbanismo, a protección do patrimonio histórico e o medio ambiente*”.

26. Estes delitos están situados fóra do título XVI do libro II do CP, concretamente dentro do título XVII do mesmo libro (“*Dos delitos contra a seguridade colectiva*”), na sección 2ª do seu capítulo II (art. 352-355).

27. Sen ánimo exhaustivo, desde o punto de vista material ou substantivo poden incluírse aquí condutas moi heteroxéneas, tales como o acceso non autorizado a sistemas informáticos (*hacking*), a alteración, modificación ou eliminación de datos dun sistema informático (*cracking*), o acoso sexual. Entre os delitos tradicionais, con nova modalidade cibernética, podemos citar os supostos, previstos no vixente Código penal (CP), de difusión de material pornográfico entre menores (art. 186), a pornografía infantil ou con vítimas incapaces (art. 189), a difusión de mensaxes inxuriosas ou calumniosas (art. 211), as estafas informáticas ou electrónicas (art. 248.2), os delitos contra a propiedade intelectual (art. 278), a espionaxe empresarial (art. 278), a publicidade enganosa (art. 282) e a falsidade documental (arts. 390 e ss.). Por outra banda, o propio CP tipifica determinados delitos de perfil singularmente informático-telemático, como os previstos nos arts. 197 a 201 (interceptación de correo electrónico, apoderamento, utilización, modificación ou acceso a datos reservados de carácter persoal, acceso a sistemas informáticos etc.), os do arts. 256 (uso non autorizado de terminais de comunicación) e os dos arts. 264 a 264 *quater* (danos informáticos).

28. <https://estadisticasdecriminalidad.ses.mir.es/dynPx/inebase/index.htm?type=pcaxis&path=/Datos5/&file=pcaxis>



**Fiscalía Superior
da Comunidade Autónoma de Galicia**

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727